





Xosé Tarrío González

FUXE HOME FUXE

DIARIO DE UN PRESO F.I.E.S.

terrum
• editorial •





Xosé Tarrío

FUXE HOME FUXE

DIARIO DE UN PRESO F.I.E.S.



terrum
• editorial •

FUXE, HOME, FUXE. DIARIO DUN PRISIONEIRO F.I.E.S.

Licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-
Compartir igual 4.0 Internacional.

© 2014, do texto orixinal; herdeiros/as de Xosé Tarrío González.

© 2014, primeira edición; Asociación Nais Contra a Impunidade.

© 2014, da tradución; Issac Lourido Hermida.

2ª Edición 2025 Fundación Terrum

Título Orixinal:

Huye, Hombre, huye. Diario de un preso FIES.

Título da presente edición:

Fuxe, home, fuxe. Diario dun prisioneiro F.I.E.S.

Autor: Xosé Tarrío González

Tradución: Isaac Lourido Hermida.

Ilustración da cuberta: Buter

Maquetación e ilustracións interiores:

ARDE gráfica, Álex Rozados

Edita: Fundación Terrum Editorial.

R/ Domingo de Andrade 2 Baixo Esquerda

15704 – Barrio de Vite

Santiago de Compostela – A Coruña

Caixa de Correo: editorial@terrum.social

Páxina: <https://terrum.social>

ISBN : 979-13-990765-0-9


Nº rexistro ISBN: Isbns-FundaciónTerrum-990765-20250714210004

Depósito legal C 701-2025

- 7• **PRÓLOGO**
- 13• **SEN ESQUENCER**
- 15• **PRESENTACIÓN I**
- 23• **PRESENTACIÓN II**
- 29• **RETROUSO**
- 33• **FAQs DA PRESENTE EDICIÓN**

FUXE HOME FUXE

- 45• **INTRODUCCIÓN**
- 50• **PRIMEIRA PARTE:**
O CAMIÑO DA PODREMIA
- 112• **SEGUNDA PARTE:**
O CAMIÑO DA LIBERDADE
- 154• **TERCEIRA PARTE:**
O CAMIÑO DA REBELIÓN
- 280• **CUARTA PARTE:**
O CAMIÑO DA REPRESIÓN
- 390• **EPÍLOGO**
- 399• **AGRADECEMENTOS**



PRÓLOGO



a man de Dominga Pastora, a nai de Xosé Tarrío, tiveron a oportunidade de ler este libro. Foi ao pouco de saír a primeira edición en castelán. Agora chega a edición en lingua galega, como non podía ser menos, despois de estar traducido nas outras linguas nacionais e moitas internacionais.

Para os amantes da nosa lingua é unha honra esta edición froito do esforzo de moitas persoas, en especial do seu tradutor. Desexo que a desfrutedes tanto coma min cando o lin por primeira vez na versión en castelán.

Este é un libro aberto ao mundo. Un libro para reflexionar sobre o que se agocha día tras día na sociedade en xeral. É a realidade carceraria ollada e vivida en primeira persoa por Xosé. Un diario descarnado, duro, emotivo, cheo de sentiminetos, de valor, de amor e solidariedade, de impotencia ante a actitude de moitos superiores que se cren donos de aplicar a lei, de forma unilateral e arbitraria, e por se fose pouco toleran que moitos dos seus subordinados reproduzcan o mesmo no desempeño do seu traballo diario.

Describe un período da historia do noso país nun contexto moi especial. Se este libro non saíse da prisión, moitas persoas a lleas ao mundo carcerario non saberíamos o que alí sucede. Narra episodios cotiás vividos nos cárceres de todo o estado. Infrinxindo normas e creando outras, os que tiñan a obriga de velar polo cumprimento

das leis e o respecto aos dereitos humanos, das persoas reclusas en centros penitenciarios e incluso dos familiares e amizades estando de visita.

Lembro o día que a nai de Xosé me convidou a ler un libro escrito por un rapaz preso. Dominga retornara definitivamente da Suíza e como veciña sabedora do meu gusto pola lectura, prestoumo, así tal cal, sen darlle ningunha importancia. Eu non daba creto ao que estaba a ler. Cando a chamo e lle comento que é terrible o que alí aparece, díxenlle: temos que poñernos en contacto coa nai deste rapaz. Entre bágoas abrazámonos.

A continuación díxome: este libro é do meu fillo maior. O mundo véuseme abaixo. Como era posible que isto acontecese? Toda unha familia desfeita, as penurias e calamidades sufridas por un rapaz cheo de vida e de ilusións que se lle truncaron de súpeto. Toda a xuventude encarcerada, oprimida, maltratada e vexada, como a de tantos outros seres humanos alí almacenados. Os medios de comunicación sempre nos transmiten o contrario, reinserción, oportunidades, comodidades, etc. Dentro das prisións.

Pois ben, Xosé é quen de sobrepoñerse a todo e contra todo. A pesar das durísimas condicións nas que vive, échese de valor e sendo un home como era con moitísima dignidade, de forma autodidacta primeiro le moito, escribe moito e decide sacar á rúa os infernos vividos en primeira persoa e os de moitas persoas reclusas coma el. Con todo tipo de detalles debulla cantidade de situacións indignant e degradantes tras os muros das prisións.

Por se non abundase co que se pode ler no presente libro, eu, en primeira persoa, tamén fun testemuña do que lle sucedeu a Xosé e a toda a súa familia e amizades dentro da externalización da cadea no hospital público da Coruña, cando foi ingresado debido a unha parálise lateral esquerda que viña padecendo na prisión de Teixeiro desde había tempo. Alí, vino esposado ao somier da cama pola man

que tiña paralizada, alí vin as vexacións e maltrato por parte das institucións que lle negaban en cantidade de ocasións o dereito a ser visitado e asistido pola súa Nai na primeira fase da hospitalización, ata que entrou en coma uns meses antes do seu falecemento en 2005. Foi terrible a experiencia.

Tamén tiven a gran sorte e honra de o coñocer persoalmente, primeiro na cadea, logo cando saíu en liberdade no ano 2003. Acompañei a Dominga e ao seu irmán Marcos o día tan esperado de volta ao seu novo domicilio que lle tiña preparado a súa Nai, un fogar cheo de amor e cariño. Tíveno como veciño, marabilloso, culto, educado. Un rapaz cheo de proxectos, de ilusións, ata participou coa súa obra artística extensa e variada, unha faceta máis da súa creatividade nos tantos días vividos de encerro, nunha exposición de autodidactas organizada por unha asociación de mulleres.

El, un gran feminista. Mulleres libres de Madrid, no ano 1999, publicaron un fanzine escrito por Xosé, co título “En defensa da muller”.

Houbo momentos moi felices, ditosos, cando Xosé saíu en liberdade. Eu fun unha afortunada acompañando a Dominga, Marcos e amistades o día da súa saída e tamén en días posteriores, pero deseguida se viron truncados novamente polas persecucións habituais, que el nos contaba. Onde queira que fose, aparecía a institución pedíndolle identificación. Caeu de novo nas súas fauces e alí permaneceu ata a súa destrución física, porque psicolóxicamente estivo activo deixando viva testemuña con escritos inéditos do vivido na derradeira etapa da súa vida.

Coa experiencia de coñecer o caso de Xosé, eu aprendín a valorar as cousas doutro xeito, aínda que en moitas ocasións non souben con tempo facerme con probas cando foi detido e posteriormente hospitalizado. Xamais pensei o importante que sería para demostrar o que vin, poruqe no momento non era consciente do que

estaba sucedendo, eu penso que me traizoaron as emocións e só pensaba en coidar o mellor posible a persoa doente e a súa nai. Os acontecementos sucedéronse de présa cando Xosé e a súa Nai estaban loitando porque El se recuperase. Arrepíntome de non actuar doutro xeito, con máis serenidade.

Lembro que todos eran atrancos para denunciar a situación de indefensión e pastora, que se o xulgado de agrda pechado por ser o mes de xullo, que se desde o centro penitenciario de teixeiro por yeléfono nos dicían que estaba autorizada a Nai de Xosé a estar con el no cuarto, logo viña o xefe de garda do turno das oito e che dicía que non, que era el quen decidía.

En urxencias, en varias ocasións non avisaron os familiares porque, ao ser unha persoa detida, as ordes dos policía que o custodiaban eran de non informar a familiares- iso era o que lle dicían ao persoal de urxencias- xa que a persoa presa supostamente non ten quen o acompañe. No caso de Xosé, el mesmo pediu voluntariamente a alta para voltar á prisión debido a que non se acordaba do teléfono da súa nai e precisaba voltar ao centro para recoller o número e poder avisar do ingreso. Cando Dominga ía a preguntar, por ser xa moi tarde e sen aviso ningún aos familiares, xa lle dicían que a Xosé xa o subiran á planta. Ata que fose día, xa non podía subir a velo. A impotencia, neses momentos, era total e absoluta. Cantas veces se derrubaba Dominga, sentíndose tan mal. As persoas que a acompañabamos animabámola a que fose atendida por urxencias, do mal que se poñía, pero Ela sempre se negaba argumentando que o primeiro era atender o fillo alí ingresado.

Este é un libro para conservar nas bibliotecas públicas e nos centros de ensino, a disposición de pais e adolescentes. Un vivo exemplo para abrir mentes, camiños novos, que nos conduzcan a loitar contraa impunidade na que se agochan cantidade de acontecementos diarios por falta de probas. Por iso, insisto moito na faceta di-

dáctica do recollido polo autor, neste libro. Para min, trátase de literatura social. Un diario, dunha persoa que foi dobremente vítima. Primeiro, desde moi cativo sufriu o maltrato de seu pai ao non facilitarlle os medios económicos e afectivos á súa familia e posteriormente das institucións estatais coas que se foi atopando ao longo da súa vida.

Sirva o presente prólogo para louvar o valor de tantas persoas que desinteresadamente traballaron a prol de sacar adiante esta edición.

Agradecer a todas as compañeiras e compañeiros da Fundación Terrum Social, o inmenso esforzo e traballo para seguir dando esperanza e continuidade na loita pola dignidade de todas as persoas ás que lles arrebatan impunemente os seus dereitos, e en moitas ocasións ata a vida do seus propios fillos, como lle pasou a Dominga, Olga e Ermitas, así coma a todas as nais e pais con fillas e fillos nas cadeas.

ANXELINA CASAS SOUTO, de Fundación Terrum Social.

SEN ESQUENCER

N

ada mellor para homenaxealo ao amigo Xaquín, que adicarlle a edición dun libro, a el, que foi quen nos trouxo centos de libros, revistas, recortes, bibliografía... Mazacotes de fermoso papel, nos que el sigue dentro, moi dentro das súas páxinas, esperando a un novo lector, a unha alumna, a unha amiga, a un inimigo, co que agasallarlle coa palabra precisa.

Xaquín, conseguiu con elo o imposible, o utópico o irrealizable, eso que moitos buscan e so unhas poucas topan; poñer diante da mirada profunda e mol das ningens, dos desherdados, das rebeldes, dos inqedos, as verbas fiadas en puntilla de camariñas doutros homes e mulleres, quenes coa súa intelixencia e maxín nos abrían ao instante os fechos de todalas portas, con frases que turraban con calquer muro incluso o da indiferenza, con aquelas lindas cubertas que mandaban mensaxes de esperanza sen esperar a unha botella mariña, con pensamentos que rachaban o illamento abrazándote no interior, gardando no beludo negro das entre-liñas e dos subliñamentos a lapis as ideas claras coma o orballo, esas que seguen dando un especial sabor ao noso caldiño.

Mais, non sería xusta esta homenaxe nosa, sen lembrarnos daqueles días nos que Xaquín coma un cabaleiro medieval acompañou a Pastora nos seus desvelos polo seu fillo, Xosé Tarrío, autor deste libro que tes nas túas mans. Na cadea, nos hospitais, no xulgado, na

rúa, no fogar familiar, Xaquín acariñando a súa cachimba, miraba as bolutas de fume e facendo circulitos na sua frente coma cavilando no complexo sentir do ser humano, consolaba, falaba e apoiaba aquela nai desfeita por ver como a vida do seu fillo penduraba dunha afiada pica de impunidade.

Xa para rematar, cómpre falar de economía de verdade, da boa (nestes tempos onde todo se conxuga coa manida verba da crise). O que nos deu o amigo Xaquín é un gran capital, unha grande riqueza, polo que leido o contrato da vida resulta que temos con el unha debeda cuantiosa que se liquida a cada momento a un altísimo interese. E eu persoalmente non sei dende que soupen que morrera como a vou pagar. Un bico, Xaquín, alá onde esteas.

FRAN DEL BUEY

En nome de Pastora e das compañeiras/os
da Fundación Terrum.

PRESENTACIÓN I

(HOMENAXE AO CÁNDIDO SORIA)

Durante os días nos que estabamos falando de reeditar o libro do Xosé Tarrío por mor do 20 aniversario da súa morte (con gran enerxía do Oscarín), resultou que se deu a confluencia de enerxías e persoas para relanzar unha vez máis o soño de montar unha editorial propia, que levara aparellada incluso a realización da impresión da mesma ou contando con algunha das “marabillosas iniciativas” de compañeiras que se queren lanzar a aquilo de ter un medio propio de expresión.

A cousa ía rápida, falamos con amigas, debatemos..., a presenza do Buter nunha das súas viaxes deixou todo disposto para “unha vez máis” tentar “facer libros” con agarimo, esmero, elegancia, criterio... Alí entre conversas marabillosas xurdiu a idea de xuntar unha equipa de editoras que marcaran un pouco o catálogo e criterio de cousas a publicar. Tamén se falou de máquinas, imprentas, espazos, deseños. O Alex e o Buter xenerosamente aplicaron toda a súa enerxía vitale xa só faltaba o pistoleirazo de saída, que sería a reedición deste libro por parte da Fundación TERRUM e con elo a constitución formal da súa editora: Editorial TERRUM.

Todo estaba en marcha coma un foguete a piques de se lanzar a explorar o noso satélite. Todo? Todo non. De novo, non conta-

mos coa señora da gadaña e o seu desapiadado xeito de apañar a “herba dos camiños” xa que amecemos coa triste nova da morte do compañeiro e amigo Candido Soria, e dese xeito o soño todo deitou segado...

Tocaba facer esta introdución para poñer cousas bonitas, esperanzadoras. Íamos contar ate mil, describir como choverían os libros, reflectindo todo en treboadas verbais, ventos de anécdotas, recolleita polo miúdo de significados e etimoloxías. Mais non; a nova da morte do Cándido eclipsou todos estes fenómenos meteorolóxicos da inventiva, un dedo apagando o sol, un soprido asubindo, finxindo un sorriso que xa non se sostiña. O “saber” borrou da conciencia do día a día calquera albisco de inventiva, viaxe, cita, encontro, tarefa... Dunha labazada devolveunos “unha vez máis” á realidade da perda, “unha vez máis” a unha necrolóxica...

Pasaron os días, e como si dun saber antigo se tratara, dunha reacción previsible pero non sabida, a tristísima nova recibida, por vez de disiparse, medraba e medraba no interior, facíase máis e máis grande e doorosa, imposible de amarrar! A perda percorría a memoria, os soños, a ausencia aparecía de súpeto na conversa, nos relatos que xa maceraban como anécdotas épicas. Sen saber nen como nen porque, aparecían flashes de momentos, marcadores e dedicatorias en fermosos e trasteirados libros que foron seus agasallos. Tralas caixas de puros caían ao chan fotos trasapeladas, debuxos de máscaras de Laza, billetes de metro perdido, restos de rituais celebrados, e viaxes inconclusas. Sabendo sen sabelo, Cándido, o amigo Cándido, coábase insistentemente na nosa vida cotiá, na negrura do noso maxín ao fechar os ollos, no cavilar das cousas por facer... coma un alambique se ía destilando cal etéreo neboeiro ata condensarse, sublimarse e licuarse nunha bágoa que por fin apareceu. A bágoa caeu pola fazula e de aí aos beizos fechados, o

seu sabor salgado indicábame que non era un soño e que o sal só se verque se é en presenza da vida.

E de aí a aquí... agora que digo? E o máis importante: porque teño que escribir unha lembranza máis dun amigo? Se xa me tocou facelo co Xaquín, coa Dominga e cos anónimos falecidos que sempre nos acompañaron!!! Ben, quizais a pregunta non teña resposta, ou simplemente é porque de non facelo traizoaría á memoria, e con elo enganaríame. E ese engano é dos que tarde ou cedo pasan factura. As “fases do duelo” chámanlles. E por sorte ou desgracia coñezochas ben e sei que non val facer trampas. A dor, a falta de resposta é así e xa que é así, tentarei coa desculpa da obriga de amigo que me corresponde, devolverlle o golpe á morte e deixar por escrito (ou a lo menos tentalo) aquilo que agochado unicamente na memoria, cicatrizado na i’alma, poda ser compartido, e dese xeito traelo ata nós, ao acubillo da conciencia do que fomos e somos, traelo a este libro para que repouse nun andel á espera dunha lectora que lle vote man, oabra e chegue ata aquí e con elo permaneza vivo. Sei que a el lle gustaría porque amaba os libros e por contra do dito, prefería gañar un amigo e perder un libro.

Imos aló.

- PRESENTACIÓN -

Cándido Soria Fortes apareceu nas nosas vidas unha tarde de inverno na Casa Encantada de Santiago. Viña de Ourense, era avogado, quería aportar o seu saber á loita que nese intre se producía respecto da defensa dos dereitos das persoas presas. Acudiu a un chamado, sentou, traía un libro na man e empezou a tomar notas... A todo dicía “si!” e nada lle parecía quimérico. Era humilde no falar, grato no trato e a amizade xurdiu logo ao momento. Compartiamos pasados similares, a min morrérame traxicamente un irmán e a el tamén (mais daquela iso case ninguén cho sabía; nen sequera entre

nós!) e mantiña un atentísimo interese polo estado lamentable das persoas presas enfermas). A esa xuntanza sumouse outra e outra: encontros, viños, cafés, conversas.... De todas estas, contarei catro historias omitindo os feitos obxectivos e os político/xurídicos das mesmas para non desmerecer á “persoa” coa súa “figura”, inda que ao pé deixarei un sintético e imposible resumo deses feitos.

En fin: catro historias, só catro.

- HISTORIA 1 - PERDER O TREN -

Quedei con el a primeira vez en Ourense, collín o tren sen billete de volta, recolleume na estación, e ensinome a cidade (*erguía a man deseguido saudando a todos ao pasar), fomos ao seu despacho, rubimos polas esqueiras decimonónicas, entramos nun espazo atemporal... Eu mirei abraiado os libros! Cándido era dos que escribía as demandas a lapis e tiña o teléfono metido nun caixón do despacho. Ao fondo unha fiestra aberta á rúa e moitos bastóns amoreados que lle daban ao sitio un aire doutro tempo.

Falamos de mil cousas, propostas, opinións... de cando en vez se erguía a coller un libro e amosar ilusionado o camiño. “Tal para cal, maraghota e media”. E así, argallando déronnos as tantas, percorremos as rúas por horas guiándonos unicamente polo cheiro das Burgas e —en fin— rematamos na súa casa.

O falado andaba fiado como escrito para un guión, non che había silencios nen incomodas contradicións. De súpeto preguntou: cando che sae o tren? Eran as seis da mañá e non o sabíamos; a fala e o debate fixéronnos perder a percepción do tempo e con elo o tren nocturno procedente de Madrid. Xa en Compostela souben que topara cun amigo para toda a vida, e que seus pasos serían os meus e os meus ouvidos serían os seus.

- HISTORIA 2 - MADRID -

Pasaron os anos, o Cándido seguía connosco. A nova do nacemento do Antón e logo da Candela, encheuno de tenrura: a síntese da vida. Del aprendín a pregunta cun pai/nai debe facerse ao respecto dun fillo; el sempre preguntaba aos seus, aseveraba ou manifestaba: es feliz? sen feliz!.

A vida levounos moitas, moitas veces a Madrid, ás xuntanzas de Entrevías, ás Nais, ás cadeas. Ourense converteuse así en parada obrigada destas viaxes da nosa Ilíada, movementos continuos nese contexto de resposta social. Unha veces viña, outras, quedaba á retagarda; a parada en todo caso na súa casa era sempre de obrigado cumprimento para conversar sobre as cousas debatidas e do seu interese.

Sempre marchabamos cun agasallo. Dunha volta viaxei co agora tamén falecido Enrique de Castropara a presentación do seu libro. Íanse facer unha charla en Ourense outra en Compostela e a derradeira na Semana de Filosofía de Pontevedra. Chameino, comenteille a idea e a circunstancia de ter que buscar un lugar para durmir o Enrique. Aló se fixo a charla, quedamos falando na esqueiras da praza e por fin acompañei ao Enrique á casa do Cándido para que descansara. Recibiunos cunha aperta e un licor-café (*cousa de ourensáns de pro). O Enrique sentou no salón, e o amigo Cándido ao seu carón, interesado nas mil e unha cousas que contaba o de Castro de Entrevías, La Cañada,

La Rosilla, Vallecas, Alto del Arenal. De cando en vez eu miraba como o Enrique observaba de esguello un libro posto enriba da mesa; era unha biblia en galego amoreada xunto doutros libros de poesía, filosofía, política. Cando foi durmir o noso invitado, eu comenteille ao Cándido: “aí andiveches fino coa biblia, Cándido!. El, virouse e antes de ir durmir preguntou:

—“E logo por que, Franciño?”.

—“Pois, porque o Enrique é crego.”

Asegurou que el nin o sabía nin caera na conta de algo tan obvio; a pesares de térmolo mil veces acompañado a Entrevías e que o título do libro que presentaba o cura roxo era “Deus é Ateo”.

A anécdota parece que non ha dar para máis, pero para min reflexa a flexibilidade mental dun Cándido que non prexulgaba, non clasificaba e simplemente gostaba de escoitar e sobre todo de ler, ben fora a biblia en galego de Xosé Chao Rego, ou o neno criminal de Jean Genet. Un auténtico ilustrado.

- HISTORIA 3 - O CAIRO -

Tamén dun libro —que casualidade!— xurdiu a idea de facer unha viaxe longa tras dunha xanta na Rúa da Paz. O libro non podía ser outro que de “La Ceca a la Meca” de J. Goytisolo que el andaba lendo e levando de acó para aló. Como ata A Meca non podíamos ir, acordamos ir ata O Cairo e rematámola asistindo a un xuízo na chaira de Guiza.

Aló, de mañá cedo, nos arrabaldes da macro-urbe exipcia, chegamos nunha Nissan Vanette escangallada ao xulgado. Alí presentámonos como xuristas “interesados no proceso penal estranxeiro”, mentres castrapeabamos nun inglés intelixible. Os avogados exipcios ollábanos abraizados preguntándose: “que carallo fan estes dous aquí?”.

Ao remate da vista dun xuízo a 40 persoas (onde nos serviron té e melindres mentres as nais defendían aos seus fillos a base de mallalos diante dos xuíces ao tempo que lles pedían clemencia), pedimos entrevistarnos co decano daquel estaribel. Aló subimos a un despacho sen porta e coa persiana suicidada e topámonos cun señor gordecho (suposto decano) que nos escoitaba cos ollos moi abertos,

cun sorriso enigmático simulando cavilar sobre as nosas preguntas, mentres papaba un polo enteiro ás 12 do mediodía.

O día rematou ferrando un cabalo a escasos metros das pirámides, nun bairro sen nome nen historia pública dos que non saen nas guías turísticas. Nese intre caín en que o Candido non levaba os audiófonos postos, e que disfrutaba do silencio máis absoluto mentres camiñaba polo gran ensarillado humano do Cairo.

- HISTORIA 4- PADRIÑO -

Chegou o día no que seguindo seus pasos e os do Guillermo Garrido (personaxe para outro libro) cheguei á porta da Xustiza vestido -desta vez- coa toga. Aló estabamos en Ourense, lugar escollido por min para a colexiación. Pedinlle ao Candido que fora o meu padriño de cerimonia; unha aperta foi a súa resposta. No día escollido enchemos Ourense de xente de Compostela, A Coruña e o centro do mundo. Á cerimonia só amentala polo interese do que alí aconteceu: a Dominga e a súa irmá vestidas con pamelas como nas Carreiras de Ascot, a familia e amigos ao redor, todo agradable, previsible e colorista. Ate que rematado o xuramento “por imperativo legal” senteime e biquei a miña nai, cando de súpeto e fóra de todo protocolo (normalmente os padriños non falan, só figuran), o Candido pediu á mesa da Xunta de Goberno do Ilustrísimo Colexio de Avogados de Ourense, falar. Daquela todas e todos calaron, sacou un papel e dirixíndose ao Decanato de xeito ameazante, espetoulles:

“Oian vostedes! Moito ollo! Hoxe se abre a porta da Xustiza de par en par, e pídolles que impidan que se feche endexamais.”

O conto —porque para min foi un dos maiores actos públicos que presenciei de Cándido— é que non me estaba apadriñando a min;

estaba apadriñando a todas e todos os que andamos polo mundo cun saco de cinzas a petar nas portas dos pazos procurando xustiza. A responsabilidade dese discurso aínda camiña polas corredoiras e retumba na cova.

E ate aquí chegou este prólogo, podería estar así horas e horas contando aventuras do Cándido. Relendo o relatado doume conta que non dixeran o máis importante, o que faría co resto de historias simplemente se omitiran. El sempre dicía: “Quérote!”. Pois aquí deixo constancia, nun papel impreso, metido nun libro que repousará de seguro nun fermoso andel, da resposta fundamental que merecería o seu amor incondicional: “eu tamén”, “nós tamén” “outras tamén”. Toda esa xente que te quere, que te quixo e te quere por sempre e que te ha levar dentro coma esta dedicatoria no interior deste libro que tantas veces liches.

FRAN DEL BUEY

Fundación Terrum.

PRESENTACIÓN II

ALGUNHAS RESPOSTAS A ALGUNHAS PREGUNTAS



QUE É A FUNDACIÓN TERRUM?

Terrum Social non é o comezo de algo, non é unha “nova idea”, senón a concreción de moitos anos de traballo en distintas áreas.

—DE ONDE VIMOS?

O percorrido vital que rematou materializando neste proxecto comeza no barrio compostelán de Vite, na segunda metade do século pasado, onde a conflictividade social e a necesidade por sobrevivir nun contexto afastado do interese institucional fixo cas persoas que aló habitabamos nos organizamos en diversas iniciativas colectivas autoxestionarias e independentes que se mantiveron durante décadas activas, dando lugar posteriormente a entidades como o colectivo laboral Formigueiro, no CSOA da Casa Encantada, no colectivo PreSOS, Nais contra a Impunidade, Comisión de Denuncia de Galicia, Coordinadora Estatal de Solidaridad con las personas presas, comité Antisida de Lugo etc.

En si Terrúm sempre foi un caixon de xastre, unha caixa negra de avión onde recoller, documentar, sostentar todas as ideas que

medraban dispersas, onde protexer o patrimonio inmaterial do relato destes feitos, as vivenzas das persoas que pasaron por cada un destes soños.

Obviamente a Fundación Terrúm, non se entende sen as persoas clave que soñaron que soñaban un soño. Dominga, Anxelina, Marisa, Tito, Teo, Xaquín, Buter, Zrus, Tareixa, Pablo, Candido, Ana, Jose, Olgas, Amancio, Chelis, Cachu, Xacove, Santi, Pili, e tantas e tantas outras que se non as mento non é porque non existan senón porque a lista non remataría xamais.

—POR QUE ESTE LIBRO, AGORA?

Pois a resposta é sinxela, porque fai 20 anos este mes pasado de xaneiro 2025 que faleceu o compañeiro Xosé Tarrío, Autor deste libro. Libro que se traduciu a máis de 7 idiomas, que conta que saibamos con máis de 20 edicións, libro que editamos en Castelan e Galego no ano 2014 por e para Dominga como nais contra a impunidade.

Libro que Dominga a nosa compañeira e nai do Autor quería que servira para mostrar a crua realidade que lle tocou vivir, libro que en si mesmo é unha crónica dunha etapa escura da nosa historia recente e que ben a reflectir unha vivenza inhumana nas cadeas do estado español estrapolable a calquera persoa presa que estivese nese espazo tempo, ou dito doutro xeito este libro non fala dun preso, fala “dos/as presas” e ben a documentar as penurias que pasaron, ben a poñer negro sobre branco a denuncia pola vulneración sistemática de dereitos que viviron as persoas recluídas e excluídas desta sociedade. Sen ánimo panfletario, entendemos que a difusión unha vez máis desta “crónica” axuda a visibilizar feitos que permanecen no esquecemento. Como exemplo só temos que acudir a recente pandemia que puxo o mundo patas para arriba, onde toda a sociedade acabou sabendo o que era un retrovirus ou unha PCR, onde se puido observar morges en centros de maiores ou voces que

clamaban pola distancia social, a protección do individuo fronte á ameaza do virus... pois ben todas e todos o vivimos, miramos abraídos a cifra de falecementos e a incertidume de estar recluída en casa ou someterse ao control sanitario; e isto pasaba 25 anos despois de que o VIH sida se levara por diante miles de persoas, moitas delas recluídas, excluídas, segregadas; con niveis de prevalencia de ata o 60 % nalgunhas cadeas, sen medidas preventivas, con intercambio de xeringuillas, falta de tratamentos, persecución social, estigma, vergonza, aniquilamento. Por miles foron os mortos, mais o mundo non parou.

Paramos nós como colectivo Nais contra a Impunidade, preSOS, 30 anos despois de empezar a camiñar, e paramos porque a Dominga a nosa Dominga se lle parou o corazón. Paramos?, bueno quizais o que fixemos foi sentarnos a cavilar, e ver de que mellor xeito podíamos axudar, continuar, apoiar e con elo honrar a memoria e os soños de Dominga. Como sabedes ela soñaba con espazos onde a xente poidera vivir, con mesas longas cheas de pratos afumeantes, con apertas e bicos, con fillos con futuro e o mais importante con que ningunha nai voltara a pasar polo que pasou ela. E con esa idea forza, poñemos de novo a rotativa a funcionar, embadurnar con tinta os rodillos, colocar ben colocadiñas as verbas e os debuxos para dar vida a este e outros libros que en si son unha carta directa ao corazón mais que a razón.

—SO UN LIBRO?

Non, este é o primeiro de tantos outros que imos editar, e con el crear a editorial Terrum, unha ferramenta que permita difundir as cousas traspapeladas, revivir textos fermosos ou prohibidos, visibilizar testemuñas ou traducir oracións e menxases ignorados na nosa lingua. Crear unha cadea editorial pola que un libro e a súa difusión se soporte noutro.

Como nos outros proxectos que levamos ao cabo, coa editorial preténdese a súa vez impulsar a autoxestión e economía circular. A proposta é que sexa autosostida, que os beneficios das vendas dos libros se destinen directamente aos proxectos en marcha, que reforcen as redes de distribución, que creen ou apoiem a edición a maquetación a creación dunha imprenta.

—EN QUE CREMOS?

Cremos na necesidade de ética e social de erradicar a miseria, tanto material como espiritualmente, na dignidade e igualdade intrínseca de tódalas persoas, na reconexión coa natureza como única posibilidade dun futuro onde esa dignidade se manteña.

—QUE FACEMOS

Entre os proxectos principais da Fundación TERRUM están:

- **A “OFICINA DE DEREITOS SOCIÁIS” (ODS)**
- **O “BOSQUE DA MEMORIA”**
- **O PROXECTO AGROFORESTAL: “CASTELLUM TERRAE”**
- **O “PROXECTO MAR”**
- **A “UNIVERSIDADE DA DIVERSIDADE”**
- **O PROXECTO ARTÍSTICO “TERRUM CREA”**

Se queres información máis polo miúdo sobre as nosas actividades podes consultala en la web.

—OBXETIVOS

Todo o que facemos vai orientado a estes fins:

- **FINS ECOLÓXICOS:** a conservación, defensa e potenciación dos ecosistemas naturais e da biodiversidade; a agroecoloxía; a

defensa da integridade medioambiental, ecolóxica, arqueolóxica, monumental ou paisaxística no territorio rural galego e, especialmente, das camelias xapónicas que integran o noso patrimonio.

- **FINS CULTURAIS:** a defensa dos valores etnográficos antropolóxicos e culturais de Galicia, cun especial énfase na defensa, conservación e difusión da minorizada lingua galega, na cultura rural e na recuperación da figura Histórica de Evaristo Rey Tourón como persoeiro clave no concello do Val do Dubra.
- **FINS SOCIAIS:** a defensa das mulleres fronte a violencia de xénero, a explotación laboral e sexual, a discriminación, e o patriarcado; traballar na erradicación da pobreza, da violencia, da desigualdade, da marxinación e da exclusión social; traballar e xuntar estratexias na erradicación das pandemias (VIH—SIDA, COVID 19 etc) dende o social e a restitución e posta en valor da memoria histórica de José Miguel Fernández del Buey e das persoas excluídas que sufriron e sofren maltrato, tortura, degradación e/ou faleceron de xeito violento ou por negligencia.
- **FINS EDUCATIVOS:** a promoción, protección, investigación, formación e defensa da Educación Social como ciencia de estudo e transformación social; a difusión pedagóxica de actividades lúdicas achegadas ás contornas naturais; a promoción, implantación e análise das teses do decrecentismo e a investigación, promoción e implantación dos principios da soberanía alimentaria. A promoción da escola popular e da formación integral para todas.

- **FINS XURÍDICOS:** a defensa da tutela xudicial efectiva e dos dereitos fundamentais e constitucionais; propiciar o dereito á defensa, á igualdade de armas xurídicas, ó proceso con garantías, ó uso social da propiedade, á economía social, ás prestacións sociais, ós dereitos das traballadoras, á conservación e uso das institucións forais herdatarias e civís galegas, a defensa xurídica do medio ambiente, á promoción, investigación, formación e intervención socioeducativa en tribunais empregando a mediación e, tamén, en defensa e apoio ao recoñecemento universal da dignidade e dos dereitos humanos das persoas afectadas por diversidade funcional: física, psíquica ou sensorial e á defensa e apoio ao exercicio do dereito fundamental á intimidade e confidencialidade.
- **FINS TECNOLÓXICOS:** a promoción, investigación e difusión de coñecementos e servizos sobre novas tecnoloxías centradas na transición a un mundo postpetróleo, na resiliencia das comunidades e na transformación dixital; a implantación de sistemas de moeda social ecriptomoedas nos espazos económicos da ruralidade galega; a promoción, investigación, e difusión de ferramentas e servizos que potencien a seguridade dixital e garantan o lexítimo exercicio do dereito á intimidade e ao control da identidade das persoas nas contornas dixitais.

FRAN DEL BUEY

Fundación Terrum.

Toda a info en

<https://terrum.social/>

<https://terrum.social/fundacion-terrum-2/>

<https://editorial.terrum.social/>

RETROUSO



ía con día erguémonos tristes e en silencio para ir traballar, día con día tan só somos pezas de produción, día con día camiñamos en silencio coma ovellas ao matadoiro, porque a escravitude xamais foi abolida, soamente foi posta en nómina. Día tras día, seguímonos atopando no mesmo punto de enfrontamento diante da perpetuación da extrema indixencia, unha perpetuación da extrema pobreza castigada en forma de desigualdade humana.

Tras da continuidade do pasar dos anos, atopámonos con que estas liñas que deixamos acó reflectidas, para que a persoa lectora encontre o tempo de abrir estas follas que lle han estar agardando, para presentarse e comunicar o que se ten vivido, o que se está a vivir, o que queda por vivir e para todas aquelas que xa no están, pero que trala forza e a dedicación quedarán con memoria e dignidade nestas páxinas, onde seguimos estando igual ou peor, xa que a miseria medra.

As capacidades son máis inhumanas e a incerteza do día con día na que demasiadas persoas se atopan na mesma situación, na rúa, sen recursos ou nas cadeas, agardando a quenda para que lles revisen os papeis impresos, agardando una solución. Mais debemos de entender que está nas nosas mans, pois se non terminaremos podrecendo en calquera recuncho dunha estación de autobús, nun portal, caixeiro ou gaiola.

Para quen, aínda co paso dos anos non chegara a coñecer esta obra, que foi dirixida á sociedade española hai máis de 30 anos, conxuntamente con outras experiencias vivas e tamén escritas noutros títulos por persoas que o sufriron nas súas carnes, editadas en libros e traducidas nunha infinidade de idiomas, habemos de lembrar tamén o vivido e sufrido por tódalas testemuñas de familiares, compañeiros e compañeiras...

Aquí comunícase a situación da aniquilación dos seres humanos encadeados nos centros penitenciarios e o que polos seus corpos e mentes pasou -e inda pasa nunha boa parte da poboación- día con día: a incomunicación, o abandono, as torturas, os malos tratos, a dispersión...consérvase a antigüidade das practicas de castigo nun modelo que non se mira dentro do Código Penal, onde se reduce ao individuo ao mal vivir nunha gaiola de castigo por un sistema especial de cumprimento de pena privativa de liberdade denominada e clasificada polo nomeamento dun Ficheiro de Internos de Especial Seguimento (F.I.E.S.) e outras disposicións introducidas a través de instrucións, desenvolvidas dende 1989 e ampliadas no 1991.

Unha continuidade de sucesos e preguntas, do porqué se chega a entrar e cando se sairá, cando se formulará unha revisión da condena, porqué se desatende á poboación reclusa enferma con enfermidades terminais, porqué se permite a contratación dende II.PP. cunhas asignacións económicas que non chegan nin sequera a unha cuarta parte do Soldo Mínimo Interprofesional. Por que neses lugares malditos onde reina a tristura, non se condena o delito, castígase a pobreza.

As situacións continúan e isto non parece cambiar. As persoas desaparecen e as que persistimos non podemos mirar cara a outro lado ou pechar os ollos. Este conflito non se resolve deixándoo só na man dunhas poucas persoas e pensando que o coñecemento está na man doutras poucas. Durante todo este percorrido atopámo-

nos cunha chea de persoas, assembleas e colectivos que levan a cabo a práctica no día a día, dende a lectura do BOE e dos xornais, a aprendizaxe do Código Civil, a autodefensa ante as detencións e redadas nos barrios... por poñer só algúns exemplos do convivido coa “Coordinadora de Barrios”, as “Madres contra la Droga”, e da infinidade de exposicións en charlas (e da súa posterior lectura en artigos) da Constitución Española feitas pola nosa finada compañeira Dominga González Vieites, ou da contra-información na desinformación sobre o VIH ou da cantidade inxente de horas nas Comisións Anti-SIDA para conseguir indultos para que as persoas engaioladas que ían morrer por inmunodeficiencia adquirida (SIDA) puideran facelo no seu lar, dignamente.

Ao cabo dos anos son pequenos os cambios, pero podemos dicir a día de hoxe fronte da cultura da represión e do castigo, que nós defendemos as medidas sociais e o agarimo, e que obtemos unha sentenza onde se lles reconece xa a algunhas persoas con Hepatite C, un 70% de minusvalía ou discapacidade, que a proposta que presentamos para que as persoas que vaian ser devoltas á liberdade, obteñan un subsidio que sigue sendo ruín e polo tanto continuar tamén para que se aumente esa cantidade e se axuste á realidade económica na que nos atopamos. En fin, traballar para que cando nos veñan todas estas cuestións, as saibamos contestar e abordar nuns tempos nos que se ten dado sempre a prioridade a xestionar unha economía. E loitar para que a especialización do coñecemento xurídico nuns poucos se amplíe e non se perpetúe o descoñecemento popular e que as nosas capacidades no se mostren só no ben que sabemos facer bocadillos ou vender latas. Que o día a día saibamos comprendelo máis aló da funcionalidade económica, afastándonos do privado (só o meu e preocupándome polo meu), compartindo coñecementos coa sociedade, estudando e sabendo que non somos un, que somos nós. Tratar de aprender, escoitar, que a cobiza no

venza a amizade; non nos pechar a nós mesmos nun burato, non deixar que nos constrúan os seus mundos, que grauciño a grauciño imos superando pouco a pouco as adversidades da dor que provoca tanta indiferenza e impunidade.

Necesitamos falar do que pasou e do que está a pasar, para que a loita e a carraxe no remate só nun caso e que se desta non o estamos logrando, na outra xa o conquerimos. Porque non temos medo, porque xa temos levado máis ostias cun tambor nun desfile e porque hoxe temos a oportunidade de lembrar por que estamos aquí e quen somos. Inda que houbo algúns que decidiron que non tiñamos que vivir e existir, por que as nosas ideas e prácticas no lles convenían que estean nas rúas. Por iso seguimos aquí; persoas que non sabiamos nada, ás que nos teñen cualificado mil e unha veces como de fracasos escolares, pero que sabemos moi ben quen é o inimigo e quen ten desfeito a máis dunha xeración e esnaquizado moitas vidas. Por todas elas habemos seguir facendo o mellor que sabemos facer: dar respostas ante a falta de recursos e contra o rexeitamento social.

BUTER

FaQS DA PRESENTE EDICIÓN



QUEN EDITA O LIBRO E PORQUE?

Este libro que tes nas mans esta impreso, maquetado, ilustrado e confeccionado por ARDE gráfica, Alex Rozados, cuberta Buter e impulsado pola Editorial Terrum. Quen ao igual que este colectivo expresan o interese social de divulgar a obra literaria, pictórica, política e de opinión de Xosé Tarrio González, autor do libro “Huye hombre huye”, para que súa obra permaneza no tempo, se coñeza, e chegue alí onde non se escoita a voz dos sen voz.

A FUNDACIÓN TERRUM, e unha Fundación Horizontal, Autoxestionada, e sen ánimo de lucro, que ten como principios inspiradores das súas actividades o respecto e a defensa dos dereitos fundamentais tanto das persoas privadas de liberdade coma das persoas en situación de risco de exclusión e marxinación, en tódolos ámbitos da vida.

A achega de coste, destinarase a sufragar os gastos de produción e elaboración do presente libro, así como a apoiar a autoxestión daqueles proxectos que este colectivo e outros realizan no marco da loita anticarcelaria e contra a exclusión social e no apoio directo a familiares e persoas presas.

Todo elo, tendo presente que todas as actividades realizadas polo colectivo que edita este libro, son gratúitas e universais, e ningunha das persoas solidarias que nos apoian, nin os familiares percibe retribución económica algunha.

—DIFUSIÓN?

Como así era vontade do propio autor do libro, este colectivo xunto coa súa familia tentara que o libro se difunda e serva como crónica dunha realidade non superada por esta sociedade. A tal fin, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación (recollidos no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual) da obra de Xosé Tarrío, foron cedidos pola súa familia con carácter temporal e específico a Fundación Terrum.

Sen embargo, a familia de Xosé Tarrío, en calidade de herdeira do finado compañeiro, segue ostentando os dereitos morais da propiedade intelectual do seu fillo e irmán. (art 14 apdo 3.4, e Art 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual). Particularmente os dereitos de:

- **Esixir o recoñecemento da súa condición de autor da obra.**
- **Esixir o respecto á integridade da obra e impedir calquera deformación, modificación, alteración ou atentado contra ela que supoña prexuízo aos seus lexítimos intereses ou menoscabo á súa reputación.**

O presente libro conta cunha licenza Creative Commons Atribución - Non comercial - Compartir igual 4.0 Internacional E poderás atopalo en formato dixital e de xeito gratuito nos enderezos antes facilitados. Nestes termos non se permite o uso comercial da pre-

sente obra orixinal nin das posibles derivadas, permítase a xeración de obras derivadas sempre que non se faga cun uso comercial e que a mesma se inscriba na crítica ao sistema penitenciario ou respecte os fins deste colectivo.

—CALES SON OS FINS DESTE COLECTIVO?

- 1• Recuperación da memoria e defensa dos dereitos daquelas persoas que foran vítima de violencia física ou psíquica, represión, humillación, maltrato, vexación, coerción, isolamento, tortura e morte; producida como consecuencia directa ou indirecta das actuacións activas ou omisivas, culposas, dolosas ou permisivas, dos responsábeis da súa custodia durante a súa detención ou retención nos centros de detención do estado.

Recuperación da memoria e defensa dos dereitos daquelas persoas que foran vítimas de discriminación, abandono ou negligencia no tratamento e prevención das súas graves doenzas e enfermidades, durante a súa estancia convalecente nos centros de detención do estado. Con especial atención á realidade social, á prevención, ás garantías sociais e sanitarias, aos cuidados paliativos, ao manexo do paciente e á protección da dignidade e saúde dos/as enfermos/as de SIDA privados/as de liberdade.

Recuperación e defensa da memoria histórica de Diego Viña Castro, falecido o 22/9/04, Xosé Tarrio González falecido o 2/1/05, David Sánchez Chacón falecido o 23/12/08, José Miguel Fernández del Buey falecido o 11/9/96, Antonio Pallas falecido o 16/1/10, Antonio, Rosa e Gregorio rial Gasamans, Ignacio Núñez Gutierrez, Antonio Iglesias Rodríguez, Javier Varela Rozas, Jose Carlos Pasín Lorenzo, Santiago Torres Cidranes, Manuel Creo Afonso, Xermán González Paradela, José Manuel Vázquez García, Manuel, Juan, Miguel Iglesias Botana,

Luciano Iglesias del Río, Miguel Galante Vila, Eduardo Fernández Ares, Vicente Iglesias Seoane, Gaspar Ventos Montoya, Fernando e Jorge de la Fuente Iglesias, Manuel Carmuega Nerga, Alejandro Gago Eugix, Purificación Crego Regueiro, José Manuel Fente López, Andrés Díaz Sancho, Isidro Mayo Parrilla, Jose Amo García, Luis Rivas Davila, José Antonio Miñan Murciego, José Manuel Agra Martínez, Felipe Martínez Gallego, Andrés Durán Represas e tantos en tantos outros/as compañeiros/as, amigos/as, irmáns, fillos/as e persoas falecidas como consecuencia última da exclusión, a marxinación e a represión sufrida. Restauración da súa dignidade e honor, para que esta ignominia non se repita xamais.

- 2 • Concienciar, actuar e cuestionar o modelo económico, político e social, baseado na desigualdade e na inxustiza, como causa dos procesos que levan á marxinación e á exclusión social, que ten como consecuencia a realidade social na que se sustentan os cárceres e os centros de detención, na súa estreita relación co disposto no art. 14 da CE.

- 3 • Trasladar as reivindicacións, queixas e denuncias d@s pres@s á opinión pública.

Manifestarse publicamente contra os abusos, negligencias e impunidades, coa esperanza e o empeño de que a realidade das prisións e dos centros de detención sexan coñecidas polo máximo número de persoas e colectivos, na súa estreita relación co disposto no art. 25 da CE.

- 4 • Analizar, concienciar, actuar e denunciar a arbitrariedade e a impunidade producida no sistema penal e penitenciario, na súa estreita relación co disposto nos arts. 9, 24 e 25 da CE.

Asesorar xuridicamente a aquelas persoas que se sintan indefensas sobre todas aquelas dúbidas que se poidan suscitar na aplicación abusiva do Ordenamento Xurídico Penitenciario, Penal, Administrativo, Social ou Civil, na súa estreita relación co disposto no art. 24 da CE.

Apoiar, asesorar e acompañar as vítimas e as familias que perderon os seus seres queridos por actuacións violentas ou negligentes; fomentando a creación de mecanismos de asesoramento legal e apoio social, que permita ás vítimas e aos seus familiares, coñecer as circunstancias e feitos sen esclarecer que as concirnen e sometelos se é a súa vontade ao control xurisdiccional pertinente, tanto no ámbito penal por medio de acusacións particulares e populares, no ámbito administrativo nas reclamacións de responsabilidade patrimonial e de carácter sancionador, como no ámbito civil na restitución dos danos acaecidos.

Exercer de mediador@s entre @s afectad@s e as institucións co obxecto de axudar a obter solucións equitativas e xustas nos conflitos sociais e nas problemáticas específicas sufridas polas poboacións máis marxinadas.

Potenciar e crear estruturas educativas populares de análise, estudo e aprendizaxe da autodefensa legal en tódolos ordes xurisdiccionais.

5. Analizar, concienciar e actuar contra a discriminación de carácter sexual, defender os dereitos das mulleres en tódolos ámbitos, co fin de eliminar da sociedade os vestixios do machismo, o patriarcado e a violencia de xénero, na súa estreita relación co disposto no art. 14 da CE.
6. Analizar, concienciar e actuar na defensa dos dereitos das persoas menores, tanto no ámbito das relacións familiares

e a protección dos dereitos d@ menor com@ en relación ós efectos que da aplicación das leis penais de menores se poidan producir, así coma da interrelación que a condición de menor puidera ter con outras situacións fácticas (menores estranxeir@s, enferm@s, toxicóman@s).

7 • Analizar, concienciar e actuar na protección dos dereitos fundamentais das persoas consideradas polo Estado coma estranxeir@s en aras do principio de igualdade incardinado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

8 • Analizar, concienciar e actuar na defensa dos dereitos sanitarios, prestacionais e sociais das persoas enfermas en xeral e, en particular, das persoas afectadas pola etiqueta da SIDA e por todas aquelas enfermidades que provoquen un estigma social nas persoas afectadas, tendo na dignidade da persoa o maior expoñente a defender, na súa estreita relación co disposto nos arts. 14 e 15 da CE.

9 • Analizar, concienciar e actuar na defensa dos dereitos sanitarios, prestacionais e sociais das persoas que padezan algún tipo de enfermidade, trastorno ou patoloxía psiquiátrica ou mental, procurando a súa integración e recuperación no seo da sociedade, tendo na dignidade da persoa o maior expoñente a defender, na súa estreita relación co disposto nos arts. 14 e 15 da CE.


10 • Analizar, concienciar e actuar na protección da privacidade das persoas en xeral, preservando a confidencialidade na súa esfera social, e a intimidade como última barreira da expresión da dignidade humana, na súa estreita relación co dereito incardinado no art. 18 da CE.

11 • Coordinarse globalmente con outras organizacións que persigan obxectivos afíns.

12 • Divulgar a obra literaria, pictórica, política e de opinión de Xosé Tarrío González, autor do libro “Huye hombre huye”, para que a súa obra permaneza no tempo, se coñeza, e chegue alí onde non se escoita a voz dos sen voz.

12+1 • Apoiar a creación, publicación e difusión de obras de autores/as, que reflexionen entorno á problemática social, xurídica, sanitaria da que dimanan os fins e cometidos desta asociación.


Como asociación sen ánimo de lucro destinará á consecución dos fins asociativos o cen por cento dos ingresos que se obteñan en calquera concepto. @s asociad@s e @s familiares non poderán ser @s destinatari@s dos ingresos xerados polas actividades realizadas pola asociación.



Xosé Tarrío

**FUXE
HOME
FUXE**


DIARIO DUN PRESO F.I.E.S.



*Talvez dentro de nós
habita unha fera: Seguro
que naceu do sufrimento
que nos produciu
apartarnos do que máis
queríamos.*

A Isabel Álvarez González...(Isa)
A Gabriel Pombo da Silva...(Musta)
A Eduardo Jean-Baptiste Álvarez...(Chico)
A Alexandra Querós Vaz Pinheiro... (Xandra)

Á Amizade
Á Esperanza
Á Liberdade
A todas aquelas mulleres e homes libres
do mundo en prisión



INTRODUCCIÓN

*Os cans salvaxes queren liberdade;
ladran de pracer cando o espírito
se dispón a abrir todos os cárceres*

F. NIETZSCHE



- A CORUÑA, 27 DE AGOSTO DE 1987 -

Son as catro dunha solleira tarde de verán no barrio coruñés de Katanga. O bo tempo convida a saír á rúa, e respírase un ambiente tranquilo e agradable. Talvez por iso ninguén se decata da presenza policial. Camuflados con roupas de paisano e dirixidos tenazmente polo inspector de policía da Brigada Criminal, Peña, un grupo de policías toman posición arredor do domicilio dun home que viñeron capturar. Especialistas en secuestros a man armada, non darán ningunha oportunidade de fuxida á súa presa. A caza do home está disposta.

Son as cinco cando se advirte movemento no portal a vixiar. Ábrese a porta e dela emerxe con paso acelerado un mozo que se encamiña cara a un dos bares próximos. Non ten nada que temer, polo que camiña confiado e desatento.

Identificado, o dispositivo policial ponse en marcha. Unha parella encamiñase cara á súa posición e, unha vez á súa altura, ela, nun rápido movemento, apúntao coa súa arma, mentres o seu compañeiro o inmoviliza agrilloándolle os brazos ás costas. Foi sinxelo. Outros policías xorden dos seus agochos para apoiar a acción policial. Nos seus ollos brilla a satisfacción do traballo ben feito. Varios coches acoden daquela ao lugar e a presa é introducida dentro dun deles, para posteriormente desaparecer camiño da Xefatura Superior de Policía.

Os veciños asistiron, graves os seus rostros, á actuación dos protectores da lei e a orde. Un gran silencio reina agora sobre o barrio. Non é a primeira vez que asisten a unha captura, e dan grazas a Deus de que esta vez non lle tocara a ningún dos seus fillos. Aquí a maioría dos mozos son delincuentes ou drogadictos; no peor dos casos, as dúas cousas ao mesmo tempo. Por iso ninguén aplaude a acción da lei. Non aquí, polo menos.

Un home acaba de ser borrado do mapa social, e irá, sen dúbida, dar cos seus ósos nalgunha das pútridas e infectas celas da cloaca carceraria. Alí espera por unha débeda contraída anos atrás coa sociedade por un delito de roubo. Para el comeza o camiño da podremia: un camiño de ida ao inferno dos homes civilizados. Condenado a dous anos, catro meses e un día de prisión pola Audiencia Provincial da Coruña, ignoraba aínda o que a inxusta fortuna lle deparaba.

Era o comezo dunha vindicta dos que, coa boca chea das palabras democracia e xustiza, non aceptaban a autonomía do individuo á marxe do rabaño e as súas normas, e predicaban a súa detención e posterior privación de liberdade, non sen antes acalar as súas conciencias coa legalización xudicial de todo o proceso.

Aos seus dezanove anos, Xosé Tarrío González, coñecido polo alcume de Che, ía enfrontar a súa etapa máis dura. Desherdado

do mundo por pertencer a unha familia economicamente humilde, percorreu o inexorable camiño que leva do internado ao reformatorio e deste ao cárcere. El sabe mellor que ninguén que, cando comezou a singradura da vida, non partiu coa mesma bagaxe que o resto de nenos de familias máis acomodadas, nin tivo as mesmas oportunidades que eles. Parte da súa infancia e da súa mocidade transcorreu en diferentes establecementos do Estado, que foi quen o educou. Con demasiada frecuencia foi brutalmente apaleado por aqueles que, a cargo da súa tutela, se outorgaron o dereito a castigar. El sabe que o sistema actual é inxusto e que só beneficia a uns poucos, en detrimento do resto, que foron convertidos en escravos do reloxo. Negouse a participar niso, declarando a súa anarquía abertamente, sen hipocrisías. El é o seu xuíz e a súa lei, e iso non llo van perdoar nunca os “honrados” e os “xustos”.

Hoxe, 15 de setembro de 1994, sete anos despois, ocupa unha cela dentro do módulo de Réxime Especial FIES, no cárcere de máxima seguridade de Picassent, en Valencia. Este réxime, considerado con razón o máis duro de España, foi creado en 1991 pola Administración Penitenciaria para frear a avalancha de motíns, secuestros e evasións que asolaron aquel verán o panorama penitenciario español, e aínda perdura, a pesar de estar derogado polo Real Decreto 787/84 de 26 de marzo. Alí, illado do resto de poboación reclusa de maneira brutal, atópanse unha parte dos presos FIES, considerados pola Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias como os reclusos máis conflictivos ou como especialistas en fugas. A condena de dous anos, catro meses e un día, pola que se produciu a súa detención, viuse incrementada a un total de setenta e un anos firmes de prisión, e está en vías de se triplicar por varios procedementos xudiciais que a xustiza segue contra el por diferentes delitos.

Agora dedica tempo a estudar, a ler e a practicar deporte nos seus momentos de lecer. Como moitos outros antes, foi colocado

ante dous camiños: someterse ou rebelarse. El escolleu a segunda das opcións, e isto tampouco llo van perdoar. Enfróntase, en consecuencia, a unha vinganza que comezou anos atrás e da que só poderá fuxir por medio da fuga, o sometemento ou a morte que, lenta e cruel, xoga e recreáase con el en forma de SIDA. Sábeo. Por iso comezou as primeiras liñas dun manuscrito no cal tratará de recoller no papel o espectro carcerario, e pór boca arriba o fracaso do sistema penitenciario cos seus castigos bárbaros e anticuados, cando menos necesitados dunha urxente revisión, coa conseguinte reforma da lei que o regula. A súa experiencia é o mellor exemplo da aplicación duns métodos sistemáticos que transforman a moitos homes en auténticas feras. Nas presentes páxinas hai un lugar para todos aqueles presos en cuxos corazóns aínda brillan a amizade, a esperanza e a liberdade, a pesar dos métodos salvaxes a que son sometidos no seu encerro e a sufrir na súa maioría a enfermidade da SIDA. A eles dedica especialmente o seu manuscrito, porque eles representan o valor duns homes que, enfrontados día a día coa morte, sós cos seus orgullos, os seus medos, as xélidas celas e a súa terrible soidade, aínda se manteñen leais á súa máis elevada esperanza. A eses valentes que loitan sen descanso por morrer en brazos do único dereito indiscutible e incadeable do home: a Liberdade.

- PICASSENT, 15 DE AGOSTO DE 1994 -



PRIMEIRA PARTE





O CAMIÑO DA PODREMIA

*Ser ou non ser, esa é a cuestión!
Que honra máis o espírito,
sufrir as consecuencias da inxusta fortuna
ou coller as armas contra a adversidade,
combatela e aniquilala?
Morrer é durmir, non máis...*

W. SHAKESPEARE



- PRISIÓN DA CORUÑA, 29 DE AGOSTO DE 1987 -

simple vista esperta certa curiosidade, coa súa forma cadrada e os seus muros de vella pedra, deteriorados pola humidade e o salitre do mar próximo. Con todo, o seu aspecto triste e o silencio sepulcral que a circunda, unidos ao paseo lento dos gardas civís que custodian o seu recinto armados de metralletas, permiten adiviñar os longos anos de sufrimentos que encerran aquelas paredes.

O cárcere da Coruña, situado fronte ao monumento romano da Torre de Hércules, é un edificio de corte antigo en cuxa entrada ondea, acariñada pola brisa do mar, unha bandeira de España. Así se me apareceu unha vez máis, cando o furgón policial xirou na última curva que daba acceso a ela.

—Chegamos, Tarrío —berroume un dos polis.

En efecto, chegamos. Dei unha última calada ao cigarro e, tirándoo ao chan metálico do furgón, esmagueino co zapato. A porta abriuse e, despois dunha revisión cautelosa dos policías aos grillóns que suxeitaban as miñas mans polos pulsos, saín do furgón escoltado ata a entrada da prisión. Recibiunos un malhumorado carcereiro, alcumado o *Sapo* pola súa considerable papada. Tomáronme outra vez as pegadas dactilares de ingreso e fóronme retirados os grillóns. Posteriormente, despois dos trámites ordinarios de papeleo, os axentes da lei marcharon, deixándome definitivamente a cargo de Institucións Penitenciarias. A miña vida, a miña liberdade e os meus sentimentos quedaban a partir de agora supeditados ao capricho dos carcereiros que dirixían e controlaban os homes en prisión. Eles eran alí policía, lei e xuíz, e actuaban con total impunidad. Era o cárcere. Varios carcereiros baixaron por min.

—Home, Tarrío, outra vez por aquí? —díxome un deles.

—Xa o ves —respondín serio, sen ánimo de entrar en conversa.

Fixéronme espir integralmente, cousa que era obrigatoria e habitual para os ingresos a fin de se aseguraren de que non se traía nada ilegal do exterior. Coñecía todo o proceso, por algo era un cliente habitual daquela prisión, que había tan só dous meses que abandonara despois de seis de reclusión. Unha vez concluído o rexistro, fun conducido ao Departamento de Menores, dada a miña idade.

Atopeime con varios amigos que me viñeron saudar.

—Que che pasou, Xosé? —preguntáronme mentres me dirixía cara a período.

—Nada grave. Unha reclamación de dous anos e pico. Enviádeme despois sábanas, algo de roupa, comida e algo de tabaco tamén, vale? Do demais xa teremos tempo de sobra de falar.

Tiña que pasar tres días de período como mínimo nunha cela só. Aquel illamento non tiña ningunha utilidade, pero era común a todos os ingresos. Transcorridos os tres días podería saír ao patio e trasladarme a unha cela cos meus amigos. Mentres, tería que permanecer alí.

Unha vez na cela, o carcereiro que me escolta diríxese a min:

—A cela está bastante suxa, polo que despois lle van subir unha fregona e lixivia para que a limpe.

—Tamén me gustaría usar a ducha...

—Iso é pola tarde. Vai comer?

—Non, hanme enviar esta tarde algo de comida e roupa, espero que mo dean.

—De acordo —respondeu, pechando a porta detrás de si.

Unha sensación de baleiro inundou a cela, e a soidade apoderouse de min. Deiteime boca arriba enriba do porcallento colchón da cama, coas mans baixo a cabeza, pensativo. Era a hora de pagar, mais, ata onde tiña forza moral a sociedade para estipular aquilo como xusto? Dous anos, catro meses e un día da miña vida por un simple roubo sen violencia? Era realmente unha pena xusta ou a sanción desmedida dun xuíz que pretendía darme a coñecer o amargo sabor dun castigo exemplar? Por outra parte, onde estaba o límite do dereito autooutorgado do Estado a castigar?, quen controlaba aquel castigo e ata onde era legal ou humano prolongalo?

Fermosas lembranzas viñeron aplacar as miñas cavilacións; lembranzas que pouco a pouco, co paso do tempo, irían murchando algunhas e afianzándose outras. Sentíame desolado.

Pola tarde trouxéronme coa merenda roupa, comida e tabaco, de parte dos meus amigos. Tamén me deron un cubo cheo de lixivia,

unha fregona e unha vasoira. Baixei ducharme; vestir roupa limpa fixo que me sentise mellor. Logo limpei a cela coa lixivia e, despois de facer a cama con sábanas limpas, dispúxenme a pasear pola cela ata a hora da cea. Era pequena. Medía preto de catro metros de ancha por tres e medio de longa. Como o resto das celas, estaba pintada de branco. As paredes amosaban unha sucidade acumulada durante anos. Sen dúbida había moito tempo que non as pintaban. Nelas podíanse ler frase como: “amor de nai”, “carcereiros fillos de puta”, “nacín para sufrir”, ou nomes con datas. Foran o único confidente posible para moitos homes confinados alí, lonxe de todo calor humano. E habíano seguir sendo.

A xanela fora tapada por fóra cunha chapa metálica para impedir que os presos puidésemos ver o campo ou o mar. A cama era metálica e estaba suxeita ao chan. Unha lámpada, un lavabo e un servizo á altura do chan concluían o conxunto de elementos de que estaba provista a cela. Era tan cutre como todas as celas que coñecera.

Despois de varios minutos paseando chegou a cea. Ceei sentado na cama, xa que carecía de cadeira ou mesa. Logo prendín un cigarro, espinme e metinme na cama. Estaba canso. De alí a pouco adormecín.

Unha vez concluídos os tres días de período, un dos xefes de Servizos veume ver:

—Tarrío, traio malas noticias para vostede —díxome—, o director ordenou que se lle aplique o artigo 10. Temos que levalo a illamento...

—A conto de que, se acabo de chegar? —preguntei alterado.

—Non o sei, Tarrío, pero creo que está relacionado co plante que fixeron vostede e o seu amigo Eduardo a última vez que estiveron aquí. Vostede foise cando estaba en artigo 10...

—Xa.

Así de socato vinme outra vez illado. Era un dos moitos abusos que se cometían a diario dentro daquela prisión. O peor era que

non podía facer nada, así que calei e, recollendo as miñas pertenzas, encamiñeime cara á galería de illamento. Desde as xanelas chamáronme os meus amigos.

—Eh, Xosé!, onde vas?

—A que non o imaxinades ningún —respondínlles con humor.

—Non fastidies! —expresou un dos que se empoleirara na xanela.

—Premio.

Escollín a cela máis ampla e instaleime nela. Gañara uns centímetros de espazo, unha mesa, unha cadeira e unha xanela con reixa, mais sen chapa metálica, que me permitía ver o recinto e a garita da Garda Civil. Confiaba en que me sacasen de alí axiña. Para eles terme illado era sinónimo de tranquilidade, pois tiña un carácter moi violento en ocasións; sempre estaba metido en liortas. Tíñanme tachado de conflitivo. Así que o tomei con tranquilidade. A partir de agora saíría só dúas horas ao día ao patio en solitario.

Ese mes permitíronme comunicar. Os meus tíos viñeron verme; Isa acompañábaos. Trouxéronme a nova da morte do meu primo Lute. Doeume aquela nova pois era un bo amigo meu, co que convivira os últimos anos. Así e todo, a súa morte non me sorprendeu; a súa vida resumíase coa palabra droga, e todos sabíamos que perecería por causa dela. Falei con Isa:

—Ola, princesa, grazas por vires...

—Ola, Che. Sabes que sempre que esteas preso vireite ver. Ata o de agora nunca che falei, non é?

—Que tal che vai? —pregunteille.

—Ben. Desexando que te saquen de aquí. Estráñote...

Encantábame a súa compañía. Orfa da súa querida nai, o seu pai casara outra vez, e entre este e a súa muller acabaron facéndolle a vida imposible, mergullándoa nun mundo de infelicidade, polo que escapou do que debiera ter constituído o seu fogar. Agora vivía coas súas amigas.

Un día, ignoro aínda por que, o meu amigo Viqueira quíxolle pegar despois dunha discusión, ao cal me opuxen. Nunca me fixara antes nela; con todo, o feito de que me enfrontase ao meu amigo para a defender uniunos para o futuro, e naceu entre nós unha amizade con maiúsculas. Agora conversabamos alleos ao duro porvir que nin sequera imaxinabamos.

—Tes que facer a proba da SIDA, Xosé —entreviu o meu tío Suso.

Aínda que nun principio me opuxen á idea, finalmente aceptei. Prometinlles facela.

As dúbidas da miña familia confirmáronse: era portador de anti-corpos da SIDA: seropositivo. O significado cru e real daquela noticia deume de cheo na cara. Era un durísimo golpe ao meu ánimo; moi duro para quen conta con tan só dezanove anos. Así e todo, sabía que lamentarme non me ía servir de nada e que debía tomar serias decisións a respecto da droga e a miña vida. Decidín deixar as drogas e comezar a me coidar fisicamente por medio de exercicios físicos. Quería enfrontar a enfermidade en condicións e apurar o último grolo, saboreando os últimos anos de vida que a resistencia do meu organismo fronte ao virus me brindase. Loitaría. Diso estaba seguro.

- PRISIÓN DE PEREIRO DE AGUIAR, NOVENBRO DE 1987 -

Un mes máis tarde daquela noticia que mudou o curso da miña vida, fun trasladado á prisión de Ourense. Efectuei a viaxe nun furgón pequeno, só. Unha vez no meu novo destino, obrigáronme a espirme. Obedecín e, despois de me vestir, conducíronme ata o módulo de illamento, onde era o único inquilino. Entregáronme un par de sábanas e unha manta, así como un lote de produtos de hixiene composto por dous rolos de papel hixiénico, un cepillo de dentes, xel dentífrico e unha pastilla de xabón. Agradecino; alí polo

menos coidaban moito máis seriamente que na prisión da Coruña o aspecto hixiénico e a limpeza.

A prisión de Ourense, en Pereiro de Aguiar, era nova e moderna. Por iso as celas estaban aínda en boas condicións. Eran amplas e limpas. As xanelas carecían de barrotes e estaban provistas de cristais antibalas de tres capas de grosor. Pretendíase con aquilo dar ao cárcere un aspecto máis humano, para tentar facer crer aos presos que estaban menos encerrados, con máis liberdade. Nada máis lonxe da realidade. As camas eran de pedra e sobre elas descansaba un colchón limpo e duro. O servizo estaba á parte do resto da cela e estaba provisto dunha porta. O lavabo era de aceiro inoxidable e estaba incrustado nun bloque de cemento; en fronte deste lucía un grande espello pegado á parede. Habilitárase tamén unha cadeira e unha mesa, ambas de cemento. Pretendíase talvez domesticar o espírito do recluso a través dunha comodidade relativa? Debía recoñecer que en comparación co tobo que acababa de deixar atrás, aquilo era moito máis cómodo de habitar.

Ao día seguinte sacáronme pasear a un patio de tamaño mediano. Sorprendinme. Nel había catro cachos de xardín, un a cada esquina. As pequenas arboriñas producíronme pensamentos irónicos e certa hilaridade. Era unha fea broma de mal gusto. O sentido da xustiza dos honrados tiña con frecuencia aquelas frivolidades. Esperaban acaso que algunha daquelas plantas me falase ou viceversa?

Era lícito ter un home sometido a un constante silencio, pero iso si, de maneira elegante e civilizada.

Aquela prisión dirixíaa daquela José Ignacio Bermúdez, un psicólogo que ascendera había pouco ao cargo de director. Eu entón non o sabía, mais aquel home anos máis tarde volvería a se cruzar na miña vida. Tería a oportunidade de coñecer todo o seu abano de posibilidades psicolóxicas a través do exercicio do seu cargo como director da prisión de El Dueso, en Santander. Pero esa xa é outra historia.

Os días transcorreron con normalidade, e habitueime á soidade e o silencio. Comecei a me afeccionar á lectura. Fun trasladado á Coruña outra vez para efectuar un xuízo na Audiencia Provincial, xunto co meu amigo Eduardo Jean-Baptiste Álvarez, por un delito de lesións. *Chico* caera preso días atrás acusado de varios roubos a entidades bancarias. Alí me atopei con el.

—Que che pasou? —pregunteille, despois de o abrazar camiño do Xulgado.

—Acúsanme dalgún banco, pero non teñen probas...

—Ben, entón é posible que nuns meses esteas fóra.

—Iso espero, socio, iso espero.

O furgón parou. Baixáronnos agriloados o un ao outro polas mans e, escoltados por un grupo de polis que parecían de bo humor, subíronnos ao segundo piso e alí nos encerraron nunha pequena sala. Antes de entrar nela, puiden ver entre a xente a Isa, que me viñera ver. Sorrinlle. Acompañábaa a súa amiga Sandra, que se había converter anos máis tarde na compañeira do meu amigo. Consegúin que me deixasen estar un intre con ela.

—Ola, princesa, como che vai?

—Ben, e a ti? A ver se te traen á Coruña para poderste ir ver como antes.

—Non sei se me van traer outra vez aquí; con tal de me ver lonxe da Coruña, estes son capaces de calquera cousa...

—Mandeiche un montón de cartas, con varias fotos, recibíchelas?

—Si, gustáronme moito... grazas, pequena.

Os dous sorrimos. Considerabamos aquela relación como algo por riba do vulgar, moi por riba. Ao seu carón calquera cuestión se convertía nunha alegría; era como recuperar a nenez perdida, actuar sen vergoña, ser neno outra vez. Era unha moza chea de vida, de ilusións, de fantasías, cuxa presenza me transformaba, sen ningunha dúbida.

O xuízo efectuouse sen dilacións, con normalidade. A pantomima dun grupo de adultos xogando á xustiza divina deixoume indiferente. Aquilo era dun ridículo considerable. As defensa de oficio unha burla. Soamente o fiscal amosou certa dose de habilidade verbal, ávido dunha dura sentenza contra nós e de subir chanzos na súa noxenta carreira.

Á conclusión do xuízo leváronnos de regreso á prisión. Ao meu amigo tamén lle aplicaran o artigo 10, polo que os dous fomos trasladados ao mesmo departamento. Saudamos os amigos que nos chamaban desde as fiestras das celas, ao atravesarmos o patio que nos conducía ao illamento. Reinaba unha gran camaradaría entre todos nós.

Ao día seguinte leváronme outra vez á prisión de Ourense. Alí retomei a monotonía, esta vez acompañado dun par de presos que foran trasladado alí desde os módulos para cumprir varias sancións de illamento. Esforceime en portarme ben ante as promesas da Dirección de me retirar o artigo 10 a mediados de decembro. Chegábanme cartas de Isabel con frecuencia e pasaba longas horas sentado fronte á mesa, redactando extensas misivas a modo de resposta. Contabámonos todos os nosos secretos, inquietudes e desexos. As súas cartas constantes enchían aquel baleiro existente en todos os módulos de illamento; facíanme moito ben. Sempre adoitaba pedirme consello sobre aqueles temas que lle parecían fundamentais na súa vida. Era sinxelamente encantadora. Tamén me enviaba cartas do meu grande amigo Chico, axudándonos a burlar así a Administración, xa que entre presos a correspondencia tiña que ser entregada en prego aberto, pois era intervida. Deste xeito souben que proximamente ía ser trasladado ao penal de Teruel, tristemente famoso polos acoitelamentos e asasinatos que se levaban a cabo asiduamente entre presos. Desexeiille sorte. Pola súa parte, a Dirección cumpriu a súa palabra e a mediados de

decembro foime retirado o artigo 10, co conseguinte traslado ao cárcere da Coruña.

- PRISIÓN DA CORUÑA, DECEMBRO DE 1987 -

Na Coruña agardábame unha pequena sorpresa por parte da Dirección. A pesar de que fora excluído do artigo 10, aplicóuseme, por medidas cautelares, o réxime de vida mixta. Iso supuña que sairía soamente polas tardes ao patio co resto de reclusos. O tempo restante pasaríao pechado na cela. Unha vez máis a impunidade dos caciques carcerarios facíase evidente, ante a pasividade total do Xulgado de Vixilancia encargado de controlar a aplicación correcta do regulamento. Non me quedou outra opción que o aceptar así; sempre sería mellor que regresar ao artigo 10. Con todo, conseguín que me puxesen nunha cela co meu amigo Miguel Expósito, que estaba en idéntica situación á miña.

Isabel e mais eu retomamos as comunicacións. Viña sen falta a todas, e conversabamos sobre o futuro. Polo seu décimo sétimo aniversario regaleille unha cadea de ouro, cun anel en forma de trevo de catro follas para que lle trouxese sorte. Convertérase na persoa máis importante na miña vida. Por veces tamén viña meu pai verme. Tolerabámonos, mais na nosa relación subxacía o pasado constantemente. Non soubera ser un bo pai para min nin un bo esposo para miña nai, e o segundo non llo podía perdoar. Pero daquela o único importante para min era que o tempo pasase rápido, veloz se for posible. Dous anos e medio de cárcere non eran moito, a pesar de todo. A idea da SIDA non me atormentaba en exceso, malia ser consciente de que a miña vida podía concluír calquera dos anos vindeiros. Non existía ningún medicamento eficaz e non se podía facer nada, polo que o asumía como parte do prezo por existir. Por agora facía plans para cando obtivese a liberdade outra vez; quería

propor a Isa que viñese vivir comigo ao piso que tiña alugado no barrio de Labañou, e onde vivía con meu pai cando este volvía do Gran Sol, onde traballaba de contramestre nun barco de pesca. Pretendía vivir rodeado das persoas que máis quería: os meus amigos.

Unha tarde, mentres paseaba con Miguel, un preso que coñeciamos co alcume de Fito veu falar comigo para me transmitir unha mensaxe: varios reclusos de Ferrol querían falar comigo, para o cal me citaban na súa cela. Desconfíei daquilo, xa que anteriormente tivera enfrontamentos con varios deles e sabía que me tiñan rancor. Agora estaban crecidos polo número, xa que eu contaba tan só co meu amigo Miguel, pero non me preocupaba. Subín acompañado do meu amigo e cun estilete dentro do peto da miña chaqueta, como precaución. Atopeinos reunidos na súa cela.

—Di Fito que me chamades —dixen, preguntándolles.

—Ben —dixo un deles—, aquí o Vaca quere falar contigo.

—Si —interveu o aludido—, é polo que dixeches esta mañá sobre Amadeo.

—Mira, Vaca, Amadeo é amigo meu desde os dez anos, sabes? Por tanto, se tes algún problema con el, soluciónao agora comigo e resolvemos o asunto.

Daquela ergueuse e sacou da cintura un estilete maior que o meu. Retoume:

—Como o queres, a puñadas ou a coitelo?

—A coitelo —respondín friamente, ocultando o medo que sentía.

Baixamos ao comedor e, unha vez alí, metémonos dentro. Ao lado deste había unha pequena sala na cal entramos.

El escolleu un dos seus compinches para que lle fixese de gardacostas mentres pelexaba; eu, ao Miguel. O resto saíu ao patio pasear; encargáranse de vixiar para que non se achegasen por alí os carcereiros. Comezou a liorta. Encarámonos esgrimindo os coitelos

os dous coa destra e tanteámonos lanzando algunhas coiteladas sen moito sentido. Os dous tiñamos medo; gañaría quen o dominase mellor, ou decidiría un golpe de sorte.

Intercambiamos novas coiteladas e esta vez a folla do coitelo do meu adversario penetrou no meu corpo entre o ombro e o peito, producíndome unha picada de dor. Actuei como se non me tivese dado de conta; o contrario ía facer que el se encoraxase. O seu coitelo e o seu brazo eran máis grandes que os meus, cousa que me puña en desvantaxe; mais, así e todo, os seus ollos advertíanme que estaba moito máis asustado que eu, e aproveiteime. Intercambiamos varias coiteladas máis, nas cales toquei lixeiramente o seu estómago coa punta do meu coitelo. Aquilo obrigouno a retroceder asustado e, saíndo da sala, subirse a unha das mesas do comedor. O medo invadírao totalmente. Convideino a baixar e continuar a liorta, pero non quixo. Acordamos entre todos deixalo así, ao cal accedín.

Aquela noite o meu amigo Miguel limpoume a ferida na cela. Non era moi profunda, mais sangraba abondosamente; tiña a camisola chea de sangue. Quixeran probar a miña masculinidade. Pasaba con moita frecuencia en prisión, sobre todo entre os máis novos. Se non eras capaz de te facer valer por ti mesmo, ninguén, absolutamente ninguén, te ía respectar. Era o cárcere. Rexeitar a pelexa tería sido o mesmo que admitir que era un covarde a ollos de todos. Tería constituído un duro golpe no meu orgullo, que non estaba disposto a consentir. Prefería arriscar a miña vida ante unhas frías coiteladas, que sufrir a deshonra de que puidesen considerarme covarde. A mocidade é o peor inimigo do mozo; eu non era a excepción. Carecía de madurez abondo para considerar aquilo unha estupidez. Naquel punto da miña vida, o orgullo e a fachenda eran o principal, unidos ao valor: amosar e manter a masculinidade, o único importante. Todos os mozos daquela prisión soñabamos con ser duros,

e o cárcere brindábanos aquela posibilidade constantemente. Era a escola do crime coruñés. Alí aprenderíamos a ser bos bandidos.

A pesar das precaucións que adoptamos, a Dirección acabou por saber daquela liorta. Erixíronme en responsable. Foi o primeiro paso para a miña inclusión dentro do réxime pechado de primeiro grao. Acosábanme descaradamente, así que non tiven ningún reparo en retomar o meu mal comportamento no mesmo punto onde o deixara.

O Nadal pasou sen pena nin gloria. Celebrámolo con licor de mazás fermentadas da nosa propia colleita. A miña clasificación continuou adiante. Eu sabía que ían aproveitar a ocasión para se desfaceren de min, polo que non me colleu de sorpresa cando unha mañá de febreiro me espertaron varios carcereiros.

—Tarrío, recolla as súas pertenzas que vai de condución.

—Onde?

—A Zamora.

Vestínme, recollín todas as miñas cousas en varias bolsas de deportes e despedínme dos meus amigos. Logo, sen máis preámbulos, encamiñeime cara á estacada da entrada, escoltado por varios carcereiros, onde agardaban por min algúns gardas civís. Outros presos estaban alí agriloados os uns aos outros, en parellas. Eu era o último en chegar. Tomáronme as pegadas pertinentes, do mesmo xeito que ao resto dos reclusos, e introducíronnos de dous en dous, dentro do furgón celular de cor verde que nos agardaba na entrada da prisión. Unha vez introducida a equipaxe no portamaletas do furgón, encamiñámonos cara ao cárcere de León, onde faríamos noite para reemprender o camiño o día seguinte.

As condicións de traslado eran unha afrenta aos homes que nos apiñabamos alí. Así o interpretei. Quen deseñara as gaiolas daquel transporte debía de ter a alma infectada de odio. Con gaiolas metá-

licas dun metro de ancho por medio de longo, provistas cada unha de dúas cadeiras soldadas no chan, facíanse traslados de presos a centos de quilómetros. Obrigábonnos a permanecer toda a viaxe sentados e encollidos, soportando o frío e os diferentes olores que se mesturaban co fume dos cigarros. A hixiene brillaba pola súa ausencia, e os vómitos constantes viciaban aínda máis o cargado ambiente da miseria humana. Aquilo parecíame que era desmedido, cruel; rebelábame. Que ningún honrado cidadán se estrañe nunca de que persoas conducidas nestas circunstancias de ignominia mañá respondan con violencia!

En León, despois de seis horas de viaxe, introducíronnos dentro das celas de ingresos en grupos de catro. A pesar de que á saída da prisión da Coruña nos proporcionaran un bocadillo, estábamos famentos. Trouxéronnos lentellas quentes, e os meus compañeiros e mais eu tomamos varios pratos con bo apetito. Había que recuperar enerxías.

Ás oito da mañá seguinte continuamos o traxecto. Eu baixaría en Zamora; os meus compañeiros seguirían ata a prisión de Carabanchel, en Madrid, segundo a ruta habitual.

- PRISIÓN DE ZAMORA, FEBREIRO DE 1988 -

Estaba emprazada na estrada de Almaraz, a tres quilómetros da cidade. Sería o meu lugar de cumprimento dentro do réxime pechado de primeiro grao.

—José Tarrío González! —berrou un dos gardas.

—Son eu —respondín, golpeando a porta da gaiola.

Abriron a porta e, despois de me colocar uns grillóns, conducíronme fóra. Agradecín volver respirar aire puro e desentumecín un pouco as pernas con varios estiramientos. Vixiado constantemente por un grupo de gardas civís, algúns deles armados con fusís Cetme, recollín as miñas pertenzas do portaequipaxes e encamiñei-

me con elas cara ao interior da prisión. Era un edificio de cemento armado e pedra, pintado dunha cor crema suave, de corte antigo. Considerada de alta seguridade, encerraba nela, nos módulos un e dous, os menores de vinte e un anos máis conflitivos de España. O resto da poboación reclusa estaba conformada por presos de segundo grao, habilitados en módulos diferentes. Os módulos un e dous, anteriormente habilitados polos presos da organización GRAPO, agora dispersados, foran librados para meter neles os menores do había pouco pechado cárcere de Teruel, coa pretensión de frear os enfrontamentos dos reclusos por medio da máis feroz represión.

Crucei o longo recinto e observei a situación estratéxica das gari-tas da Garda Civil no seu interior. Subín unhas escaleiras coas bolsas aínda na man, ata a oficina de ingresos. Abríronse varias portas electrónicas e traspaseinas. Un garda civil retiroume os grillóns e varios carcereiros conducíronme ata o módulo un. Tiven que espi-rme e realizar varias flexións encrequenado para que se convencesen de que non levaba nada oculto entre as nádegas. Resultoume do-loroso polo humillante, mais obedecín. Despois deste atentado ao meu orgullo, asignáronme unha cela en illamento, chamada “tubo” pola súa forma cilíndrica. Esta constaba dun espazo mínimo para me desprazar. Non podía pasear por ela. Vin unha estufa de metal, pero polo tremendo frío que sentía souben que non funcionaba, ou que, por aforraren unhas pesetas, nunca a acendían. Non ía tardar en comprobar que era debido á segunda das miñas teses. Unha cama de ferro estaba suxeita ao chan por medio de soldaduras. Tamén existía unha cadeira coa súa mesa, do mesmo metal e igualmente soldada ao chan. Un lavabo, un servizo, un pequeno espello e un par de xanelas concluían todo o mobiliario existente alí. Non era moito. Nin sequera lembraran pór un armario para a roupa.

Púxenme inmediatamente en contacto co Chico. Sabía por me-diación de mensaxes recibidas a través de Isa que estaba alí. A súa

presenza tranquilizábame; non eran moi agradables as noticias que escoitara comentar sobre aqueles bandidos adolescentes que a partir de agora se ían converter nos meus compañeiros de presidio. Estaba algo asustado, mais disposto a me facer valer como o que máis, a gañar o respecto de todos.

Mantiven o contacto co meu amigo, por medio de notas que enviaba polo encargado da limpeza ou a través das xanelas, por mediación de fíos que xogabamos dunha a outra e así ata o seu destino. Niso colaborabamos todos, pois sempre nos poderían enviar mensaxes a nós, coa certeza de que todos colaborarían tamén. O Chico notificoume que posiblemente podería ficar en liberdade nos próximos días, segundo o seu avogado. Prometeu avisarme.

Comecei a saír a un pequeno patio, situado detrás do módulo e fronte ao Departamento de Mulleres. Existían serias rivalidades entre varios grupos de presos de comunidades distintas. A convivencia entre galegos, andaluces, cataláns, valencianos, etcétera, era moi tensa, derivada de vellas rivalidades ocorridas en Teruel. A Administración dera ordes expresas de que á mínima evidencia de insubordinación se nos reprimise sen contemplacións de ningún tipo. Era o clima que atopei os primeiros días, á miña chegada a Zamora. A Administración pretendía evitar que o ocorrido en Teruel se agravase en Zamora, mais cometía, coa súa torpeza habitual, un grave error. Moitos eran os corazóns infectados polo pus do odio máis ferreño, a causa dos sucesos acontecidos naquel penal. Producíranse mortes, violacións, acoitelamentos e abusos de todo tipo, como para que ninguén esquecese. Nos anos 85, 86 e 87, concretamente, os presos viviron agrupados polo paisanismo. Madrileños, cataláns, galegos... todos defendían o seu terreo, agrupados por algo así como clans. Este feito dividía os presos e producíronse os primeiros enfrontamentos por obter o control do patio. As unións que nun comezo se encamiñaban á defensa do grupo, fronte

a outros grupos, transformáronse en forza, e esta, en abuso. A metade da poboación reclusa protexíase da outra metade, e tiveron que ser apartados uns dos outros. Chegou a respectarse só e unicamente a lei do coitelo. Os novatos víanse obrigados a demostrar a súas masculinidade e os que fracasaban eran roubados, acoitelados e marxinados. Outros tiveron que realizar prácticas de onanismo bucal a outros presos para salvar as súas vidas, ou foron desflorados repetidamente polos seus compañeiros. Os que tiveron peor sorte morreron acoitelados. Agora volvíase cometer o mesmo erro que en Teruel: reunírnos a todos outra vez nunha mesma prisión. Aquilo ía abrir vellas feridas. No canto de nos enviar a cada un a cumprir na nosa terra, evitando así empeorar o odio e o desarraigamento familiar dos presos, co conseguinte embrutecemento, reuníannos outra vez naquel cárcere. Cantos homes terán morto a causa da torpeza da Administración!

Así as cousas, o feito inevitable de ser galego granxearíame varios inimigos que, danados seríamos por outros presos galegos, verían en min unha vítima propicia para saciar a súa vinganza. Todo iso, mesturado cunha serie de circunstancias persoais, íame conducir máis adiante a matar un home accidentalmente. Pagaría un alto prezo pola miña inexperiencia.

Coñecino unha mañá que estaba paseando só polo patio pequeno de illamento. Asomouse por unha xanela que daba ás duchas do patio xeral e chamoume:

—Oes, ti es o Che da Coruña?

O seu rostro era serio e a súa tez morena. Levaba o pelo cortado a cepillo, e na súa fronte espida adiviñábase un pequeno trevo de catro follas tatuado.

—Son, si —respondínlle, achegándome á xanela.

—Eu son o Musta de Vigo —presentouse estendéndome a man.

Apertámolas con forza. Despois continuou:

—Anda con coidado por aquí, que todo o mundo vai armado de coitelo e de malas intencións. Levas coitelo?

—Non teño problemas con ninguén.

—Iso aquí tanto dá. Es galego e iso é máis que suficiente para que leves un susto calquera día. E aquí os sustos normalmente non se contan, entendes?

Entendíao perfectamente. Continuamos a falar durante uns minutos e despois despedímonos. As súas palabras deixáronme pensativo e decidín facerme cun coitelo polo que puidese pasar. Sen o saber, acaba de coñecer o home que se ía converter no meu amigo da alma. Ás veces, nos peores momentos, atopa un o mellor.

Varios días despois, o Chico logrou saír en liberdade. A min trasladáronme de cela e comezaron a sacarme ao patio xeral co resto de presos, en grupos reducidos. Era un patio grande, provisto dunha cancha de frontón, uns servizos e unha cafetaría. As xanelas da parte superior do módulo, que constaba de tres pisos, daban ao patio. Encomendei a un dos presos que ocupaba unha daquelas celas a custodia dun coitelo que fabricara. Sempre que baixaba ao patio, atopábase na xanela disposto a botarmo se xurdían problemas.

Deste xeito conseguíamos burlar os controis detectores de metais, aos cales nos sometían ao saír ao patio, ou usabamos outros trucos; o caso era estar armado. Posuír unha arma era moi importante: evidenciaba a ollos dos demais que un estaba disposto a pelexar. Viviamos unha auténtica guerra fría.

Continuei a relación co meu paisano Musta por medio de notas. De cando en vez coincidíamos no patio e falabamos sobre cuestións persoais, de ideoloxía política ou de futuro. Nunha ocasión contoume a súa vida. Chamábase Gabriel Pombo da Silva e, aínda que se sentía galego, nacera na Alemaña, onde estaban emigrados seus pais desde había anos. Coma min, era fillo de emigrantes. Tamén

a el o trasladaran ao RETO (Reformatorio Especial de Tratamento e Orientación) de Madrid, pero anos antes da miña estadía alí. Rimos das coincidencias. Detivéranos aos dezaseis anos por varios roubos a bancos. Era un atracador. Agora cumpría unha condena de cinco anos de cárcere e levaba en prisión catro. Gustábame. Singulares lazos de afecto, forxados na zafra dun pacto de fidelidade mutua, comezaron a nos atar a ambos a un sentimento común: a Amizade. Estrañeino moito cando o levaron á Central de Observación de Madrid para a súa reclasificación de grao.

No mes de agosto xurdíronme os primeiros problemas. Algúns presos, a quen non puiden descubrir, enviaron outro para probar-me. Este, necesitado de amosar o seu valor aos demais, enfrontouse comigo no patio. O ambiente cheiraba a pelexa, como sempre que ía ocorrer algo. Non tardei en decatarme de que se trataba. Un preso encamiñouse cara a min.

—Oes —interpeloume vivamente—, tes un cigarro?

Ofrecínlle un paquete de Ducados e mirei cara ás xanelas do módulo. Estaban cheas de presos, entre eles un dos meus amigos preparado para tirarme o coitelo ao patio se llo pedía ou o necesitaba. Non llo pedín.

—Dáme lume —pedíume aquel preso, volvéndome o tabaco.

Ofrecínlle o meu chisqueiro, o cal gardou no peto despois de acender o cigarro. Estaba a provocarme abertamente, polo que o meu puño dereito voou cara á súa cara. Montouse unha liorta en que nos envolvemos nun intercambio de golpes, para posteriormente rodar ambos polo chan. Custoume moito desfacerme del, pero cando o conseguín, erguinme rápido e puxen punto final á liorta cunha patada que lle asestei na cabeza. Ao mesmo tempo un grupo de carcereiros saíu armado de porras para nos separar. Levaron primeiro o meu adversario, ao que golpearon repetidamente coas porras. Despois subiron o resto dos presos ás súas celas,

deixándome a min o último. Baixaron por min. Fixérono en manda e as porras que portaban nas mans non parecían bo augurio para a miña integridade física, pola que comecei a temer. Un deles referiuse a min:

—A ver, vostede, veña para acó e saque as mans dos petos. Quero velas lonxe do corpo, veña!

Saquei as mans dos petos do pantalón do chándal e separeinas do corpo. Despois encamiñeime á sala onde estaban. Rodeáronme.

—Íspase —indicoume un deles.

Comecei a me espir polas zapatillas e o pantalón de chándal e, cando procedía a quitar a camisola, comezaron a choverme golpes por todas partes. Caín ao chan atordado, onde varias patadas impactaron o meu corpo. Cando cansaron e lles pareceu abondo, deixáronme.

—Recolle a roupa e vamos —ordenáronme.

Erguinme como puiden, recobrando a verticalidade. Recollín as miñas cousas e encamiñeime diante deles cara ao illamento. A cabeza zumbábame cun prolongado pitido que me impedía pensar. Sen dúbida, a Administración xustificaría aquela aplicación de medios coercitivos como imprescindible para manter a orde. O Regulamento Penitenciario así o contemplaba. A sociedade podía sentirse orgullosa da rigorosa aplicación das leis que a rexían e do espectáculo que ofrecen dez homes mallando noutro, espido e indefenso. Debía sentirse orgullosa, pois todo aquilo se executaba no seu nome.

Metéronme dentro dunha das celas do tubo e, despois de pechar a cancela de barrotes que protexe a porta e a porta detrás desta, fóronse. Xa só, olleime no espello. Os beizos estaban inflamados e o roce da sola dun zapato deixara a súa marca nunha das miñas fazulas avermelladas. O meu lombo e as pernas estaban cheas de golpes que, ao día seguinte, a insuficiencia de plaquetas no meu organismo

convertería en tremendos hematomas. Sentíame humillado e impotente. A nudez do meu corpo producíame unha sensación de indefensión, polo que me vestín. Xureime a min mesmo non esquecer nunca aquilo. Polo momento non podía facer outra cousa.

Un mes despois daquel suceso chegou a Zamora o meu amigo Musta. Puxémonos en contacto inmediatamente por medio de notas e contámonos o que nos ocorrera nos últimos días. Denegáranlle a progresión de grao e enviáranos de volta. Polo demais, a rutina carceraria continuaba a devorarnos a diario. Non existía ningún tipo de actividades nin outros entretementos que xogar ao frontón. Era un réxime embrutecedor, como o fora Teruel. Hoxe convertíase nunha fotocopia de mañá, e mañá de pasado mañá e así sempre. Botábanos dúas horas ao día ao patio para que tomásenos un pouco o aire, e despois mantíñannos o resto do día illados dentro dunha cela. Exercíase con nós a represión pura e dura.

Unha tarde, varios presos, entre eles o meu amigo, comezaron a bater nas portas das súas celas en protesta por algo que ocorrera. Eu ignoraba o que estaba a suceder, xa que estaba aínda illado no tubo. Así e todo, un preso chamoume a través da xanela:

—Ese Che. Ese Che...

—Dime —respondílle asomándome.

—Estanlle pegando ao Musta.

Non necesitei saber mais para adiviñar o que estaba a ocorrer. Comecei a escachar os cristais das xanelas e incitei a berros aos demais presos para que me secundasen. Mais ninguén, excepto un par de homes, se sumou á protesta. O medo tíñaos aterrorizados, ao igual que a min. A idea dun grupo de carcereiros entrando na cela para mallar en ti impunemente non agradaba a ninguén. Aquel medo implantado era, xunto coa porra, a ferramenta de traballo daqueles matóns. Descoñecían outra maneira de actuar. Unha vez

borrachos de abuso, deixaron o meu amigo e subiron á cela que ocupaba eu. Abriron a porta.

—Que é o que che pasa a ti, maricón? —berrou un deles.

—Abre a cancela —ordenou o xefe de Servizos a outro carcereiro.

Máis por medo que por valor, opúxenme a que entrasen na cela, para o cal esgrimín un cristal en cada man cos que os ameacei.

—Se algún pasa desa porta acabo con el.

O certo era que non me tería atrevido. Estaba asustado de máis.

—Tarrío —faloume o xefe do grupo—, deixe vostede os cristais e non empeore as cousas, que vai ser peor.

—Aquí non entra ninguén —afirmeille rotundamente.

Fóronse. Cando volveron fixérono acompañados de material antidisturbios: cascos, porras, escudos, sprays e grillóns.

—Tarrío, vas saír polas boas? —berrou alguén a través da porta.

—Non.

Comezaron a botarme gas por debaixo da porta co spray. Tentei contrarrestalo tapándome cunha manta no servizo, pero non o conseguín. O gas queimábame os pulmóns e a cara. Os ollos ardíanme e derramaban copiosas bágoas. Falto de experiencia naquelas lides, ignoraba que a forma eficaz de contrarrestar aquel ataque lacrimógeno era deitarse boca abaixo no chan tapando a boca cunha toalla mollada. Fíxoseme insoportable e despois de cinco minutos rendínme:

—Está ben, está ben... réndome!

—Íspete e bota os cristais por debaixo da porta. Despois sal coas mans enriba da cabeza. Entendido?

—Si, pero abride a porta, que me asfixio...

Tirei os cristais por debaixo da porta e comecei a espirme. A través do mirador escrutábame un ollo. Unha vez espido, a porta abriuse. Un número amplo de carcereiros esperaban por min no corredor. Abriron a cancela da cela e apartáronse da porta.

—Veña, sal...

Saín tal e como me indicaron. Nada máis atravesar a porta, un carcereiro oculto detrás desta asestoume un gomazo na cabeza polas costas. Aquel foi o sinal e o resto dos seus compañeiros sumáronse á festa. Bateron en min durante un minuto aproximadamente. Acto seguido, introducíronme dentro dunha cela baleira e agrilloáronme á pata da cama, cos brazos ás costas e deitado a nivel do chan. Era unha posición incómoda. Despois marcharon. A pesar de que estaba aínda atordado polos golpes, puideron oír como os presos que tiveran o valor de me secundar recibían a visita dos carcereiros. Berros, medo... un silencio doloroso a anegar as galerías que berraba o seu asco e a súa impotencia.

Chegou a noite e o frío de primeiros de outubro acompañábaa. Os brazos comezaron a adormecer, inmóbiles e faltos de circulación pola presión dos grillóns nos pulsos. Seguíronlle os pés cunha dor dobremente insoportable. O frío castigaba o meu corpo espido producíndome agudas picadas de dor nas extremidades. A imposibilidade de cambiar de posición facíame comprender con tanta pericia fixeran os carcereiros o seu traballo. Non me puideron conter e rompín a chorar. Foi a noite máis longa da miña vida. Nunca ningunha noite das que me esperaban en prisión causou en min tanto quebranto físico. Foi verdadeiramente atroz. Algo inesquecible que chamaba a berros o xurdir do tirano do odio no meu corazón. Xa non me cabía ningunha dúbida despois daquilo: era a vinganza dunha sociedade que, pusilánime, usaba intermediarios para a súa conclusión efectiva.

Á mañá seguinte, encollido sobre min mesmo no chan e facendo un estoico esforzo final para non me humillar ante os meus verdugos berrando por favor o cesamento daquel castigo, fun recoñecido polo médico.

—Hai que lle quitar os grillóns. Dádelle roupa e un almorzo quente... —ordenou.

Notábase que estaba afeito a aqueles sucesos, e que coñecía perfectamente o proceso de recuperación que debía diagnosticar. Odiei

aquel bastardo con toda a miña alma. Odiei a sociedade. Odiei o home no seu conxunto. Odiei porque aprendera a odiar.

Cando me soltaron, tardei un cacho un recuperar a mobilidade dos meus membros. Tíñaos anquilosados. Deixáronme vestir na miña cela e trouxéronme leite e pan con manteiga para almorzar. Almorcei devagar para gañar tempo. Cando rematei, agrilloáronme outra vez, mais agora coas mans diante e a un barrote da cancela, o que permitía permanecer sentado no chan sen dor. Fóronse.

Recibín unha agradable visita. O encargado da limpeza deu un par de golpes na porta e botou por debaixo uns cigarros e unha nota do meu amigo Musta.

—Bótame un xa prendido —pedinlle.

Acendeu un cigarro e botoumo. Despois simulou fregar o corredor e marchou. Agradecinlle o xesto. Fumei os pitos, un detrás do outro, mentres lía a nota. Enviábame saúdos e ánimos. Aquel incidente íanos unir definitivamente. Varios días despois a el íano levar de condución á prisión de Daroca; eu regresaría á Coruña, para asistir á celebración dun xuízo contra min.

- PRISIÓN DA CORUÑA, NOVIEMBRE DE 1988-

Mentres o furgón me conducía á Coruña, acompañábame a ilusión de ver outra vez a Isa, a quen non vía desde había tempo. Estrañábame non ter recibido ultimamente noticias dela, e iso tíñame preocupado. Pensaba naquilo, mentres observaba, a través da pequena e enreixada xanela da gaiola que ocupaba, o fermoso paisaxe da miña Galiza natal. O enorme contraste da aridez da chaira castelá co verde daquelas montañas era extraordinario.

Na prisión metéronme en illamento. Atopei alí ao Lolín e ao Chafi, os dous amigos meus. Estaban en artigo 10. Condenáranos había pouco a varios anos de cárcere por un delito de detención

ilegal, con roubo a man armada nun domicilio. Falabamos diso a través das xanelas, cando para a miña sorpresa abriron a porta e leváronme a comunicar. Nunha das cabinas de comunicacións estaba meu pai.

—Ola vello, que tal vas?

—Ben Xosé. Souben que te traían hoxe de condución e chamei para que me deixasen virte ver. Fóra están Viqueira e Chico.

—E por que non entraron?

—Escoita, fillo, teño que darche unha mala noticia e pensamos que era mellor que cha dese a soas —explicoume mirando para o chan; despois ergueu a cabeza e, encarándome, soltoumo—. Isabel morreu...

Fiquei inanimado incapaz de asimilar aquela noticia. Coa mirada fixa no chan, preguntei consternado.

—Como?

—Nun accidente de moto. Un coche arrolouna ao saír dun semáforo en vermello... estaba embarazada. Xosé!, non vaías facer ningunha parvada, eh?

Eu xa non o escoitaba. Xireime e funme de alí sen mediar palabra. Precisaba estar só para pensar naquilo, incapaz de sentir as olladas dos demais chantadas en min. Como expresar tanta dor?, como ía entender ninguén tanto amor? Refuxieime en min mesmo, só na cela. Alí chorei amargamente a morte da miña amiga, rendéndolle pleitesía nun adeus á súa presenza física. Afundido na miña dor, deixei vagar os meus pensamentos confusos, nun intento van de facela volver do mundo dos mortos.

*Espertei amor esta mañá, e non estabas;
busqueite desesperado e perdido, e non te atopei.
Entón chamei por ti, pero non contestaches,
e chorei a túa ausencia, roto.*

*Quen, coma min, lanza os seus berros desgarrados
que baten contra o cemento en amenceres fríos?
Escoitei entón un berro
que me falaba da humidade da lousa feita grillón.
Sei, compañeira, dese odio asasino,
desa rabia homicida que se sente ao saber
que nos fixeron vivir un onte-mañá,
despoxándonos do presente.
Agora, camiñando cara a ningunha parte que non sexa a morte,
estudante da gloria vermella en universidades de sangue,
espero polo meu momento para me reunir contigo no asalto final,
unidos pola traxicomedia da vida e da nada...
definitivamente.*

Esa noite non durmín. Unha sensación enorme de baleiro inundaba a miña cela; un baleiro maior que nunca. Tiña que saír de alí dalgunha maneira. Tiña que escapar, necesitábao.

Á mañá seguinte os carcereiros de garda tiveron o bo gusto de deixarme aberto o corredor da galería de illamento, para que fixese a limpeza de cela e parolase un pouco cos meus amigos. Fixémolo a través dunha cancela enreixada.

Recibín o ánimo de todos e as súas condolencias; coñecía a importancia daquela rapaciña na miña vida. Despois fun falar co Lolín e co Chafi. Explíqueilles os meus desexos de escapar e pedinlles que viñesen comigo, pero negáronse a participar. Con todo, Lolín proporcionoume unhas serras novas, cousa que lle agradecín. Non falei con ninguén máis daquilo e comecei os preparativos. Se non querían vir comigo, liscaría eu só.

A fiestra da cela que ocupaba daba ao recinto, pola súa zona frontal, á entrada da prisión. A varios metros estaba o corpo de garda da Garda Civil, desde onde saían os relevos para os que vixiaban nas ga-

ritas. Pero aquilo non ía ser problema ningún. O auténtico problema íano constituír as dúas garitas que vixiaban aquela zona do recinto, emprazadas nas esquinas, unha a cada lado. Habería que arriscar e contar co factor sorte.

Leváronme ao xuízo con outros presos. Era por unha utilización ilexítima dun vehículo de motor, polo que se realizou sen problemas. Impuxéronme unha multa, mais traíame sen coidado. Así llo fixen saber ao xuíz. As súas leis non eran as miñas.

O 26 de novembro rematei de serrar o barrote da xanela. Confeccionara tamén unha corda, trenzando varias tiras de sábanas. En fronte da cela, un farol sobresaía do muro; a miña idea era pasar a corda por riba do farol e, collendo o outro extremo, escalar o muro. Fóra agardarían por min o Chico e mais o Viqueira dentro dun coche. En canto aos gardas civís, un cacho de espello habíaame servir para vixialos sen ser visto.

Esa noite, ás catro e media pasei da teoría á acción. Vestínme cun chándal de cor escura e prepareime para abandonar a cela, enroscándome a corda arredor da cintura. Despois subín á xanela e arrinquei o barrote. Ollei a ambos lados do recinto co espello; estaba só; saín a través do oco da xanela e saltei ao recinto cun áxil chimpó, sen ruído. Traspasei posteriormente o recinto e situeime debaixo do farol, pegado ao muro. Non me advertiran; o meu corazón palpitaba acelerado. Desenrolei a corda da cintura e dispúxenme a tirala, cando un dos gardas civís me viu.

—Nin se che ocorra moverte, chaval —berroume, tirando do carro a súa arma. Avisou os seus compañeiros a través dun transmisor, e estes saíron en tropel do corpo de garda dirixíndose cara á miña posición.

—Tírate ao chan —ordenoume o garda da garita.

Tireime. Non se discute con alguén que te apunta ao peito cun subfusil Z. Varios gardas máis arrodeáronme e, agrilloándome, con-

ducíronme ao corpo de garda. Alí interrogáronme. Non tiña nada que dicir que non fose maldicir a miña mala sorte: xogara e perdera, iso era todo.

Coa chegada da alba devolvéronme á prisión. No *rastrillo* agardaba por min un grupo de carcereiros, capitaneados por un xefe de servizos. Retiráronme os grillóns, para me trasladar posteriormente a unha sala contigua onde me fixeron espir.

—Vaste enterar —advertíume o xefe de servizos—. *Que?*, íasnos quitar as lentellas? —engadiu, golpeándome coa súa porra.

Os demais non interviñeron. Recibín varios golpes máis, pero non fixen nada por defenderme; o contrario provocaría os golpes do resto de carcereiros. Acto seguido conducíronme ata illamento. Onde me meteron dentro dunha cela e me agrilloaron á cama as dúas mans. Deixáronme así ata o día seguinte en que me viñeron buscar para subirme á segunda galería. Alí estaba Corrección: a galería de illamento destinada aos maiores. Introducíronme nun tobo sen xanelas, escuro, húmido e fedorento. Despois de me retirar os grillóns deixáronme só. A través dunha reixa situada na porta introducíase un pouco de luz, procedente dos tubos fluorescentes do corredor. Alén dun colchón suxo, un cubo con restos de comida, o lavabo e o servizo, a cela non tiña máis nada. Aqueles tobos eran herdanza do franquismo e eran moi temidos pola po-boación reclusa. Púxenme a pasear. Outra vez pretendían o pleno sometemento da miña vontade, sen termos medios, por medio da dor e a psicoloxía. Ou pretendían tan só vingarse da miña acción libertaria? Suprimían o contacto humano e os entretementos co fin de me inducir a pensar. A soidade debería facer o resto. Situábaseme nunha posición incómoda en que, privado de todo o demais, castrado socialmente de calquera tipo de consideración ou dereito, tería que me enfrontar aos meus pensamentos, ás miñas perdas, á miña dor.

O illamento equivalía á morte do home para co resto de persoas, libres ou presas. Alí, o illado terá que crearse o seu propio mundo para sobrevivir á soidade. A imaxinación e as frías paredes serán a súa única compañía. Así castigaba a Administración, útil verdugo da sociedade que consentía co seu silencio. Así se fabricaban os futuros criminais do mañá. Eu daquela comezaba a decatarme. Se as sesións de illamento non conseguían socavar a vontade do home rebelde, se esta non se sometía, daquela o castigo podía perpetuarse indefinidamente. Moitos homes foran empurrados cara ao suicidio daquela maneira; na morte acharon a única saída daquel tormento carcerario. En canto a min, non lles ía dar ese pracer.

- PRISIÓN DE ZAMORA, DECEMBRO DE 1988 -

Dúas semanas despois fun trasladado outra vez á prisión de Zamora. Atopeime ao chegar alí co Chafi e mais co Lolín. Tamén coñecín a Anxo, un mozo vigués que cumpría condena por roubar un banco e co que faría unha grande amizade. Os días repetíanse con monotonía e chegou o Nadal e un ano novo retou as nosas vidas. Ningunha alegría, ningunha risa sincera, nada. No cárcere non hai lugar para o amor ou para a paz.

En xaneiro fun sacado do tubo e trasladado ao módulo un. A Anxo trasladárono ao módulo dous. Mantiñamos unha correspondencia habitual a través de notas que envolviamos en pilas, suxeitas a estas con fío ou plástico queimado e que tirabamos dun patio a outro por enriba dos muros.

Sen actividades, obradoiros ou ximnasio, dedicabámonos a pasear e xogar ao frontón con pelotas que tiñamos que fabricar nós mesmos con la e miga de pan. Xogabamos os cafés ao gañador, en partidas individuais ou por parellas. Así todos os días. O peor era a monotonía constante. Pero estaba a punto de se romper.

O módulo fraccionárase en dúas faccións. Un xitano de Alicante ao que chamaban Mariano Torres, chulo talegueiro de turno, trouxera novas discordias ao módulo. Eu anteriormente xa tivera varios problemas con el. Tíñalle moita animadversión: apuñalara un amigo meu anos atrás polas costas, axudado por outros presos. Esta vez, animado por un grupo de presos que o apoiaba, tivo unha discusión co Lolín no patio e retouno a morte para o día seguinte. O meu amigo envioume unha mensaxe pedíndome un coitelo e explicándome o que sucedera. Quería enfrontarse a el. Non tiña ningunha posibilidade, polo que llo neguei. Avisei os demais para que tampouco llo prestasen: sen coitelo non podería pelexar.

Por decisión persoal, decidín que tería que botar aquel suxeito de alí para evitar calquera posible problema no futuro. Íalle dar un escarmento de paso, por vinganza. Nin eu nin os meus amigos esquecerámos as coiteladas ao noso amigo en Teruel. Fíxenme cun estilete. Envieino ao patio por medio da cafetaría e dei instrucións para que o escondesen nos servizos. Non lle comentei a ninguén as miñas intencións por seguridade.

A tarde do 12 de febreiro de 1989 tocoume saír na mesma quenda que o meu adversario. Pasei o control do detector de metais sen problemas e baixeí ao patio. Mariano paseaba acompañado doutro xitano, dun lado a outro, confiado. Encamiñeime cara aos servizos e recollín do agocho o estilete, que introducín aberto dentro do peto da cazadora. Despois encamiñeime á cafetaría e pedín tres cafés a través da xanela. Despois chameino:

—Que queres?

—Pillar uns cafés. Convídovos, e a ver se podemos falar un cacho sobre o de Lolín.

—Vale.

Púxenme a camiñar dun lado ao outro do patio mentres remexían o azucre dos seus cafés. Tíñao claro. Ao menor descoido do carce-

reiro da garita, íalle asestar unha navallada nas tripas, onde doe de verdade. Aquilo convencería os carcereiros de que alí tiña problemas e levaríano para outro módulo.

Uníronse a min no paseo. Puxémonos os tres a pasear cun café quente na man e un cigarro na outra.

—Mariano —díxenlle—, isto non pode seguir así, hai que esquecer o pasado —mentinlle.

—Mentres non vos metades no meu terreo non pasa nada, Che. Non tes por que sacar a cara por ninguén que non se sabe defender por si mesmo. Estamos no cárcere e isto funciona así, entendes?

—Mira —respondinlle colocándome á súa dereita—ti sabes ben que se vas contra os meus amigos, obrígasme a intervir no tema. Obviamente estou moralmente obrigado a evitar que lles ocorra calquera posible dano.

—Ese é o teu problema, non o meu...

Mentres respondía observei que o carcereiro se puxera a ler un xornal. Na media volta que demos para nos dirixir cara ao outro lado, metín a man dentro do peto dereito e asín o mango do estilete. Mireino aos ollos aparentando escoitar atentamente o que dicía, aínda que xa só escoitaba o meu corazón a palpar con violencia no meu peito. Á altura da porta da perruquería asesteille unha navallada na parte alta do estómago e empurreino cara ao interior, onde caeu encollido e agarrando o estómago coas mans. Vireime cara ao seu compinche.

—E ti que? —ameaceino.

—Nada, Che... por favor, tranquilo.

A fidelidade ao seu amigo durara o mesmo que lle tardara en chegar o medo, nada. Continuamos a pasear. Advertino:

—Disto nin unha palabra. Se lles dis algo aos carcereiros es home morto, entendido?

—Si, si... tranquilo.

Outros presos sumáronse a nós. Acordei con eles que ninguén diría nada do acontecido, nin a presos nin a carcereiros. Fixemos un pacto de silencio. Envolvín o estilete dentro do plástico e tireino ao patio do módulo dous, onde o farían desaparecer. Todo saíra ben, excepto unha cousa: a coitelada quedara alta. A folla do estilete no canto de entrar recta cara ás tripas, inclinárase cara arriba, partindo a aorta abdominal: matárao.

Ao rematar o horario de patio subíronnos ás celas. Notaron que faltaba un preso e baixaron por el. Atopárono morto, como sospeitei. O destino irónico quixera que o coitelo que acabou coa súa vida fose do home ao cal anos atrás acoitelara de forma covarde polas costas; morría vítima da súa propia lei. Aceptara a posibilidade de morrer deste xeito no mesmo instante en que se erixiu na súa propia lei e matou outro home. Todos aqueles que empuñan unha arma, fóra ou dentro da lei, expóñense a morrer en canto asumen o dereito de matar. Era a lei non escrita que rexera o mundo desde a súa existencia.

Fomos illados por mandato xudicial. Os que selaran comigo un pacto de silencio cumpriron a súa palabra, a pesar das reiteradas ameazas da Administración. Mais non serviu de nada. Ante o cariz que tomaran as cousas, o estilete que tirara ao patio do módulo dous queimaba nas mans dos presos. Aínda que enviara instrucións para que o escondesen, deixárono en mans dun perfecto descoñecido, de forma irresponsable. Este preso, en canto sospeitou o que tiña oculto na cela, chamou á porta e entregouno aos carcereiros. Mostroumo.

—Xa vos temos, Tarrío. Isto é teu, verdade? Ídelo pagar todos.

—Non sei de que me fala, señor...

—O coitelo acábamo de dar un dos teus compañeiros no módulo dous e aínda ten sangue. Estadés fodidos...

Cando se foi, reflexionei sobre aquilo. Obviamente ían obter en breve pegadas do estilete; en canto ao sangue non ofrecería nin-

gunha dúbida. Sorprendeume ver o coitelo nas mans do carcereiro, aínda envolto en plástico. Maldixen os meus compañeiros pola súa incompetencia e pregunteime quen tería sido. Pero xa era tarde; o paxaro desaparecera trasladado a outro lugar que descoñeciamos. Tanto tiña, veriámonos no xuízo.

Nos día seguintes fomos trasladados constantemente á comisaría de policía e ao xulgado para sermos interrogados. Finalmente, atrapado polas probas, asumín a miña responsabilidade naquela morte e descartei os meus compañeiros de calquera participación nela. Era o correcto.

En prisión as cousas volveron ao rego. Eu fun destinado outra vez ao tubo. A un ano de ser libre tería que me enfrontar a un delito de asasinato. Pagaba un prezo elevado polo meu exceso, mais non lamentaba a morte daquel home; nin sequera me sentía desgraciado pola montaña que se me viña enriba. Deixáronme chamar a miña nai por teléfono. Estaba en Suíza, cos meus irmáns; había dous anos que emigraran aló. Conteille que matara un home. Foi un duro golpe para ela oír aquelas palabras da boca de seu fillo. Aquel día matei algo no seu interior. A pesar de todo, ela sería a única persoa que me brindaría un amor auténtico de maneira totalmente incondicional, sempre.

Mentres tanto chegaron a Zamora un grupo de presos desde Carabanchel, onde protagonizaran varios motíns. Zamora, naquela altura, obtivera certa mala sona nos demais presidios españois e converteuse en sinónimo de tortura. As malleiras e os abusos agraváronse, mentres que a Dirección Xeral de Prisións continuaba a pechar os ollos á realidade.

Esa mañá acababa de subir ao patio cando, ao me asomar á xanela, observei como un grupo de presos estaba a subir ao tellado desde o módulo dous. Era un motín. Á súa cabeza o Chafi, o Graña e o Bolas de Madrid. Eu estaba daquela na planta superior do tubo.

Achegáronse ata a xanela da cela que ocupaba e faláronme desde o tellado.

—Que pasa Che? Xa ves, estabamos ata os collóns destes cans e subimos para reivindicar un pouquiño... —dixo o Chafi.

—Ben, pero tede coidado cando veñan os antidisturbios, coas pelotas de goma e os botes de fume. Mirade a ver que podedes facer para sacarnos de aquí... Que fodidos!

—De acordo.

Botáronnos tiras de sábanas ata as xanelas, nas cales atamos varios coitelos para que se defendesen. Mentres tanto, tentaron sacarnos de alí por medio de butróns no teito, pero era duro de máis. Terían que facelo eles sós.

Só un par de horas despois, os antidisturbios fixeron acto de presenza no recinto. Os compañeiros que estaban no tellado formaron barricadas con pilas de tellas agrupadas que servirían tamén de proxectís. Tentouse o diálogo polas dúas partes, pero non se chegou a ningunha conclusión definitiva.

—Depoñan a súa actitude ou verémonos obrigados a intervir —berrou o que comandaba o grupo de polos menos sesenta policías.

—Que che dean polo cu, paspán —respondeu un dos presos.

Desatáronse as hostilidades, e asistimos impotentes á batalla campal que se desenvolveu diante dos nosos fociños. Algúns de nós apoiámos rompendo as celas, mais non puidemos facer nada máis. O ambiente encheuse de berros e os sons dos disparos dos rifles, enviando pelotas de goma en resposta á chuvia de tellas que caían desde o tellado. Durante cinco minutos desconcerto; e logo un gran silencio. Unha das pelotas de goma impactara no rostro do meu amigo Chafi e arrincáralle un ollo. O Bolas salvoulle a vida cando caía ao baleiro, agarrándoo a tempo. Aquele suceso puxo punto final ao combate e ao motín. Os presos renderónse, facilitando que o Chafi puidese ser trasladado canto antes ao hospital, de maneira urxente.

Despois da revolta, chegou a represión. Cela por cela, carcereiros e antidisturbios foron despoixándonos das nosas pertenzas, incluída a nosa roupa, e deixáronos espidos dentro das celas. Varios compañeiros recibiron malleiras. Como reacción acordamos iniciar unha folga de fame e negámonos a comer nos dous módulos. Contra a nosa medida sucedéronse varias ameazas por parte da Dirección, cuxo único fin era o de implantar a división entre nós, por medio do terror. Pero xa non asustaban a ninguén e, aínda que un numeroso grupo de presos deixou a folga, a maioría mantivémola ata o final.

Ao día seguinte, a Asociación de Nais contra a Droga de Madrid fretou varios autobuses con dirección ao cárcere de Zamora. Misión: denunciar publicamente o que acontecía alí con nós. Provistas dun altofalante, situáronse en fronte do módulo un e comezaron a increpar os carcereiros:

—Deixade os rapaces, abusóns, canallas... —berraba a voceira.

Ao escoitalas asomámonos ás xanelas, ás cales nos empoleiramos amosándolles as nosas nudeces como mellor argumento da nosa situación. A Dirección, asustada, enviou os seus matóns para nos baixar a golpes das xanelas, pero xa era tarde. As nais, atrevidas e ousadas, continuaron a súa denuncia pública aludindo aos carcereiros con algún que outro merecido insulto. A maioría delas tiñan os seus fillos alí ou en outras prisións. Moitas delas perdéranos a causa da droga ou da SIDA. Bravas, o seu enorme amor levounas ata aquel monte a loitar, dentro das súas posibilidades, contra a inxustiza carceraria levada a cabo polos profesionais encargados do traballo suxo da vinganza. Foron elas as que gañaron. A dirección ordenou que nos devolvesen todas as nosas pertenzas. Restituíusenos o dereito a saír ao patio a pasear e cesaron os malos tratos. Varios responsables, director á cabeza, tiveron que abandonar os seus postos de traballo, presionado por Institucións Penitenciarias que lavaba así as súas mans cara á sociedade.

Mentres, a prensa escribía artigos sobre mafias carcerarias das que eu e o Chafi eramos responsables, ao seu parecer, para xustificar dalgunha maneira a vaga de sucesos que tiveran lugar alí. Se conseguían facernos aparecer como mafiosos ante a sociedade, esta entendería os métodos utilizados para nos reprimir. Dábanme noxo os xornalistas que se atrevían a escribir aquilo e que nunca estiveran dentro dunha prisión.

Mentían descaradamente á sociedade; publicaban artigos que foran ditados pola Administración, encamiñados única e exclusivamente a reparar a imaxe danada desta.

Aínda que non participei no motín inicial, fun considerado un dos líderes. Preparouse o meu traslado a outra prisión.

- A PARDA, PRISIÓN DE PONTEVEDRA, ABRIL DE 1989 -

A prisión contaba con setenta anos de idade. Era vella, moi vella. Tiven que espirme á entrada para pasar o rexistro dun par de carcereiros curiosos. Logo fun trasladado ata a galería de illamento. Baileiráran para me garantir a soidade e moito repouso, o cal formaba parte da represión carceraria dirixida desde Madrid. Sometéronme con habilidade a unha especie de réxime especial, que me mantiña illado do resto dos presos. Asignáronme unha cela noxenta, moi pequena, cuxa xanela daba a un pequeno patio. Nunha das esquinas, dentro da garita do recinto, divisábase claramente o garda civil a non máis de vinte metros. Era a única compañía que ía ter alí.

A pesar do illamento, varios amigos meus que estaban naquela prisión lograron pórse en contacto comigo. Fixéronme chegar unha mensaxe. Eran o Rolando, o Miguel Expósito e o seu irmán Javier. Notificáronme entre outras cuestións persoais, que tivese coidado co preso que repartía a comida; era un confidente. Saber que non estaba tan só como a Administración pretendía animábame.

Sobre as sete da tarde chegou a cea. Traía o preso sobre o cal me advertiran. Saquei a bandexa e, depositándoa no chan, pedínlle amablemente o cazo.

—Trae o cazo, que me sirvo eu mesmo...

Pasoumo. Acompañábao un carcereiro no corredor e outro que se atopaba detrás da cancela que daba acceso á galería. Servínme un pouco de sopa quente e un cacho de tortilla. Logo incorporeime e sen mediar palabra golpeei o seu rostro co cazo. Deu un berro levando as mans á cara.

—Non te quero ver por aquí nin en pintura —aviseino.

—Tarrío, cálmese, que ocorre? —interveu o carcereiro.

—Nada da súa incumbencia.

Recollín a bandexa e introducínme dentro da cela, deixando o cazo tirado no chan do corredor. Non o volví ver por alí.

Os días na Parda transcorrían lentos. Agobiábame aquel patio, co carcereiro a me espiar constantemente por un lado e o garda civil polo outro. Era aquilo unha prolongación do castigo á miña rebeldía icástica?, un suplemento de dor á incerteza dunha futura condena por asasinato? Sentíame reducido a cero.

Meu pai veume ver acompañado da familia do Rolando.

—Ola, Xosé, como estás? —saudoume.

—Mal, téñenme pechado en illamento, só. Non vexo a ninguén, non podo falar con ninguén... vou tolear...

Conversamos durante o tempo de comunicación sobre aquilo. Cando rematou despedímonos. De volta ao illamento puiden falar cos meus amigos. Un deles pasoume unha nota ao chocarme a man. Oculteina dos ollos do carcereiro que me escoltaba. Unha vez na cela lina. Recoñecín a letra do Miguel:

Che, teño un plano de fuga previsto co meu irmán. Trátase de secuestrar os carcereiros, serrar un dos barrotes das comunicacións, e desde

alí subir ao tellado. Todo isto polo día. Desde o tellado saltamos ao tellado do corpo de garda, que está por debaixo a uns catro metros. O salto non é moi difícil, e desde alí á rúa... ves?

Agardei á seguinte comunicación para notificarlles que iría con eles, que me apuntaba. Habería que agardar o momento axeitado e facer varios coitelos. Eles baixarían abrimme, despois de reter e amordazar os carcereiros. Era un bo plano e agradecín ao meu amigo que se lembrase de min. Era realista e sabía que me ían caer moitos anos de cárcere pola morte de Zamora. Máis se cadra dos que a miña enfermidade me permitiría vivir. De todos xeitos, calquera saída sempre sería mellor que morrer lentamente nunha cela, cruzado de brazos. Prefería a posibilidade dunha raxada de metralleta ao cárcere. Cría que o verdadeiro valor da vida non está en preservala a calquera prezo, senón en arriscala na procura de algo mellor, dunha auténtica liberdade que me fornecese a posibilidade real de me realizar ao máximo. A vida estaba fóra daqueles muros.

Esa tarde, cando me dispuña a saír ao patio, un dos carcereiros de garda tróuxome a noticia que varios presos estabamos a agardar.

—Tarrío, sabe vostedes que hoxe acoitelaron ao Rolando?

—O que, ho! Está a brincar... —respondínlle.

—Que non, que é verdade! Sacámolo urxentemente ao hospital.

"Imbécil!" pensei para min, mentres paseaba polo patio. Horas máis tarde Radio Nacional traíanos as novas que agardabamos oír: varios individuos armados de pistolas penetraran no cuarto que ocupaba Rolando Cancela Veiga, desarmaron os dous policía que o custodiaban e déronse posteriormente todos á fuga. Aquilo íanos animar aos meus amigos e a min na nosa empresa.

O 27 de xuño, varios días despois da fuga do Rolando, Radio Nacional tróuxome novas noticias do submundo carcerario. Inaugu-

rado en 1982, o célebre penal do Puerto de Santa María asistía ao seu segundo motín en sete anos. Dirixíano os presos Fernández Varela, Maya Martos, Hidalgo García, Ortiz Jiménez e Zamoro Durán. Tomaran varios carcereiros e a médico María Casado como reféns, para facilitar a negociación. Estes presos, secundados masivamente polo resto da poboación reclusa, fixeron entrega dunha fita gravada cunha serie de reivindicacións sobre a disciplina en Puerto. Tamén se pediu a reforma do Código Penal; que os médicos que prestaban os servizos sanitarios dentro das prisións españolas non pertencesen á Administración e fosen independentes desta; a inmediata liberación de todos os presos enfermos de SIDA en fase terminal; e outras cuestións importantes para todos os homes e mulleres encerrados nos cárceres españois. Recoñecía-me neles e nas súas peticións. Seguíu o desenvolvemento do secuestro durante toda a noite a través da radio. A fita fora entregada ao Director da prisión, Eduardo Roca, mais non foi feita pública. Plácido Conde, gobernador civil de Cádiz, solicitou a presenza dos GEOS e a provincia gaditana ficou paralizada. Naquel penal estaban encerrados homes condenados a longas penas de cárcere; eran homes duros e perigosos. Se a policía interviña, podía ocorrer unha masacre. Dentro do penal fabricáronse barricadas e cócteis molotov co alcol requisado na enfermaría. Fóra varios helicópteros sobrevoaban a prisión, mentres que os GEOS tomaban posicións de asalto. Podía suceder calquera cousa. Con todo, despois de vinte longas horas de negociacións, os presos depuxeron a súa actitude e liberaron os reféns. Os cinco reclusos que iniciaron o motín foron trasladados posteriormente á tristemente famosa prisión de Herrera de la Mancha, e sometidos a un réxime especial, custodiados pola Garda Civil. Ían pagar moi caro o se atreveren a enfrontarse ao sistema, denunciando os seus métodos.

A sorte continuaba rifada comigo, e a noticia dun novo traslado sorprendeume en plenos preparativos de fuga. Tiven que recoller as miñas cousas e abandonar a prisión con destino á Coruña, desde onde partiría ao día seguinte á prisión de máxima seguridade de Daroca, en Zaragoza. Os meus soños de evasión víanse truncados de momento, mais non ía renunciar a eles: ensaiaría a fuga á menor ocasión con probabilidade de éxito.

Na prisión da Coruña fun destinado á segunda galería, en Corrección. Puiden establecer contacto con José María Expósito, que me proporcionou un par de serras e un estilete, e gardei a folla do estilete, xunto cos cachos de serra, dentro dun tubo de plástico cilíndrico que, unha vez pechado, introducín no meu ano. Aqueles cachos de metal poderían converterse na chave da miña liberdade; dentro do estómago non os ían atopar nunca, sentínme máis seguro.

- PRISIÓN DE DAROCA, ZARAGOZA, XULLO DE 1989 -

Considerada de máxima seguridade, a prisión de Daroca era un edificio moderno dunha cor tirando a amarela. Consta de cinco módulos, todos eles habitados por reclusos incluídos dentro do réxime pechado de primeiro grao, con idades entre vinte e un e vinte e cinco anos. Estaba dominada por unha torre central que permitía vixiar constantemente todos os tellados dos cinco módulos. En cada lado do recinto, tres gardas civís vixiaban os muros dentro das garitas emprazadas enriba deles. Ninguén os debía traspasar; era o seu labor. Axudábanlles distintas cámaras de circuíto pechado, situadas estratexicamente por todas partes do recinto e algúns cans da raza pastor alemán, que pertencían á Garda Civil.

Destináronme ao módulo un, en primeira fase. Alí atopeime co meu amigo Musta. Abrazámonos.

—Que, galopín, recibiches a miña mensaxe? —preguntoume.

—Recibín, tróuxoma a túa rapaza nunha comunicación que tiven con ela.

Mentres falabamos paseamos dun lado ao outro do patio.

—Desde o comezo souben que foras ti o da movida do Torres. Como xa che indiquei, podes contar comigo para todo; eu saio dentro de pouco, de acordo, socio?

—Xa o sei, Javi.

Continuamos o paseo facendo planos para o futuro. Alí a existencia transcorría igual que nas outras prisións. Homes a camiñar dun lado a outro en pasos que non conducían a ningunha parte; homes embrutecidos polo cárcere, que foran separados do que máis apreciaban ou querían. Un submundo de amizade, mentira, sangue, odio, dor e represión. Converteran a prisión na cloaca, no vertedoiro onde os bos e honrados se desfacían dos homes que cometían algunha falta dentro da sociedade. Para min aquel fenómeno non era novo; vivírao anteriormente no internado e no reformatorio. Pillábante de neno e soltábante de ancián. Facía parte do negocio.

Non se combatía o delincuente como asocial, retirábase algo das rúas porque molestaba. Como quen bota un pai da casa e o encerra nun asilo ou nunha pensión. A sociedade funcionaba así. Creo que se, durante a nosa estadia en prisión, tivéssemos observado que aquela sociedade, á que roubáramos e declaráramos a guerra, era en realidade mellor do que criamos, máis xusta, máis humana, na verdade honrada, talvez moitos de nós teríamos tentado convivir con ela. Con todo, nela só viamos egoísmo, vaidade, competencia e hipocrisía. Edificaran unha sociedade tremendamente fea e inxusta, que agora nos moldeaba á súa imaxe e semellanza a todos nós. Todos tiñamos unha parte de responsabilidade; ninguén podía fachendear de posuír a verdade. Por iso, mentres nós rifabamos e pelexabamos, os políticos congratulábanse no sitral do poder, coas súas singulares doutri-

nas destrutivas, mesquiños de ambición. Os delincuentes primarios non eramos os auténticos inimigos da sociedade, non polo menos os peores; os verdadeiros inimigos da sociedade son os políticos e as súas mentiras, e as súas promesas incumpridas, e as súas guerras. Cometíanse moitas inxustizas ao botar así, sen máis, moitos daqueles homes á cloaca carceraria. Pero a quen lle importaba?

Varios meses despois da miña chegada a Daroca fun posto ao corrente de que se estaba a preparar unha fuga do hospital. Avisáronme o primeiro, cousa que agradecín. Un preso acababa de vir do hospital e deixara alí as reixas das xanelas a medio cortar. Agora só faltaba urdir un plano para provocar o traslado do Anxo e dun madrileño chamado Julepe; seguiríanme por quendas.

Preparei un cebo aos carcereiros inspirado na fuga do Rolando: eles mesmos me ían fornecer o billete de ida. Falei cun compañeiro de confianza e pedínlle que me dese unha coitelada no estómago, cando saísemos ao patio. Aceptou. Esa mesma tarde atopámonos no patio.

—Tesme que meter só media folla, estamos? —díxenlle.

—Tranquilo.

Deille un coitelo e dirixímonos cara a unha das esquinas do patio, onde non alcanzaban a vernos os carcereiros da garita. Agarreime ao seu ombreiro.

—Veña, dálle —díxenlle tensando os abdominais. Prepareime para a comedia.

A folla entrou dun golpe seco. Case non a sentín. Dei un tempo ao meu compañeiro para que se afastase do lugar e gardase o coitelo, e saín correndo cara a onde estaban os carcereiros berrando:

—Apuñaláronme, apuñaláronme!

O resto dos presos, que descoñecían a realidade, agrupáronse ao meu redor. Finxínme malferido. Trasladáronme urxentemente á

enfermaría, onde desgarraron as miñas roupas e mediron a profundidade da ferida.

—Hai que sacalo ao hospital —ordenou o médico.

Conseguírao. Feliciteime.

A ambulancia non tardou en chegar e fun trasladado ao hospital. Unha vez alí, fixéronme un chequeo e varias probas, coas cales comprobaron que o estómago non fora perforado. Así e todo, estimaron conveniente ingresarme uns días por se xurdía algunha complicación. Metéronme na sala para reclusos. Alí atopeime con outro preso, de nacionalidade portuguesa. Explicoume:

—Mira, toda esa parte da reixa está cortada. Un pouco máis e xa está; levamos quince días niso.

—Faltan dous compañeiros por vir, así que lles imos dar un par de días a ver se logran ser ingresados. Mentres, podemos ir cortando o que resta, que che parece?

—Ben...

Permanecín deitado na cama ollando para o teito. Catro polis de uniforme custodiábanos detrás da porta blindada, provista dun cristal antibalas que daba acceso á sala. Estabamos no terceiro andar. Desexei que os meus compañeiros viñesen canto antes para nos poder ir axiña. Sería sinxelo. Só teríamos que cortar o que faltaba, confeccionar unha corda coas sábanas e, coa complicidade da noite, deslizarnos ata o xardín que había debaixo do hospital. Saír del sería un xogo de nenos. Aquela xanela significaba o final do túnel carcerario para min e para os meus compinches de evasión. Non me cabía a máis mínima dúbida de que o íamos conseguir, polo que me entretiven repasando os detalles técnicos: onde ir?, que facer? Era a parte máis importante.

Sobre as nove, o meu amigo Anxo conseguiu ser ingresado e sumouse ao proxecto. Esa noite traballamos un pouco na reixa. O resto cortariámolo a noite seguinte. Se o Julepe non aparecía marchariamos de alí sen el.

Á mañá seguinte, recibimos as visitas dos médicos.

—Vostedes os dous teñen a alta —dixo un deles, sinalándome a mim e mais ao Anxo.

—Oia! Eu síntome aínda moi mal... —dixen.

—Síntoo, pero vostede, o mesmo que o seu compañeiro, só teñen unha perforación no músculo abdominal. Teñen o estómago en perfectas condicións, polo que non é necesario que permanezan aquí por máis tempo.

Horas máis tarde estabamos camiño da prisión. Unha vez máis, o azar frustrara as miñas esperanzas de fuga. Pero habíao tentar outra vez. Non me rendía con facilidade, nin con dificultades tampouco. O portugués tentouno por si mesmo, mais fracasou. Sentino por el e pola ocasión que se perdía, pois o hospital ía tomar medidas e reforzar a seguridade.

En Daroca predominaba o paisanismo. Os galegos exerciamos maior influencia no módulo un de primeira fase, onde os presos saían ao patio en grupos de dez, dúas horas ao día. Controlabamos a cafetaría e o reparto da comida, cousa que nos proporcionaba maior liberdade de movementos, alimentos, tabaco e café. O mesmo sucedía no módulo dous cos madrileños. De todas formas, alí os presos saían ao patio catro horas diarias e tiñan dereito a sala con televisión. No módulo tres saían seis horas ao día, con dereito ao polideportivo e a comunicacións especiais de vis a vis. Alí a influencia exercíana os cataláns. No catro estaban os artigo 10 e os protexidos, ambos en galerías diferentes. O quinto era o módulo de illamento. Estabamos confinados naquela prisión preto de cento cincuenta presos. Por veces producíanse liortas entre nós, que remataban con algún ferido, cando non cun morto. Pero, por regra xeral, os problemas solucionábanse falando. Existía certo respecto, e os abusos estaban mal vistos por parte da poboación reclusa.

Notábase certa madurez inexistente nos penais de menores. Con todo, o paisanismo continuaba a ser un dos principais xeradores de problemas, pois se dous presos se enfrontaban, arrastraban con eles o resto dos seus paisanos e amigos. Cometíamos un feo erro prolongando aquela estupidez, ao non nos decatar de que todos eramos simples presos, que só nos tiñamos os uns aos outros, e que o verdadeiro respecto se obtén individualmente e non en grupo. A Administración non facía nada por evitalo. Non facilitaba obradoiros para que os presos puidésemos estar ocupados, obter un salario e incluso ter a oportunidade de aprender un oficio. Nin programas culturais, nin facilidades ás familias para as visitas, que percorrían centos de quilómetros para nos vir ver ao cárcere. Non se facía nada disto, demasiado caro, demasiados cartos. Por aforrar unhas pesetas, a Administración xestaba homes perigosos que o futuro inmediato sacaría á luz.

A finais de ano, o Musta saíu en liberdade. Un familiar meu veuno recoller a Daroca e levouno coñecer A Coruña, onde lle foron presentados algúns amigos meus. Proporcionóuselle unha pistola, como conviramos, e un dos meus amigos colaborou con el no asalto a un banco, a fin de que se puidese financiar por si mesmo.

Desde a rúa chegaronme noticias da evasión do meu amigo Chafido Xulgado da Coruña. Púxeno en contacto co Musta e os dous trasladáronse a Vigo na procura de armas. Comezou a prepararse a miña fuga, a cuxos preparativos se uniu Edmundo Balsa Franco, o Yanko, a quen coñecía da rúa. Estabamos entre camaradas. Os meus amigos visitaron varios bancos en distintos puntos de Galiza, con cuxo botín financiaron unha infraestrutura en Vigo e Ourense. Enviábanme constantemente mensaxes e fotos do meu novo domicilio. Todo estaba previsto; só faltaba que me trasladasen á Coruña a algún dos moitos xuízos que aínda tiña pendentes coa xustiza coruñesa. Alí tentarían liberarme.

Mentres tanto logrei acceder ao posto do economato no módulo un, o que me proporcionaba seis horas ao día de patio, agás o tempo que empregaba en servir café e atender os distintos grupos de presos que saían ao paseo. Chegou o Nadal e conseguimos meter, ocultos nun paquete de comida do exterior, quince gramos de haxix que compartín co Anxo e outros amigos.

O haxix era a única droga que tomaba daquela; o resto conseguira deixalo atrás, o que me afirmaba a confianza en min mesmo. Fumamos varios canutos para recibir 1990, mentres os nosos pensamentos esbozaban un único desexo xeral: liberdade.

Pero 1990 non me trouxo boas noticias: no transcurso dun atraco a unha barra americana, cuxo botín case non merecía a pena o risco, os meus amigos dispararon contra o dono do local, cando este tentaba pechase dentro dunha oficina para chamar á policía. Dous disparos de escopeta abriron na porta de madeira un furado grande abondo como para que o Musta acabase coa súa vida a través del con varios disparos de pistola. Lembrei desde a miña cela as súas palabras: non terei piedade. Rancorosos, os meus amigos axustaban as contas coa sociedade á súa maneira.

Un mes despois daquel suceso, o día de Carnaval, un traficante de heroína recibía a visita de tres encapuchados, que lle meteron un cartucho de calibre doce nunha das pernas. Aquelas accións innecesarias atraeron a atención da policía. Esta utilizaba métodos correntes para solucionar roubos ou outros pequenos delitos, pero cando había armas polo medio e homes dispostos a utilizalas, daquela agrupábanse e investigaban de verdade. E isto era perigoso. As Brigadas Antiatraços da Coruña, Pontevedra, Ourense e Vigo puxéronse mans á obra e tardaron só trinta días en localizar o domicilio onde se ocultaban, na cidade de Ourense, acompañados de tres mulleres. Unha vez localizados, urdiron o seu plan de caza: non ían andar de broma.

Esa mañá, o Musta saíu acompañado por outro home do domici-

lio onde estaban agochados. Introducíronse os dous confiados no coche alugado e dirixíronse cara ao centro da cidade. No primeiro semáforo en que pararon, un grupo de polis armados ata os dentes asaltaron o coche e apuntaron cara a eles coas armas. Rendéronse. Media hora máis tarde, o Yanko saía do edificio para se encamiñar á estación de autobuses e trasladarse á súa casa da Coruña. Un grupo de inspectores antiatracos foron detrás del. Nese preciso instante, outro grupo de inspectores da policía derrubaba violentamente a porta do domicilio onde estaba o Chafi, e irrompendo nel, procederon á súa detención. Só faltaba un para completar a operación.

Nas inmediacións da estación de autobuses a policía decidiu pasar á acción e deter o terceiro home. Varios policías abalanzáronse cara á súa posición. O meu amigo advertiuno e iniciou un tiroteo por varias rúas de Ourense que culminou coa súa detención, despois de se tirar a un río. Caeran todos.

Atrás quedaba unha familia desfeita e un cidadán morto. Eles ían pagar o prezo dunha mala xestión carceraria que potenciara o odio e o mal naqueles ex-reclusos. As malleiras, os abusos e a inxustiza máis ruín, dunha vinganza miserable executada nos cárceres españois con aqueles homes tiña moito que ver na elaboración daquelas feras. Unha cousa é que se lle obrigue a un a pagar unha pena de cárcere, outra moi diferente, que se lle maltrate constantemente con malleiras e castigos desmedidos, mesquindades que estaban á orde do día no cárcere. Aquela morte non me parecía máis triste que a daqueles homes que amencían coa alba, colgados dun cacho de saba; nin que a espantosa agonía dos doentes terminais de SIDA que morrían dentro dunha fría cela, lonxe dos seus seres queridos, sen esperanza.

Continuei no destino do economato. O meu carácter violento facíame ás veces iniciar discusións acaloradas con algúns dos presos

que, a pesar de todo, non ían a máis. A miña forma de ser traíame con frecuencia problemas daquel tipo. Era un auténtico asocial. No cárcere atopas de todo e eu non podía, ás veces, evitar sentir animadversión por algúns daqueles suxeitos. Non os consideraba os meus compañeiros; a estes escolliáos eu. Convertidos en mitómanos deformaban todo o que contaban. Algúns criticábanme polas costas, nunca reunirían valor abondo para o facer de fronte. Falaban mal de min e, ao día seguinte, ofrecíanche a pata a chocar, a sorrir, nun excelso alarde de dobrez. Outros arrastrábanse polo chan xemendo como miñocas servís, sen un ápice de personalidade nin de orgullo. Os peores espiábante e denunciábante á Administración a cambio de beneficios penitenciarios. Todos os módulos, galerías, patios, tiñan os seus confidentes. Sempre había alguén buscando a súa liberade a costa dos demais. Mais á parte deses elementos, a maioría dos presos de primeiro grao que coñecía eran homes rectos e sinceros, con cuxa discreción se podía contar. Un daqueles presos era Javier Ávila Navas, *el Niño*, como o coñeciamos popularmente no noso ambiente. Viña trasladado desde a prisión de Alcalá-Meco I, daquela unha das máis duras de España. Unido a outros presos, acababa de protagonizar un secuestro nela para liberar o seu amigo Juan Redondo Fernández dun severísimo réxime especial ao que o tiñan sometido. Proporcioneille tabaco, comida e algúns cafés. Con varios cafés na man, dispuxémonos a pasear polo patio; sentía curiosidade por saber o que sucedera.

—Que vos pasou en Meco, Niño? —preguntei, paseando.

—Queres que cho conte? É unha historia bastante longa...

—É igual, temos tempo de sobra. Veña, cóntama.

—Vale —acendeu un cigarro e comezou a falar.

—O 29 de decembro do ano pasado trasladáronme ao Hospital General Penitenciario de Madrid para me operar da luxación que

teño no ombreiro e que me produciron as UEI¹ no asalto que nos fixeron ao Tranco e mais a min en Cidade Real, durante outro secuestro. Cando estaba no hospital entre xaneiro e febreiro, atopeime co meu amigo Redondo. Estaba mal; nunca o vira así. Estaba literalmente destruído, feito po. Era todo ósos e non era capaz de articular dúas palabras seguidas. Axudeino a bañarse e falei con el.

—E iso? —preguntei curioso.

—Tíñano no sete de illamento, en Alcalá-Meco, e xa sabes como é aquilo. A min dábanme gañas de chorar ao velo naquel estado. Foran crueis con el dun xeito despiadado. Pedínlle que me contase todo o que sucedera. Tíñano sen comer, xa que lle cuspián na comida, ou fumigábanlla con spray. Tíñano totalmente illado dos demais presos, e incluso tentaran contaxiarlle a SIDA por medio dunha xiringa usada e con sangue... Cando menos ameazárono con ela.

—Hostia, e por que permitía aquilo?

Prendín un cigarro e el deume lume do seu chisqueiro. Despois continuamos a pasear, trazando círculos polo patio.

—Que ía facer? O módulo sete de Meco é todo automático e non se entra en contacto cos carcereiros para nada, agás cando entran a bater en ti e, cando o fan, veñen en manada. Non podía facer nada.

—Si, claro...

—Avisara os presos coñecidos que tiña nos módulos do lado, pondoos ao tanto da súa situación. Mais ninguén fixo nada excepto denunciar, e iso non conducía a ningunha parte, pois xa sabes que as denuncias as pasan polos collóns. A verdade era que estaban acovardados e non se atrevían a actuar. Temían as represalias dos

¹ Unidades especiais de intervención da Garda Civil.

carcereiros, e era normal. Así estaban as cousas cando cheguei eu a Meco —houbo un momento de silencio, como se ordenase no seu cerebro reminiscencias imposibles de esquecer, despois proseguí—. Tiña que sacar o meu amigo de alí a calquera prezo e falei co Conde mais co Losa, coñécelos?

—Oín falar deles, só.

—Ben, pois falei con eles e pedínlles que me axudasen a secuestrar o módulo para sacar a Juanito do sete. Aceptaron. Daquela o día de San Valentín actuamos —fixo outra pausa e continuou—. Ese día pola mañá o Losa e mais o Conde baixaron a instancias miñas á garita de seguridade a pedir unha baeta para limpar o carro da comida. Non houbo problema xa que eles eran os encargados de repartir a pitanza e non sospeitaron. Cando lles abriron, colléronos e subíronos ás duchas onde eu esperaba con outro carcereiro máis que retivera.

—En que módulo estabades? —pregunteille, interrompéndoo.

—Si, no tres...

—Ben, sigue...

—Esperamos que viñesen os médicos e retivémolos. Eran dúas rapazas: Unha médica e unha ATS. Explíqueilles que non tiñan nada que temer se facían todo o que lles mandase. A min dábame un pouco de apuro ter que reter as chavalas alí, mais eran a única garantía de que non nos asaltasen —explicoume—. Corrín a abrir ao resto dos presos e indiqueilles que tapasen con xornais e con colchóns todas as xanelas do módulo. A Dirección daquela xa se decatara do que ocorría e cortáranos a luz. Pedíronnos que soltásenos os reféns. Díxenlles que non; só os liberaría a cambio da liberación do meu amigo do módulo sete, e a de Zamoro Durán, Ortiz Jiménez, Maya Martos e os demais presos pechados no réxime especial de Herrera de la Mancha, e de que se lles garantise o traslado a outras prisións. Tamén entreguei unha lista con varios puntos reivin-

dicativos, entre outros o cesamento dos malos tratos nos cárceres españois, a liberación dos enfermos terminais, etc...

—Iso está moi ben; deberíámolo facer con máis frecuencia todos.

—Finalmente presentáronse a negociar un inspector da Dirección Xeral e Jiménez de Parga.

—E ese quen é?

—Un imbécil, o secretario do Defensor del Pueblo. Linlles a táboa de reivindicacións, e toda a historia, xa sabes...

—Sei, mais que pasou ao final?

—Conseguimos que aquilo saíse por Radio Nacional e que sacasen a Juanito do sete, que non era pouco, non che parece?

—Certamente, foi un fermoso xesto —sentenciei.

—Foino, abofé.

Era moi difícil observar a verdadeira amizade en prisión, pero cando esta facía acto de presenza, podían xurdir dela enormes sentimentos que camiñaban xuntos ata o final con todas as consecuencias. Historias como aquela marabillábanme. O cárcere non só albergaba crápulas; alí tamén había verdadeiros homes; homes de palabra; homes honrados cos seus principios, millonarios de dignidade, orgullo e rebeldía. Pero, por regra xeral, entre os presos reinaba a camaradaría, non a amizade; esta reservábase aos corazóns capaces dun grande amor; unicamente.

A detención dos que me podían ter axudado a fuxir do cárcere non me botou para atrás. Continuaba decidido a fugarme e aproveitaría mentres me respectase a saúde e me quedasen forzas. Recibira data para celebrar un xuízo na Coruña, para o mes de setembro. Tentaría algo alí; mentres, tería que me pór en forma.

En marzo trasladáronme ao módulo dous por bo comportamento. Alí atopeime outra vez co meu amigo Bolas. Por esas datas, ETA

acababa de matar un carcereiro da prisión de Basauri, en Bilbao, dun tiro na cabeza, en represalia polo trato que recibían algúns presos políticos dentro de prisión. Os carcereiros daquela, encirrados polo sindicato CESIF maioritariamente, decidiron facer folga en todas as prisións. Sería o caos. A nós aquilo collíanos no medio dado que a actitude dos carcereiros no exercicio do dereito á folga deixaríanos a todos sen patio, duchas, comunicacións, etc. Dous días despois, os carcereiros foron á folga. En Daroca sobreveu o que había xa moito tempo que se viña xestando: violencia.

O meu amigo Bolas veume ver.

—Xosé, imos ao tellado, vés?

—Agora? —pregunteille sorprendido.

—Claro, esta mañá comezan a folga e xa non nos sacan ao patio.

—Quen máis está de acordo con isto?

—Aquí no patio todos.

—Pois veña, pero teredes que subir a nos abrir as celas.

Os demais presos sumáronse á idea sen excepcións e comezou o motín. Un a un, os presos que estaban no patio fóronse empoleirando no tellado, ante a estupefacta mirada dos carcereiros da garita e dos gardas civís. Os módulos divididos en dúas galerías, estaban provistos dunhas xanelas cubertas no teito a través das cales se facilitaba a luz natural aos corredores. Un grupo de compañeiros armados con coitelos e ferros lograron romper unha delas e penetrar dentro do módulo. Arrincáronse barras de ferro do tellado coas que se forzaron as portas das celas en que estabamos. Unha vez liberados, saímos en apoio do resto de reclusos, desprazándonos en grupos cara aos módulos un, tres e catro, onde liberamos o resto de compañeiros que se quixeron unir á revolta. E entre os que se encontraban Ávila Navas e Juan José Garfía Rodríguez. Pasada unha hora, a prisión de Daroca ofrecía un aspecto desolador. Os tendidos eléctricos estaban desfeitos, os focos rotos, abolados polos

golpes, as celas foran practicamente destruídas, do mesmo xeito que as placas solares, os economatos, os talleres, etc.; setenta presos corrían dun módulo a outro armados de coitelos e ferros; gardas civís armados de paus e fusís agardaban o momento para interviren; un caos que, unido ás columnas de fume que emerxían dos colchóns ardendo en distintos puntos do tellado, daban ao presidio unha imaxe apocalíptica.

A noticia percorreu todas as prisións a través dos medios de comunicación. Nanclares de Oca, Cáceres 2, Alcalá-Meco e Foncalet sumáronse a nós. A Administración tivo que botar man das forzas de seguridade do Estado para frear aquela avalancha. Armados con CETMEs de fogo real e fusís de pelotas de goma, sobreveu o asalto da Garda Civil. Apareceron de golpe, disparando contra todo o que se movía, e obrigáronnos a nos repregar. Uns baixaron aos módulos; outros subimos aos tellados máis altos onde nos fixemos fortes. Desde alí, cubríndonos das pelotas de goma e dos botes de fume que sobrevoaban asiduos as nosas cabezas con varios colchóns a modo de parapeto, respondemos a agresión lanzándolles obxectos contundentes. Con todo, a avalancha de material antidisturbios que nos botaban facíanos permanecer constantemente tumbados boca abaixo no tellado. Houbo un instante de pánico cando este pareceu ceder; teríamos que ter moito coidado e non realizar movementos excesivos: un movemento masivo podería producir o derrubamento do fráxil teito de uralita sobre o que nos defendíamos. Sucedía todo isto cando escoitei o Bolas a chamar por min:

—Ese Xosé...!, Xosé!

Erguí levemente a cabeza e ollei cara á súa posición. Estaba deitado sobre o tellado, e na súa cara había xestos de dor, polo que supuxen que o alcanzaran con algunha pelota de goma. Erguinme rápido e correndo por enriba do corpo doutros compañeiros conseguín chegar ata a súa posición. Un bote de fume asubiu sobre a miña cabeza.

—Que foi?

—Unha pelota, case non podo respirar...

—Dóече moito?

—Doe.

Observei a situación. Aquilo estaba perdido e renderse era só cuestión de tempo. Erguinme cos brazos en alto berrando:

—Non tiredes, non tiredes...

Os gardas civís ficaron inmóbiles. O sarxento que os comandaba ordenou que parase o fogo e dirixiuse a min:

—Que queres?

—Teño un compañeiro ferido e está a afogar. Quero baixalo para que o vexa un médico; creo que pode ter algunha costela rota.

—Vale!, pero se baixades todos, de acordo? —chantaxeoume.

Faleino cos compañeiros, que aceptaron pór fin ao motín. Acor damos que baixaría eu primeiro para ver que sucedía.

—Está ben, rendémonos —berreille—. Pero tes que nos garantir que non ides mallar en ningún.

—Tedes a miña palabra, rapaz.

Collín o meu amigo e leveino de ombreiro ata o extremo do tellado. Unha vez alí, baixeí e, con axuda doutros presos, conseguín baixar o Bolas. En fronte, o grupo de gardas civís apuntábanos cos fusís. Cagaban do medo.

—Está ben, que baixen os demais agora —pediu o sarxento.

Todos os demais comezaron a baixar. Aquilo rematara.

Felizmente, o Jironés non tiña nada grave, á parte dun moratón no peito polo impacto da pelota. Metéronnos a vulto dentro das celas do módulo cinco. Os demais grupos de presos xa foran reducidos e encerrados. Aínda que a Garda Civil cumpriu a súa palabra, os carcereiros pola súa parte cebáronse cos presos, e mallaron na maioría deles. Eu de momento salvárame das malleiras, pero sabía que tarde ou cedo me ían vir facer unha visita. Non fallaba, era o método habitual.

Unha vez lograron facerse coas rendas da prisión, comezou a selección dos presos considerados líderes do motín. Finalmente, deixaron só quince presos dentro do módulo cinco, entre os cales estabamos Ávila Navas, Jironés, Julepe, Anxo e mais eu, e outros compañeiros de motín. Mais só habían pedir o traslado do Niño e do Julepe ao cárcere de Herrera de la Mancha, aos cales fixeran inxustamente responsables daquela sublevación. Unha vez máis a Administración castigaba arbitrariamente, utilizando calquera escusa válida para se vingar daqueles reclusos que lle resultaban conflictivos e molestos.

A Garda Civil fíxose cargo da prisión durante os días que durou a folga. Vínannos repartir a comida cos rifles cargados de pelotas de goma, escudos e porras, dispostos a nos machacar ao menor xesto estraño. Os primeiros días non nos sacaron a ningún ao patio para nada, non nos proporcionaron sábanas nin mantas nin nos deixaron acudir ás duchas. Pero finalmente normalizouse e puidemos acceder ás nosas pertenzas, ao patio e á ducha. Esperábanos longos días de illamento.

Unha noite varios carcereiros viñéronme ver, armados de porras. Abriron a porta da cela.

—Tarrío, íspase e saia ao corredor, que o temos que cachear.

Despois de me espir, saín ao corredor e coloqueime cos brazos contra a parede. Nas súas mans esgrimían porras.

—Abra as pernas —ordenoume un, ao que alcumabamos *la Gitana*. Obedecín.

—Aínda máis, veña!

Obedecín de novo. Daquela chovéronme varios golpes de porra, un deles nos testículos. Aguantei como mellor puiden o trebón. Cando me deixaron, regresei de novo á cela. Aquela acción repetiuse asiduamente aqueles días en diversos cacheos a outros dos meus compañeiros. Facía parte das regras de xogo, un xogo de dados co

poder, perdido de antemán. No cárcere o preso é menos que unha cascuda; é só un número, un vulto. Podían facer con un o que lles viñese na gana. *Quen* o podía ver? *Quen* ía gravar aquilo? Como demostraría un preso que fora maltratado?, e no caso de o poder facer, quen lle faría caso? Os xuíces de vixilancia formaban na súa maioría parte da Administración; existía unha evidente connivencia entre a docta xustiza e o sistema reeducador, que se adiviñaba claramente nos centos de expedientes fallados ou arquivados en contra dos presos, cando estes presentaban algunha queixa.

O día 30, unha boa nova alborotou o módulo. Varias horas despois de ter sido recollido pola Garda Civil para ser trasladado á prisión de Herrera de la Mancha, Javier Ávila Navas lograba consumir a súa segunda evasión do furgón que o trasladaba, por medio dun butrón practicado no chan con varias serras. Recibimos a noticia con xúbilo e aplausos. Sorte!

No mes de maio rematou o noso castigo, e sacáronnos de illamento. Leváronnos ao módulo un, onde os compañeiros nos recibiron con grande balbordo. Comezamos a saír outra vez acompañados en grupos, co que se restituía o curso normal da prisión. Fixen amizade con Izquierdo Tranco, un delinciente leonés que posuía unhas excelentes calidades humanas como compañeiro. Sempre paseabamos xuntos. Coma min, era un fuguista, polo que falabamos o mesmo idioma. Decidimos recoñecer algúns roubos cometidos no exterior cando estabamos en liberdade, para que nos trasladasen a xuízo e tentar algo xunto. Había que xogalo todo.

Organicei varios plantóns, nos cales me secundaron a maioría dos presos do módulo un. Deixamos de limpar o módulo e de repartir a comida. Declarámonos en folga absoluta. O director veume ver, acompañado dun xefe de Servizos e de varios carcereiros.

—Tarrío, recolla as súas cousas que regresa ao illamento —indicoume.

—Eu? —preguntei facéndome o desentendido—. Pero se non fixen nada —engadín cínico.

—Vostede nunca fai nada!, veña, vamos...

Recollín as miñas pertenzas en varias bolsas e encamiñeime polos corredores da galería cara ao módulo cinco. Os presos chamáronme a través das portas das celas:

—Ese Che, onde te levan?

—A illamento. Enviádelle o recado ao Trancho, de acordo?

Varios insultos xurdiron das portas:

—Cabróns, porcos, fillos de puta...!

Estabamos daquela moi unidos polos acontecementos recentes. Reinaba un excelente compañeirismo.

Unha vez no cinco, asignáronme unha cela. O director dirixiuse a min con ton autoritario:

—Vai ficar vostede aquí a facer vida de primeira fase. Terá os mesmos dereitos que tiña hai un momento, pero sairá só ao patio e permanecerá illado dos demais ata que aprenda vostede a se comportar como unha persoa civilizada e non como un salvaxe.

—Faga vostede o que lle dea a gana, pero dubido que consiga algo de min.

—Iso xa o veremos, Tarrío.

Despois de que pechasen a cancela e a porta da cela, saquei varios libros das bolsas, sábanas, mantas e unha radio, e fixen a cama. Despois deiteime enriba desta, e mentres acendía un cigarro dispúxenme a ler *O rei Lear*, de Shakespeare, que me cativaba profundamente. Había tres anos que me atopaba na prisión sometido a constantes illamentos, polo que perdera todo temor a aquel tipo de castigo e a outros que a Dirección pretendía utilizar para me chantaxear e me dominar a diario. O cárcere non me asustaba. Tiña os meus proxectos e só agardaba a súa madurez, nada máis. Os castigos non me ían facer renunciar a eles.

Un par de semanas despois sacáronme de alí e regresei outra vez ao módulo un, onde reinaba a tranquilidade. Fixen amizade con Juan José Garfia Rodríguez, un coñecido bandido valisoletano, e grazas a el logrei incorporarme outra vez ao destino do economato, que agora dirixiamos os dous. Pasabamos todo o día a falar de fugas e xogando ao xadrez; tamén faciamos algo de deporte no ximnasio que por fin instalaran no módulo. Regresei por conveniencia ao bo comportamento. O Juanjo contoume a súa historia. Prendéranos en Valladolid, despois dun tiroteo en que dous policía morreron e un resultou ferido. O seu irmán Carlos tamén recibira varios disparos no transcurso deste tiroteo. Enfrontado a unha condena de 112 anos de cárcere, a súa única esperanza era a fuga. Conseguiu fugarse nunha ocasión do xulgado de Las Palmas. Mais fora recoñecido ao entrar nun edificio e foi prendido varias horas despois da súa fuxida. Agora esperaba a súa oportunidade. Unha oportunidade que lle había chegar un ano despois, e que o ía converter no inimigo público número un de España.

No mes de agosto recibín a visita de miña nai e de meus irmáns. Percorreran 1.500 quilómetros para verme, e aqueles porcos só nos ían permitir falar durante media hora, a través dun plástico suxo. Rebelábame tremendamente.

—Ola, fillo —saudoume a raíña indiscutible do meu corazón.

—Ola, nai, como estades?

—Pois algo cansos de tanta viaxe, pero ben ao fin e ao cabo. Mira, este é o teu irmán Marcos! —díxome, subíndoo enriba dunha cadeira.

Saudeino coa man, e sorriume tímido. Era a primeira vez que vía o meu irmán pequeno. Unha bafarada de sentimentalismo apoderouse de min, pero contívenme. Xoguei con aquel rapaciño a través do cristal.

—Fillo, que fixeches? Veu o director falar comigo e díxome que lles causas moitos problemas.

—Non lle fagas caso a ese, nai. É unha miñoca. Un home que non permite que nos deamos un abrazo despois de tantos anos, e só nos autoriza trinta minutos de visita, despois do que viaxastes, non é o máis indicado para me dar a min leccións de modais.

—Ben, tanto ten, que tal estás?

—Ben.

—Non sei, véxote un pouco axitado.

—É que me fode ese cabrón...


Continuamos a falar. Saudei os meus irmáns e a Antonio, o marido de miña nai e amigo meu. Todo un señor. Viñéranme ver e despois subirían a Galiza a pasar unhas vacacións en familia. Remataron os trinta minutos regulamentarios de comunicación e despedímonos con sorrisos que pretendían ocultar a tristeza que aquela situación nos producía. Aquela dor no rostro de miña nai sería a verdadeira condena e non o cárcere. Non lle dixen nada sobre a miña enfermidade.

En setembro ía ser trasladado ao cárcere da Coruña. Aquel traslado forneceríame unha oportunidade de evasión. Tentaría aproveitar os coñecementos que tiña sobre ela para fuxir. Para min comezaba o arduo camiño da liberdade...



SEGUNDA PARTE





O CAMIÑO DA LIBERDADE

*Cando todos os cárceres do mundo
teñan soltado todos os seus presos,
porque non atopen causa algunha
para os encerrar segundo as leis...*



- PRISIÓN DA CORUÑA, SETEMBRO DE 1990 -

obre as tres e media do mediodía, o furgón celular da Garda Civil parou fronte ao cárcere coruñés. Estaba canso e mareado pola viaxe, desexoso de saír daquela gaiola e volver respirar aire puro. Baixáronnos agriloados do furgón, de dous en dous, e recollemos as nosas mantas do portaequipaxes, para nos dirixir posteriormente, sempre custodiados pola Garda Civil, cara ao interior da prisión. Unha vez dentro dos dominios do vello cárcere, fóronnos retirados os grillóns. Eu fun apartado do resto dos reclusos e, tras me someter a un cacheo integral, fun conducido cara ao módulo de illamento da terceira galería, ao cal bautizaran como o

"búnker". Despedínme cun xesto animoso dos que foran os meus compañeiros de viaxe.

O submódulo de illamento, construído recentemente ao lado da terceira galería de maiores, en fronte das comunicacións, a enfermaría e o Departamento de Mulleres, constituía o lugar máis seguro da prisión, ao ser a zona máis inaccesible de escalar. Esta vez non me habían dar facilidades. Designáronme unha das seis celas de que constaba o módulo. Unha vez só, deiteime no colchón e adormecín, estaba esgotado.

Espertei varias horas despois, cando me viñeron abrir para me dar as bolsas con roupa.

—Tarrío, —díxome un dos carcereiros—ten dúas horas de patio. Déixolle as duchas abertas por se se quere duchar.

—Necesito comprar economato e café —respondílle.

—Ben, agora vai baixar o do economato a lle recoller a lista.

Enfundeime nunha bata e despois de coller roupa limpa, xabón e toalla, dirixinme ao patio onde estaban as duchas. As fiestras das celas estaban a só un metro do chan. Nunha delas había un home. Achegueime á súa fiestra e chameino, petando no cristal.

—Ola! —saudeino—quen es?

—Chámanme Javier, podes darme un pito?

—Agora non teño, pero despois vanme traer co economato e hei che pasar algo. Ben, voume duchar. Logo falamos.

Despois dunha boa ducha, saín ao patio, no cal estaba Javier a pasear. Uníame a el no paseo. Presenteime.

—Eu chámome Xosé, aínda que aquí me coñecen máis por Che.

—Si, oín falar de ti.

—Por que te teñen aquí? —preguntei.

—Caeu unha bola con droga no recinto e saltei a el para recollela.

—E o garda civil? —indaguei.

—Non está. A garita está en obras desde hai uns días...

"Caralludo", pensei.

—Dime, por que andas así, engruñado?

—É que cada quince días me poñen unha inxección de lagartil e déixanme tirado unhas semanas. Pero xa se me está pasando.

Tiña a ollada baleira. Nos seus ollos adiviñábase un principio de loucura, unha alienación progresiva que danaba o conxunto da súa personalidade seriamente. Estábano convertendo nun despoxo humano a base de inxeccións e sesións continuadas de illamento. Aquel home necesitaba axuda, compañía; non cadeas e soidade. A pesar do meu carácter reservado e ríspeto, con frecuencia indifereente, intereseime por el e polas súas circunstancias.

—Non poñas máis inxeccións —aconselleino.

—Xa! —respondeume mirándome aos ollos—. Unha vez quíxenme negar e puxéronma pola forza, despois de me dar unha chosca.

—Non sei, Javier, pero como continúes a pór iso, rematas nun psiquiátrico.

—Ben cho sei...

Continuamos saíndo xuntos todos os días ao patio. Habitueino a facer ximnasia comigo, conminándoo a xogar ao frontón. Despois duchabámonos e pasabamos polo patio, bebendo algún que outro café que nos baixaban do Economato. A miña compañía axudábao e o seu cerebro comezaba a funcionar con normalidade. Recuperábase, amosándose lúcido nas conversas que mantiñamos a diario.

Días despois da miña chegada á Coruña, recibín a visita do meu tío Suso. Comunicamos por locutorio.

—Ola, Che, como che vai?

—Ben, e o Chico?

—Estiven onte con el; deume esta nota para ti —respondeume, sacando un cacho de papel da súa carteira, que colocou no cristal para que puidese ler por min mesmo.

Querido amigo: Tiven serios problemas coa policía e búscanme por varios atracos. Teño que liscar da Coruña por un tempo, levo as armas comigo porque me van facer falta. Recibín a túa mensaxe e o que me pides vai ter que esperar un pouco. Agora estou só e con problemas. En canto teña xente competente que me axude a sacarte de aí, iremos por ti. Ten fe e forza. Conseguirémolo...!

Despois de ler aquilo sentínme un pouco abandonado. Mais non me decatei que a súa forma de pensar era diferente e que sen dúbida aínda me apreciaba moito. Carecía da desorganización que era habitual en min e non actuaba abertamente, se non estaba seguro de alcanzar o seu obxectivo. Calculaba os riscos. Non lle podía recriminar aquilo, nin exixirlle que xogase a vida ou a liberdade por min, así á lixeira, aínda que eu o tería feito por el. Era o meu amigo por enriba de todo, incluído o meu egoísmo, e iso era o que contaba. Desexeiille sorte e deixeiille unha serie de instrucións para que se puxese en contacto comigo o antes posible.

—Ben, tío, espero que esteades todos ben na casa. Dálle o recado ao Chico e que se coide.

—Nós estamos ben. Cóidate moito Xosé, non che vaia pasar nada malo...

—Tranquilo.

Xa na cela, deiteime a reflexionar sobre o desenvolvemento da comunicación. Unha vez organizado, o Chico viríame buscar, diso estaba seguro. Á miña memoria acudiron fragmentos do pasado, lembrei as dúas ocasións en que o fora sacar de outros tantos colexios de rehabilitación en Cáceres e Logroño; os centos de quilómetros que percorréramos xuntos na fuxida constante en que convertéramos as nosas vidas, de volta ás rúas da Coruña.

Ou cando colaboramos xuntos co seu irmán Yves, o Rolando, Julio *el Carroña*, José María Expósito, e outros, na confección dun túnel no Departamento de Menores daquela prisión, había anos. Non dubidamos en nos arrastrar, unha noite, trescentos metros campo a través, ata os muros do patio de menores e tirar por enriba dous paquetes envoltos en celofán, que contiñan unha cizalla, un metro, un mazo de ferro sen mango e unha piqueta. Se nos tivesen sorprendido, dificilmente teríamos convencido ós gardas civís de que non eramos presos evadidos, e de aí a recibir un tiro había só un paso. A pesar disto, todo saíu ben; os paquetes caeron no patio, onde os recolleu un preso que previamente serrara un barrote da súa xanela, e ocultounos. Aínda que o túnel finalmente foi descuberto a poucos metros da súa conclusión, pagara a pena tentalo. Era fermoso axudar un home prisioneiro a se evadir; iso ou evadirse un mesmo constituía a experiencia maior que un home libertario podía experimentar. Non era honesto deixar un amigo a apodrecer nun tobo, sometido e coaccionado a un tratamento miserable.

Finalmente, decidín actuar pola miña conta e tentalo pola garita da terceira galería, a cal, segundo a información do Javier, estaba en obras. Non quería desaproveitar aquela oportunidade, nin agardar sentado a que alguén me viñese quitar as castañas do lume. Ía dar a cara. Enviei mensaxes ás mulleres, a Menores e ao resto de galerías da prisión, para que fosen os meus ollos e me informasen sobre as catro garitas do recinto. Posuía amigos e amigas que se prestarían a iso sen problemas. Facilitóuseme a través das xanelas da terceira, que daban ao patio onde saía pasear todas as tardes, varios xogos de sábanas e pintura da cor dos barrotes. Así mesmo, fíxoseme entrega de varios billetes de cinco mil, que me ían vir moi ben, se lograba fugar-me, para os primeiros gastos. Gardeinos no recto xunto cunha parella de serras e desfíxenme

do estilete. O cárcere era unha xungla dura, onde só liberándose un de todo tipo de prexuízos e complexos lograba sobrevivir sen maior dano.

O meu orgullo daquela residía na capacidade de tragar con todo para saír de alí. Evadirse non era fácil; requiría sacrificios, tempo e enxeño. E sorte... Moita sorte.

Unha mañá xurdiron problemas co meu amigo Javier. Varios carcereiros, acompañados do médico, viñéronlle por unha inxección e, tal e como acordáramos, negouse. Ameazárono con facelo á forza, e intervín.

—Que foi, Javier? —pregunteille, achegándome á garita do patio onde discutía co médico.

—Que me queren pór unha inxección e eu non quero...

—Escoite —díxenlle, dirixíndome ao médico—, o rapaz está perfectamente. Leva unha semana facendo deporte comigo e non precisa da merda esa...

—Vostede non se meta, Tarrío. O médico son eu, e eu ditamino se lle fai falta unha inxección ou non.

A facilidade coa que aquel bastardo co título de médico licenciado en Psiquiatría decidía sobre a saúde e a vida do meu compañeiro fíxome montar en cólera. Era inaceptable.

—Escoita, baboso —advertino a través da xanela—, se se che ocorre entrar no módulo, asasinámoste. E iso tamén vai por vós —engadín dirixíndome aos carcereiros.

Non entraron mais foron avisar o xefe de servizos, que se presentou no módulo para falar con nós.

—Tarrío —díxome—, xa empezamos?

—Mira, nin eu nin o meu compañeiro nos metemos con ninguén ata que viñeron eses a ameazalo con lle pór unha inxección pola forza —díxenlle sinalando o médico e os carcereiros.

—A ver, Javier, quere vostede pór a inxección ou non? —preguntoulle.

—Non, atópome ben así.

Ante aquela confirmación o xefe de servizos falou co médico e este, finalmente, substituíu as inxeccións por tranquilizantes en cápsulas. Deramos un paso importante na súa recuperación.

Ao día seguinte, mentres paseabamos polo patio, varias notas envoltas en pilas caeron ao unísono desde o patio de mulleres, que estaba separado do que nos atopabamos nós só por un muro. Un dos carcereiros da garita pediume.

—Tarrío, traia iso para acá.

Achegueime á garita e abrinas diante del, amosándolle as follas escritas desde lonxe.

—Ve, non vén nada de droga ou que estea prohibido. Canto ao contido das misivas, é privado.

—Entrégume as notas —insistiu.

—Diso nada...

O xefe de servizos veume ver á mañá seguinte, cando estaba na cela. Ordenou aos seus compañeiros que se fosen e deixáronnos sós. Chamábanlle Alberto e coñecíámonos de había ben tempo.

—Non cambia, eh, Tarrío?

—Polo visto ata o de agora, vostedes tampouco.

—Que lle pasou onte co funcionario?

Prendín un cigarro e respondínlle:

—Nada grave. Hai unha moza coa que eu me escribo e como non me deixan comunicar con ela, pois escribolle notas e ela a min. Que hai niso?

—Que está prohibido —dixo, mentres extraía con habilidade un cigarro dunha caixa—. Dásme lume?

Deille lume, respondéndolle:

—Mire, vullle ser franco. Hai moito tempo que estou fóra de Galiza e encerrado en celas. Aquí veño ver a miña familia e amigos;

para estar tranquilo, mais nada —mentinlle—; por tanto, só lle pido que me deixen en paz. Se non lle gusta o das notas, pois déixennos comunicar e xa está.

—Quen é a rapaza?

—Unha amiga miña.

—Vou falar co director para que vos deixe vervos, pero non quero que andedes tirando máis notas polo muro, nin que faltes máis ao respecto aos funcionarios, de acordo?

—Quedaríalle moi agradecido se así fose...

Ese mediodía, despois do xantar, o director mandoume buscar á cela. Despois de me cachearen, fun conducido ao seu gabinete.

—A ver, que é o que quere? —preguntoume.

—Comunicar e que me deixen en paz.

—Con quen?

—Trinidad Silva Iglesias.

Pensouno un intre.

—Esta tarde deixaráselles comunicar por locutorio vinte minutos. E se non fai nada ata un día antes do seu traslado, darémoslle un vis a vis de varias horas con ela. Antes non.

Pretendía obter o meu bo comportamento a través dunha chantaxe emocional e manipularme. Psicoloxía secundaria para nenos.

—Paréceme ben —respondinlle.

Esa tarde comuniquéi coa moza durante vinte minutos, tal e como me garantiran. Estaba igual de fermosa que nos tempos en que estiveramos xuntos; talvez máis repoluda pola inactividade do cárcere. Doeume vela prisioneira detrás daqueles barrotes.

—Ola, galopina!

—Ola, como estás?

—Xa o ves; cargado de cadeas, pero animado.

—Foi unha sorpresa que nos deixasen comunicar. Ao primeiro pensei que ía ser vis a vis...

Ao outro lado das comunicacións, unha carcereira escoitaba atenta a conversa. Ao meu lado, preto de min, un carcereiro facía o mesmo. Cantas intimidades tiñan violado coa súa presenza insultante? Como podía ser tan mesquiño e carecer do escrúpulo da vergoña, cando menos do respecto, permanecendo alí sen se retirar? Sen dúbida aquilo acababa por facer parte das súas almas de carcereiro, co tempo e a práctica.

—Tarrío, remate. Xa pasou o tempo regulamentario...

—Ben, China, cóidate e moita sorte. Saúda á Pili.

—Cóidate ti tamén.

Un beixo no cristal foi a fría despedida. Cantos beizos de homes e mulleres se estamparan contra aquel cristal suxo, mensaxes de cariño ou amor? Aquele sistema de comunicación era ficticio e degradante; era cruel. Que podía haber da malo en que dous amigos se beixasen?, que podía haber de nocivo en que aqueles cidadáns que tiñan familiares en prisión os puidesen tocar, abrazar, beixar? A Administración posuía medios abondo para transformar aquelas cabinas, suxas e cheas de barrotes, en pequenas salas onde os presos, os seus familiares e amigos, puidesen realizarse emocionalmente da forma máis humana, garantíndolles comunicacións semanais vis a vis. Cando menos os familiares dos presos, como cidadáns que pagaban os seus impostos, merecían un trato mellor, máis digno, máis humano.

Puxen os preparativos en marcha. Ninguén conseguira escalar aquelas paredes nunca. Unha vez tentouno un preso, mais ao tomar o tellado as tellas soltáronse e caeu ao baleiro. Aínda que rompeu os ósos, deu sobrevivido ao impacto dun xeito case milagroso. Desde o patio ata ao tellado había uns trinta metros. Eu daquela viña en plena forma física, ao ter estado a facer pesas na prisión de Daroca, e atopei un lugar polo que crin poder trepar ata acolá enriba, explotando aquelas condicións. Faríao polo Departamento de Mulleres.

Subiran o muro do patio destas para que os homes da terceira galería non as puidesen ver desde as xanelas superiores. Agora o muro estaba a só uns dous metros do tellado. O afán enfermizo da Dirección de reprimir constantemente as relacións preso-presas conducíranla a erguer aquel muro, que por súa vez me podería conducir a min ata o tellado e facilitarme o acceso ao mesmo. Agradecín a colaboración.

Esa noite comecei a serrar un dos barrotes da xanela da cela que ocupaba, mentres o meu camarada Javier vixiaba as xanelas de en fronte, onde estaba a enfermaría. A axuda dos presos resultou inestimable en todo momento. En dúas noites deixeiño cortado. A pesar dos cacheos diarios a que era sometido, non deron coa parte serrada, grazas á pintura que os compañeiros me facilitaran. Grazas!

Pensara en ter o vis a vis e actuar esa noite. Mais non me fiaba do director. Coñecía os métodos destes e temía que despois da comunicación me trasladasen de cela, ou que rematasen coas obras. A liberdade era prioridade indiscutible, polo que habería que prescindir do lado sentimental. Ocorréuseme que se cadra non a ía volver ver nunca máis...

A noite do 15 de setembro caeu sobre o cárcere coruñés, incitando á fuga, cómplice e sedutora. Esperaría ata as catro para lles dar tempo aos presos a adormecer, e aos gardas civís a se aburriren polo tedio. A esa hora faría frío e isto incitaríalos a se meteren dentro das garitas.

Mentres chegaba a hora prevista, confeccionei unha corda trenzada. Unha vez acabada, humedecina a fin de lle proporcionar maior resistencia. Esperaba que aguantase. Vestínme cun chándal negro e un pasamontañas que me ía servir para espiar desde o tellado, sen ser advertido con facilidade desde as súas zonas escuras. Posteriormente, enrosquei á corda arredor da cintura e do torso. Ás catro en punto arrinquei o barrote e saín fóra. A partir daquel instante volvía ser libre fisicamente, ao me ter subtraído ao meu encerro; e

íao ser ata o momento en que me volvesen encerrar nalgún daqueles tobos. Achegueime á xanela do Javier e, despois de lle estreitar a man nunha firme aperta, fíxenlle entrega dunhas fotos da miña familia cun enderezo onde envialas.

Despois daqueles detalles, emprendín a escalada. Subín á xanela da garita e desta ao tellado que a cubría. Desde alí pasei, colgado do muro das comunicacións, ata o tellado dun pequeno taller situado debaixo da enfermaría. Acto seguido, subín a unha das xanelas por medio dun tubo suxeito á parede, e desta á do andar superior polo mesmo procedemento. Concentreime unicamente en subir aquilo, evitando a idea dunha caída. Unha vez na xanela do terceiro andar, agarreime aos barrotes e descansei un cacho nela para recuperar forzas, confiando en que non se lle ocorrese a ninguén abrila naquel momento e me descubrise agochado alí. Escalei un metro máis polo tubo e, á altura do muro, colgueime del. Descansei outro cacho, sentado a cabalo do muro. Despois incorporeime por riba del, cun pé detrás do outro, pois o muro era tan ancho como o canto dos tixolos que o formaban. Desde aquela posición, o bordo do tellado chegábame ao peito. Non cometín o erro que cometeu o preso que tentara subir antes ca min aquelas paredes, e retirei as tellas cara a un lado, dándolle ás mans unha base firme en que se apoiaren. Palpei o cemento coas mans, buscando a posición idónea para me erguer. O tellado inclinado facíame consciente de que, se non o conseguía á primeira, iría cara a abaixo, dada a estreiteza do muro en que estaba subido. Relaxeime por medio dunhas respiracións nasais e tomei aire a fin de concentrar todo o meu esforzo en subir. Erguinme de súpeto, deixando o peito e o estómago enriba do tellado. Por un cacho un medo terrible apoderouse de min, pero logrei esquecelo e, nun novo guindón, axudado polos cóbados, conseguín subir definitivamente. Uf! Desde abaixo o meu compañeiro seguira toda a escalada e saudoume coa man. Devolvinlle o saúdo.

Unha vez enriba do tellado do Departamento de Mulleres, deslicéime ata Menores polos tellados, e desde alí ata a terceira galería. Baixei ao tellado do taller, situado en fronte do recinto e da garita, comprobando que efectivamente estaba en obras e baleira. Tirei o pasamontañas ao patio, pois unha vez traspasados os tellados xa non me era necesario. Saquei a corda da cintura e agardei que cambiasen de garda para actuar. Mentres fumaba un cigarro, contemplei a cidade. A miña mente encheuse de lembranzas.

Ás cinco fíxose o cambio de garda e deilles un pouco máis de tempo para que se aburrisen e se confiasen, mentres preparaba a corda para baixar ao recinto sen ruído. Corrín por enriba dun dos saíntes en que estaba suxeita a cerca de arame que ía ter que superar para poder baixar. Non a ateí, senón que a metín a través do saínte como se mete un fío nunha agulla de coser, deixando a corda dobre. Aquel método íame permitir recuperala, unha vez alcanzado o recinto e, media hora despois, ao sobrepassar a cerca de arame, baixei pola dobre corda ata o chan sen ser visto. Recollín a corda cun guindón e crucei o recinto, pegándome ao muro de costas, debaixo da garita desocupada. Un dos extremos da corda posuía un peso construído con varias pilas grandes, que debía tirar por enriba da varanda metálica para poder subir agarrando a corda polas dúas partes, dobre, igual que baixara. Na garita de en fronte, na outra esquina do recinto, un garda civil esculcaba o exterior. Ao seu lado, apoiado contra a parede, descansaba o seu subfusil. Á miña esquerda, o seu compañeiro paseaba sen se decatar da miña presenza, distraído pola música que saía da radio que trouxera para se entreter. Tirei da corda por enriba da varanda e, collendo as dúas partes, comecei a trepar pola mesma con destreza. Con todo, cando case tocaba coas miñas mans a varanda metálica, a corda cedeu nun dos nós do empalme e rompeu, víndome abaixo estrepitosamente. Aínda que logrei caer de pé, evitando unha posible lesión, a Garda Civil advertíume e deu a alarma.

—Ei, ti, fillo de puta —berráronme desde as garitas e apuntándome coas armas—nin se che ocorra moverte...

Do outro lado, o garda civil avisaba os seus compañeiros do posto de garda. Perdera de novo. Pronto apareceron varios gardas civís armados polo recinto, que se aproximaron a min.

—Tírate ao chan boca abaixo, coas mans nas costas —indicoume un deles.

Obedecín.

Despois volveume advertir.

—Nin se che ocorra facer nada estraño —e, entregando ao seu compañeiro a pistola, engadiu—se tenta algo, dispáralle.

Despois disto achegouse a min e agrillooume as mans. Unha vez incorporado coa súa axuda, conducíronme cara ao corpo de garda. Sentínme canso e derrotado. A miña ollada fixa no chan de cemento reflectía claramente o meu fracaso.

Unha vez no corpo de garda, introducíronme dentro e conducíronme a unha sala pequena, onde me convidaron a me sentar nunha cadeira. Un deles interrogoume:

—Levas moito tempo fóra da cela?

—Non —mentílle.

—Estabas só?

—Estaba.

Olloume fixamente e preguntoume o nome. Díxenllo:

—Chámome Xosé Tarrío González.

Desde o recinto, a través das portas, escoitei os carcereiros a discutir cos gardas civís. Querían meterme canto antes dentro da prisión, cousa á que a Garda Civil se opuxo. Tiñan que tomarme declaración en presenza dun avogado. Estabamos nun estado de dereito e existían unhas normas... cando menos iso era o que parecía.

Sobre as dez da mañá, trasladáronme ao interior da prisión. Conducíronme escoltado varios gardas civís, agrilloado coas mans nas

costas. Unha linda carcereira observaba curiosa a situación desde a entrada da prisión. Era a encargada de recoller a documentación dos familiares que viñan visitar os seus seres queridos, encerrados naquel absurdo universo do mal. Sorrinlle abertamente, pavero. Era o único que se me ocorreu.

Dentro do *rastrillo*, un grupo de carcereiros, comandados polo xefe de Servizos de quenda, esperaban o meu ingreso. Retiráronme os grillóns e tratáronme, ante a miña sorpresa, de xeito amable e correcto:

—Ben, Tarrío, perdeu, así que nós imos deixar de máis fugas e ter, o que lle queda por estar aquí, tranquilidade. Ímoslle dar algunhas das súas pertenzas e o resto vanlle ser retiradas. Xa sabes, como sempre —indicoume o xefe dos carcereiros, para engadir a continuación—. Teño ordes de que non saia vostede en ningún momento ao patio, polo que vai permanecer as vinte e catro horas do día encerrado na súa cela.

—Na miña cela non; nunha cela de vostedes será... —respondinlle, aclarando aquel detalle, que para min era fundamental.

Non era a miña cela, senón unha cela do Estado e da sociedade, na cal se me privaba da miña liberdade, dos meus dereitos en contra da miña vontade.

—Ben, Tarrío, imos deixar as cousas así, de acordo?

—Por min, vale.

A verdade era que as miñas intencións eran outras moi diferentes dos seus planos. Observara que a porta do Departamento de Mulleres carecía de carcereira e estaba aberta. A porta daba ao recinto, en fronte do corpo de garda e pegada ás comunicacións polo que, se lograba chegar ata alí, podería tentar abandonar o cárcere mesurado entre os familiares dos presos, que non me delatarían. Penso niso mentres era trasladado de novo ao búnker, que xa baleiraran, e deixáronme só. Permitíronme pasar á cela que me asignaran unhas mantas, unha radio e uns libros.

Unha vez máis, estaba illado, no meu ambiente habitual. Deiteime enriba do colchón, ollando cara ao teito branco nun xesto repetido ata a saciedade nos momentos en que os pensamentos se acumulaban na miña cabeza. Enriba de min estaba a galería de maiores, polo que podería obter cousas a través das xanelas, por medio de fíos. Necesitaba un coitelo. Máis nada. Con el retería o carcereiro do módulo, ou posiblemente a varios deles, xa que dificilmente viría abrir a miña cela só un, pero iso non ía constituír ningún problema.

Ante un coitelo, ante unha violencia maior, os matóns do Estado deixaban de selo, para se volveren seres humildes e moi humanos. Non. Eles non representarían un problema. Con eles retidos e atados dentro das súas celas, confeccionaría unha corda coas mantas e saltaría ao patio das mulleres; retería as carcereiras de alí, unha ou dúas como máximo, e encerraríaas co resto de presas, por se acaso algunha facía algo raro ou acusaban a outras de colaborar. Aquilo evitaríanos problemas a todos. Collería as chaves e sairía mesturado coa xente da comunicación, pois sería pola mañá, durante a cal cada día había unha comunicación cada trinta minutos. Se unha vez no recinto xurdían problemas, a guapa carcereira da entrada sería a miña refén. Ou é que tiveran algunha vez miramentos comigo? ou é que non era eu mesmo refén da Administración? porque eu nunca ía aceptar o encerro e tal actitude enfrontábanos para sempre. A idea era aceptable, gustoume e decidín organizala canto antes.

Dous días despois solicitei un coitelo á galería. Esa tarde enviáronmo. Tirárono envolto dentro dunha chaqueta de chándal ao patio, desde unha das xanelas da galería. Eu non tiña máis que recollelo por medio dun gancho atado a un longo fío, enganchándoo e tirando del ata a xanela. Estaba niso cando a porta do patio se abriu e numerosos carcereiros entraron na miña cela, mentres outro grupo se apoderaba da chaqueta de chándal e do coitelo. Agrilloáronme.

—Desta vez pasáches-te, Tarrío —ameazou-me o carcereiro xefe.

—Pero, que pasa? —preguntei inutilmente.

—Non vaías de listo, Tarrío. Botáronche un coitelo pola xanela da galería e vimos como o tentabas recoller e, dado que estás só no módulo, resulta obvio contra quen o querías usar —explicou-me un deles nun razoamento que me sorprendeu nun tipo coma el.

Conducíronme ao illamento de Menores e introducíronme nunha cela, a número catro, fronte a unha das garitas da Garda Civil. Alí agrilloáronme os brazos á cama, inmovilizándome.

—Vas ficar así ata que te vaías de aquí...

Para me trasladaren alí baleiraran previamente o módulo, sacando deste os sancionados. Encantáballes terme só, aínda que a verdade era que exercía unha grande influencia no resto dos presos e non querían que mantivese ningún tipo de contacto con eles. Prepareime para pasar a noite. Aquela posición producíame moita dor nos brazos, mais íame ensinar a facer mellor as cousas noutra ocasión. Facía parte do xogo. Non adormecín en toda a noite. Son moitas as cousas que se lle pasan a un pola cabeza en momentos así.

Ao día seguinte fun conducido ao xulgado da Coruña para ser procesado por un delito de quebrantamento de condena en grao de tentativa. No transcurso do xuízo comentei á xuíza a miña actual situación en prisión, pero ignorou-me, facendo caso omiso ás miñas denuncias. A carraxe apoderouse de min:

—Filla de perra! É isto o que entendes ti por xustiza? Enviades os homes alegremente a presidio, en nome da xustiza, e logo silenciades as torturas e irregularidades que alí suceden, prostituíndo a profesionalidade ao capricho da Administración. E ti pretendes xulgarme a min? Seguramente sexa vostede unha fríxida con complexos de inferioridade, o cal afecta seriamente ao pigmeo cerebro que lle tocou en sorte...

As miñas palabras produciron barullo na sala. A xuíza estaba ruborizada. Seguramente, afeita á submisión rastreira da maioría de delinquentes que a diario pasaban polo seu tribunal para seren xulgados, as miñas declaracións humilláranla e ofendéranla gravemente.

—Expúlseno da sala —alcanzou a dicir, contendo a cólera—. E saiba vostede —engadiu dirixíndose a min—, que se lle vai abrir expediente por desacato.

—Señora —respondínlle xa na porta—, coa súa sentenza vou limpar o cu, abofé...

A policía sacoume da sala, baixándome por un dos elevadores ata os calabozos do soto.

—Tes mal xenio, eh, Tarrío? —díxome un deles.

—Non tal, o único é que me foden eses cabróns, non os soporto.

Continuei a falar amablemente para lle crear un clima de confianza, pois tiña en mente tentar escapar cando me conducisen ata o furgón. Efectivamente. Saímos cara ao exterior onde estaba aparcado o furgón celular. O policía levábame agarrado polos grillóns que ataban as miñas mans ás costas, cando os demais se adiantaron uns metros. Daquela actuei. Aproveitando unha das columnas do edificio, puxen o meu pé nela e impulseime violentamente cara atrás, derrubando o policía, quen, a pesar de todo, permaneceu agarrado ás cadeas dos grillóns por unha man. Berrou e respondín con varias patadas de tacón na súa cara, á vez que o arrastraba, sen éxito. Rapidamente os demais polis se abalanzaron sobre min coas súas armas e reducíronme, para despois me introduciren a rastro dentro do furgón.

—Cando cheguemos á prisión vas saber o que bo —ameazáronme.

Unha vez na prisión sacáronme do furgón polo aire. Un deles tiraba do meu pelo, inclinando a miña cabeza cara ao ceo. O resto aguantaba os meus brazos. Ao pasarmos pola cabina de comunicación, dediquei un sorriso forzado á carcereira que, unha vez máis, ollábame atónita. Preguntou curiosa a un dos polis.

—Que foi?

—Tentou escapar e lesionou un compañeiro, o moi cabrón.

Entramos dentro dos dominios da prisión. Agardaba unha malleira en represalia, o que era habitual naqueles casos; e, a pesar de todo, o policía ao que agredira comportouse como un home de verdade.

—Que? Viches o que fixeches? —díxome, cara a cara.

—Non procurei nada persoal contigo, só pretendía a fuga.

—Pois saíuche mal —respondeu calmado—pero cando menos bótacheslle collóns. Que anos tes?

—Vinte e dous.

—Quitádelle os grillóns —ordenou aos seus compañeiros e logo engadiu dirixíndose a min—. Espero que a próxima vez teñas máis sorte, pero non comigo —sorriu.

—Grazas. É vostede un bo tipo...

Nunca esquecín o xesto daquel home que, recoñecendo o meu dereito a fugarme, puña de manifesto o seu propio valor como ser humano. Aquilo honrábao como inimigo. Negárase a abusar dun home indefenso, a pesar de que os seus compañeiros o animaran a iso.

Viñeron por min ao *rastrillo* o xefe de Servizos e a súa banda de carcereiros. Despois de me agrilloar, conducíronme de nove á cela que acababa de deixar esa mañá. Agrilloáronme de novo á cama.

—Queres comer? —preguntou un deles.

—Quero. E tamén quero papel e bolígrafo para lle escribir sobre isto ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria.

Un dos carcereiros riu:

—O xuíz de vixilancia foi quen autorizou a túa inmovilización mecánica, Tarrío, ata que te leven de *cunda* para Daroca.

Trouxéronme comida nunha bandexa de plástico e soltaron unha das miñas mans para que puidese comer. Fíxeno amodo para lle dar tempo aos brazos a se relaxaren. Comía coa man esquerda, sentado na cama e coa bandexa enriba dos xeonllos, mentres observaba o

grupo de carcereiros que me rodeaban armados de sprays e porras. A miña mirada fuxía da súa. Estaban incómodos. Coñecíaos a todos de antigas estadias en prisión, anos atrás, en Menores. Falei con algún para gañar tempo.

—Para que queres esa porra? —pregunteille.

Aquela pregunta directa sorprendeulle e pareceu que, por un intre, se daba conta do ridículo daquilo ante un home agrilloado cun brazo á cama.

—Home, Tarrío, ben sabes...

—Ben sabes, ben sabes... é que non saben vostedes dicir outra cousa.

—Cumpro ordes, Tarrío. Ademais está vostede moi violento ultimamente. Así non vai conseguir nada bo...

—Ou sexa, que está vostede a pensar en agredirme con iso, non é? —respondín.

—Estou, se é preciso. Se se porta ben, non...

—Podo fumar? Teño o tabaco na outra cela.

—Só un cigarro —entreviu o xefe de servizos.

Proporcionáronme un Winston español. Prendino con parsimonia e fumeino devagar. Existía na cela un ambiente cargado de tensión, que un profundo silencio facía moi incómodo. Unha vez concluído o cigarro, agrilloáronme de novo á cama, despois do cal se foron.

Chegou a noite. Os brazos doíanme bastante pola inmovilidade e os pensamentos amoreáronse na miña mente, violentos. Tiña ganas de mexar mais non podía chamar. Nin sequera me oirían berrar desde aquí. E se me acontecesse algo estando así? Nada.

O xuíz encargárase de que todo resultase unha morte normal, entregarían o cadáver a miña nai e daríanlle un pésame cínico do Estado.

Aquel castigo rebelábame. Para min non era lexítimo, nin aínda cando ía encamiñado a coutar os meus instintos de evasión ou ga-

rantir a seguridade dos carcereiros que traballaban alí. Tiñan dereito a se defenderen, e eu recoñecíallelo; mais non a facelo daquela maneira tan miserable. Os meus actos só ían encamiñados a lograr con éxito a fuga, e non a danar a ninguén. Os seus, a danar o home. A destruír a súa moral, a súa resistencia física e a quebrantar a súa vontade. Á hora de aplicar o seu castigo, a Administración non consideraba o dano físico ou moral que puidese causar o reo, senón só e unicamente que os seus propios intereses non resultasen danados. Era unha solución primitiva. Para a Administración e para a sociedade aquel castigo era lexítimo, pero castigar era unha grave agresión ilexítima do Estado, cando o que castigaba non era mellor que o castigado, aínda que só fose por infrinxir un castigo desmedido. Nunca é lícito castigar, pois o castigo non é reeducador, senón só vinganza. Por que? É obvio, o castigo non rehabilita a ninguén, que é a finalidade do tratamento carcerario, polo simple feito de ser un castigo, unha agresión represora, o emprego da forza física (que non moral) a modo de imposición. Así unicamente se obtén unha conduta prudente do individuo que se somete só momentaneamente, presionado pola intimidación da Administración e o seu abano de castigos e posibilidades.

Era irrisorio, dunha baixeza insultante. Como pretendían reeducar a ninguén, se non sabían sequera perdoar? como pretendían ser xustos, se ao non haber perdón o castigo se volvía vinganza? A Administración e a sociedade non eran tan grandes como para non coñeceren a envexa, o rancor, o desprezo e a vinganza. Como amosarme a min, daquela, que as miñas infraccións eran constitutivas de responsabilidade, merecedoras dun castigo, cando observaba a diario como os executores dese castigo infrinxían a lei comigo, sen seren castigados nin reprendidos nin, sequera, amoestados?

Na mañá seguinte, na hora do relato negóuseme ir ao servizo, polo que, sen me poder resistir máis, tiven que ouriñar polos pan-

talóns. Non me deron de almorzar nin me viñeron visitar ata a hora da comida. Trouxéronme unha bandexa cunhas patacas cocidas quentes, que comín famento ante a atenta ollada dos meus verdugos. Non se me permitiu mudar a roupa, nin ducharme, nin obtiven ningún tipo de atención médica. Tiven que aguantar ata o día seguinte en que ía vir por min a Garda Civil. Parecía cómico, mais desexaba que chegasen canto antes e me sacasen daquela situación.

Esa noite pasei moito frío. Tentei durmir pero só o conseguín a cachos. Os brazos torturábanme constantemente, aínda que o colchón e a roupa que vestía o facían máis soportable.

Efectivamente; ao día seguinte pola mañá cedo a Garda Civil veume recoller. Sacáronme ata o *rastrillo* agrilloado. Ao atravesar o patio, escoltado polos carcereiros, os presos de Menores despedíronse de min:

—Cóidate, Che, e ánimo.

—Igualmente... —respondinlles, virándome cara a eles sorrinte.

Unha vez no *rastrillo*, cambiáronme os grillóns por uns da Garda Civil (eran distintos). Agrilloáronme só; o resto de presos estaban agrilloados de dous en dous. Eles tamén ían de condución. Saudámonos todos antes de saírmos. Un dos carcereiros advertiu ao mando da Garda Civil sobre min:

—Levade coidado con este que é fuguista e moi rebuldeiro.

—Xa o sabemos —respondeu.

Logo dirixiuse a min:

—Tarrío, espero que teñamos unha viaxe tranquila. Vas ir só; se queres ir ao servizo tocas o timbre da gaiola e sacámoste. Non tentes nada nin me obrigues a ter que te agrillear á cadeira toda a viaxe, de acordo?

Na súa voz non había chulería, senón tranquilidade e pacto. Coñecía como tratarme e fíxoo con tacto, polo que lle respondín de forma tranquilizadora:

—Tranquilo, con tal de que me abra un cacho o corredor das gaiolas para desentumecer as pernas e ir ao servizo, ben me chega. Polos demais non vai haber problemas.

—Ben.

Sacáronnos ata o furgón. Os meus compañeiros primeiro, eu despois deles. Escoltábanme varios gardas civís. Fóra, na entrada, sorrinte, a carcereira dos carnés movía a cabeza dun lado ao outro, dándome a entender que era un tarambaina. Premieina co meu mellor sorriso e cun chiscar de ollo cómplice. Cando pasei ao seu lado tivo estas palabras para min:

—Non deixa vostede nunca de sorrir, Tarrío?

—É que me divirto moito. Ata outra, guapa —respondinlle con bo ánimo.

—Sorte.

Metéronme dentro dunha das vinte gaiolas do furgón celular. Agradecín ir só, xa que aquilo me ía proporcionar maior liberdade de movementos. A sucidade nas gaiolas non variara un ápice, mais indo suxo e mexado por riba, aquilo carecía de importancia naquel momento para min. Á saída da Coruña, abríronme para que saíse mexar. Dei un paseo polo corredor, conversando con outros presos, mentres fumaba un cigarro. O resto de reclusos conversaban a través das gaiolas e a berros sobre os seus destinos, as súas penas e outras cuestións persoais. Fun ao lavabo, mexei como puiden por aquel furado co furgón en movemento e metinme dentro da gaiola, para permitir que outros reclusos puidesen saír das súas gaiolas. Turnabámonos.

Esa tarde chegamos a León, onde fomos ingresados nas celas de ingresos para facer noite alí. Tocoume facer cela con outros dous presos, polo que desafoguei as miñas ganas de falar. Tamén aproveitei a conxuntura para me duchar enriba do servizo con varios cubos de auga e mudarme de roupa. Sentoume de marabilla.

Na mañá seguinte retomamos a condución ata o cárcere madrileño de Carabanchel. Chegamos a ela, sobre as tres do mediodía, cansos e esgotados polo traxecto. Alí iamos facer tránsito durante varios días, ata que outros furgóns nos trasladasen aos nosos respectivos destinos.

Introducíronnos agriloados ata dentro da prisión, onde nos retiraron os grillóns. A Garda Civil, unha vez feita a entrega do cargamento humano, foise. Varios carcereiros fixéronnos ir ata o Departamento de Pegadas e deixar alí todas as bolsas, nas cales levabamos as nosas pertenzas. Logo, como eramos moitos, baixáronnos a algúns ata algunhas celas americanas, as cales se distinguían das demais porque a súa parede frontal era toda de reixas, como as gaiolas dos zoolóxicos. Estaban situadas nun soto, baixando unhas escaleiras, debaixo de Ingresos. Alí nos introduciron a outros presos e mais a min.

Os meus compañeiros facían bromas e rían entre si. Non me sumei á festa. Senteime nun saínte de pedra e a miña memoria tróuxome recordos de acontecementos sucedidos alí, había anos, que me narraran algúns dos presos máis vellos. A miña imaxinación trasladoume ao ano 1978. Daquela eu tiña só dez anos. Na terceira galería daquel cárcere descubrírase un túnel, no cal foron sorprendidos varios presos. Un deles, un anarquista chamado Agustín Rueda Sierra, fora interrogado sobre o resto de presos que colaboraran na confección daquel túnel, na cela en que agora estabamos nós. Alí, supervisado polo médico, fora golpeado durante varios días. Agustín Rueda negouse en redondo a colaborar coa dirección e a proporcionarlle os nomes dos seus compinches de evasión. Iso supúxolle unha serie de malleiras continuadas, a consecuencia das cales faleceu días despois. O daquela director xeral de Institucións Penitenciarias, Jesús Haddad Blanco, saíu en defensa dos carcereiros que mallaran naquel home ata a morte. Os GRAPO, en represalia pola morte de Agustín Rueda, puxeron fin á vida do director xeral o día 22 de marzo por medio dun atentado.

Agora, imaxinándome na escena dun home espido e agrilloado aos barrotes daquela cela, que se negaba a entregar os seus compañeiros e aceptaba morrer mallado por eles, preguntábame: cantos golpes eran necesarios para acabar coa vida dun home? vinte, cincuenta, cen? Pensando naquilo recachouseme o pelo e un profundo calafrío percorreu o meu corpo, e sentín profunda admiración por aquel home que o soubo ser; e unha sensación de impotencia e indefensión ante o submundo carcerario.

*Flotas na miña sombra,
navegan na miña vingadora escuridade os teus desenlaces;
es asemblea do EU parlamentario de tocaios,
voz social onde se agudizan adulterados enseres.
Por min coroa a lealdade materializada,
á comodidade de apousento materializará as formas con mobles
de sentimento, sendo o dente traído da miña serra á túa serra no círculo,
inquilino sobresáinte, de min en ti,
na sima do meu máis puro pensamento.
Con homicida vía crucis, inmovilizaremos o volume,
ata nos lazar en salvaxe acometida;
ata impregnar con sangue a fertilidade doutras dúbidas,
en cidades de ferro e cemento, con redobre no noso peito.
Por ti, camarada, as entrañas acenden os fachos.
Levamos o peso da inxustiza en mil lugares
e erguemos solidariedade polos verxeis do pelo,
que escarvan as tempas do loito.
Os homes realzan a súa dignidade entre pasos de multitude,
chegan ao cume entre espasmos de ideas
e brotan as miñocas do morto na ondeante danza do seu cénit.
Volvan os tendóns a estrangular o sangue,
glóbulos de espiga repartidos en febras,*

*ata que caía a montaña desprendida da súa base
e todo apague con claridade de lúa.*
(Na memoria de Agustín Rueda)

Horas máis tarde viñéronnos abrir para nos trasladaren, tras deixar as nosas pegadas en Ingresos, ás celas americanas da sexta galería. Assignáronme unha daquelas celas, suxas e repugnantes. Ía ter que agardar alí varios días ata que a condución a Zaragoza me viñese recoller, xunto con outros presos. Na hora do paseo atopeime con Lolo, *el Carmona*, un amigo meu ao que coñecera nese mesmo lugar noutra ocasión. Paseamos xuntos, falando:

—De onde vés agora Lolo?

—De Santander —aclaroume—, agora lévanme en primeiro grao a Daroca.

—Ben, daquela imos facer xuntos a viaxe ata alí.

—Pasado mañá, non é?

—Si.

- PRISIÓN DE DAROCA, ZARAGOZA, OUTUBRO DE 1990 -

Un grupo de carcereiros recibíunos en Daroca, despois dunha viaxe esgotadora. Cacheáronnos, pasándonos a través dun aparato detector de metais, para logo asignarnos o módulo un, o dos inadaptados, como lugar de cumprimento. Atopeime alí co meu amigo José María Expósito. Por el souben que a fuga que prepararan os seus irmáns en Pontevedra, durante a miña estadía alí, fracasara logo dunha intervención policial. Lamenteino.

Na prisión as augas estaban revoltas e ulía a tensión. Un preso matara outro naquel módulo, había pouco, dunha coitelada no corazón; un axuste de contas, habitual entre nós. Por outra parte, un apreciado camarada, compañeiro de revoltas e motíns en Zamora,

a quen coñeciamos por Rufino, acababa de morrer aos vinte e un anos de idade a causa da SIDA.

Liberáranos unhas horas antes de morrer, agonizante; non chegou con vida a Madrid, morreu no coche que o levaba de volta a casa, en brazos da súa nai.

Mastigábase un clima de previolencia: de ira, polo que recibimos a visita dun inspector da Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias. Escolleron dous presos de cada módulo para dialogar con el e que expuxesen os problemas de todos os demais. Xunto con outro compañeiro erixínme en voceiro do módulo un, ao cal representaba. O diálogo desenvolveuse nunha oficina da enfermaría, a cal non se usaba habitualmente para nada. O meu compañeiro entrou primeiro, mentres que eu agardaba a vez, escoltado por un par de carcereiros, en presenza do director. Concluída a entrevista do meu compañeiro, pasei á oficina. Alí, sentado nunha cadeira, detrás dunha mesa, estaba un home que, ben vestido e escrupulosamente peiteado, me sorría abertamente cun sorriso de imaxe. Pretendía crear un clima de confianza entre ambos.

Saudoume:

—Ola, como vai?

Sentei nunha cadeira, en fronte de del, e respondínlle cortés:

—Ola...

—Vostede é Xosé Tarrío, verdade? —preguntou, consultando unha lista de nomes que tiña apuntados nun folio branco.

—Son. Veño do módulo un.

—Ben, veño entrevistarme con vós por se tedes algo que me dicir. Xa sabedes que hai pouco morreu un interno aquí dunha coitelada. Queremos erradicar iso e outros aspectos deste cárcere, que sempre foi moi conflitiva. Que tal vivides aquí?

—Mal, contestando isto último. Polo demais, a violencia existe e continuará a existir sempre, mentres os cárceres manteñan dou-

trinas tan salvaxes de represión e se empeñen en manter todos os presos nun mesmo lugar, sen ter en conta outros aspectos humanos, cando menos lóxicos.

—Que aspectos? —interrompeume.

—Os presos deben cumprir nas súas respectivas comunidades a súa condena, para evitar conflitos de paisanismos e evitar o embrutecemento que causa en todos nós o desenraizamento familiar; a imposibilidade de que as nosas familias poidan percorrer centos de quilómetros para nos visitar só trinta minutos a través dun cristal. Por outra parte, non hai obradoiros nin actividades. A xente pasa todo o horario do patio tirada nel, sen outro entretemento que pasear e o resto do tempo, vinte e dúas de vinte e catro horas, encerrados nunha cela; e así todos os días da semana, do mes, do ano. Prohíbensenos as comunicacións vis a vis, cando levamos anos separados da familia ou sen nos deitar cunha muller. Iso xera violencia, señor, en homes na súa maioría condenados a longas penas de cárcere.

Fixen unha pausa para tomar alento e pór en orde os pensamentos. Continúei:

—Os reclusos do primeiro grao somos de por si conflitivos. Por iso nos encerran aquí. Se aínda por riba se nos somete a un réxime denigrante e se nos conculcan necesidades fundamentais, que é o que agardan? Aquí non funcionan nin a enfermaría como debera; temos os presos enfermos de SIDA nos patios sen asistencia médica efectiva; a desta prisión, pésima onde as houber. Para lograr un simple ximnasio tivemos que desfacer o cárcere enteiro, cousa que demostra que ás veces esta violencia é eficaz, ou se non ó e, si cando menos é a única vía que nos deixan. Dánselles malleiras aos presos por nimiedades e iso, señor, non axuda. Eu non digo que vostedes fomenten a violencia a propósito, pero si que se negan a ver a realidade desde as súas cómodas cadeiras e inexperiencia humana. Os

presos si vemos todo este conxunto de cosas, que nos embrutece a diario en prisión, ata nos facer crueis e incluso insensibles.

—Recoiro, non me deixa vostede moita saída. Ve as cousas desde un prisma moi negativo, Tarrío. Algo bo faremos, non? —interrompume de novo; a súa man dereita xogaba cun bolígrafo Bic.

Pasei a vista pola oficina un instante, para logo posar os meus ollos nun paquete de Ducados que, ao pé dun chisqueiro, estaba enriba da mesa. Antollóuseme un cínico:

—Mire vostede, ignoro a que vén aquí, pero con certeza non vou ser eu quen faga apoloxía do terrorismo carcerario, que vostedes utilizan para nos castigar. En 1980 había 20.000 presos dentro dos cárceres españois; hoxe contan vostedes con 40.000. Creo sinceramente que son vostedes uns incompetentes, que non souberon solucionar un problema social que lles foi encomendado. Cantos anos levan cos mesmos problemas enriba da súa mesa? Por un preso que semi-rehabilitan, crean cinco novos delinquentes. Converteron o cárcere nun negocio; non nunha solución —collín de novo alento un intre e proseguín, estaba emocionado—. O cárcere en si é violencia, señor; é a escola do crime para os delinquentes primarios coma min; a universidade do mal... Eu e mais os meus compañeiros constituímos a carnaza de que se alimentan os vosos cárceres; os vosos salarios, o voso negocio. Non se pode agardar nada dunha persoa que carece de ouvidos dentro das orellas, de sentimentos e da máis mínima intención de atender outras cuestións que non sexan as do seu máis estrito interese. Bo día... —concluín, mentres me despedía e abandonaba a oficina.

Un cacho máis e teríame abalanzado sobre el. Non! Eles nunca ían mudar nada, Institucións Penitenciarias enviaba os inspectores sempre que ocorría algo grave ou se presumía que podía suceder. Tentaban daquela calmar os ánimos con falsas promesas que nunca se levaban a cabo. Aquela entrevista era pura rutina, buro-

cracia para encher papeis e máis papeis e unha xustificación do labor daqueles que dirixían desde Madrid a institución represiva. Aqueles papeis serían o aval con que a Administración se presentaría ante a sociedade, amosando a súa preocupación por réximes carcerarios. Non, nada ía mudar aquela entrevista; como nada ía mudar os centos de denuncias que se cursaban desde as prisións aos Xulgados de Vixilancia Penitenciaria ou de Instrución. A solución aos problemas dentro dos cárceres pasaba irremediabilmente pola unificación de criterios da poboación reclusa, polos secuestros, os motíns, as revoltas e os plantóns; só cunha violencia maior se podía pór final aos réximes destrutivos. Cumpría unha loita armada dentro dos recintos carcerarios, e un levantamento popular cuxas reivindicacións proclamarían á sociedade os medios de comunicación, xunto co berro de terror dos verdugos convertidos en reféns. Habería que estender a loita a todos os recunchos de todos os cárceres, a comezar polos réximes especiais, pasando polos réximes pechados e rematándoa nos de segundo grao. Cando menos iso era o que se pensaba desde o devastador réxime especial de Herrera de la Mancha, onde, coordinada por Javier Ávila Navas, se reconstituíu a Asociación de Presos en Réxime Especial (APRE), composta inicialmente por cinco reclusos sometidos a este réxime. Foi con ideas como estas como Laudelino Iglesias, Luis Rivas Dávila, Vicente Sánchez, Antonio Losa López e Javier Ávila Navas, detido había pouco, pasaron á ofensiva e crearon unha das asociacións de maior peso e forza da historia penitenciaria española. Daquela ningún de nós, moito menos Institucións Penitenciarias, podíamos imaxinar os sucesos que en breve ían ver a luz, unha vez que as teorías se tornasen en acción; nin tampouco as consecuencias que aqueles ían traer como contrarresposta do Estado español.

A cela que ocupaba no módulo un era angosta, pero longa, o que me permitía pasear durante longos intervalos de tempo. Sentía-

me no último mes bastante preocupado pola miña saúde; xa non posuía aquela tranquilidade habitual que me permitía estar concentrado durante horas fronte a un libro ou escribindo extensas misivas revolucionarias aos meus familiares ou amigos. Estaba inquieto e, con frecuencia, dábanme ataques de taquicardia e sentía síntomas de asfixia. Daquela necesitaba espazo e asomarme á xanela a sentir o aire na cara para me librar daquela sensación de brutal opresión que se apoderaba de min. Iso, unido á idea sempre presente da SIDA, producíame unha paranoia constante e un sufrimento importante na psique, xa que a miña mente relacionaba automaticamente calquera síntoma coa morte. A posibilidade de que a morte me sorprendese no cárcere e de que aquelas frías paredes fosen o último que contemplasen os meus ollos comezou a bourear inqueda pola miña imaxinación. Cos médicos romperá toda clase de relación, xa que os odiaba profundamente por todo o que facían e consentían que se fixese cos presos, así que pasaba aqueles malos momentos como podía. Era orgulloso de máis para solicitar axuda a aqueles bastardos disfrazados de doutor, vergoña da nobre profesión da medicina, creada para curar o home e non para o destruír. Aínda que, en realidade, unha das cuestións que máis me preocupaban era o impacto que causara en min a morte de Rufino. A SIDA necesitara só trinta días para reduci-lo á nada, a un montón de ósos con forma humana. Era impresionante e horrible. Negáranse a lle outorgar o artigo 6o ata o último momento, polo cal a Administración ten a obriga de liberar todos os presos e detidos en fases terminais de calquera enfermidade mortal e irreversible certificada medicamente. Unha cousa era morrer e outra moi diferente apodrecer lentamente, agoniar durante días co corpo cheo de agullas, tubos e chagas purulentas.

A visita do inspector da Dirección Xeral, como supuñamos, non mudou nada no cárcere de Daroca. O réxime continuaba a ser em-

brutecedor e represivo: destrutivo. Pasabas vinte e dúas horas de vinte e catro dentro da cela, cando non te pechaban nas celas de castigo polo capricho dalgún carcereiro que, aburrido e embrutecido polo tedio, non atopaba nada mellor que facer. O compañeirismo estaba prohibido, así cando algún preso botaba café a outro a través da xanela e era sorprendido, trasladábano ao módulo cinco, onde lle daban unha malleira, co que evitaban que os demais o escoitásemos e batésemos nas portas en protesta. Logo agrilloábano ás argolas da cama, e deixábano alí ata o día seguinte, en que o soltaban, mais deixándoo illado por unha tempada. Terror e impunidad. Ás veces incluso nos prohibían falar entre nós a través das xanelas, aínda que normalmente non faciamos caso. Aquilo custábanos sancións de sete a catorce días de illamento, cando non algunha malleira. Dividiran o réxime pechado en tres fases: a primeira, para os clasificados como malos; a segunda, para os medio reformados; a terceira, para os que eles consideraban adaptados ao réxime e preparados para o seu paso do primeiro grao a un segundo grao dun réxime máis aberto. Terapia individual, encamiñada a nos dividir en grupos a través dun condutismo psicolóxico faseril e baseada nos estímulos reguladores do comportamento humano, premiando o que consideraban "positivo", castigando o que consideraban "negativo". Se querías saír de alí, terías que pasar polo aro, e someterte a unha serie de disciplinas humillantes dirixidas a despojar o home da súa personalidade e criterio particular. Vendíanche o paso dun módulo a outro, dunha prisión a outra, como un "progreso", como se non fose o cárcere e aqueles muros o verdadeiro problema, xerador das nosas inquiredanzas e sufrimentos. Ofrecíanche unha comunicación coa túa familia ou muller de vis a vis, unha tele ou o polideportivo como se non fosen dereitos recollidos no regulamento, premiando o teu bo comportamento. Se non te comportabas axeitadamente, retirábanche os "privilexios" e

atrasábante de fase. Utilizábase a chantaxe como medio educativo: se es bo, podes ver a túa nai; se es malo, non. Tratábannos o mesmo que se trata os nenos, procurando dobregar o noso espírito; que aceptásemos o noso castigo; que entendésemos o cárcere e o xustificásemos. Era demencial, diabólico; propio dunha das mentes máis ambiciosas, represoras e mesquiñas da época, a do director xeral de Institucións Penitenciarias, Antoni Asunción.

Unha semana despois daquela visita, José María Expósito envioume unha mensaxe a través doutros reclusos, desde o módulo dous. Lin o pequeno cacho de papel:

Che, vaste mañá de condución; seino por un funcionario que me comentou. Enviareiche cartos e se precisas algo máis envíasme recado. Lévante a Tenerife 2. Cóidate e ánimo. O teu amigo,
 JOSÉ MARÍA

Aquela era a resposta ás miñas reivindicacións. Por se non estaba xa lonxe abondo da Coruña, trasladábanme a unha illa, en África. Nun momento de humor pensei que non me enviaban máis lonxe porque deixaran de ter colonias no estranxeiro, menos mal. Imaxínades que me enviasen a Guinea, o Sáhara ou a algunha illa perdida do océano Pacífico? Que medo! Por outra parte, a actitude do carcereiro que filtrara a noticia resultábame incongruente. A pesar de que había unha orde expresa de que baixo ningún pretexto se me notificase aquel traslado, co fin de me sorprender, aquel garda comentárala ao meu amigo sabendo que este, por súa vez, mo ía notificar a min. Facíame un favor desinteresadamente; por un intre regresaba á súa condición humana buscando favorecerme, quen sabe por que razón. E eu que os cría incapaces de razoar! Acho que algúns daqueles seres malfadados, unha minoría, estaban desconformes con frecuencia co seu labor de verdugos da sociedade e, por

medio de accións como aquela, revelábanse un pouco contra aquela robotización e embrutecemento que os transformara en ferramentas de traballo, sen sentimentos; en instrumentos de torturas, sen máis. Á fin e ao cabo, todos eramos humanos e necesitabamos acallar a nosa conciencia dalgunha maneira, aquela voceciña interna que nos advertía daqueles actos que realizabamos en contra dos nosos principios. Ou non...?

Despedínme do Carmono, e do resto de camaradas. Recollín as miñas cousas e procureime todo o diñeiro posible para a viaxe. Despois encarguei a un preso que chamase á miña casa o día seguinte, por teléfono, e avisase a miña familia na Coruña do meu traslado. Na mañá seguinte, cando a porta da cela que ocupaba se abriu, atopáronme con todo vestido e con todo recollido dentro de tres bolsas. Estaba preparado para o éxodo.

Partín cara ao cárcere de Carabanchel, onde fixen tránsito durante tres días e onde me recolleu a condución que ía cara a Cádiz. Fixemos noite na prisión de Córdoba. Alí xurdiron problemas co cacheo, ao encerrarnos a todos dentro de dúas celas e pedírnos que nos espísemos e fixésemos flexións en crequenhas. Pareceume humillante e negueime.

—Como? —dixo sorprendido un carcereiro—que se nega a facer flexións?

—Exacto, e se me quere cachear terá que facelo nun cuarto á parte, pois non me vou espír en público.

—Que pasa? —interviewi outro dos carcereiros—, é que vostede é máis chulo que os demais?

—Non tal, pero non me parece esta a forma máis correcta de rexistrar persoas, e se os demais o permiten é o seu problema, non o meu.

Pecháronme nunha das celas, só. O resto dos presos leváronos ao interior da prisión e, unha vez pechados, viñéronme visitar, acompañados do xefe de Servizos que lucía orgulloso a súa placa no peito.

—A ver, Tarrío, que problema hai? —preguntoume este último.

—Ningún, excepto que me nego a ser tratado como gando.

—Veña! Déanos a roupa.

Espinme e entregueilles as prendas que vestía, para que as revisasen. Unha vez espido, un deles ordenoume:

—Faga flexións!

—Non —respondín.

Mirou para o xefe de Servizos solicitándolle ordes coa mirada, e este dirixiuse a min de novo:

—Moi ben. Pois xa que se pon así, vai vostede de cabeza ás celas de castigo, sen tabaco nin economato. As súas pertenzas pódeas deixar aquí, pois non as vai necesitar; nós proporcionaremoslle un par de mantas.

Despois de me vestir, conducíronme cara ao illamento, onde me pecharon dentro dunha das celas. Era pequena. Incrustada na parede, unha pequena xanela daba a un muro triste e gris, en fronte dela. Case non chegaba a luz solar. Un montón de po e cinza. Púxenme a pasear a través dela, pensativo. Parecíame degradante que nos obrigasen a realizar flexións espidos, amosándonos o cu uns aos outros, por satisfacer o capricho insán dun grupo de aprendices de carceiro. As flexións eran humillantes; cando menos así o sentira eu as veces en que as realizara, e un home non debe facer aquilo que fira o seu amor propio, nunca. Os presos tiñamos que deixar de colaborar coa Administración coa nosa submisión a todos os seus caprichos. Era preferible o castigo; non era o máis práctico, é verdade, pero si o máis digno. Non podíamos continuar a facer flexións, espidos en públicos, cando outros compañeiros sufrían malleiras e castigos noutras prisións españolas por se negaren a iso, co fin de erradicalo definitivamente e rematar de forma total con todos os cárceres, as flexións e os tratos degradantes. Eu agora estaba castigado porque os demais presos aceptaran realizar as flexións; se todos nos tivé-

semos negado, seguramente non nos terían castigado a ningún e teríamos evitado que se repetise o mesmo con outros presos, noutra condución. Era cuestión de dignidade e orgullo.

Coa cea trouxéronme un par de mantas suxas que cheiraban a podre. Boteinas nun recuncho da cela e, despois de cear, continúei a pasear por ela durante toda a noite, ata o día seguinte en que ía retomar o traxecto cara a Cádiz, co resto de compañeiros.

- EL PUERTO DE SANTA MARÍA, 1 DE NOVIEMBRE DE 1990 -

O mítico penal do Puerto de Santa María apareceu ante os meus ollos a través das reixas metálicas do furgón celular da Garda Civil. Amosábase grande e solitario, construído sobre tixelos vermellos, custodiado pola Policía Nacional. No furgón fíxose un silencio automático, e as chaves dos grillóns, o ouro e demais obxectos prohibidos regresaron aos seus agochos habituais. Abríronse as portas automáticas que daban acceso ao recinto e o furgón penetrou dentro, para se deter fronte á porta de ingresos. Chegáramos. Baixamos do furgón de dous en dous e, recollendo as nosas pertenzas, encamiñámonos ás súas entrañas. Alí agardaba por nós un grupo de carcereiros que, tras recoller as nosas pegadas, nos trasladaron ata as celas de castigo, coñecidas como "a cúpula", por estaren no piso superior do edificio. Pecháronnos a cada un nunha daquelas celas, despois dun cacheo integral á persoa e obxectos. Os tobos do Puerto de Santa María eran extraordinariamente pequenos e opresivos, brutais. Era imposible pasear por eles, o cal obrigaba a permanecer sentado ou deitado na cama, cousa que agora estaba permitida. Anos atrás os presos alí encerrados tiñan que permanecer todo o día sentados ou de pé; estaba prohibido deitarse na cama, fumar ou falar. Lavei a cara no lavabo e mexei no servizo adxunto, situado a ras do chan. O furado do servizo estaba bloqueado por unha bo-

tella de plástico con auga; era a tapadeira que evitaba os olores e a presenza de noite das ratas. Logo asomeime á xanela de aluminio; en fronte e debaixo da cúpula estaba a enfermaría do penal. Había varios homes dentro, un deles visiblemente enfermo: tiña SIDA. Sabíao pola súa extrema delgadeza. Paseaba pola sala perdido, e os seus ollos, agora ensombrecidos pola presenza da morte, carecían de todo brillo. Non o molestei. Lembreime daquela do meu paisano Fernández Mariño, que morrera naquela sala, había anos, a consecuencia daquela terrible enfermidade. Eu non o coñecía, mais tiñamos amigos en común que me falaran del. Era un auténtico rebelde, un loitador nato, un dos motores do primeiro motín con reféns ocorrido no temido e afamado penal. Grazas a el e a Antonio Mateo, falecido igualmente a causa da SIDA, fora posible o cambio do réxime máis duro dos cárceres españois. Un réxime que durante moitas décadas mantivera inhibidos e atemorizados os criminais máis duros e perigosos do país. Foron xente coma eles os que, na compañía de Ortiz Jiménez, Zamoro Durán, Maya Martos, Fernández Varela e Redondo Fernández, lle deron aos secuestros de carcereiros un cariz reivindicativo, devolvendo golpe por golpe e denunciando publicamente, a través dos medios de comunicación, as condicións infrahumanas das prisións españolas. Sen dúbida, debíámoslles moito, todos nós. Homes como Fernández Mariño e Antonio Mateo merecían ser lembrados cun xeneroso respecto, porque eles foran, entre outras cousas os primeiros en erguer a loita contra o sistema, na defensa dos enfermos de SIDA, que comezaban a morrer dentro das prisións, ante a fría e cínica indiferenza da Administración.

Ao día seguinte, despois da foto de rigor e dunha breve entrevista cunha asistente social, fun trasladado ao módulo dous, onde estaba o meu amigo Anxo, a quen atopei polo patio a pasear.

—Que pasa, Anxo? —saudeino, abrazándoo.

—Que fas por aquí, cabrón? —preguntou.

—Vou a Tenerife 2, aquí estou de paso... e ti?

—Eu veño do Salto del Negro, de Las Palmas. Colléronnos no recinto, ao Garfia e mais a min, tentando saltar o muro. Agora non sei onde me van levar.

—Que putada! Ben, outra vez será, non é? —animeino.

—Por suposto...

Paseabamos en círculos arredor do patio cadrado, baixo un ceo azul e soleado.

—E isto que tal? —pregunteille.

—Suave, moi suave, en canto aos carcereiros. Parece que escarmentaron despois dos últimos secuestros. Polo demais, non hai moita cousa.

—Si, xa ves.

Era certo. O mítico e terrible Puerto de Santa María xa non era aquel inferno do pasado. Agora podíaase falar a través das xanelas, algo impensable anos atrás. Os presos podían enviar café aos que estaban nas celas, sen temor a unha malleira; xa non se pegaba baixo calquera pretexto aos reclusos, nin se lles facían visitas nocturnas, exercendo a intimidación. De cando en vez, algún carcereiro reprimido desafogaba desfacendo a cela e tirando as pertenzas polo chan, pero non eran máis que as perrenchas dalgúns frustrados torturadores, cuxa máxima expresión na vida fora a de se sentiren realizados co abuso máis baixo e rastreiro. Para eles, sen man dura non había terror, e sen terror non había disciplina. Era o que practicaran durante toda a súa vida. Odiábannos porque para eles só eramos o refugallo da sociedade; cando nada existía na terra máis miserable que o oficio do verdugo. Vivían asustados e ás agachadas, a temer sempre polas súas vidas. Na rúa non tiñan máis amigos que os propios carcereiros; a sociedade desprezábaos. Sabían, e isto facíaos aínda peores, volvíanse rancorosos, mesquiños e intolerantes.

E afogaban aquela realidade no cárcere, onde se sentían importantes. Si, o Puerto cambiara, pero eles non, e á mínima oportunidade ían volver ás vellas disciplinas, ás malleiras e á mentalidade retorcida que os caracterizaba na súa maioría. Non se cambia a prisión, se non se cambia os carcereiros, e sen dúbida aqueles eran responsables de moitos abusos e torturas, e mentres estivesen alí, estas ían continuar.

Varios días máis tarde, mentres paseaba polo patio, trouxeron a Juan José Garfía. Achegueime ata a porta de acceso ao módulo e conversamos a través dela.

—Home! —exclamou ao verme—, estás por todos lados.

—Xa, iso diralo por ti, verdade? —respondín sorrindo.

—Que fas aquí? —preguntoume.

—Vou a Tenerife 2.

—Pois pillaches bo destino, pois polas noticias que teño está ben para liscar, así que sorte...

—E ti, que? Xa me contou o Anxo o do Salto del Negro. Mala sorte.

—Si, mala sorte...

—Tes cartos?

—Non teño, nin un patacón. Gasteino todo no barco en garimbas.

—Logo enviámosche algo, de acordo?

—Ben.


Quince días despois partín cara a Tenerife. Despedínme dos amigos, e sobre as once fun conducido nun furgón celular pequeno ata o porto de Cádiz. Unha vez alí, detivémonos fronte a un enorme transbordador, chamado *Manuel Soto*, segundo puiden ler na súa proa. Despois de agardar un minutos, permitíronnos o pase, a través dunha ponte elevada, ao garaxe do barco, onde se acumulaban outros furgóns, camións e coches. Baixáronme agrilloado e

conducíronme aos camarotes-cela, situados ao lado da sala de máquinas, baixo a liña de flotación. O ruído dos motores a quencer era enxordecedor. A cela constaba dunha liteira con dúas camas, un servizo e unha trapela na porta, a través da cal me quitaron os grillóns e me ían dar a comida. Escotábanme dous gardas civís, que se amosaron amables comigo, xa que me compraron na cafetaría do barco unhas cervexas e algo de tabaco cos cartos que lles dei. Foi unha viaxe tranquila.



TERCEIRA PARTE





O CAMIÑO DA REBELIÓN

“Que é a liberdade? Que é a escravitude?

Consistirá a liberdade do home na rebelión contra todas as leis? Si, mentres sexan leis políticas e xurídicas impostas polos homes aos homes e mulleres, ben polo dereito da forza, violentamente, ben hipocritamente, en nome dunha relixión ou dunha doutrina metafísica calquera; ben, en fin, en virtude desa mentira democrática chamada sufraxio universal”

MIGUEL BAKUNIN

- AS ILLAS AFORTUNADAS. PRISIÓN DE TENERIFE 2 - NOVEMBRO DE 1990



o terceiro día, aí polas dez da mañá, o Manuel Soto atracou no porto de Santa Cruz de Tenerife. O potente bruar dos motores enmudeceu, e resoaba aínda nos meus oídos, cando, atado con grillóns outra vez a través da trapela, fun trasladado ao furgón celular, coas miñas pertenzas. Encamiñámonos desde

Santa Cruz a La Laguna, e desta cara á Esperanza, en cuxo monte estaba situada a prisión. Era grande e de grises muros de considerable altura. Unha longa ponte, custodiada por unha parella de gardas civís, estendíase desde o seu centro ata unha pequena meseta próxima, atravesando os recintos e un pequeno val. Despois de atravesar dúas enormes portas mecánicas, o furgón parou dentro dun pequeno garaxe que daba acceso á zona de ingresos. Unha vez alí, os carcereiros fixéronse cargo de min e, despois de tomar as miñas pegadas, espirme e dun exhaustivo rexistro á miña persoa e pertenzas, conducíronme a un dos módulos. Estes tiñan forma de chalé e estaban distanciados entre si por medio de camiños asfaltados e pequenos xardíns. Entre eles puiden ver unha piscina. A verdade era que aquilo me sorprendía, era novo para min. Foime asignada unha cela dentro do módulo de ingresos e, de sorpresa en sorpresa, deixáronme aberto polo seu interior para que puidese servirme do economato e comer co resto de presos no comedor. Había tres anos que non comía con ninguén, salvo a soidade das celas que ocupara, polo que aquilo me deixaba fóra de lugar, e incomodábame. Tocoume facer mesa con dous africanos, ante os que me amosei serio e reservado. Comín en silencio, observado polo resto dos reclusos. Era incongruente, mais naquel momento preferiría estar só dentro da cela que alí acompañado.

Despois da comida encamiñeime, con outros presos, cara á xanela da cafetaría. Dirixíaa un travestí de prominentes seos, ao cal todos seguían polo nome de Lola; estes e os homosexuais eran habituais por alí. Pedín un par de cafés sós:

—Ponme un par de cafés.

—Ti es o novo, non é? —preguntou curiosa—, de onde vés?

—De Zaragoza.

—Ah! Es godo, de que parte?

—Que é iso de godo? —preguntei susceptible.

—É como chamamos aquí aos da Península.

—Chámanme Xosé e son da Coruña, galego.

—Bonito lugar Galiza. O meu nome é Lola.

—Seino.

Despois de servidos os dous cafés despedínme de Lola. Facíase en principio un pouco difícil tratar a aquel tío como a unha muller, mais por respecto aos seus sentimentos accedín a chamala polo seu nome feminino. Aquilo debeu de lle gustar pois á hora da sesta, mentres realizaba na compañía doutros presos a limpeza do módulo e do comedor, veume ver. Estaba pechado na cela, así que falamos a través do asexadoiro de reixas da porta.

—Ola —saudoume.

—Ola.

—Vés para ficar aquí?

—Veño —respondílle—, aínda que me van levar para illamento cedo, xa que estou en primeiro grao e xa me resulta estraño que me teñan aquí.

—Daquela hante levar á outra parte do módulo, ao outro lado desa garita—, explicoume sinalando co dedo unha garita próxima.

—Ben.

—Xa te duchaches? —atacoume cun sorriso entre malvado e pillo.

—Non aínda—respondílle tamén.

—Por que non te duchas agora? —convidoume.

—Non, grazas—corteille—, e deixa de me facer as beiras. Respecto a túa forma de ser, pero nada máis que iso, entendes? O resto sobra.

—De acordo.

Esa tarde fun trasladado ao módulo adxunto, illamento; asignáronme unha das celas do piso inferior. O trato ata daquela fora correcto, sorprendente mesmo. A cela que me asignaran estaba provista dunha ducha situada ao pé do lavabo e do servizo, ambos de aceiro inoxidable incrustados en cemento. Unha mesa de pedra

e unha cadeira de metal estaban emprazadas fronte a unha das dúas xanelas das cales estaba provista e cuxos barrotes cuadrículados se atopaban soldados en sentido horizontal. Unha cama de pedra e uns pequenos armarios facilitados para colocar neles as pertenzas daban a pincelada final á cela. Coloquei as miñas cousas e fixen a cama. Logo ducheime e, deitado sobre a cama, reflexionei sobre aquilo. Todo alí era diferente ao que vivira ata daquela nas cadeas da Península. O ambiente relaxado e distendido desconcertábame. Os carcereiros ofrecéranme un trato cortés, e as celas estaban nunhas condicións bastantes habitables e hixiénicas. Non percibía o acoso nin a sensación opresiva dos penais de primeiro grado dos que procedía; por outro lado, rozaba a euforia. Todo aquel complexo de módulos e muros ulía a fuga. A ponte que observara no meu ingreso, e que atravesaba toda a prisión, reflectíase constantemente na miña imaxinación. O cárcere era novo, e esta circunstancia indicaba que posiblemente o seu sistema de seguridade era violable nalgún punto. Onde, esa era a cuestión. Todas as prisións, absolutamente todas, tiñan algún fallo, aínda que non todos os presos podíamos acceder a iso. O importante era aproveitar as ocasións cando estas se presentaban e había posibilidades de éxitos. Se se fallaba, a Dirección amañaba aquel punto e reforzaba a seguridade en toda a prisión. Deste xeito, cando un de nós fracasaba, os métodos usados pasábanse á Dirección Xeral e esta encargábase de advertir ao resto das prisións, as cales por súa vez adoptaban medidas novas que repercutían nas posibilidades doutros presos fuguistas que puxeran as súas esperanzas na evasión. Por iso, tería que me informar mellor das posibilidades que tiña de alcanzar o meu obxectivo: non era lícito lanzarse, así sen máis, a unha fuga.

Na mañá seguinte saín ao patio co resto de presos que había no módulo. Dous deles pertencían a ETA; os outros tres eran comúns coma min. Todos procedíamos da Península e eramos fixos alí, ma-

lia que de cando en vez tamén traían outros reclusos doutros módulos a cumprir algunha sanción de illamento en celas. O módulo constaba de dous andares, de dous patios pequenos e dunha sala provista de televisión. Informáronme de como funcionaba aquela. A comida era boa e abundosa. O equipo médico formábano auténticos profesionais e tiñamos acceso a un titor de ioga, aos libros dunha nutrida biblioteca e a catro horas de patio. Tamén me advertiron que o director posiblemente me chamaría para falar comigo e o que me diría. Estaría á expectativa.

Durante o paseo recibín a visita dun dos médicos, nunha pequena consulta habilitada ao lado da sala.

—Ola, dígame como se chama? —preguntoume.

—Xosé Tarrío González.

—Ben. Mire, observei no seu expediente médico que é vostede portador de anticorpos da SIDA desde hai varios anos, polo que lle imos pór un suplemento alimentario especial engadido á comida xeral, xa sabes, iogures, algún bocadillo e froita. Parécelle ben?

—Paréceme estupendo—respondín.

—Que tal se sente agora?

—Polo momento ben.

Despedímonos estreitando as mans, despois de cubrir uns papeis burocráticos. Nunca un médico me tratara así, con tanta profesionalidade, como o fixera aquel home. Ata agora en ningunha prisión se preocuparan de me proporcionar un suplemento alimenticio, e este fixérao sen nin sequera llo pedir. Aínda que o médico non o sabía, aquela era a primeira vez que estreitaba a man dun deles, o cal para min tiña un significado relevante.

Grazas a aquel suplemento puider correr varios días na semana polo patio para manter a forma física, tan imprescindible ao fuguista como o aire á ave. Tamén participaba de cando en vez nas aulas de ioga que nos impartía un *iogui*. Para iso, sacábannos por quendas á

sala do modulo e alí, sentados sobre mantas, practicabamos respiracións desde a posición do loto, ou posicións e exercicios coma o saúdo ao sol. A min daquela o ioga non me chamaba moito a atención, mais aqueles pequenos exercicios básicos, engadidos á lectura de libros sobre ioga, habíanme ser de grande utilidade no futuro. Tamén retomei a lectura. Existía unha nutrida biblioteca, da cal a profesora me traía os libros que quería sen ningún tipo de limitación no número. Alí descubrín a Albert Camus, cuxas obras me impresionaron. Retomei a Shakespeare e compracinme con *Medea* e *As Troianas* de Eurípides. Fascinábame a traxedia. Aquelas obras representaban unha visión real e auténtica da vida, verdadeira. O que nos deixaran recollido no pergamiño aqueles incommensurables psicólogos era a vida en si: dor, conflito, vaidade, ansiedade, pracer, algunha alegría, depresión, envexa, rancor, amor (ou desamor), a adoración do becerro de ouro e, finalmente, a morte: os nosos esforzos e vaidades estériles, convertidas en pasto do verme, abono e esterco da terra.

Tal e como me advertiran fun trasladado esa tarde ao despacho do director do cárcere. Conducido por dous carcereiros, atravesamos varios xardíns ata o centro onde estaba réxime, ao pé da enfermaría e do cinema. Puxen moita atención. De alí subimos por unhas escaleiras ata o segundo andar onde estaban todos os arquivos, despachos e a burocracia do cárcere. Despois de atravesar varios corredores e portas, leváronme ata o despacho do máximo mandatario. Unha vez alí deixáronnos sós:

—Sente —pediume autoritario, pero educado.

Sentei fronte a el nunha cadeira habilitada, observándoo fixamente.

—Vou ser claro e explícito con vostede, Tarrío. Cónstame que é vostede un pouco conflitivo e difícil. Espero que isto mude aquí e que colabore co tratamento. Xa tería ocasión de se decatarse de que lles permitimos certa liberdade dentro do módulo. Pórtese ben e vai ver como sairá gañando —díxome nun discurso que coñecía con

antecedencia, xa que fora posto ao día da grandilocuencia do seu verbo. Despois dunha pausa, proseguíu:

—O seu expediente aquí non conta para nada, e o seu pasado non nos importa excepto todo o que faga vostede aquí a partir de agora, entendeu?

—Si, e paréceme moi ben o que me ofrece, mais co que me outorga o Regulamento Penitenciario teño abondo, polo que lle pido que o cumpra e todo irá ben pola miña parte. A verdade é que o trato é correcto, cousa que agradezo. Non estou afeito a que me traten ben, sabe? —engadín cauteloso.

—Esperamos que colabore e poder progresalo pronto a un segundo grao, así que pórtese ben. É todo o que lle quería dicir.

—De acordo.

Ao saír do despacho, ao final do corredor e de volta ao módulo, puiden ver a ponte, que culminaba alí mesmo. Memoricei todo aquilo. Estaba decidido a tentar algo. O ofrecemento da Administración chegaba tarde. Talvez para eles resultase cómodo borrar o pasado dos homes cun simple xesto, dar ou quitar de forma caprichosa oportunidades e privilexios. Con que facilidade facían do home un instrumento! Pode incluso que naquela ocasión houberse boa fe, pero non me ía prestar a experimentos de psicoloxía educativa. A proposta do director facíase difícil de asimilar, esquecer o que?, as vexacións, os abusos, aqueles constantes cacheos tan denigrantes, as malleiras e agrilhoamentos, ou os traslados dentro das gaiolas?; o abandono médico a milleiros de enfermos da SIDA e outras enfermidades, as celas de castigo, a miseria do home destruindo o home?; esquecer que un era portador do virus da SIDA e que a estes se lles deixaba morrer dentro de frías celas, agoniando durante anos ou en salas de hospitais penitenciarios, agriloados á cama?; esquecer o trato que se lles daba a estes enfermos, na súa maioría mozos drogadictos avindos ao mundo do delito pola trampa das drogas?; esquecer o que,

señor director?, que era un deses seres desprezables que con tanta frecuencia se deixaban morrer en prisión, en nome dunha vinganza escura que clamaba no corazón dos cidadáns?, ou é mellor dicir verdugos? Nunca ocultara a miña repulsa polo sistema, especialmente polo penitenciario. Tampouco o ía facer agora. Estaba plenamente convencido de que había, malia aos meus numerosos defectos, máis grandeza e amor na miña alma de bandido, sinalada por todos con dedos acusadores, que na conxunción plena de todos os homes que elaboraran, colaboraran e determinaran o meu encerro. Non ía participar na aprobación daquel sistema a cambio de promesas relativas, aínda que aquilo me supuxese o illamento para toda a vida.

No módulo reinaba a rutina. Adoitaba conversar cun dos políticos a través do asexadoiro da porta da cela. Algunhas tardes prestábame a súa máquina de escribir para que fixese escritos, que posteriormente dirixía a xuíces que me condenaran, en que os ameazaba de morte. Talvez me abrisen algún sumario e iso me proporcionase a posibilidade de denunciar publicamente durante a sesión do xuízo as torturas dentro dos cárceres españois; e en todo caso tamén podería tentar algo. A cuestión era participar dalgunha forma na guerra contra aqueles homes e institucións encargados da xustiza. E un dos mellores xeitos de o lograr era evadíndose, rompendo con vontade e coraxe aquel castigo que nos inflixían, desautorizándolles o dereito a castigar que se outorgaban e liberándonos, por medio da rebelión, camiño ao que nos viamos todos abocados.

Estraguei a cela que ocupaba, procurando o traslado a unha das celas da planta baixa que daban á ponte e ás garitas da Garda Civil. Conseguiño, despois dunha conversa cun dos carcereiros. Desde aquela posición souben que os familiares dos presos accedían aos locutorios a través del, o mesmo que os carcereiros nos cambios de garda. O recinto constaba dunha única porta pola que só pasaban camións provedores e furgóns policiais. O resto do tránsito huma-

no tiña que pasar por alí, para entrar ou saír. Este constaba de tres controis. O primeiro situado na zona exterior da prisión, na cal se recollían as documentacións de todas as persoas que entraban a ela, a cuxa saída lles eran devoltas. O segundo, de dúas garitas situadas xusto no medio, e ocupadas por un par de gardas civís, enriba dos muros do recinto. O terceiro estaba no centro e constaba de varias portas automáticas que daban acceso ao interior da prisión ou ás comunicacións habilitadas alí. De noite a iluminación era boa e a vixilancia dos gardas civís constante, case non se relaxaban. Con todo, descubrín un leve erro na iluminación. Tratábase da luz que iluminaba a ponte. Esta, enfocada principalmente desde o lado dereito, batía contra a pasarela de cemento, deixando case sen iluminación a vertente interior dereita da ponte. Se conseguía chegar á ponte e saltar a ela sen ser visto, entón podería deslizarme polo chan pegado á pasarela dereita saíndo do campo visual da garita da dereita e protexido da esquerda pola falta de luz. Ademais, a proximidade das dúas garitas, separadas a unha da outra polo ancho da ponte, por aí dous metros, había confiar os gardas civís na imposibilidade de que alguén se atrevese a cruzar por alí, diante dos seus fociños. Polo menos iso era o que esperaba.

Recibín a visita dun dos médicos. Conversamos dentro da pequena enfermaría do módulo:

—Tarrío, canto hai que non se fixo as últimas análises e control de linfocitos?

—Fíxéronme o último no 88, en Pontevedra, pero non me deron os resultados.

—Mais iso é imposible, Tarrío... —interrompeume sorprendido—, deberíanche ter feito un control cada trimestre como mínimo.

—Xa, pois consúlteo no meu expediente médico. Non o estou a enganar, nel veñen reflectidas todas as miñas circunstancias médicas.

—Iso é difícil de asimilar, certamente.

Sorrín irónico, como convidándoo a espertar dun soño.

—Ben, ímosche realizar uns aquí, a ver que tal estás de defensas, de acordo? —engadiu, mentres facía garabatos nun papel—. Que tal estás aquí?

—Mellor que noutros sitios en que teño estado, aínda que desde hai unha tempada veño tendo ataques de taquicardia e síntomas de asfixia polas noites, e paseino moi mal.

—Canto tempo levas encerrado?

—Tres anos.

—Non, quixen dicir que canto tempo levas en réxime pechado.

—Tres anos.

—Daquela non me estraña —respondeume—, con certeza has ter ansiedade e algo de claustrofobia. Vouche poñer unha medicación a ver que tal che vai, de acordo? Cando teñamos os resultados das análises, veño verte outra vez e falamos.

—De acordo, grazas.

—De nada, home. De nada.

Os resultados das análises reflectían un leve deterioro no meu sistema inmunolóxico, aínda que non corría ningún perigo, dado que aínda tiña en torno ás 500 T4². Tentei informarme mellor sobre aquilo. Falei co médico sobre o tema:

—Tarrío —aclaroume—, a enfermidade como xa sabes é irreversible. Só resta a esperanza de que tarde o maior tempo posible en desenvolver o virus, o cal é pouco probable na túa actual situación —colleu a caixa de tabaco e prendeu un cigarro, convidándome a fumar. Aceptei e proseguíu—. Se eu puidese, poríate en liberdade agora mesmo, e como a ti ao resto de enfermos con anticorpos, mais iso non é posible. O cárcere no voso caso é especialmente destruti-

² T4, células asasinas do sistema inmunitario.

vo; como médico non podo aceptala e como ser humano racional, tampouco. Neste caso o criterio dos xuíces atópase por enriba do da medicina e, aínda que é duro asumilo, só podo pedir a liberación dalgún enfermo cando está en fase terminal e con enfermidades graves; é dicir, cando está na beira da morte.

—Si, xa o sei.

—Mais no teu caso é moito peor, Tarrío, pois a prolongación do illamento prexudícase seriamente. As celas de castigo producen unha reacción importante de sufrimento a nivel da psique que activan modificacións do sistema neurovexetativo e neuroendocrino que inflúen no sistema inmunitario, debilitando as defensas corporais.

—É dicir, que o castigo que me inflíxen constitúe á vez unha aceleración da miña morte, non é?

—En efecto. O lóxico sería que houbese para vós outro tipo de centros de carácter máis aberto, e máis baseados na medicina que nun regulamento disciplinario, pero iso é algo que está moi lonxe de ser real.

—Que me aconsella en canto a prevencións?

—O mellor para ti sería saír do réxime pechado, obter máis horas de patio e máis espazo, para eludir a opresión da cela o maior tempo posible. Iso bloquearía un pouco a túa ansiedade e a sensación claustrofóbica que che causan tres anos de celas. Tamén che aconsellaría que deixases de fumar e de beber café, e fixeses ioga ou algún outro exercicio habitualmente.

—Algo fago.

—Ben. Que tal a medicación que che puxen?

—Moito mellor.

—Ben, pois ánimo e a coidarse, de acordo? —despediuse.

Non eran só palabras. Durante a miña estancia en Tenerife os médicos, salvo un par deles, amosaríanme en todo momento a súa profesionalidade imparcial á marxe da Administración. Por outra

banda, aquela conversa co médico encargado de velar pola miña saúde non facía máis que confirmar as miñas esperanzas na fuga e xustificar en gran medida a miña posición fronte ao cárcere. A miña loita era unha loita lexítima, como o era a de todos aqueles homes que se negaban a morrer ou vivir en prisión.

O 12 de novembro a noticia sorprendeume a través de Radio Nacional. A prisión de Foncalent, en Alacante, estoupaba nun sanguento motín, con retención de varios reféns. Contra as dez e media da mañá, Antonio Cortés, coñecido polo alcume de *el Zorro*, retiña varios carcereiros a punta de coitelo no módulo catro. Desde alí, encamiñouse, acompañado por outros presos aos que previamente liberara, cara aos módulos dous e tres, onde liberaron, por súa vez, o resto de reclusos. Rebentouse toda a prisión e sobreviñeron un cúmulo de pelexas en que numerosos presos foron feridos de gravidade, e produciuse a morte dun deles, en distintos axustes de contas. No segundo día de secuestro, a maioría dos presos, despois de longas negociacións, decidiron deixar a revolta e regresar ás súas celas, negándose a intervir máis alá da protesta e a reivindicación. Outros presos, a pesar de todo, continuaron adiante opóndose á rendición. Queríanse evadir. Así, Antonio Cortés, Vicente Gómez, Francisco Sánchez, Pinteño Sánchez e Héctor Guillén parapetáronse nunha das galerías do módulo tres con cinco carcereiros como reféns. Acto seguido exixiron, baixo ameaza de morte dos reféns, a presenza dun furgón blindado, varias armas e cartos. As negociacións eran tensas. O resto dos presos foron encerrados nas celas dos módulos dous e catro. As críticas dos medios de comunicación así como as dos familiares dos feridos e do morto foron duras e contundentes.

Eu sabía que o cárcere e o illamento crearan aquela situación, e que a Administración tiña unha importante responsabilidade niso. Comprendía a rabia asasina dalgúns daqueles homes dispostos a xogar a vida, fartos do encerro e, dalgún xeito, compartíaa. Mais

non estaba de acordo coa morte daquel preso nin cos apuñalamentos ocorridos nin cos numerosos abusos que se produciran con outros compañeiros, despois de liberada a besta. Non podía comprender que se amotinasesen para se mataren entre si, na vez de unificar criterios contra os verdadeiros responsables da súa situación penitenciaria. Aquel alarde de salvaxismo poría inevitablemente toda a opinión pública na súa contra e, como consecuencia, na contra de todos nós. Mentres todos permaneciamos á expectativa do que podía ocorrer nas negociacións con Antoni Asunción, os GEOS dispúñanse ao asalto e tomaban posición próximas ao módulo onde permanecían retidos os reféns.

Todo rematou ás dez da mañá do 15, tres días despois do seu inicio. Ocorreu nun descoido de dous dos presos. Pinteño e Serra entraron dentro dunha das celas do módulo, e un dos reféns pechounos nela, pasando o ferrollo da porta. Acto seguido, ante a situación, o resto de carcereiros, reforzados pola acción do seu compañeiro, botáronse enriba de Francisco Sánchez, *el Rojo*, reducíndoo ao unísono. Logo advertiron a berros do sucedido a través das fiestras e os GEOS interviñeron reducindo definitivamente a todos os presos, tras propinarlles unha malleira con bates de béisbol, espilos e agri-lloalos. Sentino por eles, pois a verdade era que lle botaran moito peito e que o xogaran todo a unha carta alta. Pensei que se no canto de teren matado un preso, executaran un carcereiro, talvez o conseguiran. Pero pensar e falar resultaba fácil: o difícil era actuar.

Os medios de comunicación, obedecendo a monocorde voz do amo, cebábanse no tema e cualificaban o ocorrido como o acto salvaxe dun grupo de psicópatas descontrolados. Con todo, nada se dicía en ningún dos telexornais ou informativos radiofónicos sobre o que ocorría dentro dos muros daquela prisión. Ninguén mencionaba que meses antes se detectaran irregularidades no tratamento aos presos do psiquiátrico, ao se comprobar na visita dunha escri-

tora que non existía persoal médico especializado e que os encargados de administrar a medicación aos presos eran os carcereiros, xente desprovista de toda noción médica, ignorantes na materia da psicoloxía ou da psiquiatría e ancorados no graduado escolar. Nin tampouco as torturas constantes a que se vían sometidos os presos, con duchas de auga fría, castigos que implicaban estar agrilloados ás camas durante meses enteiros, malleiras e aplicacións arbitrarias das camisas de forza. Iso ninguén o lembraba xa nin se mencionaba. Os mercenarios da pluma continuaban a se prostituíren de forma descarada, o cal xa non me sorprendía. Estaban totalmente alienados, sometidos. O horror da tumba carceraria só o coñeciamos os homes soterrados en vida dentro dela. Que sabían aqueles energúmenos da cadea? Actos coma aqueles só podían ser levados a cabo por auténticos desesperados, e a desesperación chega cando se perde toda esperanza. Toda aquela violencia era xerada polo cárcere, polos feitos que acontecían a diario dentro daqueles muros, por aquilo que a maioría dos xornalistas reputados ou dos cidadáns se negaban a aceptaren, aínda que sabían no máis profundo do seu interior o que ocorría.

Pola miña banda, días despois comecei a serrar un dos barrotes da xanela. Fíxeno só nun dos dous lados e, despois de rematado, rodeei dunha fina capa de esparadrapo de papel fino a zona cortada, que logo cubrín con pintura da mesma cor do barrote. Para mellor o disimular, pendurei do barrote un par de calcetíns e uns calzóns, en aparencia a enxugar.

Unha mañá, un dos presos vascos, o mesmo que me facilitara o esparadrapo e a pintura, veume advertir sobre un inminente rexistro. Abordoume mentres paseaba:

—Xosé, souben que van facer cacheo.

—Hoxe? —preguntei.

—Dentro dun anaco.

Efectivamente. Unha hora despois apareceron como unha manada, capitaneados polo xefe de Servizos.

—Se van cachear as miñas pertenzas quero estar diante. O Regulamento así o contempla.

—Non hai ningún problema para que vostede estea presente.

Entrei dentro da cela, recollín todos os libros e o resto do material didáctico que tiña sobre a mesa, e coloqueino enriba da cama, do mesmo xeito que a roupa. Despois sentei enriba da mesa. Varios carcereiros enfundados nas súas luvas de plástico, comezaron a rexistrar as pertenzas, mentres outros rexistraban as fiestras desde o exterior. Un deles dirixiuse a min desde a outra parte da fiestra:

—Está seca a roupa? —preguntoume sinalando os calcetíns.

Toqueinos coa man e respondinlle:

—Non, aínda están húmidos, por que?

—Porque non se pode tender roupa nas xanelas.

—Non o sabía.

—Ben, pois outra vez téndea dentro da cela, de acordo?

—Si, señor...

Viñérame marabillosamente remollalos esa mañá antes de saír da cela. Librárame de momento.

A noite seguinte actuei. Coloquei unha toalla entre os barrotes para impedir que algún dos gardas civís das garitas de en fronte alcanzase a verme. Despois de cuberto, arrinquei o barroto, cedendo este pola soldadura do lado sen cortar, como presumira. Tireino enriba da cama e dei saído fóra a través do oco da xanela. Seguidamente encamiñeime encrequenado ata unha pequena aramada próxima, que superei áxil e veloz. Desde alí baixei as escaleiras do módulo de ingresos e dirixinme, tras saltar un muro, cara á enfermaría do centro, atravesando varios xardíns. Xa na enfermaría subín ao tellado da entrada e, desde alí, despraceime polos tellados

baixos ata o centro, onde, axudado por unha xanela dunha das oficinas, accedín ao tellado superior. Deslizándome como un réptil, procurei a zona da ponte ata me situar enriba. Tiña que saltar enriba dela e arrastrarme preto de sesenta metros ata o final, único lugar razoable para saltar sen me romper as pernas. Esperei preto de media hora e, nun descoido dos gardas civís, provocado polo coche patrulla que vixiaba o exterior dos recintos, saltei ao chan da ponte sen ser visto, pegándome ao pasamáns dereito. Unha vez alí, avancei boca abaixo lentamente. Tiña os ollos postos no garda civil da esquerda, esperando a sorte doutro descoido. Produciuse uns minutos despois. O garda deu as costas á ponte para botar unha ollada aos recintos e superei ambas garitas. Continuei adiante sen vacilar, co sabor do éxito na boca e co corazón bombeando a un ritmo endiañado. Superara os recintos e, debaixo de min, estaba o campo; unicamente restaban un par de metros para a reconquista da liberdade.

—Se te moves, mátote coma a un can, cabrón —berroume o garda civil apuntándome a cabeza coa súa arma.

Xurdira da porta do primeiro control sen me dar tempo a reaccionar.

—Téño, tranquilos —berrou aos seus compañeiros burlados, que agora me apuntaban cos seus fusís nas costas.

Desexei morrer. Varios focos buscaron a miña posición, iluminándome axeonllado sobre o cemento coas mans sobre a cabeza, vencido e desolado.

Horas despois fun trasladado outra vez ao módulo e introducido nunha das celas. Sentíame desanimado pola ocasión que se me escapaba. Calculárao todo ben, pero ignoraba que no primeiro control existía unha cámara oculta de circuíto pechado que recollía toda a ponte e pola cal me detectaran no último momento. Fodéranme. Pasaría moito tempo antes de volver ter unha oportunidade así.

O director da prisión ordenou o meu illamento. Comecei a saír de novo só ao patio, o cal empeorou a miña relación cos carcereiros. Estaba agre con eles, profería insultos contra eles seguido, sen motivo aparente. Descargaba sobre eles toda a frustración e impotencia de me sentir atrapado naquel absurdo.

Unha tarde, mentres acudía á garita apañar un par de cartas, observei a través dos cristais un preso canario no módulo de ingresos adxunto, o cal coñecía da prisión de Daroca. Estivera encargado da limpeza do módulo cinco de illamento daquela prisión, onde estaba refuxiado e repudiado polo resto da poboación reclusa por violador. Na súa dobre condición de carcereiro e ordenanza do módulo, dedicábase a roubar o diñeiro dos que se encargaban do economato ou vendía cigarros a cen pesetas a aqueles compañeiros que non podían conter a tentación de fumar, ao estar prohibido o tabaco en illamento. Todo iso amparado na impunidad que lle ofrecía a protección blindada pola dirección. Agora estaba alí, sorrindo, gozando da súa progresión de grao e presumindo de macho diante dos seus paisanos, aos cales a idea de seren enviados aos cárceres de primeiro grao da Península lles metía un medo estarecedor. Para eles aquel bastardo era pouco menos que un heroe. Xa na cela decidínme a lle dar un escarmento e a castigar o que a Administración premiara: a noxenta conduta daquel lixo. Para iso fabriquei un coitelo de metal durante a noite, e púxenlle un mango feito de tela.

Á mañá seguinte apunteime ao médico. Sobre o mediodía viñeron abrir e, co coitelo oculto na cintura, dirixinme á garita. Extraín un paquete de tabaco do peto.

—Oia —díxenlle ao carcereiro que estaba dentro—, quero pasarlle este tabaco a un amigo que teño alí, no módulo de ingresos.

—A quen?

—A un que veu recentemente de Daroca, agora non lembro ben o seu nome.

—De acordo, déamo —respondeu abrindo a porta.

Abalanceime cara ao interior e extraín o coitelo da cintura, empuurrándoo cara a un pequeno armario metálico:

—Que botón abre a porta de ingresos?

—Ese —sinalou asustado.

Pulseino e entrei no interior do módulo portando o coitelo na man dereita. Saín ao patio e, despois de localizado, encamiñeime cara a el. Os demais presos apartáronse con rapidez e un profundo silencio apoderouse do patio.

—Que! Non me lembrás? —saudeino.

—Escoita, Che, que vas facer?

Sen máis, boteime sobre el e asesteille varias coiteladas nun costado, sen ánimo de o matar. Quería darlle un bo susto, máis nada. Comezou a berrar e deixeiño ir correndo cara á garita desde onde o trasladaron á enfermaría, o seu novo lugar de refuxio. Despois entreguei o coitelo e volvíñ á cela. Xa dentro dela discutín co xefe de Servizos, que deu orde de que me fose retirada parte das miñas pertenzas.

—Váleche máis estar caladiño, eh? —ameazoume.

—Que che dean polo cu, fillo dunha cadela.

—Aquí o único can que hai es ti, e ademais rabioso.

—Valente maricón estás feito a través da porta...

Unhas horas despois daquel incidente viñeron en grupo cachear a cela que ocupaba. Polo menos presentáronse con esa escusa.

—Tarrío —dirixíronse a min—, temos que rexistrar as súas pertenzas. Para iso temos ordes do director de o agrilloar mentres está fóra da cela.

Dito isto, abriron a porta e agrilloáronme. Xa atado cos grillóns, o xefe de Servizos a quen insultara encarouse comigo:

—Que, xa non te pos tan chulo agora, a que non?

Esta provocación foi seguida por varias puñadas, ás cales respondín cunha patada que o fixo dobrar. O resto dos carcereiros botáronse enriba de min e sumáronse á liorta, golpeándome ata me reducir, despois do cal me sacaron a rastro ata a cela do lado. Alí retiráronme os grillóns e proporcionáronme un buzo azul, despoxándome da roupa. Un fío pequeno de sangue baixaba desde o meu nariz ata o bico, pasando polos meus labios. Espido, puxen o buzo e fun agrilloado outra vez. Xa só, comecei a pasear pola cela. Sentíame totalmente cheo de ira, aínda que no fondo sabía que fora eu quen a provocara esta vez, con constantes insultos. O Regulamento contemplaba aqueles medios, legalizándoos ante os seus ollos. Cumprían co seu deber de verdugos, co que a fin de contas era o seu oficio. Para eles enfrontárense en grupo contra un home atado con grillóns era normal e incluso heroico; para min, só un acto covarde e ruín. Eu entón, desde un subxectivo prisma, non alcanzaba a entender que talvez para eles covardía era apuñalar un home desarmado, cando para min resultaba o propio. *Quen* estaba en posesión da verdade? Dentro do mesmo mundo viviamos mundos totalmente inversos. O seu sentido da xustiza estaba a mil anos luz do meu concepto do xusto; o que para eles significaba ética e moral, para min non deixaba de representar unha farsa hipócrita. Eu non pretendía acatar máis normas que as da miña anarquía, unha anarquía que me predestinaba ao papel de malo. En toda a miña vida observara, marabillándome, como os erros cometidos en nome do común social maioritario ficaban só en erros, e que, con todo, en min eses mesmos erros tomaban o nome de delitos, xa que se cometían á marxe da sociedade. Se un ladrón era masacrado a balazos por un grupo de policía armados ata os dentes das máis modernas e sofisticadas armas, a sociedade e os medios prostituídos utilizaban o termo “abatido”. Pero en cambio, se o abatido era un deses representantes da lei ou un cidadán, entón o termo sufría unha metamorfose que o transfor-

maba en “asasinado”. O dereito a castigar (*ius puniendi*) ostentábo en exclusiva o Estado. Podíase castigar e matar en nome do Estado, non por vinganza ou nun momento de ira. No primeiro caso, estabas obrigado a iso por activa ou por pasiva, e recibías no exército os coñecementos básicos para matar. Non importaba que un fose cristián. En nome de deus e da patria todo estaba permitido e podíase violar, asaltar, saquear a este e mais ao outro e ser un “heroe”. Quen perpetrara nunca peores crimes contra a humanidade que a Igrexa e o Estado? Se te negabas enviábante a presidio: eran numerosos os mozos encarcerados por insubmisión nas cadeas españolas, homes cabais encerrados por apoloxía da paz. No segundo dos casos, se matabas, ou asaltabas convertíaste nun criminal desprezable, nun asasino, xa que carecías da lexitimidade necesaria. O propio sistema xustificaba o crime. Xustificábo desde a primeira guerra que tivera lugar na Terra, ata as da era contemporánea. E facíao con esa dobre moral, con esa dobrez característica dos grandes cínicos. Non, eles non eran mellores ca min, nin eu mellor ca eles; se cadra si menos hipócrita, pero non mellor. Todos nós eramos animais en evolución e, gustásenos ou non, nada podíamos ser peor que aquilo: homes en que aínda ficaba moito de besta.

Mantivéronme tres días naquelas condicións, atado cos grillóns día e noite. O terceiro día, ante as reiteradas protestas dos meus compañeiros, accederon a me retiraren os grillóns e a me devolveren a roupa e as pertenzas. No mes de decembro sería trasladado á prisión de Zamora para asistir a un xuízo. Alí esperaba por min unha petición inicial de vinte e nove anos de prisión.

- PRISIÓN DE ZAMORA, DECEMBRO DE 1990 -

Despois de facer tránsito no Puerto e na prisión de Córdoba, cheguei á vella prisión. Estaba exhausto polas constantes viaxes que

tivera que realizar. Colocaran dentro do recinto, fronte ao corpo de garda, unha máquina de café automática. Agriloados xuntos, Antonio Jara, un coñecido fuguista, e eu detivémonos en fronte dela e bebemos un par de cafés quentes, que nos sentaron de marabilla. Logo, portando as bolsas nas mans como boamente podíamos, e en varias viaxes, ingresáronnos dentro da prisión. Eu fun trasladado ao *tubo*, mentres que o resto de presos o eran ao módulo. Vellas lembranzas acudiron á miña mente, por algo pasara naquelas celas de castigo cilíndricas un ano da miña vida, entre castigo e castigo. As celas estaban igual, non modificaran nada da súa estrutura, aínda que en prisión as cousas si cambiaran, e moito. Os carcereiros manexábanse con excesiva amabilidade e respecto, o cal non me encaixaba co que eu lles vira facer no pasado; debía humillalos especialmente a obriga de se comportaren respectuosamente cos presos, por ordes do novo director. Os menores foran trasladados definitivamente á prisión de Herrera de La Mancha, despois de varios motíns encadeados, e agora a maioría dos presos que albergaba Zamora eran maiores que procedían do Puerto de Santa María. E aquela era outra das razóns pola que os carcereiros andaban suaves: non era o mesmo abusar dun feixe de imberbes asustados, de entre dezaseis ou dezanove anos, que facelo con homes curtidos nos penais máis duros do Estado. Para lograr aquel clima relaxado pasaran moitos anos e moitos tivemos que padecer numerosas agresións e torturas, mais pagara a pena. A vida e a convivencia alí agora facíase moito máis levadeira, menos sufrible.

Á mañá seguinte baixáronme ao patio co resto de presos. O módulo continuaba sendo de primeiro grao e nel dei co meu amigo Santiago Izquierdo Trancho, que estaba a cumprir alí. Enlazámonos nun forte abrazo.

—Ola campión —saudoume—, que tal?

—Ben. Veño ao xuízo pola morte. E ti, que?

—Aquí estou a cumprir.

No módulo dispuxeran un pequeno ximnasio provisto de pesas, un saco de boxeo e outros materiais deportivos; tamén habilitaran unha nova cafetaría e unha televisión cun vídeo, así coma un obradoiro de barro. Todo un luxo, comparado co que fora. Agora, paseando a través da sala co meu amigo, víñanse á memoria as frías mañás de inverno que pasamos naquel patio, sen podermos entrar nela. Decididamente aquilo parecíame un luxo.

—Canto che piden? —preguntoume o Tranco.

—Vinte e nove anos.

—Conta polo menos con vinte —sentenciou.

—Si, algo así espero.

—Eu teño agora un proxecto de fuga en marcha co Carlos, pero necesitamos unha serra grande, pois puxeron barrotes dobres. Pódesnola facilitar?

—Non. Teño só unha, e voulle dar uso en canto poida.

—Entendo...

O ánimo do Tranco era admirable. Tiña na súa conta un numeroso glosario de tentativas de fuga, pero que nunca lograra culminar. Tentárao unha e outra vez, e continuaría a o tentar sempre.

Era un rebelde. Os dez anos de prisión, na súa maioría illado en celas ou en réxime pechado, non minaran o seu idealismo nin a súa rebeldía. Como moi poucos, o meu amigo negábase a ser carnaza fácil para a besta carceraria. A súa actitude animábame. Presentoume a Carlos Esteve, o seu compañeiro naquela aventura que pretendía levar a cabo. O seu físico, especialmente a súa cara de bo rapaz, non me permitían daquela adiviñar a firmeza fría que se ocultaba detrás daqueles lentes de intelectual. Anos máis tarde, aquel home feble sería protagonista dunha das evasións máis espectaculares nunca acontecidas no panorama penitenciario español ou europeo. Por agora saudámonos cordiais.

Durante o paseo fun chamado a me entrevistar coas asistentas sociais. Conducíronme a un gabinete onde me esperaban sentadas nas súas poltronas, detrás da mesa.

—Contra! —exclamou unha delas—, canto cambiou vostede.

Tomei asento sen contestar aquela parvada.

—Que tal se sente, Tarrío? —interveu a outra.

—Moi ben.

—Chamámolo —apresurouse a dicir—para saber se precisa vostede algo de nosoutras. Por se quere que chamemos á súa casa ou a alguén da súa familia para lles notificarmos que está vostede aquí. Xa saberá que agora permiten *vis a vis*.

—Non preciso nada de vostedes —respondín cortante.

—Está vostede moi arisco, Tarrío —interveu a súa compañeira.

—Estou como sempre, como hai dous anos e medio...

—As cousas mudaron...

—Si, mais non grazas a vostedes.

Dito isto erguinme e despedinme. Estivera ano e medio naquela prisión a pasar todo tipo de calamidades e só se achegaran nunha ocasión ao *tubo* para me veren, cos seus sorrisos de putas baratas. A súa falsidade era tanta que nin sequera lograban estimularme para a masturbación, a pesar da abstinencia.

A que viña agora toda aquela farsa? Zamora era algo que nunca esquecería, xamais. Sentíame cheo de rancor cara a aquelas persoas, era incapaz de crer nelas, de aceptar que puidesen ter algo de bo dentro. Non, despois do que me fixeran alí. Elas eran responsables directamente por omisión de responsabilidades, como o eran tamén os educadores, a psicóloga, os médicos e demais ralea institucional. Eu asumía a miña parte de responsabilidade. De feito estaba alí para asumila en anos de cárcere. Eles que asumisen a súa, pois eran responsables de que no corazón de moitos de nós latise con forza o odio, a impotencia e a desesperación de soportar,

constantemente, o abuso e a inxustiza. Despois de varios días acudín ao xulgado a dirimir as miñas responsabilidades coa sociedade. Celebrábase o xuízo na Sección Segunda da Audiencia Provincial. Fun cacheado de forma integral e trasladado dentro dun furgón, rodeado de oito policía nacionais. As testemuñas foran trasladadas previamente noutro furgón á parte, e mantivéronnos separados durante toda a sesión. O xulgado estaba plenamente tomado pola policía, ante o temor dun atentado contra a miña persoa por parte da familia do morto. As familias xitanas caracterizábanse, entre outros costumes, por aquel tipo de vinganza. E en realidade eran eles os únicos lexitimamente autorizados para a vinganza, e non aquel fato de descoñecidos que se crían no dereito de xulgar todos os crimes dos homes segundo a súa xustiza. Ao tempo que subiamos as escaleiras cara á sala, un dos polis tivo unhas reconfortantes palabras para min:

—Tranquilo rapaz que con nós estás seguro.

O que faltaba. Se non fose porque dentro duns instantes ían ser baralladas ofertas co tempo de vida que me restaba, resultárame incluso cómica aquela situación. Agora só quedaba que me condenasen a vinte anos de cadea para me salvaren a vida.

Antes de entrar na sala falei co meu avogado. Recoñeceráon todo e tiñan a arma, polo que alí non había nada que defender que non fose unha petición menor. Solicitei ao meu avogado o expediente e entretíveme lendo as declaracións dos meus compañeiros. Entre elas atopei unha instancia asinada por un preso ao que non coñecía na cal solicitaba á Dirección do cárcere de Zamora non ser chamado como testemuña. Memoricei o seu nome e desexei que o chamasen para o coñecer. En canto ao resto de testemuñas, todo estaba en orde; comportáranse estupendamente. Na sala negáranse a contestar calquera pregunta do xuíz ou do fiscal, segundo acordáramos previamente na prisión a través de mensaxes.

Ao comezo da sesión trasladáronme ao interior da sala. Era grande, revestida cun chan marrón de madeira, e constaba de varios bancos en fila sobre os que pousaban o seu cu graxento varios grupos de cidadáns e xornalistas. Sentei, rodeado de policía, no banco dos acusados, fronte ao tribunal. Alí, como voitres calados, dous maxistrados e o presidente observábanme cos ollos apagados de quen está afeito a enviar homes e mulleres a prisión, como algo rutineiro, sen importancia. Á miña esquerda, o fiscal ordenaba varios papeis inmerso no seu discurso, mentres o meu avogado, situado á miña dereita, escrutábame fixamente como tentando ver dentro de min o que se ocultaba detrás da miña faciana seria. Detrás de min, un grupo de fotógrafos tentaban plasmar a miña imaxe para o seu xornal, para levar á sociedade a eficacia dos seus tribunais: non era máis que carnaza para todas aquelas aves de presa.

Comezou o xuízo coa lectura da acusación. Despois foron desfilando as testemuñas. Personaxes aos cales non coñecía de nada, nin nada coñecían de min, foron saíndo á palestra e, coaccionados polo fiscal, recreáronse especulando sobre min. Os psiquiatras forenses que me foran entrevistar á prisión meses despois dos feitos acusáronme de violento, introvertido e de remiso ao principio de autoridade. Loaron a miña excelente, segundo eles, memoria, destacando que con vinte anos lía e entendía perfectamente a Shakespeare e Nietzsche, o cal consideran excepcional. Aqueles eloxios compraceron o meu ego intelectual. Os presos que asistiran aos feitos negáronse, tal e como acordáramos, a responder as preguntas do fiscal, a pesar das coaccións do presidente. O fiscal entón chamou o home que entregara a miña mocidade e a miña vida ao cárcere, e a aqueles voitres con títulos de sona. Negou a súa colaboración naquilo e, aínda que o fiscal leu a súa declaración en alto, negouse a contestar as súas preguntas. Estaba asustado; debía de se sentir moi incómodo dentro de si propio. Alí estaba, indigno e avergo-

ñado, notando os meus ollos cravados como puñais nas súas costas. Cando abandonou a sala as nosas olladas cruzáronse levemente. A miña mensaxe visual foi clara: reservaba o dereito de lle axustar as contas. Despois chegou a miña quenda. Nas miñas parcas respostas ás preguntas do fiscal non se transluciu nada novo ao xa declarado. Aquilo comezaba a me producir náuseas e dor de cabeza. *Quen* pode garantir a verdadeira xustiza? Eu non era máis que un preso que, despois de condenado, desaparecería polo sumidoiro da cloaca carceraria, errónea ou acertadamente. Nada cambiaría explicar a aqueles asnos que asumía a miña parte de responsabilidade como autor dun axuste de contas co resultado accidental dunha morte, mais que cría que existían outras responsabilidades sociais e administrativas. Escarallariáanse de min. Eu era o reo e por tanto carecía de credibilidade. Os homes non eramos iguais ante a lei. Como íamos ser iguais cando os encargados de administrar a xustiza se sentían seres superiores? ningún home pode nin debe xulgar outro home, non xulgándose a si mesmo antes, e unicamente no seu nome; aínda así, dificilmente lograría ser obxectivo nin moito menos xusto. Non importaba que as cadeas fomentasen aquela violencia que me levara a aquel banco. Non era igual, á hora da igualdade, xulgar un simple preso, que exixirlle responsabilidades a un director de prisións e, por conseguinte, ao Ministerio de Xustiza. Por que nos reunificaran a todos outra vez naquel cárcere despois da experiencia de Teruel? Que ía suceder algo así era obvio, e non se fixo nada para o evitar porque a ninguén importaba que un grupo de presos se matasen entre eles. Entón, a que viña todo aquilo?, a santo de que se me estaba a xulgar agora?, en nome de quen?, da sociedade? Á sociedade importáballe cero que un preso morrese; incluso moitos se aledarían por iso; un menos, ladrarán algúns. Para que servía toda aquela carallada, se as circunstancias que provocaran aquel suceso en cuestión continuaban á orde do día dentro da prisión, custando

outras vidas e novos xuízos inútiles? Eu sabía perfectamente que a miña condena estaba ditada de antemán e que aquilo era unha farsa, mero formulismo para legalizar unha condena por homicidio. Fíxome rir o bocalán do fiscal, cando non dubidou en utilizar aquel preso como testemuña, sabendo que iso podería facilmente ser o chanzo inicial dun novo crime.

De volta á prisión prometínme non acatar sentenza algunha de ningún tribunal, negando con iso dereito algún aos xuíces sobre min. Non lles podía recoñecer nada, nin sequera como homes, a quen enviaba tantos seres humanos a presidio sen lles importar o que alí dentro ocorría con eles; sen lles preocupar que dentro daqueles muros se quebrantasen os dereitos que tanto proclamaban no exercicio do seu cargo. Liberaríame a min mesmo ou morrería tentándoo ata o último alento de forza, pero nunca aceptaría o encerro, xamais.

Chegou o Nadal. O Tranco prestoume o seu aparato de televisión por uns días e púidenme recrear na cela coa figura da espectacular Marta Sánchez e os seus prominentes seos. Entón, a guerra do Golfo Pérsico estaba no seu auge e España, fiel exemplo do servilismo máis miserento, enviara algún dos seus portaavións e heroicos patriotas, empurrada pola vaidade estéril de demostrar solidariedade cos amos do mundo. Aquilo enchíame de ironía. As grandezas dos pobos, a grandeza das tan laureadas democracias internacionais, medíanse, do mesmo xeito que nas ditaduras, polo seu potencial militar. Aquela era unha guerra estúpida que nos amosaba a inutilidade dos Estados e as patrias; a necesidade de nos rebelarmos contra aqueles que se divertían con proclamas militaristas e guerras inútiles. Como podía a sociedade permanecer cos brazos cruzados vendo como guindaban a prisión os xoves insubmisos (únicos heroes daquela guerra) e contemplar, á vez, a través da pantalla como o seu pobo, os seus fillos, os

seus pais, amigos e irmáns se preparaban para as matanzas; que había naquela guerra de heroico?; estaba moralmente lexitimada aquela sociedade para xulgar e condenar as miñas faltas? Sen dúbida Marta Sánchez fora moi humanitaria e valente, atrevéndose a ir ao Golfo para cantar aos soldados españois; todo era pouco para erguer a moral daqueles heroes. Ao fin e ao cabo, estábamos en Nadal, non é?

O día 28 recollín todas as miñas cousas e despedínme do Tranco. Desexei sorte na fuga que preparaba co Carlos, que os dous atopasen a liberdade. Oxalá nos atopásemos outra vez, pero esta vez na rúa. Despois dun cacheo previo fun escoltado por dous carcereiros ata as portas de entrada do cárcere, onde me agardaba a Garda Civil. Agrilloáronme, deixei a miña pegada dixital e, coas bolsas na man, dirixinme ata o furgón, para deixalas no maleteiro. Despois subín ao propio maleteiro, onde me agardaba unha agradable sorpresa. Alleo a ela, senteime dentro dunha das gaiolas.

—Ei, Xosé! —chamou por min unha voz.

—Quen es? —interroguei a berros.

Había un forte balbordo producido polas diferentes conversas doutros presos.

—Hostia, son o Musta, coño—berroume.

—Hostia!, e onde estás?

—Por aquí, detrás de ti, creo. Agora falamos cos *picoletos* para que nos poñan xuntos, de acordo?

—De acordo.

Cando montaron os últimos compañeiros, chamei o sarxento que comandaba o grupo de axentes:

—Escoite, garda.

—Que queres?

—Quero mudarme de gaiola e pórme cun amigo meu que vai nunha gaiola detrás, estírese.

—De acordo, pero quero unha viaxe tranquila, eh?

—Si, si, tranquilo...

Co furgón xa en marcha e cos gardas civís dentro dos seus habitacións, abríronnos as portas e unímonos nun abrazo no corredor do furgón. Dei as grazas ao compañeiro que accedera a cambiar de gaiola, para que eu e mais o meu amigo puidésemos ir xuntos. Metémonos dentro da gaiola e falamos na nosa lingua nativa:

—Que, como te encontras? —pregunteille.³

—Eu ben, e ti?

—Eu tamén ben. Quedei moi sorprendido pola túa detención, e a dos demais. Que pasou?

—Cometéronse moitos erros! Pequei de inexperiencia neno, e aínda que o asumo ben, non deixo de lembrar a oportunidade que tiven! Síntoo por ti, pois agardaba chegar a tempo para facer o falado entre os dous!

—Tranquilo, pois temos tempo e gañas, e iso é agora o importante. Temos que corrixir eses erros, e o demais chegará por si mesmo —animeino—. Alégrome moito de verte, aínda que non sexa este o lugar onde tíñamos a cita.

—Onde vas? —preguntoume.

—Vou a Tenerife 2; estou cumprindo alí. Non fuxín dela por moi pouco, e vouno a intentar de novo no chegar.

—Ten coidado.

—Xa o teño. E a ti onde te levan?

—Vou a un xuízo a Zaragoza.

Establecemos un sistema de comunicación para non perder contacto. Era importante permanecer unidos e informármonos

³ Toda esta conversa está en galego no texto orixinal. Respectouse o texto orixinal, incluídos castelanismos e coloquialismos. Só se mudaron erros de carácter ortográfico (N. do T.)

mutuamente sobre os traslados ou situacións que se produciran. O camiño facíase máis levadeiro cando se sentía a presenza de verdadeiros amigos ao lado; de persoas que te querían sen reservas. Eles, xunto a miña nai e irmáns, constituían a miña única e verdadeira familia. Sempre fora así. Eles eran os que me acompañaran no internado, no reformatorio e agora na cadea. E serían só eles os que me acompañarían incondicionalmente ata o final, ou os que empuñarían unha arma para me defender ou me liberar.

Cambiaran a prisión de Carabanchel pola de Alcalá-Meco para os tránsitos, así que o furgón se detivo diante desta última. Unha vez dentro separáronnos. Aínda que íamos en réxime pechado, fomos destinados a módulos diferentes. A min tocouse facer cela con Antonio Jara, mentres que ao meu amigo destinárono ao módulo seis. Saíamos de condución o mesmo día, polo que nos volveríamos ver en tres días.

No módulo de ingresos Antonio conseguiu uns cantos porros a través de coñecidos seus. Traía tamén unha bolsa con distintos e saborosos queixos franceses, cos cales enchemos o bandullo canto puidemos. Deitámonos nas dúas camas liteira das que estaba provista a cela e fumamos varios *canutos*. Antonio Jara era un recoñecido atracador de bancos e tiña no lombo un dos historiais criminais máis amplos do país. Coñecía varios países e evadírase en catro ocasións de cárceres españois. Era todo un bandido. Gustábame escoitalo falar:

—Creme, Xosé, os corenta anos son a mellor idade para un home.

—E iso como é? —pregunteille.

—Porque tes experiencia, madurez, deixas de cometer os erros de cando un é mozo e aínda se che levanta.

—Iso sempre que un sexa libre, non é?

—Este ano tócame ir ao Brasil —respondeu convencido.

—A ver se temos sorte, que falta nos vai facer.

—Que anos tes, Xosé?

—Vinte e dous.

—Sigue a tentalo con todas as túas forzas, que o has conseguir — sentenciou.

Aquelas palabras serían proféticas: un dos dous lograría evadirse o ano entrante. Mais por agora aquilo eran só soños, proxectos e esperanzas, coas cales recibiamos 1991.

Despedimos o ano con outra ración de porros. Déronnos unha cea aparentemente de Nadal e doce uvas, en mal estado, polo que non as comemos. Rematamos cos queixos franceses e engulimos algúns pastelinhos mercados no economato, mentres conversabamos sentados na mesa. Despois, preparamos a equipaxe para a viaxe que nos esperaba á mañá seguinte, tres días despois do noso ingreso en Alcalá-Meco.

Nas celas americanas de ingresos atopeime de novo co Musta, e tamén co Garfia. Saudámonos todos e conversei co meu amigo a través dos barrotes:

—Mantén o contacto, de acordo?⁴

—Ben. Non o dubides. Mandarei esas cartas que me deches, tranqui.

—Non esquezas falar co Yanko e os demais —lembreille.

—E ti coa Alba.

—Iso está feito.

O Juanjo, que estaba parolando animosamente co Jara, o Titi e o Isidro, todos eles fuguistas coñecidos, achegouse ata a reixa na que estaba a falar co Musta.

—Que tal vas de pasta? —preguntou.

—Fatal.

⁴ Conversa en galego no orixinal.

Sacou da súa carteira dúas mil pesetas e pasoumas. Tamén me proporcionou varios paquetes de tabaco. Aqueles intercambios de favores, axudas desinteresadas, eran moi habituais entre nós os fuquistas. Existía unha grande compenetración e solidariedade, pois todos coñeciamos a necesidade que tiñamos os uns dos outros, o cal nos mantiña unidos dentro dun estrito círculo.

—Sorte, Xosé —desexoume.

—De acordo, cóidate moito ti tamén, ok?

Pasei a metade do tabaco e do diñeiro ao meu amigo, botándollo a través dos barrotes. Cando se presentou a condución con destino a Cádiz fun chamado entre outros compañeiros pola Garda Civil para subir ao furgón. A idea de montar outra vez naquelas gaiolas revolvíame as tripas. Recollín as bolsas coas miñas pertenzas e despedinme do Juanjo cun firme choque de mans. Despois pasei pola cela onde estaba engaiolado o Musta e, agarrando a súa man con forza, despedinme del:

—Sabes que te quero moito? —afirmei.

—Seino irmán. Eu tamén...

Despois daquel conato de sentimentalismo, encamiñeime cara ao furgón. Metín as bolsas no maleteiro e, cando todos estabamos dentro das gaiolas, collemos rumbo a Andalucía pola Nacional VI.

Eu conseguira pórme só dentro dunha das gaiolas; polo menos así se me faría menos sufrible. As conducións continuaban a ser unha merda. Por aforrar uns pesos, a Administración e a sociedade continuaban a tratarnos como gando.

- PRISIÓN DO PUERTO DE SANTA MARÍA, 2 DE XANEIRO DE 1991 -

Ao chegar ao Puerto de Santa María fun trasladado, ante a miña sorpresa, ao Cárcere de Preventivos conxunta ao penal e ao Departamento de Mulleres. As dúas prisións estaban separadas entre si

só por unha estrada, pola cal entraban as conducións e furgonetas policiais con máis carnaza para o presidio. Xa dentro de Puerto 2 conducíronme, despois dun humillante cacheo no cal tiven que erguer e amosar os testículos ao carcereiro, ata o módulo de illamento, onde estaban varios presos políticos da organización vasca ETA. Coñecín a Paco e a José Mari, cos que establecín unha boa relación o mesmo que co resto de políticos, os cales me recibiron marabillamente, compartíndoo todo comigo, desde o primeiro momento. Tiña que estar alí ata que a condución a Tenerife viñese por min, tempo que se me faría moi levadeiro. Aqueles homes, considerados pola maioría dos españois (que non vascos) como sanguinarios asasinados, amosáronme e ensináronme coa práctica o significado da palabra solidariedade en toda a súa extensión. Os seus cartos convertéronse nos meus cartos, os seus libros nos meus libros, a súa comida na miña comida. Tiñan extraordinarios detalles comigo, coma o de me preparar infusións con mel polas noites, que me enviaban a través da xanela por medio de fíos. O José Mari, pola súa banda, ensinoume a manter unha dieta equilibrada, prestándome algúns libros, e regaloume unha pequena radio de auriculares. Encantáballe a apicultura e dábame extensas charlas sobre os beneficios das abellas sobre o campo e as colleitas. Era un naturista nato. Compartiamos bastantes puntos e vista, polo que non nos custou facer amizade.

Na mesma galería que nós esta tamén o Paco, un revolucionario sumamente agradable, que me prestaba con frecuencia o seu xadrez electrónico ou me inflixía serias e escandalosas malleiras sobre o seu taboleiro. Pasabamos tardes enteiras xogando uns cos outros a través das xanelas. Ao Paco nunca lle puiden gañar, e non era que eu fose malo xogando. Sentíame a gusto con aqueles compañeiros. Moi a gusto. Os dous subministrábanme froita como a un máis, polen de abella e outros alimentos para que puidese suplir as carencias da

pésima comida carceraria, un noxo. O suplemento alimentario que me negaban os médicos daquela prisión, proporcionábanmo eles, interesados pola miña saúde. Sacábanos a un pequeno patio onde con frecuencia nos xuntabamos, coincidindo con outros compañeiros seus que estaban na galería de en fronte, e cos que falabamos a berros a través das xanelas, cando tiñamos gañas de esmorga, aínda que falaban sobre os seus temas privados en euskera. Eu normalmente paseaba sempre co Paco e o José Mari, pois era con quen tiña máis confianza. Coincidiamos no noso enfrontamento co Estado español, pero por distintas razóns.

Unha tarde recibimos a visita de varios inspectores da Dirección Xeral de Madrid. Foron abrindo cela por cela e entrevistándose cos presos. Xa na cela que eu ocupaba, abrírona e dirixíronse a min sorrindo:

—Que tal está? —preguntoume un deles.

—Vostedes quen son? —interroguei.

—Vimos inspeccionar a prisión. Ten algunha queixa para expor? —acompañábanos varios carcereiros e un xefe de servizo.

—Pois si. Comentáronlle que hai uns días varios carcereiros bateron nun preso no módulo do lado? Pois iso é do que me quero queixar, así que xa teñen un asunto que amañar. Aínda que lles advirto —engadín—que non creo que sexan quen de solucionar nada nin que de verdade o pretendan.

—Ben, teremos que o investigar primeiro... Máis algo?

—Non.

Despedímonos friamente. Non farían nada; era o mesmo conto repetido miles de veces en distintas cadeas españolas. Pura e depurada hipocrisía profesional para xustificar o soldo inmerecido e unha inexistente eficacia administrativa. Tanto que, un ano despois, o director daquela prisión e outros carcereiros con peso específico serían descubertos como autores dunha fraude consistente en

pagar unha serie de débedas persoais co peculio dos presos. Despois de descuberta a fraude, que afectaría tamén o cárcere de Ciudad Real, o director en cuestión sería destituído, pero pasaría a ocupar outro posto na Administración de Puerto 1 como subdirector, o cal evidencia o alto grao de corruptela existente dentro dos cárceres españois. Estes señores inspectores quizais viñan agora cobrar a súa parte por faceren a vista gorda ou simplemente eran uns zoupóns incompetentes no seu traballo de supervisión. De todos os xeitos, nas prisións todos estes individuos se protexían os uns aos outros por aquilo do corporativismo e porque ningún podía estar seguro de que mañá non lle sucedese algo parecido. Por iso delinquían sen medo, pois no caso de seren descubertos destituíríaselles do cargo, mais outorgaríaselles outro dentro dalgunha outra prisión, despois de pasado o escándalo. Así enganaban a opinión pública. Os muros das prisións, alén de evitar que os presos fuxisemos, servían sobre todo para que ninguén vise o que sucedía detrás deles. Así funcionaba a Administración dirixida por Antoni Asunción, unha Administración creada á súa imaxe e semellanza.

Continuamos despois daquela vista desagradable coa rutina do día a día. Ás veces saíamos o Paco e mais eu, armados de coitelos de plástico, e puñámonos, sentados no chan, a pelar froita que logo partiamos e mesturabamos con mel, polen e zume de laranxa, para logo repartilo entre todos. Outras, sentabamos no patio as dúas horas diarias de paseo e bebiamos algúns cafés ou infusións que pediamos na cafetaría. Falabamos sobre a miña condución:

—Parece que non te vas, eh, Xosé?

—Parece que non. Algo está a pasar por aí...

—Que tal está Tenerife? —preguntou o José Mari.

—Ben, xa verás como esta vez si que o consigo.

—Moitas veces che me dixeron iso —sorriu—. Todo o mundo cando entra nun ano novo di o mesmo...

—Tes razón, pero non sexas gafe, home... —respondín serio, botándonos a rir.

A pesar dos coidados dos meus compañeiros comecei a me sentir mal outra vez. Suaba tremendamente polas noites e leves conatos de febre provocábanme calafríos, impedíndome durmir. Os síntomas de asfixia volveron violentos. Entón tiña que acender as luces e abrir as xanelas, esperando que remitisen. Non falei cos médicos por non perder o tempo con aqueles porcos. Ao día seguinte conversei sobre iso co Paco, sen lle recoñecer toda a verdade:

—Moi mal che me estou sentindo estas noites, como moi ansioso. Cústame unha barbaridade durmir.

—Oes, pois eu teño unha cintas de soforoxía na cela que me enviaron para practicar relaxación. Se queres grávoche algunhas para que as teñas ti e practiques.

—Sería fenomenal, Paco.

—Ben, pois iso está feito.

A soforoxía consistía en técnicas de ioga mesturadas coa autohipnose. Consistía en durmir o corpo por medio de respiracións profundas e conectadas, e ir relaxando os músculos do corpo, comezando polos pés e rematando pola cabeza. Púñanse os músculos en tensión e despois relaxábanse amodiño, ata ser quen de non os sentir. Aquilo axudárame moito, sempre que o practicara con frecuencia. Os seus efectos eran abraiantes. Por outra banda, enchéranseme as costas e o peito dun acne moi agresivo que me supuraba constantemente, lixando a camisola que levase posta de pus e sangue. Aquilo era por causa da mala alimentación e do exceso de graxa nas comidas penitenciarias. Polo menos iso cría. Fora polo que for, incomodábame bastante, pero non podía facer outra cousa máis que agardar que mellorase e cicatrizase.

O 20 de febreiro foime notificado o traslado á prisión de Zaragoza. Reclamábaseme alí por un xuízo, así que se suspendeu o traslado

a Tenerife. Entre todos proporcionáronme algo de diñeiro para a viaxe, o cal agradecín. Daqueles homes levaba unha grande lembranza e, sobre todo, moitas ensinanzas valiosas.

- PRISIÓN DE ZARAGOZA, FEBREIRO DE 1991 -

Desde Madrid tomamos a condución cara a Zaragoza varios presos. Durante o traxecto, a Garda Civil negouse a abrir por un momento as portas para que nos puidésemos mover un pouco e acudir ao servizo mexar. Entón un compañeiro que estaba aberto, arrincou unha dos manubrios das portas das gaiolas e, un por un, foinos abrindo a todos, forzando as pechaduras. Os gardas civís fixeron un amago de queren entrar, pero só era unha manobra intimidatoria e finalmente non se atreveron. Saímos coa nosa. Fixemos o resto do traxecto coas gaiolas abertas e parolando en grupos. Entrado o mediodía, chegamos ao noso destino e baixamos do furgón por parellas. Recollemos as nosas pertenzas e penetramos no interior por unha porta electrónica, baixo a supervisión dos gardas civís. Xa dentro, un dos gardas denuncioume diante dos carcereiros:

—Este —sinaloume— leva un ferro que arrincou dunha das portas. Abriu durante o traslado a todos os compañeiros con el.

—A ver, onde está o ferro? —preguntoume o xefe de Servizos.

—Non levo nada.

—Ben, ímolo ver agora. Levádeos ás americanas —ordenou aos seus subordinados.

Leváronnos ás celas americanas, onde nos pecharon. Ao pouco viñeron levar os meus compañeiros ao módulo e a min deixáronme alí só. O preso que quitara o ferro da porta e nos abrira, desentendeuse de toda responsabilidade. Viña en segundo grao e quería protexer aquela posición por riba de todo. Non o culpaba por aquilo,

pois defendía os seus intereses. Expuxérase por nos abrir a todos e agora tocábame a min responder o seu xesto con silencio. Despois de todo o garda confundírame con el, polo parecido das roupas que vestiamos, e iso non era culpa súa. A culpa daquela situación era do garda civil que buscaba vinganza na delación miserable.

Despois dun tempo trouxéronme un cubo de plástico e unhas mantas.

—Cando queira saír de aquí entréganos o ferro.

—Repítolles que non levo nada enriba...

—Entón a quen llo deches?

—Tireino polo furado do servizo á rúa, antes de chegar.

—Ben, se é así, non terás inconveniente en probalo —convidáronme, sinalando o cubo.

—Diso nada...

Aquela era unha situación incómoda. Levaba dentro de min unha serra, que agora perigaba. En canto ao ferro maldito, non me ían crer, díxese o que díxese. Mirei o cubo con desprezo polo que significaba. Se esperaban que cagase alí e lles dese algo, farían ben en tomar asento pois eu non tiña ningunha présa. Deiteime enriba das mantas sucias disposto a aguantar alí o tempo que for preciso; non lles ía dar ningún material e moito menos o pracer de me faceren cagar naquel cubo. Pasei a noite como puiden, sen cear. Na mañá seguinte tampouco me proporcionaron ningún almorzo. Un carcereiro veume ver:

—Que, non cagas?

—É que tes fame ou que? —respondinlle sutil e mordaz.

—Como...?

—Nada, home, nada.

—Paréceme a min que ao final imos ter que usar as gomas.

Non me deron de comer e entrado o mediodía o xefe de Servizos, acompañado doutros carcereiros, veume ver. Falou comigo a través dos barrotes.

—Que, Tarrío, decídese a entregarnos o ferro polas boas ou non?
—ameazoume.

—Xa lle dixen que non teño ningún ferro e que o tirei...

Abriron a porta da cela e entraron dentro.

—Íspase —ordenáronme.

Obedecín e espinme. Buscaron entre as miñas nádegas, debaixo dos sobacos, nos testículos e en todos os lugares do meu corpo. Sentíame como se unha presada de babosas percorresen a miña pel, pero contívenme. Despois de rexistrado deixáronme en paz e, xa vestido, cunha profunda ferida no amor propio, trasladáronme ao módulo de illamento: gañara o pulso e salvara a serra.

Pecháronme nunha das celas de illamento. Eran celas de castigo individuais, hixiénicas e amplas, cunhas xanelas de dobre reixa que daban para a rúa. Estaba no segundo andar do departamento. Aso-meime á xanela. Aquel cachiño de rúa, aquel palmo de liberdade física, produciume nostalxia doutros tempos pasados xa mortos no tempo, pero agora resucitados na memoria.

O corazón reviróuseme. Que sucedía? Que me estaba a pasar?, en que me estaba a converter ou en que me convertían? Aquel cacho de vida, aqueles cidadáns a pasear pola rúa indiferentes, aqueles coches a circular, todo me lembraba que non era só un morto, un home encarcerado, enterrado en vida nun mundo de formigón e cemento, poboado de barrotes de ferro. Un mundo de miseria onde a vida se me escapaba entre reconto e reconto, nos cales o indecente ollo do carcereiro escrutaba o interior da tumba para comprobar que seguía alí. Era difícil asumir que os anos ían pasando sen ti; era difícil asumir que as persoas desaparecían ou te ían esquecendo, cando o esquecemento é unha forma de morte; era difícil simplemente existir dentro dunha tumba alimentándose unicamente de esperanzas e lembranzas. Agora, asomado á xanela e contemplando a rúa, entendía a profundidade do abismo

ao que fora botado polo home; detrás dos muros, privado da súa natureza e do seu tempo, o ser humano deixaba a vida atrás e comezaba tan só a sobrevivir.

Esa tarde saín ao patio na compañía de Tofi, un vello compañeiro do cárcere de Daroca e que, o mesmo ca min, estaba sometido ao réxime pechado. Saudámonos enlazando as mans nun choque e paseamos polo patio, baixo a mirada canina do carcereiro que nos vixiaba desde a garita, a súa guarida.

—Que tal estás, Tofi?

—Ben.

—A que che me montaron onte ao chegar, por culpa dun *picoletto* noxento. Tivéronme ata agora retido nas americanas.

—Si, xa o sei. Comentárono por aquí varios rapaces.

—Sabes algo do Niño? —pregunteille.

—Continúa en Herrera, aínda que hai pouco estivo no hospital de Madrid algo enfermo. Pero xa está ben...

—Escoitei que se encarga de APRE e que a quere reconstituír elaborando novos estatutos.

—Si, xa se repartiron varios copias polas prisións. A ver que tal o acolle a xente. Non pillaches ningunha?

—Non. Levo uns meses de *cundas* dun lado para outro.

—Eu teño unha enriba na carpeta. Pásocha logo e lela.

—De acordo.

Preguntei polo meu amigo o Musta, mais xa non estaba alí. Leváranos outra de vez de condución para Galiza. Despois dunhas horas de paseo e unha boa ducha, fomos tragados outra vez polas celas. Limpei a que eu ocupaba e fixen a cama, para me deitar posteriormente nela e ler os estatutos da APRE reconstituída, redactados por Ávila Navas. Eran tres folios mecanografados e o seu contido era moi interesante:

ESTATUTO DA ASOCIACIÓN DE PRESOS EN RÉXIME ESPECIAL (RECONSTITUÍDA)

Non hai dúbida de que o desinterese e a falta de conciencia social polos temas penitenciarios conceden “patente de corso” para que a tortura, o abuso, a prepotencia e o delito sexan os procedementos polos que se desenvolve a actividade penitenciaria. Esta causa xera APRE(R).

A realidade do cárcere só a coñece quen a padece: nós os presos. Lamentablemente a poboación reclusa divídese en dous tipos de presos: os convencionais, cuxo único obxectivo é extinguir a súa condena coa maior brevidade posible en condicións reximentais “cómodas”; e nós, APRE(R), os denominados irrecuperables, termo que non deixa de ser certo, dado que estamos irrecuperablemente concienciados da nosa condición de seres humanos, e o noso obxectivo é cumprir as nosas condenas renunciando ás comodidades reximentais en defensa da nosa dignidade e dos dereitos que as leis nos recoñecen. APRE(R) pasou por dúas etapas; nunha primeira, os únicos logros foron unha representatividade simbólica que mellorou as condicións de vida duns cantos e con isto a decepción, resentimento e discrepancias ante novos proxectos, ficando así a asociación en entullo.

Mais coa casa en ruínas, e con novos membros de base, a asociación foise reconstruíndo, creando unha estrutura de bases independentes cuxa actividade se dirixe á consecución do cesamento e erradicación dos malos tratos e unhas condicións de vida minimamente dignas nas prisións, co pleno fomento da cultura, creatividade, deporte ou calquera outra actividade con fins reeducativos.

Loitamos pola desaparición do réxime especial art. 10 da LOGP e 32 e 46 do RP, artigos dirixidos á implantación do

illamento absoluto e vexetativo e á anulación da personalidade dos presos, sufrimos unha absoluta restrición dos dereitos fundamentais pola imposición dun réxime represivo que non está contemplado en ningunha Lei ou Regulamento e que se nos aplica para silenciar a toda costa as nosas denuncias e evitar accións reivindicativas. Ademais do illamento e incomunicación, estamos a centos de quilómetros da nosa contorna familiar afectiva, polo que expoñen as nosas familias a que sexan vítimas dun accidente mortal na estrada.

Consideramos que en democracia non todo é válido, a democracia non é patrimonio duns cantos que no seu saber e entender a degradan poñendo en práctica o seu criterio arbitrario, en dereito divino de castas e status, no cargo administrativo que ocupan nos poderes públicos. Estamos fartos de que conculquen os nosos dereitos fundamentais os proxenetas da democracia, que pretenden converter os seus “conciudadáns” en meretrices dun Estado de Dereito.

Desde hai unha década, como consecuencia das anomalías e deficiencias na xestión penitenciaria do goberno socialista, propiciouse que os presos sexamos constantemente e de forma sistemática vítimas fáciles de agresións físicas, de abuso de poder e de arbitrariedades por parte duns carcereiros formados profesionalmente nos máis estritos cánones do fascismo-catolicismo, predominante no réxime militarista anterior que precedeu hai quince anos á democracia.

Con ou sen conciencia, a Administración xurídico-penitenciaria mantén en activo exercendo funcións no estamento penitenciario estes elementos procedentes do brazo secular franquista, algúns deles a través de practicar oportunismo político do carné correspondente ascenderon en rango administrativo e, con aleivosía, impuxeron directrices pedagóxicas inquisitoriais, acrecen-

tando hexemonicamente en modo propio os principios de seguridade e orde polos que se teñen que rexer os establecementos penitenciarios, transformados estes nos seus propios feudos-sanctuarios, predominando a violencia física, practicada polos seus sicarios, e unha terapia reximental fundamentada no terror, a intimidación e a chantaxe, para conseguiren o acatamento das súas normas, coa vulneración das disposicións legais e os dereitos dos presos con suma facilidade, e con continuas malleiras por feitos como seren sorprendidos falando a través das fiestras ou estar recostado na cama; debido a iso, os nosos corpos saben moito de se contraeren a causa de tanta agresión funcional.

Por iso se nos impuxeron sancións disciplinarias a través de falsos feitos e falacias das que tivemos que responder ante corruptas xuntas de réxime, compostas na súa maioría por brutalláns, idénticos terapeutas de porra na man, grillóns e sprays, os cales decidiron a nosa clasificación de grao no tratamento penitenciario.

Non podemos precisar con exactitude o número de compañeiros que faleceron a causa dun sistema penitenciario infernal e terceiromundista, cando menos na práctica, debido a contaxios da SIDA intencionados, a carencia dunha asistencia médica axeitada e fidedigna, e a ausencia dun espírito humanitario no corazón do Estado; lembramos os nosos compañeiros: José Manuel RUIZ VERDUGO, Francisco CARMONA GALLARDO, Ramón CERVERA CARRANZA, Juan José PIQUERO, Agustín RUEDA SIERRA (POR TORTURAS), Vicente GIGANTE REAL... Producíronse tantas e tantas mortes que precisaríamos dunha fábrica de papel para podermos conseguir imprimir todos os nomes dos nosos inesquecibles compañeiros.

Remitimos miles de denuncias, dirixidas a xulgados e á DGIP, dando coñecemento das agresións físicas, psíquicas e morais

das que somos obxecto, sen que ata o momento se adoptasen as medidas eficientes para a súa erradicación absoluta.

Así e todo, o resultado inmediato obtido das nosas denuncias supuxo o incremento das represalias e animadversión por parte dos verdugos.

O continuo estado de absoluta indiferenza que padecemos, a desesperación que este nos achega, levounos en diversas ocasións a orixinar motíns e secuestros de funcionarios; estes feitos non só incrementaron o aumento de anos nas nosas condenas, senón que tamén estas manifestación de repulsa deron plena impunidade aos verdugos para plasmar os seus instintos máis baixos e sádicos en nós. Fomos e continuamos a ser cobaías na experimentación de métodos de tortura psicolóxica, dirixidos a anular a personalidade do individuo.

Non nos enganemos, en todo momento e con precisión a DGIP tivo coñecemento das tundas e arbitrariedades que se cometen con nós, sen se aplicar o cesamento, nin expedientes a quen comete estes feitos. En cambio a nós vénsenos humillando con saña, non conformes co resultado obtido co castigo físico e psíquico que nos é practicado, chantaxéasenos, especúlase coa nosa dor, e trafícase cos nosos sentimentos, distanciándonos da nosa contorna familiar afectiva, aplicándonos conscientemente o afastamento xeográfico como método para producir o desenraizamento social, sen xustificación ou criterio correctivo algún polo rexeitamento dunha “reinserción” que non se nos ofreceu, xa que como tal, A REINSERCIÓN SOCIAL, NON EXISTE MÁIS QUE DE FORMA ABSTRACTA, E O QUE SE VÉN PRACTICANDO CON NÓS É O ADESTRAMENTO ESCRAVISTA, impartido por sindicatos do crime organizados en equipos de tratamento, cuxo criterio terapeuta é a consecución dunha submisión absoluta no prisioneiro cara á clase segregacionista dominante.

Sen dúbida responsabilizamos en grao sumo a Administración xurídico-penitenciaria dos agravios que sufrimos e continuamos a sufrir, consideramos que as malleiras que recibimos, as celas de castigo, os anos de réxime de illamento, as lesións morais que se nos causaron a nós e ás nosas familias non son equiparables nin reparables con indemnización económica de ningún tipo.

Xa que este “Estado de Dereito” ata agora nos permite ler, por tanto entendemos, ao amparo do disposto polo art. 121 da constitución E.

Exiximos polos agravios que padecemos, na seguinte forma:

REDENCIÓN DE PENA POR DÍA MÁIS CATRO MESES POR ANO DE CONDENA CUMPRIDO, CON CARÁCTER RETROACTIVO.

INVESTIGACIÓN EN FAVOR DO ESCLARECEMENTO E DELIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADES POLAS CAUSAS POLAS QUE FOMOS SANCIONADOS DISCIPLINARIAMENTE, EN RELACIÓN Á EVIDENTE VULNERACIÓN DO ART. 15 DA C.E., EN CONEXIÓN CO ART. 3 DO CONVENIO EUROPEO DE DEREITOS HUMANOS.

INMEDIATA POSTA EN LIBERDADE DE TODOS OS PRESOS CON PADECIMENTOS INCURABLES (SIDA), DESPARECENDO O REQUERIMENTO DE QUE ESTEAN EN FASE TERMINAL; NUNHA FASE MEDIA XA SE LLES DEBE RECOÑECER O DEREITO ESTABLECIDO NO ART. 6o DO R.P.

MANTER FÓRA DE CONTACTO COA POBOACIÓN RECLUSA TODO AQUEL CARCEREIRO DENUNCIADO POR MALOS TRATOS.

Temos coñecemento de que a DGIP se propón desenvolver unha liña de política penitenciaria na cal predomine o trata-

mento por enriba do réxime, o cal consideramos obxectivamente positivo na consecución do cometido reeducacional que lle vén imposto por vontade popular ao estamento penitenciario. De levarse a cabo isto no seu momento tal e como dispoñen as leis, a maioría dos membros de APRE(R) extinguiríamos daquela as nosas condenas ou grande parte da súa totalidade, beneficiándonos das progresións de grao reximentais e de permisos de saída, con todo a realidade impónsenos, nin sequera se nos permite realizar comunicacións vis a vis, o que implica a prohibición de realizar o acto sexual (tortura), ou abrazar as nosas familias. Coñecemos moitos outros presos e casos, con condenas notables ou superiores ás nosas como son: narcotraficantes, ex policías, violadores, terroristas de ultradereita que desempeñan postos de traballo con remuneración económica, outórganselles redencións extraordinarias, permisos, e levan unha vida caralluda nos cárceres. Outros casos cuxa particularidade delitiva é atentar contra a liberdade e os dereitos da nación española, como é o caso dos golpistas do 23-F, foron beneficiarios da xenerosidade da democracia, tamén temos constancia da inmidade e impunidade das que gozan uns cantos, por pór un exemplo; aínda non recaeron responsabilidades sobre ninguén das mortes na prisión de Foncalent en xaneiro de 1987 das internas: Elena MÁRQUEZ VAÑO, Isabel PLANO PÉREZ e Teresa PEDRAZA GONZÁLEZ, malia recoñecerse publicamente que nestes incidentes houbo anomalías, e polo tanto responsables. E así, pasaríamos un século citando: “Caso GAL”, “Caso Nani”, Caso Agustín RUEDA”, altos cargos e FSE e maxistrados, implicados en narcotráfico e falsificacións de documentos oficiais, financiamentos dubidosos en partidos políticos, e un longo etcétera de desvergoñas que se suceden día a día nun país que se chama constitucional e democrático; en cambio estes “señores” é probable que

nunca coñezan unha cela de castigo. Nós, queridos camaradas, fomos vítimas fáciles do asolagamento da droga no país, somos maioritariamente delinquentes circunstanciais, toxicómanos, que no canto de se nos curar, fomos botados a uns cárceres cuxo fin primordial é a erradicación da cultura e o fomento da droga, e impuxéronsenos penas astronómicas e totalmente desproporcionadas, polo feito de pertencermos a unha clase social baixa. É triste, pero para desgraza deste país, a democracia só existe para uns poucos, mentres tanto nós consumímonos nas celas de castigo por termos a valentía de reclamar os nosos dereitos, unha grande maioría estamos contaxiados de SIDA, e prohibénnos pasar o resto dos nosos días coas nosas familias.

Por iso, con conciencia social e co espírito de loita que nos caracteriza e identifica, e cun apoio moral e material, exterior, cada vez máis amplo, facemos causa xusta e ante a SGAP continuamos a denunciar os desaforos dos carcereiros do seguinte xeito: É socio de APRE(R) todo aquel que dispoña de lexitimidade moral. Faremos sempre por duplicado as nosas queixas, colectivas ou individuais. Todas elas encabezadas pola APRE(R). Nelas reflectiremos todos os dereitos que se nos conculquen, peticións de comunicacións vis a vis, a aplicación dun rigor innecesario no réxime. A prohibición de utilizar aulas e dependencias, para desenvolver actividades, culturais, deportivas, recreativas, etc. A ausencia e tardanza de revisións médicas e controis analíticos, as negativas dos médicos dos Centros a facer as peticións do art. 6o. A ausencia dos equipos de observación e tratamento, ou algún dos seus compoñentes, ou o seu desinterese. A non realización de conferencias informativas, test de personalidade, etc. O desinterese das Unidades Docentes e a negativa a impartir aulas sobre todo aos internos de 1º grao; e todo aquilo que consideramos inxusto ou ilegal. En cada

Centro existirá un encargado de redactar as queixas e recoller as sinaturas, incluídas as dos simpatizantes. Este enviará unha copia á SGAP e a outra ficará no seu poder ata que lle chegue un enderezo ao que terá que as remitir. Cursaranse sempre en sobre pechado, certificadas e con aviso de recibo. O financiamento desta nova APRE(R) non será ningún problema. A cuestión é engrosar o dossier que xa posuímos no exterior, para que, de forma legal, os nosos avogados poidan materializar os nosos dereitos e así obter o resarcimento que nos corresponde.

Malia non sermos partidarios da violencia, non descartamos accións colectivas armadas se, despois de esgotados todos os recursos da vía legal, non se nos aplica o que por dereito nos corresponde.

Somos conscientes de que, de acordo coa orde política establecida, non nos é eticamente lícito facer uso da violencia para conseguir fins, nós tampouco xustificamos os nosos medios (máxima de Maquiavelo), mais cando na máis escura clandestinidade se nos está a masacrar, é por instinto de mantemento, en lexítima defensa do noso dereito á vida e á integridade física e moral, polo que dicimos:

XA ABONDA!!! PRACTIQUEMOS A DOUTRINA DE
"ZENÓN" E OBEDEZAMOS SEMPRE Á RAZÓN

ÁNIMO, CAMARADAS!!!

A XUSTIZA E A DEMOCRACIA É DE TODOS

O COORDINADOR: Fco. Javier ÁVILA NAVAS
Herrera de la Mancha, xaneiro de 1991

Unha daquelas copias fora enviada ao secretario xeral de Institucións Penitenciarias, Antoni Asunción, que se limitou a desprezar o seu contido. Que dano podían causarlle aqueles homes encerrados nos seus

cárceres, a el, máximo mandatario na súa montaña de poder e ambición? Porque Asunción era un dos homes mais ambiciosos do PSOE e non se ía deter ante nada. Demostráralo sobradamente coa folga de fame dos GRAPO entre os anos 89 e 90, na cal faleceu o preso José Manuel Sevillano por inanición, e outros membros do grupo armado sufriron lesións internas de moita gravidade, coma no caso de Sebastián Rodríguez Veloso, agora nunha cadeira de rodas. El era o amo e os presos os seus escravos: se estes ousaban rebelarse ían ser reprimidos sen contemplacións, coma sempre. A lei, a forza e os medios estaban ao seu favor. Que temer dun grupo de presos? Non se ían atrever...

A noticia sorprendeume pola radio o 25 de febreiro. O Garfia, José Campanillo, Antonio Vázquez e José Romera Chuliá lograban evadirse do furgón que os trasladaba nas aforas de Valladolid. Sentín unha inmensa alegría por todos eles, que agora estarían a saborear o premio polo seu atrevemento, un premio merecido, reservado só para os máis ousados. Alegreime especialmente polo meu amigo Juanjo: lográralo, era libre. Despois de saír da prisión de Alcalá-Meco esa mañá e comprobar que o chan do furgón estaba deteriorado, Juanjo, Campillo, Chuliá (coñecido como o *Francés*) e Vázquez puxéronse de acordo para se evadiren. Abriuse un furado na chapa do solo do furgón coas patas dunha das cadeiras a modo de pancas e facilitouse un butrón ata o maleteiro inferior, ao cal se deslizaron. Os demais presos non quixeron participar do ofrecemento: Cantos mais saltaran, mellor para todos á hora de correr. Coa porta do maleteiro entreaberta preparáronse para saltar. Terían que o facer cando o furgón reducise a velocidade, é dicir, ao chegar á cidade. Sabían e así o fixeron. Nas aforas de Valladolid o furgón reduciu a velocidade e, nunha curva, abalanzáronse todos cara ao exterior e comezaron a correr ante o estupor da Garda Civil. Do coche da escolta saíron dous gardas desarmados, un dos cales, Julián Botello

Nevado, deu alcance a José Romera Chuliá, reducíndoo. Salvador Gutiérrez, o máis novo dos dous axentes tivo menos sorte e aínda que puido chegar ata o Garfia, este derrubouno con varios golpes, deitándoo no asfalto e dándose á fuga definitivamente. Pola súa banda, José Campillo e Antonio Vázquez, libres de marca, afastáronse do lugar sen maior problema. A evasión consumárase con éxito, salvo para Romero Chuliá, que tería que agardar outra oportunidade para o tentar de novo.

A comezos de marzo celebróuseme o xuízo. Era por un delito de desacato á autoridade. Remitira unha carta desde prisión ameazando de morte un xuíz, exixíndolle un imposto revolucionario de tres millóns. Pedíanme tres anos. Fun conducido entre fortes medidas de seguridade ante o xuíz. Preguntado polo porqué daquelas ameazas, respondín que odiaba o sistema xudicial. Condenáronme aos tres anos de cadea.

Na prisión conseguín pórme de veciño co Tofi, ambos en fronte do recinto. Desde alí viamos a rúa; en fronte estaban as oficinas administrativas e a sección aberta, lugar por onde Romero Chuliá lograra evadirse un ano antes. Ao lado estaba situada a casa do director. Polas noites asomabámonos á xanela e conversabamos. Ás veces o meu compañeiro dedicábase a asediar o director, insultándoo a berros polo recinto:

—Cabron!, sei que me escoitas. A ver se melloramos a comida, eh?

Entón interviña o garda civil da garita:

—Cale a boca!

—Vai á merda, *julai!*

Aquelas situacións producíannos auténticos ataques de risa. O Tofi era moi animoso, un excelente compañeiro, e os días que estiven alí con el fixéronse moi amenos. Algunhas noites volveron os ataques de taquicardia e chamaba por el petándolle na parede da cela para que chamase á porta se empeoraba. Cando me sentía

mellor deitabámonos outra vez, sempre de madrugada. Aínda que xa me afixera a aqueles ataques, era duro sufrilos dentro dunha cela, só, co compañeiro ao lado inquedo e preocupado por ti, disposto a petar na porta da cela en caso de agravamento. Cando existía, o compañeirismo entre os presos era algo admirable que non deixaba de me marabillar. Algo sen dúbida fermoso e elevado.

Trouxéronme a sentenza do xuízo celebrado en Zamora cunha condena definitiva de dezaioito anos de prisión. Aquel papel rompía definitivamente todo posible lazo coa sociedade. Esta, por medio das “súas” institucións, encargárase de me facer desaparecer definitivamente do seu mundo. Así funcionaba o sistema. Perseguíante, acosábante, ían enumerando todos os teus erros e, cando menos o esperabas, tiraban contigo nun cubil. A min, xa me tiñan, polo menos iso era o que pensaban. Agora irían por outro. E así con todas aquelas mulleres e homes que non aceptasen o sistema do mundo democrático feliz.

Na mañá do 18 de marzo, Javier Ávila Navas e os seus colegas pasaron da teoría á acción. A noticia percorreu todo o país a través das ondas e da televisión ata o cárcere de Herrera de la Mancha: un grupo de reclusos tomara varios reféns no módulo especial, onde permanecían atrincheirados. Todo se desenvolvera esa mañá, mentres a médico pasaba consulta aos presos nas celas. Normalmente estas posuían unha cancela de barrotes que impedía calquera contacto, salvo ese día, en que unha delas estaba cortada e aberta, suxeita só por un arame para evitar que o carcereiro se decatase. Unha vez na cela de Ávila Navas, este botouse enriba deles, armado cun coitelo e, despois de os reducir e de os encerrar na cela, apoderándose das chaves, correu a abrir aos seus compañeiros de módulo Rivas Dávila e Losa López. Fóra, no patio, Sánchez Montañés e Laudelino Igle-

sias tomaban o control do módulo reducindo outros dous carcereiros. Posteriormente, ao accederen á zona de seguridade, puideron deixar atrapados un carcereiro e un número e un cabo da Garda Civil. Disparouse a alarma. Descartada a idea da evasión, os presos levantaron barricadas polos corredores dos módulos con colchóns e cancelas retiradas das portas das celas, preparando á súa vez varios cócteis *molotov* cos que incendiar o módulo en caso de asalto. Os catro reféns, tres carcereiros e a médico, foron introducidos en diferentes celas e movidos delas constantemente, co fin de evitar a súa localización polas forzas especiais, as cales non ían tardar en facer acto de presenza. Había disposición para ir ata o final. Pola súa banda, a Garda Civil penetrou dentro da prisión e tomou posicións en torno ao módulo especial, rodeándoo. Comezaba o pulso. A partir daquela todo era cuestión de temperanza. Era como unha corda da que ambas partes tiraban con forza desde os extremos, sen termos medios: aquel que cedese un milímetro había perder.

Comezaron as negociacións. Estas leváronse a cabo *in situ*, a través das barricadas. A Administración enviara para negociar tres inspectores da Dirección Xeral de Madrid e á xuíza de Vixilancia, a requirimento dos presos atrincheirados. Representando a estes, Ávila Navas leu en voz alta a táboa de reivindicacións que deran orixe a aquel secuestro:

1. Cesamento de torturas en todas as prisións quer de palabra quer de obra.
2. Cesamento inmediato dos carcereiros que nos propuxeron en Alcalá-Meco que formásenos dentro da prisión un grupo dirixido a asasinar os presos políticos de maior peso a cambio de melloras penitenciarias.

3. Que se adecúe debidamente o Centro Penitenciario de mozos de Madrid, onde están a ser trasladadas as presas de Yeserías.
4. Cesamento de torturas, malleiras e malos tratos no psiquiátrico de Alacante (Foncalent), departamento de agudos, onde se ata os internos enfermos durante meses, facendo por si obrigatoriamente as súas necesidades fisiolóxicas, sen acceso ás súas pertenzas, sendo a maior responsable a doutora Mari Ángeles López.
5. Investigación veraz e delimitación de responsabilidades dos aforcamentos que se produciron nas prisións do Estado, pola negligencia intencionada dos carcereiros, os cales chantaxearon outros internos con privilexios a cambio de non contribuír no esclarecemento destes asasinatos. Igualmente que se mobilicen as denuncias polos contaxios de SIDA intencionados, ao mesturar as coitelas de afeitar e nolas reter, para despois nolas entregar sen ningún tipo de control.
6. Inmediata posta en liberdade de todos os presos con doenzas mortais, en virtude do art. 6o do Regulamento Penitenciario.
7. Que aos presos enfermos de SIDA se lles aplique o art. 6o cando o virus estea nunha fase media e non cando son cadáveres, como así manifestou o pasado ano o Fiscal Xeral do Estado, Leopoldo Torres. Temos coñecemento do seu carente espírito humanitario.
8. Que se suspenda de inmediato o art. 1o da LOGP, no seu primeiro punto para preventivos e no seu segundo para penados, polos cales nos teñen anos e anos en primeiro grao, primeira fase: vinte e dúas horas diarias nunha cela aínda sabendo que o illamento xera violencia.

9. Que as sancións de illamento en celas non sexan un máximo de corenta e dous días; catorce días xa é unha barbaridade, só conseguen que os presos se fagan invulnerables ao castigo.
10. Que o noso actual goberno non se asaíne cos delinquentes circunstanciais (toxicómanos) vítimas do asolagamento de drogas no país, e se teña máis en conta a súa enfermidade e as dimensións do problema. Aos enfermos non se lles condena, cúraselles.
11. Que a política penitenciaria non sexa progresista só en teoría e cara á sociedade; que a reinserción como tal non sexa un termo tan abstracto e se vele pola vida e integridade física dos internos, sempre respectando os seus ideais. Que se teña en conta tamén o arraigo social dos presos e poidan cumprir as súas penas en centros próximos aos seus lugares de residencia.
12. Que se respecte o dereito á cultura e ao deporte, e se fomenten máis actividades e traballo remunerado.
13. Que non se prohiba aos sancionados a adquisición de artigos do economato.
14. Que se lles garde o debido respecto e consideración aos familiares dos presos cando están dentro dos recintos penitenciarios.
15. Que na reforma do Código Penal se inclúa a posibilidade de facilitar a liberdade aos internos que teñan cumpridos máis de 5 anos de prisión efectiva.
16. Que durante a tramitación dos expedientes disciplinarios os internos poidan asesorarse dos testemuños, avogados e procu-

rador, xa que ao nos atopar indefensos e ante corruptas Xuntas de Réxime, os carcereiros fan á vez de xuíces e verdugos, e as sancións supoñen días de cadea engadidos ás nosas condenas. O sufrir indefensión viola a Constitución Española nos seus artigos 24 e 119.

17. Que a política penitenciaria “progresista” sexa máis xenerosa cos presos “perigosos” que piden simplemente xustiza, e que non esgote a súa xenerosidade cos terroristas de ultradereita e os narcotraficantes.
18. Que non se nos xulgue polas pasadas retencións ilegais de carcereiros, xa que sempre fomos incitados polo mal funcionamento da Administración de Xustiza.

A Administración, unha vez posta ao tanto das peticións dos presos, negouse a facer públicas tales reivindicacións. A súa directriz: ocultar por enriba de todo, vidas humanas incluídas, aquelas denuncias estarrecedoras sobre a situación carceraria no territorio español. Non podía permitirse que a sociedade coñecese a realidade daquel submundo onde a ditadura continuaba o seu curso. Ordenouse a posta en marcha dunha campaña de desinformación ante os medios de comunicación. Así, os xornais máis importantes, coa excepción do *Egin*, e os diversos programas de radio, controlados e alienados, non perderon tempo nin adxectivos en cualificar os presos como tolos irresponsables e moi perigosos. Ningún destes energúmenos da información aclarou, con todo, que aquel réxime especial ao que estaban sometidos aqueles homes era ilegal e estaba derogado por Real Decreto 787/84. Era a mesma comedia de sempre. Non respectaban a lei, pero se alguén que non fose o Estado a infrinxía, daquela tachábano de tolo e

de fascista. Hipocrisía, senrazón, demencia. A irresponsabilidade e prostitución dos medios resultaba simplemente repugnante e noxenta.

Non se falaba de Herrera de la Mancha, tristemente famosa polas torturas e abusos cometidos alí contra os presos da COPEL nos anos 79-80-81, na cal se sacaban os presos das súas celas de noite e agriloados, na máis absoluta impunidade dos verdugos, recibían tremendas malleiras co fin de lles facer confesar vellos roubos ou que informasen sobre os seus compañeiros; ou contra os presos políticos de ETA, posteriormente, cuxos feitos ficaron plasmados e recollidos no libro *Herrera. Prisión de guerra*⁵. Non. Para que contar toda a verdade aos cidadáns e que decidisen por eles mesmos se aquilo estaba ben ou estaba mal? Como poderían os medios e o Estado soste que aqueles homes subversivos eran psicópatas perigosos sen corazón, se aquela táboa reivindicativa de dezaioito puntos chegaba aos cidadáns co verniz humano de tremenda solidariedade que emanaba de todas e cada unha daquelas palabras? Como podería entón xustificar o Estado que semellante acto de solidariedade se vise sometido a tan tallante represión e ocultismo? Entre todo este cúmulo de mentiras á sociedade, dos medios de comunicación “democráticos”, a tensión íase acumulando en torno á prisión. Impúxose a posición estratéxica e as UEI (Unidades Especiais de Intervención) da Garda Civil preparáronse para intervir. Os presos xogaban a súa baza coa médico. Dificilmente ían intervir estando ela dentro do módulo, dado que estaba embarazada e iso dificultaría a operación. Non se querían facer responsables dunha posible lesión no feto ou arriscarse a que a executasen aquelas bestas salvaxes que a mantiñan secuestrada.

⁵ Anjel Rekalde, Herrera. *Prisión de guerra*, Txalaparta, Tafalla, 1990.

Mais a realidade era outra moi diferente, e dentro do módulo especial comezábbase a barallar a necesidade de liberala. Era unha decisión moi complicada dado que supuña aumentar as posibilidades dun asalto nun noventa e nove por cento. Pero o embarazo supuña unha moi seria dúbida da lexitimidade da retención daquela muller, dado que implicaba outro ser inocente, polo que se acordou a súa liberación e con iso o risco do asalto, o cal sería inevitable. Efectivamente, aquel xesto humano, ditado nun momento de debilidade, sería a espoleta que dese luz verde á intervención das forzas de asalto, horas máis tarde. Despois de liberada a médicos, os demais reféns carecían de valor, ían pasar por riba deles desprezando a súa vida. A Administración pensaba e funcionaba así.

A madrugada do 19, sobre as tres, o feitos precipitáronse. As forzas de asalto recibiron ordes de pór punto e final ao secuestro e interviñeron. Comezaron a soar cargas explosivas e descargas de metralladora. Produciuse todo velozmente. Os presos foron localizados xunto os reféns e reducidos, para logo ser salvaxemente golpeados con bates de beísbol. Era un método habitual nos asaltos, que pretendía inculcar o terror nos demais presos. Todo culminou co traslado ao hospital de tres dos presos, o encerro doutros dous e a liberación dos reféns. O asalto puxo fin ás reivindicacións, que non transcenderon á opinión pública. A Administración podía sentirse feliz e realizada.

Con todo, os presos menores de Herrera de la Mancha, acabados de traer do cárcere de Zamora, que coñecían a verdade sobre o que sucedera, tomaron a iniciativa ao día seguinte cun novo motín. Grupos de presos subiron aos tellados en apoio dos presos que sufriran a tunda do réxime especial. A revolta durou apenas unhas horas, as que tardou en intervir a Garda Civil nunha feroz represión contra os mozos que, despois de que bateran neles, foron introducidos sangrando outra vez nas súas celas. Aqueles sucesos non

eran máis que un presaxio dos acontecementos que se aveciñaban vinculados polos lazos de solidariedade daqueles homes valentes aos que a inxustiza non lles era indiferente.

Celebrado xa o xuízo que me trouxera ao cárcere de Zaragoza, notificáronme o meu regreso ao cárcere de Tenerife 2. Fixen tránsito na prisión madrileña de Alcalá-Meco. Alí coñecín a Julián, o *Caixas*, con quen compartín un par de días a cela. Falamos sobre fugas e puxémonos de acordo en tentar cortar o chan do furgón que debía conducirnos ata Cádiz. Preparamos un par de serras, cabos e un pequeno retrovisor co que poder espiar a escolta. Tamén varias chapas metálicas para bloquear as pechaduras das portas. O Julián era un auténtico especialista en traballar os furgóns, polo que se todo ía ben tiñamos grandes posibilidades de o conseguir.

A condución veu por nós esa mañá. Nas gaiolas americanas da entrada coincidín cun paisano que me veu saudar. Chamábase Teixeira.

—Es ti o Che? —abordoume.

—Son, e ti quen es?

—Son amigo do Anxo e do Musta. Faláronme moito de ti e tiña gañas de te coñecer —respondeume, estendendo a man.

Saudámonos.

—Ben. Onde vas? —preguntei.

—A Puerto, e ti?

—Tamén a Puerto.

Xa dentro do furgón, con el en marcha, nas aforas de Madrid, puxémonos a traballar o chan deste. Abrimos algunhas portas, entre elas a de Teixeira e a doutros presos para que nos cubrisen facendo vulto no corredor, impedindo que a Garda Civil puidese observarnos. De xeonllos no chan, comezamos por quendas a cortar a chapa. Aquilo ía levar moito traballo. Consequimos abrir un orificio inicial, mais tivemos que deixar de cortar ante a preocupación cons-

tante da Garda Civil pola aglomeración de presos no corredor, así que o deixamos para o día seguinte. Esa tarde chegamos á prisión de Córdoba e fixemos noite nela. Descansamos e ao día seguinte, pola mañá cedo, retomamos a viaxe. Co furgón xa en marcha, pedimos ir ao servizo e logo bloqueamos as pechaduras das portas para impedirmos que pechasen. Abrimos a outros presos e volvemos a traballar a chapa. De alí a un cacho, o Julián estaba convencido de que escolleramos un mal lugar para cortar.

—Isto non vai, Xosé, imos moi lento —díxome—. Non se pode cortar máis rápido sen que rompa a serra, e se esta rompe daquela si que a fodemos.

—Imos *currar* un par de horas máis e, se non avanzamos, cubrimos o cortado ata agora para aproveitalo noutra viaxe, ben nós, ben algún amigo ou compañeiro. Que che parece?

—Por min, de acordo.

—Pois facemos así.

Volvemos ao corredor e continuamos a tentar cortar a chapa e levantala, mais non o conseguimos. Por iso, procedemos a reunir cinza dos cigarros e, con outros desperdicios, ocultamos as fendas abertas na chapa. Tentáramolo e, en todo caso, alí ficaba realizada a peor parte do traballo, que podía ser aproveitado por outros presos para a súa conclusión definitiva. Sorte!

Xa en Puerto de Santa María, fun conducido a Puerto 2, onde me reencontrei co Paco e outros políticos. O José Mari fora trasladado ao Hospital Penitenciario de Madrid para se facer unhas probas. Esta vez só me retiveron un par de días en Cádiz.

En Herrera, ao mesmo tempo, producírase unha nova retención. José Antonio Apón Mercader, coñecido como o *Africano*, tomaba como refén un carcereiro e atrincheirábase nunha cela con el, para amosar todo o seu apoio aos presos de Réxime Especial e exixir o

cesamento de malleiras a estes por parte dos carcereiros. A retención durou só un par de horas. Asaltárono. Por outra banda, ao outro lado do muro, Juan José Garfía facía das súas. A prensa informaba do secuestro dun tenente coronel da Garda Civil así como do tiroteo no cal un brigada do mesmo corpo recibira un balazo na cara a queimarroupa. As dúas accións eran atribuídas ao Juanjo. A caza do home seguía adiante, salvo que naquel caso a caza devolvía os disparos e non lles ía dar ningunha facilidade.

Oxalá non o collesen. En canto a min, no terceiro día da miña estadía en Puerto 2, viñéronme recoller para me conduciren atado cos grillóns ata o transbordador J.J. Sister, dentro dun furgón celular, con destino a Santa Cruz de Tenerife.

- PRISIÓN DE TENERIFE 2, SANTA CRUZ DE TENERIFE - MARZO DE 1991

Cando cheguei a Tenerife 2 as cousas mudaran. O meu amigo Anxo Fernández e o seu compañeiro Lisardo González Reyes acababan de ensaiar a evasión sen éxito. A disciplina endurecérase e ambos foran trasladados a prisións máis duras. Designáronme unha cela de illamento. Tiven problemas cando me quixen achegar a falar cos compañeiros e darlles tabaco.

—Tarrío —berroume un dos carcereiros.

—Que?

—Non se poden abrir os asexadoiros nin falar a través deles —dixome—. Tampouco se pode dar tabaco aos sancionados —engadiu.

Ignoreino e repartín o paquete de tabaco que traía con todos os sancionados, prendéndolles un cigarro a cada un para que puidesen fumar a través dos asexadoiros das portas.

—Ten vostede un parte, Tarrío —ameazoume.

—Que pasa?, comprácelle facer sufrir os homes con privacións?
—espeteille.

—Esta prohibido polo Regulamento e sábeo.

—Prohibido ser humano, non é? Fai os expedientes que che dea a gaña...

—Podes ter por certo que os farei...

Nas ventás das celas soldaran novos barrotes, esta vez verticais. Tamén bloquearan a porta que accedía ao módulo adxunto e construíran unha nova na outra parte do módulo, pola cal se saía directamente ao patio. Igualmente dotárase a ponte dunha porta central que se mantiña pechada de noite e aberta só durante o día. Non había dúbida de que melloraran a seguridade. Falei sobre aquilo con Juan Caamaño, un preso valisoletano que estaba no módulo en 1º grao. Fixémolo a través das xanelas.

—Hai que ver como andan por aquí agora, Caamaño.

—Si, desde que tentaches liscar ti e logo o Anxo e o Reyes, viraron insoportables. Prohíbeno todo e baten na xente sen ningún motivo. Pásanse...

—Fillos de puta!

—Escoita, tes máis tabaco aí?

—Teño.

—Pois pásame algo.

—Agarda un momento...

Busquei dentro da equipaxe un par de caixas de tabaco que tiña do barco e preparei unha corda con tiras de saba. Asomei outra vez á xanela e, atando un cacho de xabón a un cabo da corda, chameino:

—Caamaño...

—Dime.

—Saca algo pola ventá, que che boto un carro.

—Teño sacada a escoba.

—Aí che vai —engadín, lanzándoa ata a súa posición por enriba do pau da escoba. Suxeitouna.

—Telo?

—Teño.

Atei no outro extremo as dúas caixas e unha caixa de mistos e solteina.

—Xa está, lévao.

—De onde vés agora, Che?

—De varios sitios. Estiven en Zamora e en Zaragoza, a xuízos...

—Por aquí, xa ves, unha merda.

Si, unha merda. Por que se prohibía aos presos fumar cando unicamente estaban condenados a penas privativas de liberdade? Que sentido tiña facer sufrir unha persoa na soidade dunha cela de illamento privacións que se viñan unir ás xa dimanantes da escravitude carceraria? A finalidade era lograr a través do sufrimento o quebranto total da vontade do individuo para despois facilitar a súa alienación. Por iso, a miña acción sería sancionada con illamento en celas: rompera o programa aliviando a ansia daqueles presos. O meu historial penitenciario estaba poboado de expedientes coma aquel, que me custaran máis de dous anos de illamento en celas durante a miña estadía en prisión.

Continuei repartindo tabaco aos presos que estaban alí sancionados, polo que fun obxecto de numerosos expedientes, que ficaban en suspenso grazas aos médicos. Estes opúñanse ao illamento prolongado ao que era obxecto desde había anos. Consideraban que aquelas sancións poderían deteriorar a miña saúde gravemente e, facendo caso omiso das críticas da Administración, suspendíanas de forma provisoria por tempo indefinido. Con todo, aínda que podía acceder ao economato, á sala e a dúas horas diarias de patio, continuaban a me sacar só, coa escusa de que non existía ningún outro preso nas miñas mesmas condicións. Fóronme intervidas as comunicacións por

orde da Dirección e retida a correspondencia procedente do exterior, con fins de tratamento, aínda que non me foi notificado. Pretendían facer presión sobre min por medio da incomunicación. Conseguí da biblioteca varios libros de Albert Camus, *O diaño* e *Deus*, de Sartre, e algún de Schopenhauer, o filósofo alemán nihilista ao que acababa de coñecer. Conseguí igualmente varios cadernos cuadriculados en que, sentado fronte á mesa, plasmaba os pensamentos que me asaltaban despois da lectura ou no vagar onírico da soidade. Afeccioneime á escritura e non deixaba pasar un só día en que non plasmase algún pensamento ou poema naqueles cadernos que se converteran nos meus confidentes. Polas noites recibía as visitas dos carcereiros que desde fóra iluminaban os barrotes e a cama onde durmía cunha lanterna, espertándome intencionadamente. Eu daquela insultábaos, pero rían e regresaban varias horas despois espertarme outra vez, coa escusa dun novo cacheo. Unha noite, farto xa daquelas provocacións, enchín un balde de auga e agocheime debaixo dunha xanela da cela. Esperei alí fumando algún cigarro a que pasasen a requisa de barrotes, o cal non tardou en suceder. Xa na fiestra, iluminaron a cama e, sorprendidos de que non estivese nela, comezaron a me chamar:

—Tarrío, asome, que o vexamos...

Non respondín, provocando con iso que se arrimasen á xanela.

—Tarrío, déixese de parvadas e asome —berráronme outra vez.

Collín o balde e incorporeime rapidamente, botándolles a auga por enriba.

—Fillo de puta! —insultáronme—. Agora vas ver —engadiron.

Colléraos de pleno e marcharon chorreando auga. Rin, aínda que sabía que aquilo me ía traer problemas. Vestínme e calceime preparándome para o peor.

Varios minutos despois presentáronse no módulo. Viñan preto dunha ducia, esgrimindo porras na man, co xefe de Servizos á cabeza, segundo puiden observar pola fenda do asexadoiro. Abrírona.

—Tarrío, temos que cambialo de cela —explicoume un deles.

—Diso nada.

—Queres que entremos pola forza?

—Probade a ver —respondín ao tempo que apañaba a cadeira e arrincaba unha das patas de ferro.

—A ver, Tarrío, deixe de se complicar a vida.

—A min os únicos que me complicades a vida sodes vós, e estou ata os collóns de vos aguantar todas as noites...

—Entréganos o ferro e non pasa nada, de acordo? —díxome un dos carcereiros achegándose ao asexadoiro. O seu alentoapestaba a alcohol.

—Non.

Falaron entre eles e despois marcharon. Non volveron para a miña sorpresa, pero enviaron un dos médicos a primeira hora da mañá para que falase comigo e depuxese a miña actitude:

—Tarrío.

—Que?

—Podo falar contigo na cela?

—De acordo, mais que non se achegue ningún carcereiro.

—Non, sós ti e mais eu, de acordo?

—De acordo.

Pediu a chave da cela a un dos carcereiros e, despois de abrila, entrou. Pecharon a porta detrás del. Falamos:

—Que foi o que pasou onte? —preguntoume.

—Que levan espertándome varias noites consecutivas e boteilles auga. Viñan bébedos e provocando...

—E que vas facer?

—Folga de fame e de sede ata que me deixen en paz, me saquen acompañado e me dean a radio ou o órgano electrónico que me retiveron.

—Por que chos retiveron?

—Por foder e para me facer as celas máis difíciles de levar. Vese que o director e o subdirector de Seguridade non me perdoan que tentase escapar e están a se vingar. Eu que sei...

—Falarei con eles a ver que podemos facer nós, pero non fagas folga de fame ou de sede porque te vas prexudicar a ti mesmo.

—É o mesmo, vouna facer, estou decidido.

—Como ti queiras. É mellor que me deas o ferro e a cadeira. Non che han facer nada malo, douche a miña palabra.

—Léveos.

—Vou falar isto co director, prométocho.

—Ben.

Non almorcei. Nin xantei nin ceei. Declareime en folga de fame e sede e metinme dentro do catre. Renunciei ás horas de patio e a saír da cela, excepto para comprar tabaco no economato. Recibía diariamente a visita dos médicos nun van intento de me convenceren para que abandonase a folga. Elaborara dous escritos ao Xulgado facéndoo responsable a el e á Administración do que me sucedese. Mantiven aquela actitude durante os cinco días que tardaron en se decidiren a ceder ás miñas peticións. Notificoumo un dos médicos.

—Tarrío —faloume—, vanche dar a radio, o órgano e vas saír acompañado ao patio. O do cacheo de noite vano continuar a facer, mais procurando non te espertar nin te alumear coa lanterna. Que dis?

—Quen di iso? —preguntei.

—Díxomo persoalmente Don Joaquín, o director, hai un cacho.

—De acordo, dígalle que deixo a folga...

—Ben.

Aquela medida habíanos beneficiar a todos dado que terían que sacar a compañeiros sancionados comigo, o cal permitiría que circulase o tabaco con maior fluidez polo módulo e rompería a disciplina rixida do illamento. Algo sacáramos de todo aquilo. En canto a min, o órgano e a radio faríanme os días máis entretidos e fluídos,

mentres buscaba un cómplice e elementos para tentar unha nova fuga. Recibín unha visita da psicóloga. Entrevistámonos na pequena enfermaría habilitada no módulo:

—Ola, Tarrío, como se sente?

—Moi ben.

—Continúa aínda coa folga?

—Xa non.

—Envíanme desde a Dirección —díxome en ton serio—. Queremos saber se vai vostede persistir na súa actitude ou se, pola contra, vai colaborar co tratamento.

—Cal é a miña actitude? —pregunteille.

—A ver, Tarrío, xa sabe a que me refiro. Vostede rexeita o tratamento, falta constantemente ao respecto aos profesionais que traballan aquí, que o fan o mellor que poden, e amósase intratable con todo intento de diálogo. É difícilísimo dialogar con vostede...

—Estamos a falar, non?

—Si, pero o que nós pretendemos é que colabore e nos permita sacalo de aquí a outro módulo. Non crea que vai aguantar moito máis tempo nesta situación, e ao final vaise arrepentir. Nós somos o sistema e contra o sistema é inútil rebelarse; así o único que vai conseguir é pasar algúns anos máis en celas, cando podería acceder a outros beneficios...

—Mire señorita, o sistema do que tanto se gaba a min antóllase-me unha merda. Que teñan homes pechados en celas de castigo sen fumar paréceme un acto de sadismo innecesario. En canto ao seu programa, resérvome a opinión para non ferir a súa sensibilidade; pero que conste que me apesta —fixen un pequeno intermedio para logo proseguir—. En canto ao diálogo, vostedes son os menos indicados para me reprocharen falta de comunicación, dado que son incapaces de enfiar dez palabras seguidas sen que nelas se encerre unha ameaza velada ou unha chantaxe. O problema, señorita,

non está en min; radica en que non fan efectivo o Regulamento Penitenciario, incumpríndoo constantemente por abuso de poder. Vostedes incumpren a normativa, a lei, e en vez de xerar traballos remunerados para os presos e presas, xeran pequenas ditaduras. Traballos forzados sen soldo nin beneficio e castigos sen fin para aqueles que non se sometan ao seu loado tratamento. Como dialogar con quen basea o seu diálogo na tortura, a prepotencia e a chantaxe? Créame, non é vostede tan honrada, boa e profesional como pensa...

As miñas palabras sorprendérona.

—Aquí o que está preso por non cumprir a lei é vostede e non eu. Pode que a institución non sexa de todo perfecta, pero cremos no que facemos e facémolo honradamente. E saiba que aquí a maioría dos presos traballan e extinguen as súas condenas a metade de tempo, cousa que dubido que consiga vostede nunca con esa actitude retardora.

—Ben, xa veremos —respondín incorporándome e dando por concluída a entrevista.

Aquelas palabras representaban unha advertencia. Querían subliñar o feito de que estaba totalmente á súa mercé, e que podían facer comigo todo aquilo que estimasen axeitado para o tratamento. Sabían que era electropositivo e que aquilo pesaba psicoloxicamente no meu ánimo, o cal, engadido ás celas de castigo e á retención do correo exterior, único soporte emocional dentro da prisión, dado que o afastamento do presidio respecto á familia impedía calquera outro tipo de contacto, debería facerme reflexionar e ceder.

Logralo para eles representaba un éxito perante a Administración de Madrid. Para eles só era unha cobaia onde experimentar diferentes técnicas de represión. En realidade, desde que o home e a muller cruzabamos encadeados os recintos carcerarios, pasabamos a nos converter en cobaías experimentais de equipos médicos,

educadores, psicólogos ou carcereiros. Os éxitos destes científicos da deshumanización e a tortura sobre nós, as cobiñas, traducíanse en premios administrativos, en ascensos. Soaba cruel, mais era a realidade, unha realidade fatal que calquera ser humano podía experimentar con simplemente cometer un erro, ingresar en prisión e, xa dentro, tentar conservar íntegra a súa dignidade, os seus sentimentos e os seus valores. O sistema aliméntase de carne humana. Obrígache a participar na chantaxe do cárcere; dentro desta, do castigo. A psicóloga, co seu discurso e defensa de tales métodos, comprometéase con aqueles desprezables, mesquiños e miserables tecnócratas que coa súa técnica axuizable e condenable exterminaban sen paliativos as clases sociais menos favorecidas e, sobre todo, as máis contestatarias. Todo aquel sistema represivo, baseado na constante ameaza do castigo, carecía de fundamento algún, era torpe e insensato, xa que na vez de fomentar a convivencia, destruíaa, envilecendo os que o levaban a cabo, suscitando odio e violencia en quen o sufría.

Un sistema baseado no terrorismo carcerario que os mercenarios da prensa, en xeral, maquillaban e que os xuíces permitían, omitindo a súa responsabilidade, blindados polo poder de que estaban provistos, o cal os transformaba en intocables, en falsas figuras sagradas. Así cando se denunciaba un mal trato ou unha irregularidade diante do xuíz, este limitábase a confirmar o bo facer da Administración. Daquela recorríase á Audiencia Provincial, que por súa vez ratificaba a decisión do xuíz. Por último, recorríase ao Tribunal Constitucional e varios anos despois, talvez, gañábalo, mais entón trasladábante a outro cárcere e alí tiñas que comezar outra vez. Todo ben atado, sen fendas, de xeito legal: democraticamente.

Conseguín chamar por teléfono ao exterior. Souben que o meu amigo Chico fora detido outra vez, acusado de roubo a un banco. A partir daquela dependía exclusivamente de min mesmo.

Decidinme a falar co Caamaño para organizarmos un secuestro no módulo e evadírmonos disfrazados de carcereiros. Prometeume pensalo e darme unha resposta.

Chegou o verán e con el a calor. Aproveitei o sol para me pór moreno e curar nalgunha medida o acne que me cubría o lombo e parte do peito. A iso axudábame un preso canario ao que incluíran no réxime pechado, que con algodón e iodo, mesturado con alcohol, me limpaba as feridas todos os días. Coñecíámolo polo Malaje e era un compañeiro estupendo, ao cal apreciabamos moito pola súa sinxeleza. Grazas aos seus coidados, a maioría das feridas cicatrizaran. No módulo a monotonía era todos os días a mesma. Ía unha calor insupportable, polo que adoitaba sacar comigo ao patio varios baldes con auga para me duchar espido. Despois deitábame a tomar o sol. Polas tardes sentábame fronte á mesa e escribía poemas e pensamentos nos cadernos. Pensei mesmo en escribir un libro sobre todo aquilo, pero finalmente renunciei á idea por falta de confianza na miña narrativa. Non estaba preparado, polo tanto continuei con pequenos pensamentos dos que o Malaje era o único lector. Recriminábame o meu estilo sangrante, sempre latente en todos os meus escritos, mais esa era a miña forma de ver o mundo, de entender o ser humano, de plasmar o meu noxo polo que existía detrás dos muros.

A comida seguía sendo boa e o trato dos médicos, o correcto. Non me volveran dar taquicardias grazas a un tratamento de Tranxilium 50 que me receitaran, o cal me permitían durmir profundamente durante as noites. Con todo, as miñas relacións cos carcereiros continuaban empeorando, ata se faceren case insupportables. Odiábaos e odiábanme, era inevitable.

Unha tarde de xullo tiveron unha discusión cun deles, que pretendía pecharme na cela antes do tempo. Negueime a entrar nela, convidándoo a que me metese el. Entón foi pedir reforzos, e un grupo

de carcereiros fixo acto de presenza no módulo. Eu, pola miña parte, rompín un pau de vasoira e amotineime no segundo andar do módulo. O xefe de Servizos falou comigo desde abaixo:

—Tarrío, solte o pau e entre na cela.

—Non, ata que remate o meu horario de patio.

—Queres que subamos a baixarte? —respondeume.

—Vostede verá, pero ao que suba pártolle a cabeza...

Dito isto, comezaron a subir as escaleiras en grupo, deténdose a uns metros do lugar onde os agardaba.

—Tarrío, déame o pau —pedíume o xefe de Servizos.

Se llo daba ían mallar en min igual, polo que me neguei outra vez:

—Non, e non te achegues máis...

Ignoráronme e chanzo a chanzo continuaron subindo. Xa á miña altura, asestei un golpe a un deles co pau da vasoira e, acto seguido, enredámonos nunha liorta na que finalmente fun reducido, pateado e conducido ao rastro ata a cela. Cacheárona e romperon diante de min as fotos da familia e varias cartas, tirando o demais polo chan. Requisaron o caderno onde escribía os meus pensamentos e romperon o órgano e o aparato de radio. Satisfeitas as súas baixezas, pecháronme dentro da cela.

—A próxima vez rompémosche as pernas, entendes? —ameazoume o xefe de Servizos a través do asexadoiro—. Non quero escoitar nin unha queixa máis aos funcionarios sobre ti, non os esquezas. Cando xa marcharan, púxenme a recoller as cartas e as fotos rotas, ordenando un pouco todo aquel desamaño. Conseguí arranxar algunhas fotos con celofán, pero outras tívenas que tirar. Tamén amañei a radio, mais non así o órgano. Sentíame furioso. Lavei o sangue que saía da miña boca no lavabo e mireime no espello. Un dos pómulos tiña inflamado e a marca de varios golpes adiviñábase nas miñas costas encarnadas. Juan Caamaño chamoume. Falamos polas xanelas:

—Que foi?

—Nada. Pensaches niso que falamos? —respondinlle.

—Pensei, estou de acordo.

—Ben, daquela xa falaremos.

—Que tal estás?

—Un pouco mazado pero perfectamente e moi animado.

Ao día seguinte, durante o paseo, puiden sacar dunha das portas dous cachos de metal que servirían para fabricar dous coitelos. Facilitei un deles ao Caamaño e preparei o meu provéndoo dunha afiada punta.

Esa tarde, o xuíz de Vixilancia Penitenciaria presentouse na prisión e mandoume chamar. Accedín a falar con el e fun conducido ata a súa presenza, a un dos gabinetes do centro. Agardábame acompañado do fiscal. Saudoume e respondín cortés o saúdo.

—Sente —convidoume—. Estamos aquí porque recibimos diferentes denuncias de vostede e doutros compañeiros seus, denunciando malos tratos no módulo de illamento. Que ten que dicir a iso? —preguntoume, sinalando un montón de escritos que levaban o meu nome e letra sobre a mesa de metal.

—Ve vostede o pómulo inchado? —indiqueille—. Pois isto é só unha pequena mostra do que ocorre con frecuencia. Outra mostra son estas marcas —continuí, amosándolle o lombo—que, estará de acordo comigo, dificilmente as pode causar eu mesmo.

—Cando foi iso? —interrogoume o fiscal.

—Onte.

—Por que razón? —preguntou o xuíz.

—Por me negar a entrar do patio á cela cando aínda me faltaba tempo de patio.

—Non o creo —interveu o fiscal—. O centro, por se non o sabe, puxo unha denuncia contra vostede por agredir un funcionario cun pau. Ademais, limos o seu expediente. Hai pouco, igualmente,

agrediu outro funcionario cun coitelo para poder posteriormente apuñalar un compañeiro seu, participou en plans e motíns e conta vostede con varios intentos de evasión. Como espera que o creamos cun expediente tal?

—Mire, é certo que golpeei un carcereiro cun pau, mais foi en defensa propia. Mantéñenme illado a maioría do tempo, intervénenme o correo sen autorización xudicial, rompen as miñas pertenzas, ameázanme e chantaxéanme constantemente, incumprindo o Regulamento cando lles dá a gaña comigo, non quererá que aínda por riba deixe que batan en min impunemente, verdade? Se vostedes fixesen o seu labor todo isto se evitaría...

—A culpa diso tena vostede e non nós. Vostede representa un perigo para os demais e o illamento ou a prolongación do primeiro grao supón só unha medida provisoria, ata que o seu comportamento demostre con feitos que está preparado para convivir con outras persoas.

—Xa vexo que se puxeron vostedes de acordo rapidamente —respondinlle—. Preguntáronse algunha vez o porqué da violencia na prisión? Eu son seropositivo, señores, e a nós, os enfermos seropositivos, asasinásenos practicamente sen reparos. Non digo que se faga directamente, senón que a base de castigos e medidas disciplinarias inflúese constantemente na saúde e no ánimo dos que están coma min en prisión. Non vos chega con nos negar o artigo 6o, senón que tedes que mallar en nós, someternos, acosarnos coas vosas normas. Mentres todo isto sucede, vostedes permanecen impasibles, activos e inabordables. Ese desprezo pola vida dos demais que vostedes e o Estados amosan a diario con esa actitude pechada e activa de enfermiza arrogancia mata calquera bo sentimento ou humanidade en quen os sofren, eu entre eles; por tanto, vostedes son responsables en gran medida da violencia que tanto critican. Condenan e envían as persoas a prisión, pero logo desenténdense do que alí ocorre.

Este é o problema e non outro, no meu criterio...

—Ben —interrompeume o xuíz—, vostede pórtese ben e eu farei que o saquen acompañado por varios compañeiros seus e respecten os seus dereitos, sempre que polo seu comportamento os mereza. Todo depende da súa actitude.

—É dicir, que non van facer nada, non é?

—Todo depende do seu comportamento, repítollo.

—Faga o que lle pareza, pero se ocorre algo, despois non me culpe a min diso. Non me cargue a min con toda a responsabilidade...

—Iso é unha ameaza? —preguntou o fiscal.

—Non, é a verdade. Se para vostedes xustiza significa un equilibrio estáticos, cuxa balanza se inclina cara aos poderosos por medio dun sistema de fianzas, beneficios e trampas xurídicas, e mantense ríxida e severa para cos que non temos medios económicos cos que nos defender, entón non esperen que crea no seu método ou que me cruce de brazos mentres deciden que facer coa miña vida.

—Con ideas coma esa vai pasar vostede moito tempo no cárcere, Tarrío —replicou o fiscal.

—Faremos o que poidamos —engadiu o xuíz friamente.

Volvín outra vez á cela. Xa no seu interior, escribín unha nota para Juan Caamñao co fin de establecer pautas a seguir no secuestro e posterior evasión. Tratábase de coller varios carcereiros, pechalos e, despois de nos vestir coas súas roupas, acceder ao recinto e de alí á rúa. Confiábase en que todo saíse ben. Desexaba con toda a miña alma que saíse ben para foder toda aquela merda de xente e deixalos co boca aberta. Estaba seguro de que o había conseguir, tínha que facer.

A mañá do 5 de xullo trouxeron ao módulo un preso menor de idade. Era un pícaro. Ignoraba o que fixera para que o trouxesén alí, mais cando aquel grupo de carcereiros o introduciu dentro dunha das celas e comezaron a regalo de gas, comecei a golpear a porta e a insultalos.

—Que pasa, Tarrío? —preguntou un deles.

—Pasa que son un fato de covardes torturadores —berrei.

Abriron a cela. Viñan provistos de porras e penetraron dentro, golpeándome sen me dar tempo nin espazo para reaccionar. Logo marcharon, non sen antes me ameazar. No cárcere está prohibido axudar aos demais ou manifestar publicamente desconformidade cos métodos daqueles brutos. A pesar diso e daquelas malleiras, os presos debiamos seguirmos apoiando os uns aos outros se queriamos sobrevivir a todo aquilo cun mínimo de dignidade.

Pola tarde recibín a desagradable visita dun carcereiro ao que coñecía da prisión de Zamora. Naquel cárcere gozara da ocasión de mallar en min xunta os seus camaradas de oficio, e agora pretendía coaccionarme coa lembranza daquel acto, para el, heroico.

—Que pasa, fillo de puta? —díxome a través do asexadoiro—, é que nunca cansas de recibir paus? Pois hoxe estou eu de garda, así que anda con coidado porque á mínima apañas, ou é que non te lembras de min?

Lembrábame perfectamente.

—Claro que te lembro —contesteille, achegándome á porta.

—Ben, pois non te quero escoitar en toda a tarde, de acordo?

Non respondín aquela provocación. Unha hora despois daquela visita viñéronme abrir para saír ao patio a gozar do paseo. Nunha das miñas zapatillas levaba agochado un pequeno coitelo de fabricación caseira, de ferro. Aquel fillo dunha cadela íamas pagar todas xuntas. Non tiven problema para pasar o coitelo polo cacheo que adoitaban realizarme cada vez que saía da cela. Estaba na porta de acceso ao patio, cara á cal me dirixín. A súa cara reflectía a típica chulería do que se sente protexido por un traxe, unha placa e todo un sistema; do que coñece que pode actuar impunemente sen medo á xustiza ou á lei; pois quen se non el era alí única lei e xustiza? Foime dicir algo cando o meu puño bateu no seu rostro, facéndoo

tropezar cara a atrás e caer no chan. Totalmente sorprendido de que un preso se atrevese a lle erguer a man, incorporouse a catro patas, encamiñándose seguidamente cara á garita, da que volveu saír, desta vez armado cunha porra.

—Vaste cagar —berrou furioso e ameazador, mentres se abalanzaba sobre min.

Agacheime, axeonllando unha perna, e tirei da zapatilla o coitelo. Ao velo parou, soltou a porra e ergue as mans indicándome que non ofrecía resistencia. O seu rostro era todo un poema:

—Tranquilo, Tarrío, por favor...

Achegueime a el e collino pola camisa, axeonllándoo diante miña. Lanceille unha coitelada á altura da cabeza que se cravou nunha das mans coas que a cubría, tremendo e asustado.

—Que?, xa non es tan *kie*, non? —berreille, fóra de min—. Ou é que só sodes valentes cando estades en manada diante dun rapaciño espido e indefenso? —engadín nunha clara alusión á malleira de Zamora.

—Tranquilízate, home, tranquilo, imos amañar isto con tranquilidad, eh? —diciame dando voces o outro carcereiro desde a outra parte do módulo.

—Non cometas unha parvada, Tarrío, por favor, cálmate...

Mirei o meu refén. Tiña desexos de matalo, pero non me decidín, por medo das consecuencias que aquel acto me podería carrexar. Aínda tiña esperanzas e opcións para as conseguir transformar en feitos, polo que o soltei finalmente.

—Mira, porca, por esta vaste librar. Se algún día te vingas e te atreves a bater en min de novo, xuro que te asasino sen contemplacións. Quedouche claro?

—Si, Tarrío, prométocho, non pasa nada...

Dirixinme á cela. Pecharon a porta e desfíxenme do coitelo, o cal pasei ao Caamaño a través da xanela. Deiteime na cama alterado e

tenso polo que puidese suceder a raíz daquilo. De alí a un cacho, un nutrido grupo de carcereiros presentáronse no módulo, abriéron a cela e trasladáronme a outra, agrilloado. Non me pegaron nin me ameazaron, simplemente se limitaron a me cambiar de cela desposuíndome das miñas pertenzas. Preguntáronme polo coitelo e respondinlles que o tirara polo servizo. Despois deixáronme só, agrilloado, nunha cela baleira. Máis tarde, o carcereiro ao que apuñalara veume ver. Traía a man vendada e ía de paisano, polo que supuxen que lle acababan de dar a baixa. Falamos a través do asexadoiro.

—Mira, Tarrío, eu sei que o de Zamora non estivo ben, pero obedecía ordes coma o resto de funcionarios —escusouse. O que ocorreu hoxe fíxome ver as cousas doutro xeito, de verdade. Falei cos meus compañeiros para que non se tomen represalias contra ti por isto...

—Ben... —respondinlle, sorprendido pola súa actitude.

—Aquí embrutecémonos todos co tempo; non penses que para min traballar aquí, así, resulta fácil, pero de algo hai que comer.

—É preferible pasar fame que torturar para evitalo —respondinlle.

—Si, pero alguén ten que facer este traballo... Escoita, non tería sangue ou algo así o coitelo, verdade? Dígoos polos anticorpos da SIDA, e como ti es portador...

—Non, estaba limpo.

—Ben, teño que marchar. Sinto moito que todo tivera que ser así.

—É a cadea —respondín, resumindo todos os males posibles con aquela fatídica palabra, que os homes e mulleres do mundo farían ben en eliminar algún día non afastado da face da terra.

Un día despois daquel incidente, Juan Redondo Fernández, recoñecido fuguista xienense, chegou á prisión trasladado desde a illa de Ibiza. A súa chegada provocou a saída do módulo de Juan Caaño, que antes de marchar logrou deixar agochados os dous coitelos no seu interior. Advertíame sobre eles e desexoume sorte. Por

razóns de seguridade, o director non quería máis de dous presos no módulo, o cal lles proporcionaba un maior control sobre nós. Mudáronme outra vez de cela e quitáronme os grillóns. Tamén me devolveron as miñas pertenzas. Á hora do paseo púidenme achegar ao asexadoiro da cela onde pecharan a Juan Redondo e conversar uns minutos con el. Posuía un ollar duro e penetrante, suavizado por uns lentes redondos, de cuxas patillas xurdía un cordón que as suxeitaba, por súa vez, ao pescozo.

—Ola, chámome Xosé —presenteime.

—Eu, Juan.

—Faloume bastante e ben o Garfia sobre ti —díxenlle—, así que se precisas algo pídesmo, de acordo?

—De momento non preciso nada. Que tal por aquí?

—Ben, aínda que os carcereiros son coma cans. Xa o verás por ti mesmo.

—Ben, vou arranxar isto un pouco, xa falaremos, Xosé.

—De acordo.

Saín pasear ao patio. Alegrábame a presenza do Juan, pois confiaba en que xuntos fixésemos algo positivo. Despois de que nos coñecésemos mellor, propoíalle a fuga que tiña preparada con Caamaño para levala adiante ambos. Estaba avalado por tres fugas e dez tentativas, polo que non me cabía dúbida sobre un futuro acordo para fuxirmos de Tenerife 2.

O día 10, Herrera de La Mancha, rebentaba outra vez. Víctor Llopis, Cristóbal Moral, Vázquez Ayude e Benito Toledano tomaban como reféns varios carcereiros e unha psicóloga, liberando posteriormente outros reclusos, que se sumaron á revolta. As razóns daquela acción, esgrimidas a punta de coitelo, eran de carácter reivindicativo; non se pretendía a fuga, senón denunciar a situación carceraria en apoio a APRE(r) e os puntos promovidos por ela. Pediuse a divulgación a través dos medios de comunicación dunha

táboa reivindicativa con varios puntos, entre os que destacaban o cesamento das torturas nas cadeas españolas, a liberación de todos os presos enfermos de SIDA ou outras enfermidades incurables, a denuncia das intencións, por parte da Administración, de formar con presos comúns un GAL carcerario encargado de asasinar os presos políticos de maior relevancia e melloras nos coidados médicos dentro das prisións. Durante o transcurso daquel secuestro, necesario para se facer escoitar pola sociedade e para forzar as autoridades a unha negociación, Cristóbal Moral asestou varias coiteladas a outro preso, detido por un delito de violación, e causoulle a morte. Ser violador era moi perigoso en prisión e ese foi o motivo daquela morte. A lei do submundo carcerario con frecuencia, con demasiada frecuencia talvez, resultaba dura e cruel. Os demais presos non podíamos consentir que os violadores se encontrasen nos patios con nós, sen máis. Aquela morte viña amosar á sociedade e á Administración que os presos comúns non aceptabamos violadores nos patios nin nas prisións, e que aqueles seres desprezables non pertencían ao noso mundo. O violador entre a poboación reclusa non tiña ningunha aceptación e vivía co constante medo a ser descuberto, polo que en xeral estaban en departamentos distintos, separados do resto de reclusos e protexidos pola Administración. Iso ou traballando de ordenanza, na cociña ou en postos de responsabilidade. Desprezados pola masa penitenciaria, víanse obrigados a se converteren en coexistencias, nos espías e a man de obra dos carcereiros, os seus únicos amigos alí. Fora un grave erro deixar aquel violador no patio convivindo cos demais presos, como o fora tamén o momento elixido para matalo, pois obviamente a sociedade non o comprendería: resultaba cínico e hipócrita pedir dereitos humanos cando se viña de cometer un asasinato. Como explicar aquela incongruencia? Non o entenderían. Eles non coñecían o cárcere nin a terrible violencia que aqueles muros podían xerar nos homes alí pe-

chados. A pesar daquela morte as negociacións continuaron avanzando. A Administración aceptou, despois de vinte e oito horas de secuestro, facer públicas as reivindicacións a cambio da liberación dos reféns, por cuxa integridade comezaban a temer. Radio Nacional emitiu varias veces o comunicado ditado polos presos e estes, despois de comprobado que se emitían escrupulosamente todos os puntos acordados na negociación, liberaron os reféns e posteriormente entregáronse. Conseguiran o seu obxectivo.

Aquela acción deu moito que escribir aos medios de comunicación, especialmente a aqueles que se sustentaban do sensacionalismo. As siglas APRE(r) comezaron a se faceren habituais nas páxinas de sucesos ou de opinión e a asociación comezou a tomar corpo. Tivera moi boa acollida entre moitos presos clasificados en réxime especial. As denuncias nos Xulgados contra os abusos da Administración víronse incrementadas con amplitude e provocaron unha aberta preocupación en Institucións Penitenciarias. A raíz diso, a Dirección Xeral cursou unha circular a todas as prisións con ordes estritas de intervir as comunicacións orais e escritas a unha serie de presos considerados responsables de APRE(r) ou membros activos dela. Era ilegal mais podíano facer, xa que contaban co apoio e a aprobación da maioría dos Xulgados de Vixilancia Penitenciaria. Tamén se adoptou unha política de dispersión aplicada sobre os presos que, segundo o seu criterio, tiña maior influencia sobre a poboación reclusa e estaban relacionados coa actividade de APRE(r). Unha vez máis en lugar de escoitar e tentar modificar as irregularidades do seu sistema carcerario e corrixir os abusos denunciados, facilitando a liberación dos presos enfermos de SIDA, mellores equipos médicos, mellores alimentos e o sinxelo cumprimento pleno do recollido no Regulamento Penitenciario, a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias adoptaba a imposición, a través do control e a represión, das súas normativas particulares e destrutivas.

Juan Redondo e mais eu fomos collendo confianza. Conteille o meu proxecto de fuga, e el informoume sobre outra posibilidade existente no barco:

—No barco hai unha boa *pira*, non a viches?

—Non —respondín—. Como non sexa colléndoos ao saírmos das celas...

—Máis ou menos. Eu sei dunha forma de abrir a porta.

—Cal?

—Se chega o caso, xa cha direi —contestoume, reservando a información para se asegurar de que non a empregaría pola miña conta, de marchar antes que el de condución—. Pero podemos provocar un traslado e tentalo xuntos. O teu plano é bo, pero nunha illa presumo que non temos grandes posibilidades de conseguilo, mentres que desde Cádiz poderíámonos perder pola Península facilmente. Que dis?

—Como conseguiríamos que nos trasladasen xuntos? —preguntei atraído pola idea.

—Facemos un secuestro e de paso denunciámos todo isto. Tras un secuestro sempre vén un traslado.

—Dáme un tempo para que o pense, de acordo?

—Ben, se concordas dismo, e se non, pois fareino eu só. Quero reivindicar unha serie de cuestións en apoio a varios compañeiros nosos.

—Xa che direi algo.

Pensei niso durante a noite. Era evidente que teríamos máis posibilidades na Península que nunha illa. Por outra banda, estaba aberradamente en contra da Administración e dos seus métodos, e non me resultaba indiferente a loita destes presos, polo que decidín que aquel era un bo momento para pasar da teoría á práctica, botándolles unha man e botándoma ao mesmo tempo a min tamén. Peor que o que puidese ocorrer era permanecer sempre pechado nunha cela. Así llo fixen saber ao día seguinte ao meu novo camarada:

—Juan, vouche botar unha man co do secuestro, pero só ata que saian as reivindicacións pola radio. Despois de que lle deamos publicidade ao problema carcerario, deixámolo e centrámonos en tentar fuxir do barco —fixen unha pausa e despois proseguín—. Quero que o tema da SIDA estea entre os puntos reivindicativos, aínda que supoño que ti xa pensarías niso, non é?

—Concordo contigo. As reivindicacións escribíbochas logo nun papel e ves se estás de acordo con elas. Agora temos que concertar unha cita co xuíz de Vixilancia e prepararlle unha trampa.

—Ti tes máis experiencia nisto ca min, por tanto actuamos como ti estimes mellor. Se eu vexo algo xa cho direi. En canto aos coitelos, podemos utilizar dous que teño escondidos no módulo.

Os dous nos puxemos axiña de acordo. Fóra das nosas ideas de evasión, coincidiamos nun profundo desprezo pola Administración penitenciaria. Agora só restaba que o Juan solicitase unha entrevista co xuíz e actuar. El ía ser o refén axeitado dado que era o principal responsable de que se cometesen abusos naquela prisión, cando lle fora encomendada a misión de velar por que os dereitos dos presos e presas se respectasen.

Comezaron a me sacar só ao patio outra vez. Deran ordes estritas para que, baixo ningún concepto, o Juan e mais eu coincidísemos fóra da cela. Tiñan medo de que sucedese o que xa era imparabile. Enviei dentro dun sobre algunhas das fotos da miña familia máis prezadas a unha amiga e rompín o resto. Tamén fixen o mesmo con todas as cartas, que foron parar á papeleira. Pola súa parte, o Juan elaborou a táboa reivindicativa e fíxoma chegar. Constaba de trece puntos, entre os que salientaban pola súa importancia crucial os seguintes:

—A liberación inmediata de todos aqueles presos e presas con enfermidades incurables.

—Unha investigación xudicial eficaz para verificar o estado físico e mental dos presos en réxime especial Javier Ávila Navas, Laudelino Iglesias, Luis Rivas Dávila, Antonio Losa López e Vicente Sánchez Montañés, dos que se descoñece o seu actual paradoiro e presúmese que están sendo sometidos a constantes torturas.

—A intención por parte da Administración de crear un GAL carcerario encargado de asasinar a presos políticos, a cambio de beneficios penitenciarios, proposta a varios presos comúns de Alcalá-Meco.

—A erradicación total de malos tratos en todas as prisións de España contra os presos e presas; así como o cesamento inmediato de vexacións contra os seus familiares ou amigos.

—O traslado dos presos e presas que así o soliciten a prisións próximas aos seus lugares de orixe, co fin de facilitar as comunicacións cos seus familiares e evitar o desarraigo familiar que actualmente produce unha mala política penitenciaria en materia de traslados. Este punto debe aplicarse especialmente aos seropositivos.

—A creación de centros de mínima seguridade e de réxime aberto para todas aquelas persoas pechadas actualmente en prisión portadoras do virus da SIDA, onde se proporcionen os coidados médicos posibles e se xestione un posterior posto de traballo como garante a Constitución española a todos e a cada un dos cidadáns, o cal corresponde facer efectivo ao Estado.

Fixen saber ao Redondo a miña conformidade con todos os puntos recollidos, que acentuaban as miñas razóns para aquela reivindicación. Ninguén, absolutamente ninguén, nos podía negar o valor lexítimo daquelas propostas que as circunstancias de indefensión xudicial nos obrigaban a expor por unha vía violenta. Podíamos realmente transformar aquilo por unha vía de diálogo ou a través da xustiza encargada de xulgar os preitos entre os cidadáns? Se o noso preito era o preito dos que non teñen nada contra os

que o teñen todo, tiñamos de verdade algunha posibilidade real de obtermos a razón? Non. Como nos ían proporcionar un soldo, unha vivenda ou un traballo a nós, cando nin sequera eran quen de llelo proporcionar aos cidadáns honrados? Quen ía proporcionar humanidade, traballo e credibilidade a un ex presidiario portador do virus da SIDA? Quen ou cantos? Mortos desde un punto de vista social, desposuídos duns dereitos que nunca tivemos en serio, para moitos de nós xa non había sitio no exterior. Así, enfermos por unha enfermidade incurable, sen traballo, sen diñeiro, sen fogar, onde ir?, que facer? O castigo da sociedade perseguíanos eternamente; a sombra do presidio íanos acompañar por onde fósemos coma un negro espectro imposible de esquecer e entón, como hoxe, estaríamos outra vez sen saída, sen opción, acurralados.

No módulo xurdiron algúns problemas. Sobre o mediodía, un grupo de carcereiros presentouse portando polos aires un preso menor, agrilloado de pés e mans, ao cal meteron dentro dunha cela. Eu estaba a gozar do horario de cafetaría e conversando a través da porta co Juan, a quen interrompín para lle pedir explicacións a un dos carcereiros sobre aquel mal trato:

—Oia, que é o que pasa para que traten así o meu compañeiro?

—Nada que lles incumba aos demais.

—Incumbeme porque me importa. Non poden deixar o rapaz así, agrilloados de pés e mans. Polo menos quítenllas... —tentei razoar con el.

—Ata que o ordene o xefe de Servizos, non.

—Pois polo menos chame vostede o médico para que o atenda dos golpes.

—O médico xa está avisado.

Cando os carcereiros marcharon do módulo, dirixinme á cela na que introduciran aquel preso e abrindo o asexadoiro falei con el. Estaba tirado no chan, coa cara inflamada polos golpes e os pés e as

mans morados pola presión dos grillóns mordendo os seus nocellos e os seus pulsos.

—Tranquilo que agora vén o médico —díxenlle—. Fanche dano? —engadín referíndome aos grillóns.

—Fan.

—Que che pasou?

—Pegueille a un carcereiro no comedor...

—Agora falarei co médico para que che quiten os grillóns, de acordo?

—De acordo.

Cando se presentou o médico no módulo, acompañado do xefe de Servizos, dirixinme a el e abordeino:

—Escoite, ese rapaz ten os pés e as mans inchadas, así que teñen que quitarlle os grillóns.

—Agora o vou ver, Tarrío —respondeume.

—Vostede que fai aquí? —interveu o xefe de Servizos.

—Estou no horario de patio, gozando do dereito a cafetaría.

—Ben, pois marche para o patio pasear.

—Non ata que non lle quiten os grillóns ao meu compañeiro.

—Tranquilízate home, que o vou ver eu agora —indicoume o médico nun intento van por me calmar—. Sal fóra que agora saio falar contigo, de acordo? —engadiu.

—Espero que ordene que lle quiten os grillóns, porque se non van-me obrigar a montar unha gorda.

—Ten vostede un parte por ameazas... —díxome un dos carcereiros que, ante a discusión, se aproximara ao grupo que formabamos no corredor do módulo.

Saín do módulo sen responder aquela estupidez. Finalmente, a cousa non foi a máis e o médico púxose de acordo co xefe de Servizos para lle quitar os grillóns. Veumo comunicar e agradecinllo sinceramente. Ao rematar o horario de patio achegueime ata a cela que ocupaba aquel preso e, abríndolle o asexadoiro da porta, intro-

ducín a través das súas fendas varios mistos e algún cigarros, logo dirixinme á cela. Antes de me encerrar nela, o carcereiro notificoume que aquilo me ía custar unha nova sanción. Pobre idiota.

Aquel 26 de xullo, o xuíz de Vixilancia e o fiscal presentáronse na prisión para se entrevistaren co Juan e con outros presos. Contra as doce horas mandaron chamar o meu camarada, que foi trasladado ata o Centro por varios carcereiros. A entrevista durou preto dunha hora, xirou en todo momento en torno á situación penitenciaria. Cando rematou, trouxérono de volta ao módulo, coincidindo comigo, ao estar eu aberto baleirando os resto do xantar nun dos baldes do lixo. Ao pasar ao meu carón informoume:

—Están aí. Ti faite cargo dese...

Sen máis, introducínme dentro da cela e tirei un coitelo do agocho. Gardeino e saín outra vez, dirixíndome ao carcereiro da garita, mentres o Juan conversaba cun educador, ao que abordara, conseguindo con iso continuar coa cela aberta.

—Escoite —díxenlle—, preciso saír ao patio a recoller unhas revistas que me deixaron esta mañá aí.

—Cóllollas eu e logo doullas.

—A ver, home, abra un momento e cólloas eu.

Non me fixo caso e erguéndose, saíu ao patio buscar as revistas, que non existían. Necesitabamos que abrise a porta para podelos coller a todos, sen que ningún dese a alarma. Pero este desconfiaba de máis, polo que o teríamos que facer igual, retendo de momento o carcereiro e o educador, un antigo carcereiro tamén, coa esperanza de que nos dese tempo de chegar ao Centro antes de que se desen de conta do que sucedía. Pensaba niso cando o carcereiro do módulo me abordou:

—Tarrío, téño que pechar.

—Espere que teño que coller unhas revistas, ten vostede chaves? É que as teño no patio e polo visto o seu compañeiro non as atopa...

—Eu non podo abrir a porta, Tarrío...

Daquela apareceu o outro carcereiro:

—Tarrío, aí non vin nada...

—Déixeme saír a min, están aí con certeza.

—Ben, pero que che abra o meu compañeiro —respondeume, introducíndose na garita.

Cando o carcereiro que estaba con nós meteu a chave na pechadura da porta e a abriu, entón collino do colar da camisa á vez que lle advertía:

—Deixa de facer parvadas e camiña —logo dirixinme ao Juan—. Veña, vamos que isto xa está aberto.

Dun empurrón introduciu o educador dentro da cela e con el metemos tamén o carcereiro. Pechamos a porta detrás deles, pasando o ferrollo, e saímos correndo cara ao patio cunha cadeira e unha mesa da sala. Dentro da garita o outro carcereiro tentaba avisar ao Centro a través dun radio comando, polo que o teríamos que facer axiña. Colocamos a mesa no patio, arrimada ao muro, e a cadeira enriba desta.

O Juan subiu enriba dela e agarrouse coas mans ao tellado, do cal se pendurou. Acto seguido trepei por el con algunha dificultade e, xa enriba, iceino suxeitándoo polos brazos. Choutamos ao exterior e saímos correndo cara ao Centro a través dos xardíns. Baixamos as escaleiras da enfermaría e abalanzámonos cara á porta que, en fronte, daba acceso ao Centro e que aínda estaba aberta. Cruzámonos cun carcereiro que levaba nas mans un spray, do cal me desembaracei, amagando unha coitelada. O Juan fíxose cos grillóns que lle acababan de caer do peto ao carcereiro e continuou a súa carreira detrás de min. Traspasei a porta e subín velozmente as escaleiras, aínda que non cheguei a tempo. Ao me ver chegar, pecharon as portas, deixando fóra unha chorosa e asustada asistente social á cal tomei como refén. Detrás dos cristais blindados do Centro, carcereiros, educado-

res, o xuíz e o director mirábanme con cara de circunstancias. Non perdín o tempo e baixeí as escaleiras outra vez na procura do meu camarada Juan, ao cal atopei na planta baixa, onde estaba a central de teléfonos, con dous carcereiros deitados no chan, aos seus pés.

—Pecháronme a porta, pero collín a esta —informeino.

—Ben, déixame que lle coloque os grillóns —dixo, saíndo da central.

Ao atravesar a porta da americana un dos carcereiros incorporouse e tentouna pechar sorprendendo a Juan que estaba de costas. Aínda que logrei abalanzarme sobre el e reduciilo, non puiden evitar que a porta se pechase polo seu propio peso. Fiquei bloqueado cos dous carcereiros dentro da central blindada, xa que a porta só se abría desde fóra e eles non tiñan as chaves.

—E agora que? —preguntei a Juan a través dos cristais, indeciso.

—Non abre?

—Que vai abrir! Polo visto as chaves están arriba, no Centro.

—Vou botar unha ollada por arriba a ver que podemos facer. Mentres, mantente tranquilo e vixía eses dous, de acordo?

—Ben, pero ten coidado.

—Tranqui.

Agrilloou coas mans ás costas á asistente social e perdeuse con ela escaleiras arriba. Eu, pola miña banda, sentei os dous carcereiros nunhas cadeiras e ateinos a elas. Estaba bastante nervioso dado que ficar pechado alí, con dous reféns, non entraba dentro dos planos. Tamén deitei todos os armarios que había dentro da central e coloqueinos fronte á porta como parapeto, por se tiña que permanecer alí moito tempo ou tentaban entrar. Tamén había unha televisión, que acendín para me informar do que sucedía fóra a través das noticias. Comezou a espera e os distintos teléfonos a soar. Chamábanme de todas partes:

—Quen é?

—Es Tarrío ou Redondo? —interrogoume unha voz.

—Son Tarrío, que queres e quen es ti?

—Son sarxento da Garda Civil e quero falar con un de vós.

—Fala —convideino.

—Non fagades dano aos reféns que nós non imos intervir, de acordo?

—Xa veremos o que sucede. Ti de momento mantén a túa xente lonxe de nós, pois, iso si, como vexamos un traxe da Garda Civil a menos de cinco metros, enviámosvos un friame, conformes?

—Ninguén se vai achegar, tes a miña palabra, pero gardade a calma e non fagades dano a ninguén.

Non lle respondín e colguei o teléfono, por aquilo do perfil psicolóxico. Aquilo faríaos pensar e entender que nese momento nós eramos os que ditabamos as pautas a seguir e non eles. Seguidamente recibín unha chamada de Juan:

—Es ti Xosé? —preguntou.

—Si, son eu. Onde estás?

—Aquí arriba con quince reféns mais, na cafetaría. Temos de todo: auga, comida, café... así que podemos resistir o tempo que faga falta. Agora estoume encargando de te sacar de aí...

—Ben, eu que fago?

—Espera que baixen para te abrir e non fales por teléfono por se teño que chamarte outra vez. Ten coidado por se che preparan unha trampa ao saíres...

—Ata agora, entón —respondínlle colgando o teléfono—. Preparádevos que marchamos —advertín aos carcereiros—, e non se vos ocorra tentar nada porque vos mato.

Naquel instante comezaron a soar fortes golpes no andar de arriba. Inquiteime e agarrei os reféns co coitelo na man. Non sabía que aqueles golpes os estaba a producir o Juan cun martelo, ao bater nos cristais blindados das portas do Centro. Un dos teléfonos comezou a soar. Collino. Era o director.

—Tarrío, dígalle ao seu compañeiro que deixe de romper os cristais, que agora mesmo lle enviamos as chaves para que saia vostede de aí.

—Que as baixen os médicos. Ninguén máis, entendiches?

—De acordo, pero non fagan dano a ninguén.

Cando cesaron os golpes, púxenme en contacto con Juan:

—Juan, vanme baixar as chaves xa, así que tranquilo.

—Seino. Tiven que romper algunhas cousas para os convencer. Cando chegues arriba, chama á porta e ten moito coidado. Non te fíes deses porcos, Xosé.

—De acordo.

Atei os carcereiros xuntos. Serviríanme de parapeto para subir as escaleiras. Retirei os armarios e esperei que baixasen os médicos. Non tardaron en se presentaren alí e falei con eles a través dos cristais.

—Traedes as chaves?

—Traemos.

—Vamos, abride, pero sen trucos. E se hai alguén oculto nas escaleiras esperándome, mellor que saia, porque noutro caso estes non o contan. Estou decidido a todo, advírtovolo.

—Non hai ninguén, Tarrío, apenas nós. Imos abrir, mais esperamos que nos respectes e non nos reteñas.

—De acordo, abre.

Abriron a porta e separáronse dela. Saín da central cos carcereiros de parapeto e co coitelo fincado no pescozo dun deles. Subín as escaleiras sen ningún problema, ante a expectación de todos os que nos miraban manobrar desde a outra parte dos cristais, agora rebentados polos golpes que o Juan lles inflixira. Un dos médicos pediume un favor antes de chegarmos arriba:

—Tarrío, tedes aí arriba unha rapaza loura, a que colliches ti ao comezo, que é a moza dun compañeiro noso. Nós portámonos ben contigo e pedímosche que a liberes...

—De acordo, pero só a ela.

—Grazas.

Continuei subindo as escaleiras e, xa en fronte da cafetaría, golpeei a porta e chamei ao Juan:

—Abre Juan.

—Vés só? —preguntoume, desconfiado.

—Con quen queres que veña? Estou eu cos dous carcereiros.

A porta abriuse e entrei dentro cos dous reféns. Colocamos rapidamente un frigorífico bloqueando a porta e pechámola con chave. En total tiñamos dezasete reféns. Estaban sentados no chan, en fila, coas mans atadas por un cacho de corda. A cafetaría era bastante ampla e constaba dunha cociña, unha barra e varias mesas e cadeiras, así como dun lavabo. Desde as xanelas alcancei a ver a enfermaría, situada mesmo en fronte. O meu camarada proporcionoume un coitelo de cociña grande.

—Toma, este é mellor —díxome sorrindo.

—Falaches con eles xa? —pregunteille.

—Si, xa lle lin ao director todo o que queremos, agora só falta esperar que saia pola radio...

—Escoita, Juan —interrompino—, quero soltar a loura que collemos ao chegar, pois é moza dun dos médicos e eles portáronse ben comigo. Prometinllo.

—Oe, Xosé, isto non é un xogo, sábelo? —respondeume molesto—. Vamos á cociña.

Xa na cociña continuamos coa conversa.

—Non podemos andar a soltar xente de entrada, pódennos interpretar mal.

—Temos reféns de sobra, incluso algún da rúa, polo que vin, así que nolo podemos permitir.

—Hai un cacho que liberei a dona do bar, unha vella. Ao final van pensar que andamos de brincadeira.

—Soltamos a esta e ficamos con outros dezaseis reféns. Non vexo o problema.

—Está ben, pero imos esperar un pouco.

—Por min de acordo.

Saín da cociña e fun recoñecer os reféns. Entre eles estaban a psicóloga, dous educadores, tres carcereiros, algúns asistentes e dous rapaces de dezaioito anos de idade, un camareiro e o outro monitor de deportes. Era moi difícil que nos asaltasen con tantos reféns. Tenerife era unha illa e axiña iamos ter os seus familiares na porta da cadea. A Administración pensaría moito á hora de actuar. Era curioso, mais agora que a miña besta xurdira, todos clamaban apelando á razón e á humanidade. Agora que a violencia saía de nós, todos querían dialogar. Deixábannos morrer en prisión sen outros coidados que o illamento e a porra; asasinábasenos democráticamente sen reparos e logo pedíannos humanidade, cando eles permaneceran altivos e inabordables á hora de a outorgar. Que humanidade merecían aquelas persoas que, desprovistas dos sentimentos fundamentais, no seu corazón só albergaban un lugar para unha presada de chaves no cal aínda resoaba o eco do grito que falaba do home mallado na súa cela de castigo? Merecían que os espísemos e, despois de agriloados, que lles désemos unha boa malleira para que sufrisen na súa carne o froito do seu honrado labor como verdugos da sociedade. Mais aquilo poríanos á súa altura. Entre eles e nós existían importantes diferenzas; era fácil de máis abusar dun home agriloado e espido, cando se tiña o poder. O difícil era non facelo, o nobre. Non, nós non lles iamos facer dano, salvo que a Policía tentase o asalto, e iso eles sabían. É nos momentos en que se ten poder cando cadaquén se amosa tal e como é. Así, o que é un bruto, actúa coma un bruto; o necio, con necidade; o nobre, nobrememente; o sádico, inevitablemente con sadismo: a natureza das persoas non facía máis que se manifestar. Por iso nós sinxelamente, chega-

do o momento, actuabamos co propósito contra o despropósito, sen vinganza.

Unha hora máis tarde liberamos a rapaza loura, co que cumpría a miña palabra e agradecía aos médicos o bo trato que me proporcionaran. Tamén lles soltamos as ligaduras aos demais, permitindo que fosen ao lavabo aqueles que o precisaban. Eu fíxenme cargo de vixialos, mentres o Juan se encargaba das negociacións, que non avanzaban. Non querían facer públicos os puntos reivindicativos pola súa transcendencia. Entón pedimos a mediación da naquela altura deputada de Izquierda Unida, Cristina Almeida, que nos contestou a través da radio. Pedíunos a liberación dos reféns e o cesamento das nosas reivindicacións, aludindo á democracia e á razón. Foi unha decepción. Ela non nos ía axudar e non porque non soubera que tiñamos bastante porción daquela razón que esgrimira na súa intervención radiofónica, senón porque recoñecemos publicamente algunha lexitimidade poderíalles custar algún voto. A dobrez daquel paquidermo político resultaba insultante, polo que decidimos continuar adiante co secuestro e os puntos exixidos. Pedimos varias mantas e colocámolas nas xanelas atadas con cordas, para imposibilitar que nos puidesen observar a través delas ou servir de albo a algún francotirador. A medida que pasaban as horas, a tensión aumentaba. Era cuestión de nervios. Sabíamos que finalmente teríamos que ceder, mais non antes de obter a publicidade necesaria para que chegasen as reivindicacións ao exterior e, a través das ondas, aos demais cárceres, onde outros compañeiros tomarían as súas medidas.

Cando sobreveu a noite mudamos os reféns de sitio e relevábamonos na súa vixilancia. Mantiñámoslos a todos soltos, excepto o carcereiro que fora responsable de que ficase pechado na central, ao que lle colocara os grillóns. Pedíume que llos quitase:

—Tarrío, a ver se me podedes quitar os grillóns.

—Eu non teño chaves.

—Están no chaveiro que me colliches antes —insistiu.

—Non teño chave ningunha, imbécil, a ver se te decatás.

Estabamos ao fondo da cafetaría, sentados nun grupo de cadeiras. A tensión podíaase palpar no ambiente silencioso, así coma o medo na cara dos reféns. Unha educadora e unha asistente choraban sen consolo, abrazadas unha á outra, e un dos mozos imitábaa. Comezaban a dubidar dun desenlace feliz. Tiñamos conectados varios aparatos de radio en distintas frecuencias e chegábanos, a través delas, constantes noticias do exterior. A illa enteira estaba en vilo e as forzas da orde rodeaban a prisión agardando algunha orde ou o desenvolvemento dos acontecementos. Aínda non se decidiran a facer públicas as reivindicacións, polo que aquilo aínda se ía prolongar durante toda a noite.

No bar atopamos viño e cervexa, pero non bebemos máis que dúas latas desta última entre os dous. Tamén tomei varios cafés sós para evitar adormecer. Unha das asistentas pedíume algo de café:

—Podo tomar café?

—Claro, quen cho impide? —respondílle—. Podes sacar café para todos excepto para os carcereiros. Aí tes a cafeteira.

Preparou varios cafés e repartíunos entre os seus colegas. Eu apodereime dunha torta dun dos andeis e de varias bolsas de manises. Aquela foi a miña cea:

—Ídesnos ceibar? —preguntoume, mentres comía, unha das asistentes.

—Se sae pola radio o que queremos, si.

—E que queredes?

—Melloras.

—E non che parece esta unha mala forma de pedilas?

—Fariádesnos caso se o pedísemos doutro xeito? —pregunteille.

—Non o sei... mais poderíadelo tentar, non?

—Non resultaría.

—Sabes que estás a comer a miña torta de aniversario? —soltou-me sorrindo, mudando a conversa.

—Non me amoles!

—Estabamos a celebrar o meu aniversario cando chegou o teu compañeiro...

—Queres un cacho? —convideina.

—Non, agora, non...

—Peor para ti, estache ben boa. Dille á túa compañeira —engadín, sinalando unha asistente que choraba—que estea tranquila, que todo vai saír ben.

Sobre as dúas da mañá soou o teléfono. Era o director, que nos avisaba de que Antoni Asunción ía saír pola tele falando do problema carcerario.

—Queredes ver o voso xefe pola tele? —preguntou Juan aos reféns.

—Queremos —contestou un deles.

Colocamos a televisión de xeito que a puidésemos ver todos, e subimos o volume. Uns minutos despois apareceu a imaxe do director xeral de Institucións Penitenciarias falando. Pedía calma e profesionalidade aos funcionarios de prisións. O seu discurso era totalmente un discurso político, carente de sensibilidade cara á difícil situación pola que atravesaban os seus obreiros. Rimos cando os reféns comezaron a increpalo duramente. A intervención do máximo mandatario da Administración non aclarou nada da situación, polo que decidimos liberar un refén, aproveitando o momento de indignación que aquilo lles causara. Juan chamoume á parte:

—Mira, imos soltar un deles cunha nota para que a faga pública na radio pola súa conta, a cambio da súa liberación.

—Por min, de acordo. En que estás a pensar?

—Nun educador que ten carné comunista. Falarei agora con el.

—De acordo.

Pouco despois liberamos un dos reféns cunha nota na que ía escrito un comunicado para a prensa, con varios puntos reivindicativos. O Juan pactara con el que o debía facer pola súa conta, sen consultalo co director, polo ben dos demais reféns. Só unha hora despois escoitámolo a través da radio, afirmando que todos estaban ben e que o tratáramos correctamente. Leu parte do comunicado, mais non a súa totalidade, traizoando todos os seus compañeiros aínda retidos por salvagardar o seu miserable posto de traballo. No peor dos casos, polo menos a metade do comunicado xa o tiñamos en onda, o cal supuña un paso adiante. Sobre as seis da madrugada, chegamos a un acordo co director da prisión. Ceibaríamos os reféns a cambio dun par de serras metálicas e de facer públicos os puntos que aínda faltaban. Recollemos as serras por medio dunha corda que botamos por unha das xanelas e esperamos ata escoitar os puntos na radio. Transcorreron só uns minutos, cando o Juan me veu avisar de que saíran todas as reivindicacións.

—Acaban de saír todos os puntos pola radio —informoume.

—Pois vamos negociar a rendición, non?

—Podemos prolongalo máis tempo... —contestou, reticente a se render.

—Fixemos o falado e temos por diante a condución e un plano de fuga. Manter isto máis tempo non ten sentido.

—De acordo, pero ímolo facer sen présa, que non me fío destes.

Efectuamos unha nova chamada ao director e pedímoslle a presenza do xuíz de garda, do bispo de Tenerife e de membros de Cruz Vermella como condición para a rendición. Tamén liberamos tres reféns como mostra de que cumpríamos coa nosa parte. Sobre as sete, a xuíz de garda e os membros de Cruz Vermella presentáronse na prisión, mais non así o bispo. Notificáronnolo a través do teléfono e, despois de comprobalo, comezamos a soltar os reféns, de un en un. Logo baixamos nós utilizando os dous últimos reféns como

escudos humanos. Xa en presenza da xuíz e dos membros de Cruz Vermella, entregamos os coitelos e rendémonos. Aquilo rematara.

Varios grupos de carcereiros trasladáronnos ata as celas americanas de ingresos. Despois de nos espir e nos cachear, colocáronnos os grillóns, deixándonos sós en celas distintas. Sentei no chan contemplando o tubo fluorescente do teito iluminar a cela. As nosas esperanzas agora pasaban por que nos trasladasen xuntos. Aquela cuestión enchíame de incertezas. E se nos separaban? Confiaba en que non. Divagaba sobre iso cando uns gritos chegaron ata os meus oídos:

—Vivan os funcionarios! Morte aos secuestradores!

Chamei polo Juan:

—Dime.

—Escoitas eses berros?

—Escoito, son os presos de ingresos. Xa sabes —engadiu—, os refuxiados e os ordenanzas.

—Que noxento!

O Juan tiña razón. Eran os presos refuxiados e os ordenanzas en busca do aplauso e premio de quen os dirixía e controlaba en prisión. Era o seu xeito de demostrar a máis absoluta fidelidade aos seus carcereiros, os únicos que os prezaban alí. Só os covardes podían vivir sen dignidade e sen honor e arrastrárense daquel xeito a cambio de beneficios penitenciarios. Desgraciadamente as prisións estaban poboadas de individuos como aqueles.

Ao mediodía fomos conducidos, de un en un, por un grupo de carcereiros ata o módulo de illamento. Proporcionáronnos roupa, mantas e sábanas, e notificáronnos que existían ordes de Madrid polas que non nos ían sacar ao patio baixo ningún concepto. Teríamos que permanecer pechados nas celas as vinte e catro horas do día e, en todo caso, cada vez que tivésemos que saír da cela, fariámolo coas mans atadas cos grillóns nas costas. Así as cousas, declareime en folga de fame e cortei as veas para acelerar o meu

enfraquecemento. Un dos médicos veume coser á cela, escoltado polos carcereiros.

—Tarrío, como te sentes?

—Cheo de noxo con tanta cela.

—Faste máis dano do que ti pensas negándote a comer e cortándote —explicoume mentres me cosía as veas—. O que ti tes non é ningunha broma, Tarrío, e calquera infección grave ou unha anemia pode enviarte para o outro barrio en cuestión de meses.

—Pois se tanto lles preocupa a miña saúde, sáquenme ao patio.

—Iso non é posible, pero vou tentar que te saquen un cacho á sala, aínda que temo que vas ter que saír agrilloado.

—Faremos o que poidamos mais non te volvas cortar. Tamén che vou enviar unha medicación para que esteas tranquilo, de acordo? Vaiche vir ben tomala uns días, mentres a vosa situación se aclara.

Os médicos lograron que me sacasen unha hora ao día á sala, agrilloado ás costas, pero non puideron conseguir o mesmo para o meu compañeiro Juan, polo que finalmente renunciei a saír. Ou saíamos os dous ou non saíamos ningún. Con todo, deixei a folga de fame. Tiña que recuperar as forzas para estar en forma no momento do traslado.

Na Península, unha semana despois da nosa acción, Juan José Garfía Rodríguez, que fora detido recentemente en Granada, Pablo Andrés Jiménez e Salvador Estarlich foron protagonistas dun novo motín de apoio ás nosas reivindicacións e de denuncia da situación na prisión de Badajoz. Inicialmente fora previsto un secuestro, mais un erro do Estarlich conduciuno ao fracaso, ao se lle escaparen os reféns. Coas chaves na man, liberou ao Juanjo e ao Andrés e ao resto de presos do módulo de illamento, entre os que estaban *el Boca*, un famoso violador, e os irmáns Izquierdo, da matanza de Puerto Hurraco, os cales foron tomados como reféns.

Preto do cárcere coincidiu naquel instante unha manifestación, polo que a vintena de gardas civís adestrados antidisturbios que a controlaban non tardaron en penetraren no interior da prisión e en se trasladaren con todo o material antidisturbios ata o módulo de illamento. Os presos ameazaron con matar os reféns se interviñan, pero a ninguén lle importaba a vida dun violador ou a daqueles dous vellos asasinos, así que a Garda Civil interveu. Penetraron dentro do módulo e, despois dunha enorme malleira, sen consecuencias para os reféns, conseguiron reducilos. Fora unha chapuza, pero tentárano polo menos, do cal moi poucas persoas na prisión se podían gabar. Algúns presos botáronlles en cara que non matasen o Boca, pero anos máis tarde descubriríase que aquel preso era inocente da violación da que o acusaban. Fixeran o correcto, o xusto.

Recibín a visita de dous inspectores da Dirección Xeral de Madrid. Conducíronme ante eles agrilloado. Estaban no gabinete do director, sentados detrás da mesa. Sentei.

—Ben Tarrío, que pasou? —preguntoume o que levaba a iniciativa.

—Pasou que estou farto de levar encerrado e de que fagan comigo o que lles peta. Levo varios anos na cadea e entrei para cumprir unha condena de dous, iso é o que pasa, que non facedes máis que me complicar a vida.

—Vostede o buscaría, non?

—Non. Desde que ingresei no cárcere na Coruña xa fun posto en celas sen razóns nin motivos, coa escusa de sucesos anteriores. Eu non teño a culpa diso, nin de que despois de que me retirasen o artigo 10 en Ourense me aplicasen a vida mixta, nin de que despois ao me clasificar o fixesen en primeiro grao e me enviasen a Zamora...

—Iso termos que miralo no seu expediente, pero non creo que fose así —engadiu o seu colega.

—Se vostede o di seguro que terá razón e eu minto —apostei con cinismo.

—De onde sacastes os coitelos? —interesouse o outro.

—Iso non llo digo.

—Ben, pois eu si teño algo que lle dicir. Se volvemos ter en Madrid coñecemento de que repite vostede algo así ou parecido, doulle a miña palabra de que o imos meter nun pozo e que non vai saír de alí nunca, entendeu?

—Perfectamente...

—De quen foi a idea do secuestro?

—Dos dous.

—Non me quere dicir de onde sacou os coitelos? —insistiu.

—Non.

—De acordo, pois nada máis que iso.

No módulo de illamento comezaron as obras para reforzar a seguridade. Comezaron a instalar cancelas de barrotes nas portas das celas e reixas cruzadas, cubrindo o tellado do patio polo cal subíramos. Andaban a construír un búnker, que, malia que nós aínda ignorabamos a realidade, non era máis que un presaxio do que na Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias se xestaba desde había meses baixo a batuta de Antoni Asunción e do seu lugartenente, Gerardo Mínguez. Tivemos acceso a varios xornais atrasados en que se reflectía o secuestro. Un deles comentaba que estabamos en prisión por varios asasinatos e violacións, cousa que nos indignou. Mais comprendemos que aquilo facía parte da desinformación que a Dirección proporcionara ao diario, coa esperanza de nos desprestixiar ante a sociedade ao nos facer aparecer como asasinos e violadores. Unha trampullada máis das miles que usaban. O Juan propuxo que denunciásemos o xornal, pero finalmente desistimos. Que importaba o que pensasen os demais? O único que importaba daquela era sermos trasladados xuntos o antes posible.

O 11 de xullo explotou o Puerto de Santa María. Ernesto Pérez Barrot, Antonio Losa López e Manuel Cabello Martínez retiñan os carcereiros do módulo un e atrincheirábanse con eles no economato. Pediron melloras penitenciarias en nome de APRE(r) diante dos membros da Dirección Xeral que acudiron a Cádiz, e entregouse unha táboa reivindicativa para que se fixese pública nos medios de comunicación. Mais durante as negociacións, Julio Romero Amador, un preso xienense que estaba aberto no momento do secuestro, aproveitou aquela oportunidade para lle axustar as contas a outro preso, Miguel Anguita, ao que despois de lle abrir a cela, acoitelouno e seguidamente decapitouno. Aquel sadismo deitou por terra todas as negociacións, máxime cando Julio Romero exhibiu a cabeza do seu inimigo ante as cámaras do circuíto pechado de televisión, nun gravísimo erro. Foi a lousa a todo intento de diálogo.

Coas negociacións rotas e despois de vinte e catro horas de secuestro, os presos depuxeron a súa actitudes e entregáronse, liberando os reféns. Aínda que Julio Romero actuara pola súa conta e non tiña nada que ver con APRE(r), achacóuselle á asociación a autoría daquel asasinato co fin de a desprestixiar. Así foi como, despois da decapitación daquel preso, se comezou a aplicar en España, co consentimento pleno dos xuíces de Vixilancia Penitenciaria, o Réxime Especial FIES (Ficheiros de Internos de Especial Seguimento). A Administración usou unha fita gravada por unha das cámaras do circuíto pechado de Puerto 1, na que se recoñecía a imaxe de Julio Romero exhibindo a cabeza do seu inimigo, para convencer os xuíces da necesidade de tomar medidas especiais con todos aqueles reclusos pertencentes a APRE(r). Unhas medidas especiais que se transformarían na máis grave violación dos dereitos humanos e quebranto da democracia desde a toma de poder do PSOE, ao se producir coa convivencia e aprobación en pleno do poder xudicial, executivo e lexislativo.

No módulo de illamento de Tenerife todo continuaba igual. Non o sabiamos, mais nós eramos os primeiros en sermos sometidos ao réxime FIES e preparábase o noso traslado aos cárceres de Badajoz e Valladolid. Algunhas noites, aburrido, o Juan entretiñase facendo burla dos carcereiros que dentro da garita blindada vixiaban o módulo.

—Rendédevos! —berráballes por debaixo da porta da cela—, soltade os grillóns e as porras, que vos temos rodeados!

Daquela interviña eu e axudáballe:

—Solta a porra e sal cos brazos en alto, malvado!

Entón escachabamos coa risa. Aqueles momentos de humor axudábnos de xeito notable a soportar o illamento ao que nos viamos sometidos, coa exclusión do horario de patio. Levabamos vinte días sen saír daquelas tobeiras cuxas lousas de ferro só se abrían para nos proporcionar a comida, e sempre en presenza dun nutrido grupo de carcereiros armados de porras e barras de ferro. Naqueles instantes, a actitude de constante rebeldía e a compañía que ambos nos dedicabamos, ben con humor ben con frases de ánimo, constituían toda a nosa posesión na vida, xunto cun par de serras e a esperanza de conseguir fuxir axiña aquel submundo de odio e insensatez.

Se sabiamos usalo sería máis que suficiente, pois nada existía máis poderoso e firme que o valor que proporciona tentar recuperar a liberdade conculcada. Unha liberdade que en certa medida xa posuíamos polo simple feito de nos rebelar á escravitude da obediencia sistemática, pensando e actuando por sentimentos propios e non por condutismos psicolóxicos de normas, regras ou doutrinas coas que non estabamos en absoluto conformes. E era aquela actitude a que nos diferenciaba doutros presos. Non nos situáramos na marxe da lei e do sistema dentro da sociedade para vir a prisión a aceptar unhas normas e regulamentos aplicados baixo coacción. Un home debía de selo tanto armado como desarmado; libre como preso. Dentro de prisión existían moitos homes e mulleres valentes á

hora de levaren a cabo un roubo ou un atraco, pero incapaces de se manteren erguidos con dignidade ante un simple carcereiro. Aquel feito conduciunos a manter diariamente serios enfrontamentos verbais cos presos que, transformados en albaneis por un soldo miserable, facíanse cargo de enreixar o teito do patio e de colocar cancelas de barrotes ás portas das celas; presos lapidando en vida outros presos, por mellorar a súa condición carceraria e obter canto antes a súa liberdade, aínda a costa de dificultar a de outros.

Presta atención á dor humana, oh monstro!
Inhumana... xélida... mecánica...
Só besta.
Cruel instrumento do home contra o home.
Placenta viscosa que inculcas temor
na xestación de agoniantes amenceres.
Nas tebras das túas entrañas.
Fabricas dor e soidade eterna,
e o sangue tórnase xeo, sen amor nin presente.
Só deixaches un ollo porcino escrutando o teu interior:
Si, estou aquí!
Cospes cadáveres de débiles mortos
aliñados nas túas tumbas de cristal.
Como ousaron entraren no teu ventre?
Loucura... demencia... senrazón...
Abismo mortal ao suicidio colectivo do sentimento,
que convidas a diario,
cando na escuridade asedias o home que sofre e chora.
Esencia do mal,
roxo sangue nas reminiscencias oníricas,
onde os humanos borraron o termo piedade.
Borrade tamén todo amor dos vosos corazóns!

Besta!

*xa os fillos que xestaches están preparados para dar a luz,
rotas as cadeas da súa prisión e do seu medo.*

Correde, facinorosos, correde!

*Non permitades que os proxenetas da vosa nai vos dean alcance:
domesticarían a vosa alma e faríanvos os seus escravos.*

O 23 de agosto, case non rematara de xantar cando un grupo de carcereiros se presentou na cela:

—Tarrío, recolla vostede as súas pertenzas que vai de condución.

Avisei ao Juan daquela nova e preparei as miñas pertenzas dentro dun par de bolsas que me proporcionaran.

Estaba eufórico por saír de alí, pois levabamos un mes completamente pechados. Chegara o momento de actuar definitivamente e completar a nosa acción na súa segunda fase, a da fuga. Conducíronme agrilloado ata ingresos, onde me aloxaron nunha das celas americanas. Pasei o tempo paseando a través dela, gozando dun cigarro mentres traían o meu compañeiro Juan. Trouxérono agrilloado e metérono na cela do lado. Saudámonos cun xesto mais non conversamos, aínda que lle enviei a metade do diñeiro que viñan de me pagar do meu peculio a través dun dos carcereiros. Ambos estabamos bastante tensos.

Por aí unha hora máis tarde, unha parella de gardas civís veunos buscar. Un terceiro esperaba dentro do furgón no cal nos trasladarían ata o porto. O mando, un cabo, pareceume un personaxe chuleirán e arrogante, moi pagado de si mesmo. Buscaba impresionarnos, polo que deducín que se trataba dun fanfurriñeiro. Aquilo beneficiábanos, dado que eran esta clase de gardas os máis dados a desprezar os presos, ao se consideraren autosuficientes polo mero feito de portar unha pistola e un traxe de cor verde. Despois de nos tomar as pegadas coas que certificaban a nosa entrega á custodia

das Forzas de Seguridade do Estado, colocáronnos novos grillóns e trasladáronnos de un en un ata o furgón, no cal nos introduciron. Outros dous presos íannos acompañar durante a travesía, os cales xa estaban dentro do furgón. Presentámonos. Un era colombiano e o outro inglés. Dirixíanse a Carabanchel para seren extraditados desde alí aos seus países de orixe. Despois de concluído o trámite, encamiñámonos cara ao porto de Tenerife, onde chegamos mentres conversabamos animadamente. Paramos diante dun transatlántico enorme, o J.J. Sister. En fronte do furgón había unha ponte metálica que conectaba co garaxe do buque e que estaba custodiado por varios gardas civís armados de metralletas. Proporcionáronnos preferencia no paso e introducíronnos dentro do amplo garaxe. Xa alí, trasladáronnos de un en un ata os calabozos de abaixo, situados ao lado da sala de máquinas, baixo a liña de flotación. Introducíronnos dentro dunha mesma cela aos catro, provista dunha cama-liteira e de dúas cadeiras, xa que a cela adxunta estaba ocupada por outros dous presos que viñan desde o Puerto de Santa María e ían con destino ao Salto del Negro, a prisión de Las Palmas.

O Juan coñecíaos e púxose a conversar con eles a través dun furado que atravesaba a parede de madeira existente entre os dous camarotes-cela. Eu, mentres, púxenme a observar a cela e fixeime especialmente nas cadeiras que previamente habilitaran para que sentásemos, ata que deixasen a aqueles dous presos en Las Palmas e nos cambiasen a dous de nós á cela que ía ficar libre. Ambas cadeiras posuían unhas chapas de ferro que unían as súas patas e que estaban soldadas. Funme ao servizo e extraín a serra do seu agocho. Despois diso tombei unha das cadeiras e comecei a cortar dúas daquelas chapas, que nos ían servir de coitelos ao meu compañeiro e mais a min. Pedinlle ao Juan que vixiase o camarote dos gardas civís situado xusto en fronte, a dous metros do que ocupabamos nós, mentres eu serraba as chapas. Despois de serrada, o Juan fixo o

propio coa outra mentres eu vixiaba. Cando rematamos, ocultamos ambas dentro dun dos colchóns da liteira. De alí ían saír dous bos coitelos. Iámolos precisar. O Juan chamoume á parte e metémonos a falar dentro do servizo.

—Xosé —díxome—, non me fío nada destes dous tipos que veñen con nós, así que non lles perdamos a vista.

—Tranquilo, que van facer? Teñen que ir toda a viaxe con nós, e ademais non creo que sexan dese tipo de persoas.

—Xa, pero de todas formas imos estar alerta. Non me gustan...

Aquela desconfianza era habitual no Juan e en moitos outros presos, dado que nalgúns casos foran obxecto de delacións que outros reclusos fomentaban a cambio de beneficios. A Administración, pola súa parte, dedicábase a premiar xenerosamente aquelas vilezas, dado que aquilo lle proporcionaba ouvidos e ollos en todas partes, especialmente onde o seu ollo de can pastor non alcanzaba a ver nin as súas orellas a ouvir. Era o mesmo sistema que utilizaba a Policía no exterior coa delincuencia. Permitían que os traficantes actuasen impunemente garantíndolles todas as facilidades para o seu negocio, sempre que estes informasen de todos os seus clientes habituais e especialmente do diñeiro que gastaban. Se unha cantidade coincidía co botín dun roubo, entón xa tiñan o autor. Ningunha institución, nin sequera a penitenciaria, funcionaba sen as súas redes de confidentes, por iso a traizón se vía premiada con xenerosidade. Así cando precisaban saber algo de calquera preso ou vixialo de preto non tiñan máis que estimular a algún traidor para que, baixo a careta do compañeirismo, o fixese falar, ou simplemente colocalo na mesma cela. Era triste mais algo real e latente, aínda que levado a cabo só por unha minoría. Aquilo creaba un clima de desconfianza, pero procuramos que os nosos acompañantes non o advertisen.

Sáímos de Tenerife con rumbo a Las Palmas de Gran Canaria. Alí varios gardas civís baixaron recoller os dous presos que ocupaban

a cela do lado. Despedímonos cordialmente deles. Despois saímos outra vez con destino ao porto de Cádiz. Xa en alta mar, colocáronnos os grillóns a través da trapela da comida e trasladáronnos á cela adxunta a Héctor Chivita e mais a min, onde nos retiraron outra vez os grillóns a través da outra trapela, pola que tivemos que sacar as mans. Juan e William Humphereys ficaron na outra cela, da que os dous gardas retiraron as cadeiras, sen se decatar de que faltaban dúas chapas, cousa que nos satisfixo. Preferiría viaxar co meu compañeiro Juan, pero de todas formas deste xeito podíamos controlar os presos que nos acompañaban, o cal tamén era importante polo que puidera suceder.

O Juan pasoume as chapas a través do furado existente entre ambas celas, as cales eu oculteí debaixo do colchón da cama que me tocara ocupar. Ambos camarotes eran iguais, e unicamente os diferenciaba unha escada oca de metal que servía para subir á cama superior da liteira. O servizo era igual que o do outro camarote, polo que, desde os ollos de boi internos que ambos posuían, podíamos vernos o un ao outro, así como as portas das celas. O cristal dos ollos de boi era de plástico duro e grosso, e existía un pequeno corredor entre as celas e o camarote da escolta, que finalmente só constaba de dous axentes da Garda Civil. A través do ollo de boi comprobamos que as portas das celas estaban pechadas por unha barra de ferro grosa que cruzaba a porta metalizada, grazas a unha bisagra soldada a un dos seus extremos. Esta barra introducíase nun saínte de ferro soldado ao outro lado da porta que tiña un orificio polo cal se introducía por súa vez un candado que aseguraba a barra, suxeitándoa, como se facía na Idade Media. Era un método rudimentario pero eficaz, dado que ata daquela ninguén lograra evadirse de alí. Á parte das liteiras tamén existían un par de ventiladores no teito. Aquel diminuto espazo de dous metros de longo por un de ancho sería por dous días todo o noso universo. Case non

nos podíamos mover, así que cando un se erguía o outro deitábase na cama e viceversa.

De alí a un pouco viñéronnos sacar de un en un para retirar das bolsas os artigos de hixiene que nos fixesen falta. Cando chegou a miña quenda, agrilloáronme e abríronme a cela. Entre os dous gardas conducíronme ata o camarote onde estaban retidas as nosas pertenzas, xa que nos prohibían levalas connosco. Agacheime e busquei xabón e dentífrico e un cepillo de dentes. O cabo aproveitou para me provocar:

—Escoita, ti, espero ter unha viaxe tranquila, entendes?

Volvinme un intre sorprendido e observeino. Non entendía a que viñan aqueles fumes de *macarra*, así que como toda resposta dediqueille un sorriso.

—Non me mires así que tratei con persoas peores que ti... —insistiu.

Foi daquela cando comprendín. Provocábame só para alardear diante do seu compañeiro que, pola súa idade, notábase que era novo no corpo. Era un fanfurríñeiro, aínda que, iso si, un fanfurríñeiro alto e corpulento armado cunha de 9 mm., polo que non respondín as súas provocacións. Despois de recoller as cousas de hixiene, pecháronme outra vez na cela.

Ao pouco trouxéronme o xantar. Entregábano os gardas a través das buratos das portas en bandexas de plástico. Cando o cabo se inclinou para recoller unha bandexa do chan e darma, observei na súa cadeira dereita a culata dunha pistola suxeita polo cinto do pantalón. Xa no barco, tiñan que se vestir de paisano tal e como ordenaba a regulamentación de a bordo. O capitán non quería que os pasaxeiros soubesen que trasladaban presos para que non desacugasen. Chamei ao Juan:

—Mira, asoma. Fíxate na cintura do *picolet* ese.

Asomou e viuna.

—O outro leva? —preguntou.

—Supoño que si, pero non lla vin.

—Pois unha para cada un...

—Sen dúbida —respondínlle animado.

Despois de comer falamos a través do furado e Juan comentoume o seu plano. Tratábase de cortar desde dentro das celas os parafusos que suxeitaban o saínte de ferro ao cal ía suxeita a barra e a cadea, cuxas torcas, efectivamente, daban ao seu interior. Se conseguíamos serrar aquelas torcas, o saínte cedería coa cadea e a barra, liberando a porta. Logo quedaría reter os gardas, para o cal teríamos que confeccionar dous coitelos coas chapas, e escaparmos posteriormente despois de alcanzado o porto. A idea era factible. Agora só faltaba comprobar se o ferro era doce e se podía cortar facilmente, pois se non era así ía dificultar a operación, xa que había que traballar, debido á proximidade das catro torcas á parede, nunha posición difícil. Outro problema íano representar as soldaduras que fixaban aquelas torcas á placa metálica do marco da porta, mais confiábamos en podelas serrar antes de alcanzar o porto de Cádiz. Non nos atrasamos máis e comezamos a serrar con tranquilidade, dado que o ruído enxordecedor dos motores impedía que nos escoitasen. Tamén colocamos os dous presos que nos acompañaban a vixiar o camarote dos gardas, cousa á que se prestaron sen problemas. Aquilo proporcionábanos absoluta seguridade para traballar.

Paramos á hora da cea. A ambos nos saíran bochas nas mans, pero o peor era que case non avanzáramos, o cal era mal sinal. Ceamos en silencio. Mentres o facía observaba o colombiano, o meu compañeiro de camarote, e a verdade era que a min tampouco me inspiraba confianza. Estaba asustado e iso podería ser perigoso. Decidimos non cortar máis ata o día seguinte, pois o ruído dos motores non era igual de intenso pola noite que durante o día. Con todo, aproveitei para lle sacar punta a ambas chapas, mentres o Juan se deitaba para se recuperar dunha gripe que arrastraba desde días atrás,

gripe que o mantiña debilitado e con algo de febre. Mentres sacaba punta a aqueles cachos de ferro, pensaba na arma que o meu carcereiro ocasional me amosara. Adormecín coa idea de me apoderar daquela arma e con dous coitelos rudimentarios, pero mortais, agachados baixo o colchón da cama.

Ao día seguinte, retomamos a actividade despois do almorzo. Puxémonos a serrar outra vez, ata a hora da comida. Tiña as mans en carne viva, cheas de novas bochas, e só conseguira cortar unha das torcas. O Juan desistira, xa que non podía continuar agarrando a serra. Estando a porta da cela que ocupaba no lado dereito, só podía utilizar a man esquerda para cortar cando el era destro. Comezamos a dubidar, pois non resultaba tan fácil como en principio criamos que ía ser. Discutímolos a través do furado:

—Juan, paréceme que isto non vai saír ben. Non hai forma de cortar as soldaduras das torcas...

—Podemos collelos cando abran a porta en Cádiz e saír con eles de reféns —propúxome.

—Non é tan fácil, Juan. Alá vannos estar agardando outros gardas civís, sen contar cos que gardan a aduana, e non nos van abrir ata que chegue o furgón —fixen unha pausa para despois proseguir—. Ademais ábrennos de un en un e, no caso de que un de nós lograrse reducilos, dificilmente poderíamos saír de Cádiz. Demasiada historia, Juan.

—Pois hai que collelos como for...

Finalmente, desistín de continuar serrando aquelas odiosas torcas. Probamos polo teito de madeira, o cal escachizamos co ánimo de ir parar ao camarote dos gardas civís, mais despois de arrincada a chapa que os cubría, topamos con varias fileiras cruzadas de grosos taboleiros de madeira que nos impedían o acceso. Tampouco os podíamos cortar, pois as serras eran pequenas de máis para o seu grosor. Era desesperante. Deiteime na cama boca arriba empapado

en suor e prendín un cigarro. Despois de todo o que tiñamos feito para chegar ata alí, non merecíamos que aquel par de mamelucos nos deixasen no seguinte cárcere como se de macutos se tratar.

Comemos en silencio. Cos estómagos xa cheos, o Juan deitouse na cama para rematar de curar a súa gripe, mentres eu conversaba co colombiano. Amosábase contento, xa que os nosos intentos ían finalizar alí e a condución finalmente sería tranquila. Contoume a súa historia. Chegara a España para introducir droga e colléranos e pecháranos de contado. Pertencía a unha familia pobre de Colombia e fixera aquilo para fuxir da súa miseria. Era unha historia a súa que resumía a de centos de suramericanos en prisión, especialmente mulleres, ás que os grandes do narcotráfico usaban para introducir droga en España e toda Europa. Despois, se algún deles era apreixado, abandonábanos á súa sorte mentres eles gozaban dos seus luxosos chalés, dos seus magníficos coches e continuaban a explotar estes homes e mulleres que vivían na miseria. Na cadea existían moitas persoas que, de teren un soldo xusto, un traballo fixo e unha vivenda digna, xamais irían para alí no seu momento. Pero así é a vida; se non era un narcotraficante o que te explotaba, era un empresario ou un militar ou un político.

A tarde transcorreu sen maiores anécdotas. Sobre as oito servíronnos a cea e ceamos con fame. O Juan continuaba enfermo e metido na cama, así que me deitei na cama a escoitar música cun pequeno radio-casete de auriculares que me pasara o meu compañeiro. Se mañá non se nos ocorría algo, entregaríannos na prisión do Puerto 1 e desde alí enviaríannos aos había pouco inaugurados Réximes Especiais, onde ían cobrar sobradamente todas as nosas reivindicacións e motíns en prisión. Tiñamos que saír de alí, pero como? Pensando niso sorprendeume o sono.

O 25 de agosto de 1991 almorzamos e valoramos as alternativas válidas que existían, que xiraban sempre en torno á necesidade de

secuestrar os gardas ou de reter os carcereiros do Puerto 1, nada máis ingresar na prisión, para realizar unha nova reivindicación. Mais non chegamos a ningunha conclusión. Contra a hora da comida, nove horas antes da chegada do J.J. Sister ao porto de Cádiz, chegaron as primeiras ideas.

—Ei, Xosé —chamoume o Juan a través dun furado da parede—. Vou queimar o plástico do ollo de boi e tentar abrir a trapela da comida a ver se podemos forzar o candado.

—E os gardas civís? —pregunteille.

—Creo que non están.

Aquela idea finalmente proporcionoume a que eu buscaba:

—Tes o caderno con arame na cela, Juan?

—Teño.

—Pois usa o arame e fai no plástico do ollo de boi un furado, no do servizo. Logo tenta meter o arame estendido e correr o ferrollo da trapela con el. Do outro xeito, isto encheríase de fume e non nos daría tempo...

—De acordo, alá vou...

Así, improvisadamente, demos cun novo plano e puxémonos a traballar. Juan logrou sacar un bo arame e eu, pola miña parte, golpeei a porta da cela con forza para me asegurar de que os nosos gardas non estaban alí naquel momento. Ninguén acudiu aos golpes. Seguramente subiran a cuberta xantar ou tomar algo, relaxados pola proximidade do porto de Cádiz. Que poderían facer uns presos encerrados dentro de dúas tobeiras, indefensos e desarmados? Aquela subvaloración era todo o que precisabamos naquel intre.

Mellorando a idea inicial do arame do caderno, o meu compañeiro fabricou, cun resorte do colchón, unha especie de gancho xigante. Tal como lle propuxera e axudado dun chisqueiro, o Juan perforou o groso plástico do ollo de boi cun dos extremos do resorte

posto moi quente. Cando rematamos, o meu compañeiro sinalou-me a través dos cristais que me achegase ao furado que nos servía de comunicación.

—Xosé —díxome—, parte os coitelos en dous e méteos dentro dun dos tubos ocos da escada. Terás que serrala. Así a panca será máis consistente...

—Ben, fágoo agora. Poderás abrir o asexadoiro? —pregunteille.

—Creo que si.

—Ánimo, campión.

Seguindo as instrucións do meu compañeiro serrei un dos tubos da escada de aluminio da liteira. Despois partín os coitelos pola metade e introducín tres dos catro cachos dentro do tubo, fabricando así unha panca. O cuarto cacho, duns dez centímetros, íanos servir de coitelo. Asumeime de novo ao ollo de boi do servizo e amosei ao Juan a panca cun amplo sorriso. Feita a miña parte, agora tocáballe a el levar a cabo a súa. Sacando a punta do arame a través do furado de plástico conduciuno con habilidade ata o ferrollo da trapela. Despois de varios intentos conseguiu enganchalo, aínda que sen éxito, pois soltouse cando tentaba correlo. Volveuno tentar outra vez, pero unha vez máis escorreu. Era desesperante. Pacientemente, encharcado en suor, o meu compañeiro tentouno outra vez. Conseguiu enganchar o ferrollo, tirou do arame e esta vez o ferrollo cedeu, liberando a trapela. Rapidamente, sen perder nin un só segundo, abriuna e, sacando un brazo por ela, correu o ferrollo da trapela da cela que eu ocupaba. Introducimos a panca no candado da porta na que estaba el e, tirando el dun lado e eu do outro, cos brazos fóra das trapelas conseguimos forzar aquel fodido candado. O Juan saíu da cela e colleu o coitelo que lle tendín, dirixíndose velozmente cara ao camarote dos gardas. Non había ninguén no seu interior, así que correu cara a onde estaba eu e, forzando o candado, liberoume. Consegurámolo!

Xa soltos, rexistramos o camarote dos gardas civís en busca de armas, pero estas non estaban alí. Aquilo fíxonos presumir que levaban as armas con eles.

—Juan, estes tíos van armados. Hai que ir con coidado —advertinlle.

—Tranquilo. Imos esperar que baixen e pillámoslos. Ti dálles coa panca e encárgate de que non utilicen as armas. Eu encárgome de pillalos.

—Escoita!, se hai problemas zóscalles sen pensalo, eh? que estes asasínannos.

—Tranqui por iso...

Agochámonos esperando detrás da porta do camarote o regreso dos gardas. Tiña medo, cousa que me ía axudar. O medo é o sexto sentido e, con certo control, desenvolve no ser humano toda a súa capacidade para sobrevivir, funcionando ao límite; a epinefrina, a norepinefrina e as endorfinas dispáranse cara ao sistema endocrino producindo ese efecto comunmente coñecido como adrenalina, multiplicando a forza e os reflexos que habitualmente se teñen. Sabía que se non actuabamos sincronizados e con efectividade poderíanos custar un balazo no corpo e o fracaso da fuga. Así e todo, confiaba plenamente en que o íamos conseguir. Contabamos co factor sorpresa, mais aínda estaba todo por se decidir. Non transcorreron nin cinco minutos cando escoitamos ruído de pasos baixando as escada cara ao camarote.

—Aí están, Xosé —advertíume en voz baixa o Juan.

Colocámonos á par detrás da porta coa barra de ferro e o coitelo preparados para actuar. A presenza do Juan tranquilizábame, proporcionándome toda a confianza do mundo; posuía ao meu lado o mellor compañeiro que para aquela ocasión ninguén podería desexar, un auténtico home de acción. Cando a porta se abriu, botámonos enriba como depredadores, tombando e reducindo inmediatamente no chan o garda civil que acababa de entrar. Mentres o Juan

premía na súa gorxa coa afiada punta do seu coitelo, eu agarraba as súas mans e rexistraba as súas roupas buscando a súa arma. Estaba desarmado.

—Este non leva a súa ferramenta.

—Onde está o teu colega? —interrogouno o meu compañeiro.

—Arriba, no camarote que temos en cuberta... —respondeu asustado o novo garda civil.

—E as armas? —preguntámoslle.

—No camarote de arriba, gardadas. O capitán do barco non nos permite telas aquí.

Incorporámolo despois de lle colocar os grillóns. Mexara por riba polo que aparecía cos pantalóns mollados.

—Queres mudalos? —ofreceulle o Juan.

—Non, tanto ten.

Fíxeno sentar nunha cadeira e ateille as pernas ás súas patas. Despois quitámoslle o diñeiro da carteiras e fomos falar cos outros dous presos que viñan prisioneiros con nós:

—Queredes fugarvos con nós? -convidámoslos.

—Non, grazas. Quédanos pouco... —foi a resposta que ambos nos deron.

O colombiano estaba pálido polo medo. Ofrecinlles tabaco e, despois de lles dar lume, encerrámoslos nunha das celas, bloqueando a porta cun dos cadeados rotos. Logo volvemos para esperar polo segundo garda civil, o cal, segundo o seu compañeiro, aínda tardaría en baixar. Mentres tanto, falamos con el:

—En que camarote estades arriba?

—No setenta e sete.

Collín a súa carteira e paseille unha vista de ollos. Chamábase Manuel Jesús Plasencia e estaba a facer a *mili* na Garda Civil. Ao lado da documentación estaba a foto dunha rapaza.

—É a túa moza?

—É —respondeume visiblemente molesto pola miña intromisión na súa intimidade.

—Tranquilo, toma —díxenlle, meténdolle a carteira dentro do peto da camisa.

Coñecía perfectamente o que sentía naquel momento.

—Ben —advertiuno o Juan—, agora imos coller o teu compañeiro. Como berres ou tentes avisalo, es home morto. Entendiches?

—Entendín.

Buscando polo camarote, atopamos os nosos expedientes penitenciarios e entretivémonos lendo as estulticias que sobre nós escribiran os psicólogos e demais estudosos do ser humano. Así soubemos que o Juan era un perigoso paranoico e que eu me dedicaba a escribir cartas aos xuíces coa intención de me escapar. Tamén atopamos varias cartas que non nos entregaran. Cando cansamos de rir e de lelos, rompémolos, desfacéndonos especialmente de todas as fotos para non deixar unha imaxe de nós a man. Comezamos a nós intranquilizar pola tardanza do garda que faltaba por baixar e a sospeitar o peor. Prendín un cigarro detrás doutro, mentres as horas transcorrían lentas e a tensión medraba paulatinamente, xunto á insoportable excitación que nos producía aquela incógnita.

—Con certeza que se decataron da historia, Xosé, e están a agardar por nós arriba.

—Tranquilo, Juan, e non te movas da porta, que pode aparecer en calquera momento.

Apareceu varias horas despois, contra as seis. Nada máis abrir a porta botámonos sobre el e deitámolo no chan co coitelo no pescozo. Cacheeino rapidamente mais, o mesmo que o seu compañeiro, ía desarmado. Precavido, deixara a arma no camarote de arriba e as chaves en recepción. Agrilloámolo e introducímolo dentro da cela baleira, onde o atamos á cama, non sen antes lle roubar 20.000 pe-

setas, que repartimos xunto ás 10.000 que lle quitáramos ao outro. Logo atamos o seu compañeiro ao seu carón e deixámoslos pechados na cela, a cal pechamos con candado. Contemplei un cacho ao cabo a través do ollo de boi. Agora era un heroe derrotado e submisivo, e comprendín o fácil que sería para min abusar del, asustado e indefenso. Prometérame darlle un escarmento por fanfurríneiro, mais aquilo situaríame á súa altura, e matalo só nos ía traer problemas á hora da busca, xa que despois daquela humillación a Garda Civil ía mirar de nos atopar ata debaixo das pedras. Con certeza que Santiago Rivera Rodríguez a partir daquela se gardaría moito de volver provocar outros homes encadeados ou facelos obxecto das súas chularías.

Unha vez dentro do camarote que antes ocupaban os gardas civís, agora pechados nunha cela, mudamos de roupa co fin de despistar sobre a nosa vestimenta. Puxen un pantalón de tergal azul, os zapatos dun dos gardas e unha camisa negra e branca, todo iso retocado cunha gorra militar da mariña. Afeiteime nun espello e contemplei o meu aire de lobo de mar: sentíame irresistible. O Juan puxera un pantalón vaqueiro, unhas bambas, unha camisa verde e unha gorra de viseira, coa que ocultar a súa calva acentuada por un corte de pelo a cepillo. Sobre as oito da tarde, os potentes motores do J.J. Sister enmudeceron. Chegamos a porto.

Metín algunhas prendas de roupa para me mudar dentro dunha bolsa que tomei prestada a un garda civil, xunto cun mapa xeral de estradas, e colgueina no ombro. Seguimos a varios pasaxeiros cara á saída e subimos unhas escaleiras de caracol ata o cuarto piso. Pensamos na posibilidade de forzar a porta do camarote setenta e sete e apoderármonos das armas, pero o abundante tránsito de pasaxeiros polos corredores fixo que desistísemos. De todos xeitos, o irmos desarmados ía producir un relaxamento relativo, mais certo, nas Forzas de Seguridade do Estado, dado que non era o mesmo buscar

dous presos fuxidos que dous presos armados. No cuarto piso do inmenso transatlántico separámonos un do outro e reunímonos na sala de espera, mesturados co resto de pasaxeiros. Agardamos impacientes que baixasen a pasarela ata o barco para pasar ata a aduana a través da ponte que debía conectar con ela.

Transcorreron preto de vinte minutos cando a pasarela, conectada xa á ponte que proporcionaba acceso á aduana, foi baixada e as portas da sala de recepción abríronse amosándonos a liberdade. A sensación foi brutal. Fiquei como unha pedra cando un grupo de gardas civís apareceu e atravesou a ponte, encamiñándose cara ao interior do barco con paso apresurado. Mirei inmediatamente ao Juan, que estaba a varios metros de min; non tiñamos tempo de falar, mais ambos sabíamos que se viñan por nós teríamos que coller os pasaxeiros como reféns e negociar unha saída con eles. Agora non podíamos abandonar nin rendernos. Cando chegaron á pasarela, cruzárona e entraron dentro da sala, achegándose a recepción. Eran seis e puxéronse a falar coa recepcionista de maneira amigable, cousa que nos relaxou. Se eles soubesen! O altofalante da sala dirixiuse a nós e, despois de nos agradecer que escollésemos aquel barco para viaxar, deunos a consigna que indicaba que xa o podíamos abandonar. Saímos de alí entre os primeiros. Mentres atravesabamos a ponte observamos un nutrido grupo de gardas civís na entrada do garaxe do barco agardando que a ponte levadiza deste abrise. Ao final da ponte que cruzabamos acariñados pola brisa do mar, outros dous gardas cacheaban a dous pasaxeiros e pedíanlles a documentación:

—Xosé, se nos paran, eu agarro a un e ti cólleslle a arma.

—Ao da dereita... —indiqueille.

Avanzamos cara ao edificio da aduana preparados para entrar en acción, mais non nos detiveron, polo que continuamos adiante e baixamos as escaleiras ata unha enorme sala cruzada dun mostra-

dor, no cal tres gardas civís rexistraban todas as bolsas e maletas dos pasaxeiros. Un deles chamoume.

—Oia, señor, déixame ver a súa bolsa, por favor? —pedíume con amabilidade.

—Si, home, como non —respondín cortés, abrindo a bolsa e amosándolle o seu contido, que rexistrou por riba.

—Moitas grazas e boa viaxe —engadiu, marcando a bolsa con xiz branco.

—De nada.

Encamiñeime rapidamente cara ao exterior do edificio. Busquei coa mirada o meu compañeiro Juan e atopeino situado no extremo da barra. Non se fora como faría calquera outro, senón que me esperara para, se xurdían problemas, botarme unha man, aínda a costa de se arriscar outra vez unha liberdade que tiña ao alcance e lle custara once anos conseguir. Aquel xesto amosaba algunhas das súas principais características: seguridade, seriedade e camaradaría. Xa á súa altura, saímos xuntos do edificio e tomamos un taxi nas inmediacións, ao que indicamos que nos levase ata a vila de Puerto de Santa María. Nun principio, preveramos secuestrar o taxista a media viaxe, pechalo no maleteiro, e pillar eu o volante para pasar directamente pola autoestrada cara a Sevilla sen perda algunha de tempo. Pero mudamos de decisión: ambos temíamos un control na entrada de Sevilla. Paramos no Puerto de Santa María e pagamos ao taxista. Despois perdémonos polo vila e metémonos dentro dunha cafetaría para tomar algo. Mercamos varios bocadillos, unhas botellas de auga, unhas laranxas e tabaco para min. Escachei a rir sorprendido cando a máquina de tabaco me falou para me dar o troco e as grazas. Con todo iso dentro dunha bolsa, dirixímonos ás aforas, cruzando varios campos e, meténdonos, xa coa noite cubrindo o ceo, dentro dunha enorme leira onde construímos unha pequena choza con ramas e follas, camuflada entre os arbustos que

nos ían servir de refuxio. Alí ninguén nos había buscar. Agora si que eramos por fin libres. Dei unhas palmadas ao meu camarada, amosándolle a miña alegría.

—Fodémolos, eh? —burleime.

—Fodemos, pero aínda temos que saír do paso.

—Sairemos adiante, xa o verás...

Sacamos o mapa e algúns alimentos. Mentres comiamos algo comprobamos as posibilidades que nos ofrecían as estradas comarcais. Os dous estabamos de acordo en roubar un coche e subir xuntos ata Sevilla. Fariámolo de noite, sobre as cinco da mañá, hora en que os controis eran máis relaxados polo cansazo e o sono.

—Ti que queres facer, Juan? —pregunteille ao meu camarada, deitado boca arriba.

—Eu creo que podemos roubar un banco en Sevilla para conseguir cartos rápido e despois desaparecer por un tempo... E ti?

—Eu teño algún compromiso con bos amigos que están en prisión. Quero axudalos a saír de alí e logo liscar a algún país latinoamericano, onde se esquezan de min. Vivir o tempo que me reste en paz, cos cartos dalgún banco... De todos xeitos, vouche axudar a roubar un banco en Sevilla, pois eu tamén necesito *pasta*.

—O que si que temos que facer é permanecer en contacto, pois eu tamén deixei algúns amigos en prisión e xuntos temos máis posibilidades de os axudar. De paso desquitarémonos de todas as falcatruadas que nos fixeron dentro da cloaca...

Era libre. Despois de catro anos de continuos illamentos, pechado en reducidos espazos de cementos, os meus pulmóns volvíanse inflamar xubilosos de aire puro; os meus ollos, castigados pola branca cal da parede ou polo gris triste do muro, volvían contemplar outra vez as árbores e os paxariños voar na procura do niño para se acochar da noite que, doce como nunca sospeitei, víñanos aliviar da dura azouta do calor do día. Aquel reencontro coa natureza era como compren-

der a beleza dunha flor e deterse a contemplala, mentres esta revelaba, coa extraordinaria delicadeza da súa cor, o seu perfume. Como se podía pechar unha persoa dentro dunha cela fría de tres metros, privándoa de todo aquilo durante anos? Que resultaba, en suma, peor crime, castigar un ser humano a aquela crueldade ou o simple furto dun ben material, dunha “cousa”, cuxo valor se barallaba a diario nos mercados? Só naquel momento comprendín a verdadeira dor que me infrinxiran, non só polo encerro, senón por aquelas razóns que morreran dentro de min. O cárcere era un delito tan vil e repugnante como o peor delito imaxinable que unha persoa puidera cometer, só que cometido en nome da xustiza e da sociedade.

Estivemos alí ocultos durante dous días. O calor facíase insoportable e os mosquitos, centos deles, non facían máis que nos picar. Todo o noso corpo aparecía cheo de picaduras destes insectos. A noite do segundo día convencín ao Juan de que abandonásemos o lugar e nos achegásemos á vila para roubar un coche. Saímos da leira e atravesamos varios campos antes de tropezar coa vía do tren. Continuamos a camiñar por ela ata que topamos con varias fábricas:

—Non podemos seguir, Xosé, pódennos ver.

—Non creo.

—Imos mirar nesas casas —indicoume sinalando a zona da estrada—, a ver se atopamos algún coche que roubar.

—De acordo, vamos —accedín.

Cruzamos un campo de sandías e bordeamos unha casa de dous pisos situada fronte á estrada. O Juan forzou unha das ventás e meteuse dentro, mentres eu agardaba fóra.

De alí a un cachiño asomou:

—Está baleira, entra, hai comida...

Entrei dentro. Aquilo era un bar e eu non cría que estivese baleiro, pois estaba repleto de bebidas, máquinas e comida. Sentíame inseguro no interior daquel local. Non me gustaba aquilo. O Juan

saltou o mostrador e eu busquei a cociña onde me apoderar dun coitelo, cando as luces do local prenderon e escoitamos ruídos no piso superior. Tiven medo:

—Juan, lisquemos de aquí que isto non me gusta...

—Subimos arriba ollar quen hai? —propúxome.

—Non ho, vamos! —exclamei, saíndo cara ao exterior.

Aguantei a xanela aberta e axudei a saír ao meu compañeiro, afastándonos de alí. Se chamaran á Policía, íamos ter problemas, e non podíamos ficar dentro do bar ao non termos a seguridade de que non nos escoitasen entrar e a Policía estivese xa avisada. Agochámonos no xardín dun chalé, coa esperanza de que alí non nos ían buscar e de roubar o coche que estaba estacionado dentro. Mentres, procuramos a maneira de poder penetrar no chalé para reter os seus ocupantes, obter as chaves do coche, podermonos mudar de roupa, ducharnos e comer algo. Mais todas as xanelas estaban provistas de barrotes. Abordamos o coche. Abrino usando unha serra e fíxenlle *a ponte* meténdome no interior. Con todo, non o conseguimos arrancar nin romper o bloqueo do volante, polo que o tivemos que deixar. Finalmente, como último recurso, decidimos esperar que amencese e abrisen a porta da casa para penetrar dentro dela. Fíxose de día e transcorreron varias horas sen que a porta se abrise. Permanecer alí era perigoso así que tivemos que nos meter novamente polo campo. Decididamente, non nos estaba a acompañar a sorte, cousa que resultaba un mal presaxio. Tiña un mal presentimento, polo que decidín separarme de Juan, alí mesmo.

—Juan, eu lisco pola miña conta —explíqueille—. Xuntos corremos moito risco e por separado temos máis posibilidades de conseguilo e axudar aos demais.

—De acordo. Onde nos atopamos?

—Na Coruña. Coñeces os xardíns dos Cantóns?

—Coñezo...

—Pois alí, fronte a unha estatua de Rosalía de Castro cunha aguia e unha serpe.

—O día 1 de decembro vémonos daquela alí, de acordo?

—Ata daquela, Juan, e ten moito coidado.

—Sorte.

Separámonos chocando as mans con forza. Seguí a vía do tren dirección a Rota e atravesei a zona das fábricas, encrequenado entre as herbas, ao outro lado da vía. Despois proseguín campo a través orientándome pola estrada. Facía calor, moita calor, e sentíame asfixiado e exhausto. Levaba varias horas exposto a corenta graos de sol gaditano e percorridos preto de trinta quilómetros. Agora só restaban doce máis para alcanzar Rota. Sentei para tomar alento, baixo a sombra dunha árbore solitaria, incapaz de avanzar un paso máis. Preto de alí había un pequeno pozo cunha pouca auga sucia onde nadaban varios bichos e algún cágado. Achegueime ata el e, usando a camisa como filtro, bebín un pouco daquela auga que, aínda que sabía a mexos, souben agradecer. Logo volví á sombra da árbore e deiteime extenuado. A historia repetíase outra vez. Fuxir convertíase outra vez na única liberdade posible para min. Pero cara a onde fuxir? Onde ficaban terras libres nas cales a xustiza nos convertese a todos en iguais e onde nada perseguise nin encerrase a ninguén?

Observei detidamente toda aquela extensión de campo. Non era libre, senón soamente un libertario fuxido do xugo daqueles que nos controlaban por medio de sistemas e leis. Non ía ser libre mentres sobre a face da terra existisen outros homes prestos a me abater ou a me encerrar e encadear. Non ía ser libre mentres unha fría cela dunha cadea calquera agardase por min.



CUARTA PARTE





O CAMIÑO DA REPRESIÓN

“Con frecuencia escoitei falar do home que comete un delito como se el non fose un de nós, senón un estraño e un intruso no noso mundo. Mais eu dígovos que, do mesmo xeito que o máis santo e o máis xusto non se poden erguer por riba do máis subliminar que existe en cada un de vós, tampouco o débil e o malvado poden caer máis abaixo do máis baixo que existe en cada un de vós”

GIBRAL JALIL

**- SAN JOSÉ DE CALASANZ, A CORUÑA -
NOVEMBRO DE 1979**



taxi parou fronte á inmensa escola. De corte antigo, o internado de San José de Calasanz antollóuseme pouco menos que o inferno. Estaba moi asustado polo frío e gris aspecto que aquel internado estatal ofrecía, o cal a partir de agora pasaría a se facer cargo da miña tutela e educación, mentres na miña casa se solucionaban os problemas económicos e de convivencia entre

meus pais. Baixei do taxi collido da man da miña nai, cuxo rostro reflectía unha tremenda dor. O miserable soldo que lle proporcionaba fregar pisos alleos non abundaba para alimentar catro bocas nin moito menos para custear os estudos de catro fillos. Non tiña opción e sufría por iso. Con paso apresurado encamiñámonos, escaleiras arriba, cara á porta de entrada. Miña nai premeu no timbre da pesada porta de madeira e, de alí a un cacho, unha celadora algo vella abriu a porta.

—Ola, boas —saudounos.

—Bos días —respondeu amable miña nai—. Veño traer o meu fillo. Desexaría falar primeiro coa directora...

—Esperabamos por vostedes, pois avisaron desde o Tutelar de Menores de que ían vir hoxe. Pasen —convidounos.

Conducíunos a través dun comedor e de varios corredores, que emanaban un considerable olor a deterxente, ata o gabinete da directora. Chamábase Dona Petra.

—Ola —saudou a miña nai—. É este o seu fillo Xosé? —preguntou acariñándome a cara.

Rexeitei a caricia.

—É un pouco tímido —escusoume miña nai, arrepelándome o cabelo.

—Pasaráselle. Aquí hai moitos nenos e pronto vai facer amigos...

Ultimaron os trámites burocráticos para a miña entrega á custodia do internado e, despois dun par de sinaturas, chegou o momento máis temido. Teríamos que nos separar ata que puidese volveuse facer cargo de min e levarme de volta a casa, definitivamente. Eu sabía que a responsabilidade daquela decisión derivaba do comportamento de meu pai, un home enfermo polo alcohol, cuxa única preocupación na vida era embebedarse e ir de putas, para despois regresar bébedo a casa e bater en miña nai:

—Fillo, teño que marchar; prométeme que te has portar ben —pediume, tentando conter as lágrimas que pelexaban rebeldes por brotar daqueles ollos castaños.

Notei as súas mans frías, castigadas polos deterxentes e o traballo, acariñándome a caluga, cando me abracei nela nun intento de atrasar o que xa era inevitable:

—Cóideno, por favor —rogoulle á directora.

—Farémolo, señora, pero agora ten que marchar, se non vai ser peor para el...

—Adeus, fillo —despediuse bicándome—. Virei pronto a verte.

—Adeus, mamá —despedinme dela.

Cando miña nai desapareceu pola porta daquel gabinete, notei un gran baleiro a me circundar; a sensación brutal de inmensidade do que explora un novo mundo. Unha das monxas fíxose cargo de min e conducíume ata o terceiro andar, onde estaban os dormitorios. Alí asignoume un pequeno armario cun número, o vinte e tres, que desde aquela pasaría a ser inscrito en todas as miñas prendas de roupa e pertenzas. Tamén me asignou unha das corenta camas das que o dormitorio estaba provisto, e que estaban aliñadas en catro filas de dez, cos correspondentes armarios e números. Ao final do espazo estaban as duchas e os lavabos. O dormitorio era frío, e carecía de calefacción, e estaba iluminado por varios tubos fluorescentes instalados no teito. Sentínme só e rompín a chorar amargamente ante os inútiles esforzos da monxa por me consolar.

Baixáronme á hora de xantar ata o comedor, situado na planta baixa. Constaba dunhas vinte mesas, das cales algunhas estaban baleiras. O resto estaban ocupadas por grupos de nenos, que deixaron un intre de comer para me observaren con curiosidade. Indicáronme unha mesa xunto outros tres nenos da miña idade, que a partir daquela se ían converter nos meus compañeiros de mesa. Sentíame

desprazado e incómodo polo que case non comín, cousa que por ser o primeiro deixaron pasar como algo normal.

Así que rematamos de xantar leváronnos en grupos ao dormitorio para botar a sesta. Obrigáronnos a cepillar os dentes e a lavar as mans antes de nos meter no cama, e xa con nós dentro dela marcharon deixando a porta do dormitorio pechada e a nós a cargo dos máis maiores. Xa sós, o meu veciño, o mesmo que no comedor ocupaba comigo a mesma mesa, faloume.

—Como te chaman? —preguntoume en voz baixa.

—Xosé —respondínlle desde a cama.

—A min chámanme Ángel. Es orfo?

—Non. Trouxéronme por problemas na casa...

—Eu non teño pais e levo moitos anos aquí. Queres ser o meu amigo? —ofreceume.

—De acordo! —aceptei.

Esa tarde, un par de horas despois, viñéronnos abrir para baixarmos ás aulas, situadas na segunda planta, xunto á capela. Tocoume a aula de quinto de EXB, xunto o meu novo amigo, cousa que me reconfortou. As clases eran impartidas por un profesor ao que todos chamaban Don Jorge, que tiña, segundo me informara o Ángel un cachiño antes de entrar a clase, o feo costume de bater nos internos cunha goma de butano que sempre tiña a man. O meu primeiro día de clase alí foi algo testemuñal, polo que permanecín no pupitre sentado sen facer nada, observando o desenvolvemento das ensinanzas. Cando finalizaron as clases, chegou a hora do recreo e baixamos cara ao patio. Era grande, de pedra e estaba situado en fronte do comedor, pegado á cociña e aos xardíns que o separaban do campo de fútbol. Había unha cancha de baloncesto, aínda que ninguén xogaba nela, senón máis ben ás bolas ou a outros xogos de grupo, como o popular xogo de puño, papel e tesoura. Sentíame cohibido, así que me encamiñei cara ás escaleiras que conducían ao campo de fútbol

e sentei nelas a contemplar os demais nenos xogando. O Ángel e outros dous amigos os seus viñeron facerme compañía.

—Ola, Xosé —saudoume, sentando ao meu carón.

Os seus amigos imitárono. O Ángel tería aproximadamente entre doce ou trece anos. Delgado e de aspecto enfermizo, aquel rapaciño de ollos escuros e sorriso aberto converteríase no meu cómplice, nun irmán para min durante a miña estadía alí.

—Estes son o Juan e mais o Miguel —presentoume os dous xemelgos.

Saudámonos estreitando as mans.

—Vés para ficares moito tempo? —preguntoume o Miguel.

—Non o sei —respondín—, na casa existen problemas entre meus pais e ata que non se amañen non creo que veñan por min, salvo para ir algunha fin de semana a casa.

—O mesmo que nós —comentou o Juan.

—Vamos xogar ás bolas —propuxo o Ángel, ofrecéndome unhas cantas das súas.

—Non, non me apetece...

—A ver, ho... —insistiu, colléndome polo brazo e conducíndome ata un pequeno cadrado de cemento onde varios nenos xogaban.

Collín as bolas que me ofrecían e xogamos ata a hora de cear, cando as monxas que nos vixiaban sentadas ordenaron entrar no comedor.

Xusto despois de cear fomos conducidos outra vez ata o dormitorio. Lavamos os dentes e introducímonos dentro das camas baixo a supervisión de tres monxas, Dona Pepita, a Señorita Nieves e Dona Conchita, esta última a peor de todas, como o tempo me ía permitir comprobar. Xa con todos na cama, as luces apagáronse e pecharon a porta con chave. Pese a que estaba prohibido falar, o Ángel deume as boas noites.

—Boas noites —respondínlle en voz baixa.

Tentei prender no sono, mais non o conseguín. Un nó de dor oprímíame a gorxa e rompín outra vez a chorar, esta vez en silencio para evitar que me escoitasen os demais nenos. Aquela escuridade espantábame, unida ao silencio case trágico que inundaba o dormitorio, entristecéndoo, como se a noite soubese da historia de todos e cada un de nós. Sentíame só e perdido, o mesmo que os demais nenos alí, coa diferenza de que eu nunca me podería afacer a aquilo. Lembrei a miña nai ata que o sono me sorprendeu a altas horas da madrugada e fiquei durmido.

San José de Calasanz era enorme e constaba, ademais do edificio principal, de varios hortas en que medraban varias árbores froiteiras e hortalizas ao coidado dun xardineiro, que por súa vez se facía cargo de coidar os porcos e os coellos do internado. Toda aquela extensión de cemento e campo estaba valada por altos muros, se considerarmos a nosa estatura daquela, que estaban provistos de cristais, incrustados na parte superior co claro fin de evitar que fosen escalados. Aquela foi a primeira vez que experimentei a sensación insoportable de impotencia do que se sente retido contra a súa vontade.

Polas mañás, ao nos erguer, tiñamos que ir aos nosos respectivos armarios e esperar fronte a elas a que Dona Conchita as abrise, para recoller as toallas e o xabón e ir ao lavabo aseármolos. Logo estábamos obrigados a facer a cama e exixíannos que non presentase ningunha engurra, pois en caso contrario desfacían e ordenábanche facela outra vez, e así sucesivamente ata que quedaba ao seu gusto. Por iso adoitaban caerlles algunhas lapadas aos máis disciplinados ou a aqueles que simplemente non sabían facer a cama con tanto xeito, así como aos que aínda mexaban nela, que sempre eran os máis pequenos.

A min aquilo deixábame bastante mal e pronto aprendín a sentir rancor por aquelas mulleres.

—Son unhas porcas —adoitaba dicirme o Ángel cando falabamos sobre aquilo.

Despois do aseo e de estar as camas totalmente sen engurras, baixabamos ao comedor. Todo o que che servían tiñas que comelo ou, en caso contrario, deixábante alí, fronte á mesa, castigado ata que o rematases, polo que era asiduo e ordinario observar a maioría dos días algún neno fronte á mesa, chorando ante algún razón de chocolate ou algunha sopa. Nas aulas, ás que acudiamos polas mañás catro horas e un par delas polas tardes, as cousas non eran diferentes en canto a disciplina. Se non prestabas atención ou realizabas algo que fose considerado falta de respecto cara ao mestre, podías levar uns cantos golpes coa goma ou ben ficar castigado durante unha semana, despois dun par de lapadas, no gabinete da directora, sen recreo, de xeonllos cos brazos en cruz. Quen levaba a peor parte na aplicación dos castigos eran os orfos, dado que ao careceren de familia a Dirección non tiña que render contas diante de ninguén, no caso de se exceder, cousa que acontecía con demasiada frecuencia. Cos que tiñamos familia andaban con máis coidado á hora de nos castigaren. Odiaba aquel lugar.

Algún fin de semana adoitaba ir a casa para pasalo coa miña familia. A miña irmá Emily viña por min despois de saír dun colexio de monxas adxunto ao de San José de Calasanz, no cal, o mesmo camín, sufría o internado. Outras veces acudía miña nai buscarnos, excepto nas ocasións en que, castigado por algunha trasnada estimada como grave, me prohibían ir a casa e tiña que permanecer a fin de semana no internado. Unha destas veces propúxenlle a miña nai que permitise que o meu amigo Ángel viñese pasar a fin de semana con nós. Falouno coa directora e esta accedeu, polo que, tras nos preparar, abandonamos con miña nai aquel odioso lugar rumbo ao fogar.

Nada máis chegar a casa, levei o meu amigo Ángel coñecer os meus amigos do barrio. Xogamos toda a tarde ata ficar derreados

e logo fomos xuntos ata unha vella caseta construída con táboas e cartóns, na cal ocultabamos varios gatos pequenos acabados de capturar polo grupo de amigos. Alí acendemos algún cigarro que fumamos de maneira rotativa e en pequenas caladas, celebrando o estarmos xuntos outra vez, e intercambiamos algúns beixos de amor coas rapazas, nun xogo habitual entre nós. O Ángel pasábao bomba e desde o comezo foi ben aceptado polos demais, especialmente por unha das mozas, a Sonia, á que polo visto lle enchía o ollo. Fixemos brincadeiras sobre aquilo facendo que ambos arrubiaran e obrigándoos a se dar un beixo. Cando escureceu, despedímonos ata o día seguinte e volvemos ás nosas casas. Xa no portal da nosa, retei o meu amigo a unha carreira polas escaleiras e perdín. Chegamos extenuados ata a porta, onde nos recibiu sorrindo miña nai.

—A lavarse e a cear —ordenounos—. Onde estariades metidos? —preguntouse en voz alta, observando o noso aspecto desaliñado, mentres nós sorriamos máis amigos que nunca.

Aquela noite, xa sós no cuarto, recostados sobre as camas, entretivémonos ata tarde falando das mozas e de nós. Propúxenlle adoptalo en canto nos puidésemos establecer con miña nai, independentemente de meu pai, despois do divorcio inevitable entre ambos xa en marcha.

—Imaxinas que fósemos irmáns? —pregunteille ilusionado.

—Sería fenomenal...

O domingo foi un plaxio do sábado. Beixos, caricias e algún cigarro, protexidos do mundo dos adultos polas táboas de madeira da vella caseta. Case non lembrabamos que aquilo remataría e que teríamos que regresar ao internado. Con algúns cartos que nos proporcionaron como asignación os nosos pais, aquela tarde fomos todo o grupo de amigos ao cinema ver “Os sete magníficos”, que nos impresionou profundamente ao Ángel e mais a min. Ao saír do

cinema, ambos levabamos algo de “Cris” dentro de nós. Anoitecía cando regresamos a casa. No portal o Ángel despediuse da Sonia cun beixo, despois do cal subimos as escaleiras con apetito. Aquela noite deitámonos cedo despois de cear, a instancias de miña nai, o que nos lembrou que teríamos que madrugar a mañá seguinte para regresar ao lugar que mais odiabamos do mundo. Case non falamos e adormecemos cedo arrolados polo reflexo potente da Torre de Hércules, que se filtraba a través dos cristais da xanela, iluminando interminablemente a parede do cuarto.

Pola mañá, erguémonos de mala gaña e regresamos ao San José de Calasanz en autobús. Xa no patio, reunímonos co Juan e co Miguel, que acababan de chegar tamén, e contámoslles as nosas experiencias. Para o Ángel foran extraordinarios aqueles dous días e non había máis que escoitalo falar para se dar de conta diso; aqueles días constituían os seus únicos momentos de liberdade. Desde a súa existencia, sempre permanecera encerrado en colexios do Estado. Botámonos a rir cando comentei que namorara. Os catro formabamos un grupo moi unido e inseparable, e pronto fomos coñecidos polo profesorado como “os calavera”.

Aquela noite tocaban duchas. Nós xa viñamos duchados de casa, con cuxa escusa pretendemos ser amnistiados dunha nova sesión. Con todo, Dona Conchita obrigounos a acudir ás duchas, polo que despois de recoller as toallas e as mudas dos nosos armarios dirixímonos ata elas de mala gaña na nosa quenda. A auga estaba fría, pero non tivemos outra alternativa que nos meter debaixo do chorro xeadado. Cortábaseme a respiración polo que optei por mollarme só a cabeza e finxir que me duchara. Cando saín da ducha a miña trampa non colou e Dona Conchita deuse de conta do engano.

—Entra a te duchares outra vez —ordenoume. Estás castigado por mentires e agora mesmo te metes na ducha.

—A auga está fría —protesteí.

Daquela cruzoume a cara cunha lapada, quitoume a toalla da cintura e empurroume outra vez á ducha, mantendo a porta aberta. Debaixo da auga varias lágrimas de rabia mesturáronse con ela e perdéronse polo desaugue silenciosas. Tentei saír da ducha asfixiado polo contacto permanente coa auga fría que cortaba a miña respiración, mais fun empurrado outra cara vez cara ao seu interior. Desde debaixo da auga vina observando a través daqueles grosos lentes de cu de botella, provocando en min un sentimento de vergoña por atoparme espido e indefenso perante o seu capricho. Odieina con forza, con toda a miña alma.

Aquela actitude en Dona Conchita era habitual. Gustáballe tratar-nos así por norma, especialmente aos máis pequenos e aos orfos, aos cales secaba con frecuencia persoalmente, aínda cando estes eran o suficientemente maiorciños para se secaren por si propios. Comentábase no internado, e facíano os que máis tempo levaban alí, que lle gustaba tocar os nenos e velos espidos nas duchas, cousa que me pareceu verosímil despois de sentir a súa mirada sucia pousada na miña nudez. Díciase incluso que algunhas noites coa escusa de arroupar a algún orfo dos que estaban entre os seus favoritos, tocáballes o pene e os testículos. De todas as monxas, Dona Conchita e Dona Petra eran as máis odiadas por todos nós, con excepción dos lambecús.

Aprendín a tocar a guitarra, o laúde e a bandurria acudindo ás clases de música que nos impartía un profesor os sábados e, aínda que nun comezo non o facía mal de todo, rematei por aborrecer os instrumentos, as clases e o mestre. Tamén iamos con frecuencia ao campo de fútbol a xogar, mentres unha das monxas, a Señorita Nieves, ofrecíase-nos amablemente e facía as veces de árbitro, correndo como boamente podía dun lado ao outro do campo. Outras veces, escapabamos do control das monxas e iamos ata as cuadras dos porcos velos comer e pelexar entre si, lanzándose voraces trabadas das que con frecuencia saían feridos, sangrantes as orellas ou o fociño.

Pero por norma o que faciamos era case sempre o mesmo: xogar ás bolas, verlle as bragas a Dona Conchita, cando sentaba nalgunha das cadeiras do patio a vixiarnos e adormecía, ou a puño, papel e tesoiras, a falta doutras alternativas.

Unha daquelas tardes, xogando unha partida de bolas con outro interno, un orfo, tivemos unha pelexa. Perdera a maioría das súas bolas fronte á efectividade dos meus castres a longa distancia, cousa na que era un dos mellores do internado. A lea debía-se a que a súa bola, despois do impacto da miña, saíra fóra do círculo que debuxáramos no chan e que determinaba os límites dentro dos que se debía desenvolver o xogo, motivo polo cal gañaba eu a partida, xunto a bola coa que xogara, a súa favorita. El dicía que non saíra, pese a que os nenos presentes me daban a razón a min.

—A ver, caga bola —díxenlle incorporándome.

—Non saíu fóra, ficou na liña.

—Saíu, que o viron todos, non é? —preguntei.

—É certo, saíu —responderon varios.

—Non saíu —insistiu.

Entón enleámonos nunha liorta zoscándonos varias labazadas antes de que acudisen as monxas a nos separar. Castigáronnos a ambos sen recreo durante unha semana, durante a cal teríamos que permanecer todos os recreos de xeonllos cos brazos en cruz, imitando a imaxe de Cristo fronte á parede do gabinete da directora.

Chegou o Nadal. Miña nai veume buscar para me levar toda a semana a casa. Aquela vez non permitiron que o Ángel viñese con nós, polo que me sentín moi contrariado, posto que dabamos por feito que íamos pasar xuntos aquela semana na casa.

Despedímonos coa face un tanto triste. Xa na casa falei con miña nai sobre a posibilidade de traer ao Ángel vivir con nós, cando estivésemos en condicións e se separase de meu pai:

—Mamá, por que non traemos ao Ángel a casa cando abandone o internado?

—Non podemos, fillo —respondeume—. Eu non gaño abondo para vos ter a todos na casa e menos aínda a un máis. Síntoo por el. Se nos deixan traelo outra vez de fin de semana, traémolo, pero non pode ficar.

Aquilo representou un duro desengano para min. Que ía pasar entón co meu amigo? Esa noite, metido entre as acolledoras sábanas limpas da cama do meu cuarto, lembrei a frialdade do escuro dormitorio do internado e imaxinei o meu amigo aconchegado na cama, fronte á cama baleira que eu deixara ao pé. Non era xusto. Traballaría, se era preciso, para axudar a miña nai e así poder traer ao Ángel vivir con nós. Maldicín meu pai, odieino un pouco. Fixa a miña mirada na parede, observando os reflexos de luz que emitía a Torre de Hércules, fieis cómplices de todos os soños da miña infancia, entendín pese a todo o afortunado que era ao ter unha familia coa que pasar o Nadal.

Pasei aquela semana con miña nai e miñas irmás Emily e Yolanda e meu irmán Óscar, o benxamín. Quería á miña familia, mais especialmente a miña nai, a quen adoraba. Tiña con ela unha relación especial, pese a que sempre fora o máis rebelde de todos os meus irmáns e que con frecuencia era a causa dos seus desgustos. Miña nai dicía de min, lembrando as palabras de miña avoa Carme, que tiña o demo no corpo, que era incapaz de ficar quedo e que resultaba imposible reterme na casa máis dunha hora. Sempre conseguía eludila e saír á rúa correr cos amigos, e incluso escapara da casa en dúas ocasións, producíndolle terribles sufrimentos. Pero quería-me e fachendeaba diante das súas amigas do meu bo corazón, segundo ela, cheo de bos sentimentos. Agora matábase a traballar para pagar a escola dos meus irmáns así como os gastos que lle producía o manternos a todos vestidos, xunto a outros innumerables gastos

domésticos. Sempre traballando, cansa e doridas as costas, aquela nobre señora sacrificábase por nos dar o mellor dentro das posibilidades do seu soldo, enfrontándose á dureza da vida a brazo partido.

Cando o Nadal concluíu, regresei outra vez ao internado. Leveille caramelos e doces ao meu amigo Ángel e, cando estaba con el, comenteille o que me sucedera naquela semana e deille recordos dos meus amigos. Tamén o informei de que non podía vir vivir con nós polo momento, pois miña nai non se podería facer cargo de todos; mais apesureime a engadir pola miña conta que máis adiante viríamos por el para levalo definitivamente de alí. Confiaba en que miña nai mudase de idea. El, pola súa parte, informoume de que o Juan e o Miguel xa regresaran á súa casa, xunto súa nai, e que posiblemente non os volveríamos ver. Notei certa tristeza na súa voz; constituíran toda a súa familia naquel antro durante varios anos, aínda que no fondo se alegraba de que fose así. Repartiu os doces e os caramelos que lle trouxera cos orfos que lle viñeron pedir, e que se aglomeraban ao noso redor, coa xenerosidade que distingue aos que menos teñen. Aquela mañá ía frío e iamos envoltos en vellos e grosos abrigos; saltaba á vista que todos alí tiñamos unha cousa en común que dalgún xeito nos unía: a pobreza.

A disciplina do internado continuaba o seu curso dentro da súa liña relixiosa. As normas eran a base da educación e non o afecto. As monxas e os profesores estreábanse a diario con novos castigos públicos, coa esperanza de que os demais entendésemos que alí a disciplina estaba por riba de todo. Nós daquela non podíamos razoar aquilo, pero si advertiamos que era inxusto, porque nos rebelaba. A nosa propia natureza estaba totalmente manifestada en contra daqueles abusos de autoridade dos que eramos obxecto por parte de quen se supuña que estaba alí para nos coidar e nos protexer. Pensamentos coma estes invadían a moitos nenos e nenas, incluso ante os castigos das súas propias familias. Ninguén se detiña

nunca a tentar comprender as razóns dun neno, dado que se supuña de antemán que os nenos unicamente debían obedecer aos adultos, sen máis, que tiñan o poder de os castigar sempre que obrasen diferente ao seu xeito de entender a vida, moldeándoos á súa imaxe e semellanza, sen lles outorgar ningunha oportunidade para escoller. Por iso moitos de nós ansiabamos a maioría de idade para fuxir daquel xugo en que converteran a nosa infancia os adultos.

Estes pensamentos o neno cálaos sempre, ao se sentir oprimido e inxustamente tratado, e ese silencio crea nel un rancor progresivo que co tempo, ao non poder liberar ou manifestar, por temor a un castigo, crece nel para se manifestar, a maioría das veces, por medio da violencia ou da rebelión. O neno ou a nena, internado ou orfa, non eran ben tratados. Onde non se batía neles, esquecíanos e despreocupábanse deles creando un ambiente inestable e carente de afecto pouco axeitado para o seu desenvolvemento. Os nenos precisan amor, ocio, amigos, constantes mostras de afecto e non castigos e severas disciplinas. Os encargados ou encargadas da súa educación relaxaban a súa atención, o seu traballo e descoidaban o aspecto humano no trato diario, deixándoo todo en mans da disciplina e do castigo. Os abusos de autoridade eran frecuentes, e o mozo víase de súpeto tratado como un adulto; deixaba de chorar, pois comprendía que non servía de nada, e endurecíase, odiando a quen o castigaba, pois adiviñaba e percibía que non existía ningún amor ou afecto naqueles castigos, senón autoridade e imposición. Así damos con que unha grande maioría de mozos que anteriormente sufriron o internado ou o reformatorio delinquiron en máis dunha ocasión, e que moitos deles podrecen na prisión, convertidos en perigosos delincuentes. O Estado, encargado de os educar, convertíao nun negocio. A existencia de internados, orfanatos e reformatorios para ocultar neles os problemas que representaban para a sociedade os mozos desherdados, por causa da pobreza, resultaba aberrante. Todas as mulleres e todos

os homes ao nacer deberían ter acceso ás mesmas oportunidades por dereito natural, polo que se lles debía fornecer a todos unha mesma bagaxe para se enfrontaren á vida. Por iso as palabras “rico” e “pobre” deberían desaparecer substituídas pola palabra “igual”. Todos os nenos e as nenas do mundo tiñan dereito lexítimo a se desenvolveren nun ambiente axeitado, cunha educación básica xeral de igual nivel e baixo os mellores profesionais e medios educativos. Mentres isto non ocorra así, non se estrañen de que os nenos que ven xogar á pelota nos seus barrios mañá ocupen unha cela dun cárcere: para eles están a ser forxadas xa as cadeas da podremia carceraria.

Por aquelas datas a chuvia era unha constante na Coruña, polo que pasabamos a maioría dos recreos dentro dunha sala. A chuvia poñíame nostálxico, e adoitaba determe fronte ás fiestras de cristal da sala para vela caer salpicando a estrada pola cal circulaban os coches cos parabrisas en marcha. Días así botaba en falta regresar á miña casa coa miña familia, xunto miña nai. Aquela nostalxia do fogar comezou a se apoderar de min paulatinamente e, pese a que eu sempre fora un bo estudante e as miñas cualificacións oscilaran entre o notable o e sobresaliente, comecei a ter problemas cos estudos e con frecuencia apañaba algún castigo ou a reprimenda de Don Jorge, que comezou a me tomar como punto neurálxico das súas iras. Un días, despois de roubar na cociña uns grans de arroz, o Ángel e mais eu entretivémonos durante a clase lanzándoos, a través do casco do boli, a outros nenos. Era un xogo que practicabamos con frecuencia xa fose con grans de arroz ou con cachos de papel mastigados. Mais aquel día tivemos a mala fortuna de que a un de nós se lle escapou un gran de arroz que foi dar na calvorota de Don Jorge. Ergueuse co rostro vermello pola ira.

—Quen foi? —preguntou furioso.

Non obtivo resposta e encamiñouse cara ás mesas. Todos os que participáramos na pequena batalla campal escondemos a toda pré-

sa os cascos de bolígrafo, e foi cando tentaba eu agochar o meu que me viu. Achegouse ata o pupitre que ocupaba e quitoume o casco do boli de onde o agochara. Agarroume dos pelos e conduciume fronte ao taboleiro, diante de todos.

—Eu non fun —berrei varias veces.

Daquela colleu unha das gomas que utilizaba para bater en nós e comezou a me golpear no lombo e nas pernas brutalmente. Caín ao chan berrando de dor, pero proseguíu, golpeándome fóra de si, ata que se fartou de o facer. Logo obrigoume a me pór de xeonllos de cara á parede e soltou un discurso aos meus compañeiros de clase, ameazándoos. Eu choraba dorido polos golpes, e as lágrimas mesturábanse cos mocos, aínda asustado e incrédulo polo que acababa de pasar.

Ao rematar a clase conduciume ante Dona Petra, a directora. Albergaba a esperanza de que ela si me crese, pero a súa primeira reacción ante o ocorrido foi unha tremenda lapada que cruzou o meu rostro, desatando un novo alude de lágrimas.

—Tiñas que ser ti —berroume—. Vas pasar unha semana enteira sen recreo, de xeonllos no meu gabinete. Así aprenderás a non lle faltar ao respecto aos mestres.

—Eu non fun —alcancei a dicir entre choromicadas.

Como toda resposta ao meu intento de me defender, recibín outro sopapo.

—Baixas agora mesmo xantar e despois vas directo ao dormitorio —e engadiu dirixíndose a Don Jorge—. Pode estar seguro de que non vai volver ocorrer.

—Iso espero, pois ese crío é un demo.

Tiven gañas de lle responder aquilo cun insulto, pero contívenme para evitar novas lapadas. Despois baixei ata o comedor e sentei na mesa comer. Todos os meus compañeiros ollaban para min en silencio. O Ángel rompeuno:

—Castigáronte?

—Unha semana sen recreo e aínda por riba deume dúas hostias.

—Vella noxenta... —exclamou o meu amigo.

Despois de xantar subimos ao dormitorio. No aseo, mentres cepillabamos os dentes, o Ángel levantoume a camisola, debaixo da cal había varias marcas avermelladas.

—Tes marcas —díxome.

Volvinme fronte ao espello e ollando por riba do ombro observeinas. Cruzaban todo o meu lombo e culminaban nos costados. A quen podía acudir alí? O peor de todo era saber que eu non fora, que me golpearan en dúas ocasións por algo que eu non fixera. Foi naquel momento cando decidín escapar daquel antro relixioso. Comentei-llo ao Ángel durante a sesta coa esperanza de que me acompañase:

—Escapamos?

O meu amigo miroume con sorpresa e riu:

—Ti estás tolo, onde imos ir?

—Podemos ir ata o meu barrio e agochármonos na caseta que temos alí. Os meus amigos traeríannos comida e mantas... —respondinlle co que eu consideraba un magnífico plano.

—Eu non —respondeume serio.

—Por que? —quixen saber.

—Porque, no caso de que nos pillasen, a min habíanme levar ao reformatorio case con certeza, e non quero que me leven alí.

Tiña razón. No caso de que nos pillasen, a min o máis que me podían facer era botarme, cousa que sería caralluda. En cambio, ao Ángel encerraríano nun reformatorio, seguramente no de Palavea, a tres quilómetros de alí. Aquela tarde non falamos máis daquilo, pero a idea de escapar continuou sobrevoando a miña mente, revoltosa e constante.

Pasei toda aquela semana castigado nas horas de recreo, ollando para a parede. Cando algunha vez se me ocorría volver a cabeza, un

sopapo encargábase de volvela á súa posición inicial de castigo. Un mediodía, durante a hora do xantar, mentres observaba de lonxe a chuvia caer ao outro lado dos cristais das xanelas do comedor, unha das monxas tivo a brillante idea de abrir unha das xanelas. Sentín o aire e percibín a liberdade do outro lado. Unha sensación de medo e euforia posuíume. Só tiña que botar a correr, saltar por aquela xanela cara ao exterior e continuar a correr todo o máis que aguantase. Ángel advertiu o meu nerviosismo:

—Que che pasa?

—Deixaron unha fiestra aberta... vela?

—Vaste escapar?

—Vou. Vés?

—Eu non me atrevo —confesoume—. Vai ti.

Cando comezaron a recoller os pratos, aínda estaba indeciso. Non comera nada, polo que ía ser un dos últimos en saír do comedor, xa que tería que ficar ata que o comese todo. Por debaixo da mesa o Ángel e mais eu démonos a man.

—Ten coidado —pedíume.

Dona Conchita achegouse ata a nosa mesa e contemplou os pratos, aínda cheos de comida. Indignouse.

—Ti, Ángel, para arriba —ordenou ao meu compañeiro—. Ti ficas aquí ata que o comas todo —berroume.

Cando se afastou abondo, incorporeime empurrando a mesa bruscamente para un lado e botei a correr cara á xanela ante os gritos de sorpresa das monxas, que me ollaban estupefactas. Ao chegar á xanela escorreguei a través dela coa axilidade e a rapidez que dá a xuventude e perdínme, despois de baixar as escaleiras da entrada, pola estrada e posteriormente polo campo. Corrín como nunca o fixera ata daquela, mollado pola chuvia. Na carreira tropecei co xardineiro do internado que viña cunha carretilla chea de enciños e sachos, por un dos camiños de terra que conducían á escola.

—Onde vas rapaz? —berroume, parando sorprendido pola miña carreira.

Continuei correndo sen pausa ata que deixei de ver o internado e ata que non puiden máis. Estaba totalmente enchoupado e rendido e parei para me cubrir da chuvia debaixo dunha árbore, incapaz de dar un paso máis, mentres o corazón me latía violentamente no peito polo esforzo. Observei detidamente toda aquela extensión de campo. Consegúírao.

Non sospeitaba que nalgún lugar da terra sempre habería alguén disposto a me perseguir e a me encerrar. Daquela non sabía que era escravo dunhas leis que foran ditadas sen que ninguén me tivese consultado, e ignoraba que once anos despois había ser, por tres días, un dos homes máis buscados do país.

- ROTA, 28 DE AGOSTO DE 1991 -

Cheguei a Rota sobre as tres da tarde. Os meus pés estaban doridos e cheos de vexigas, dado que os zapatos que tomara prestados eran un número maior do que eu gastaba. Producíame moita dor andar e maldíxenme por non pensar niso. Chegaba algo sucio e despeiteado e, aínda que mudara os pantalóns, o meu aspecto continuaba a chamar a atención. Sen perder tempo, dirixinme, despois de interrogar pola súa situación a un transeúnte, cara á praia de Rota. Preto dela atopei unha pequena tenda aínda aberta e entrei para comprar xabón, unha máquina de afeitar, un peite e un bote de colonia, así como unha pequena toalla de praia que estaba á venda a prezo de saldo. Despois baixei ás duchas da praia e por dez pesos permitíronme facer uso delas. Ducheime, afeiteime e botei a colonia. Tamén limpei os zapatos sacándolles brillo. Mudei a camisa por unha camisola de manga curta limpa, e saín á praia co pantalón recollido á altura dos xeonllos, cos zapatos na

man. Tirei a camisa sucia e todo o demais nunha das papeleiras, como quen tira catro anos de presidio, e dispúxenme a camiñar pola beira do mar, mesturándome coa xente. Pasear pola praia sentindo o mar baixo os pés espidos era unha antiga promesa que me fixera a min mesmo, había anos. Adoraba o mar. Parei un instante para mercar un xeadó cornete de fresa e nata nunha das pequenas xaderías situadas ao longo da praia e proseguín o paseo, recreándome con aquel regalo que me fixera eu propio. Pensei na cara que ían pór moitos ex-amigos na Coruña cando me visen aparecer. Lembreime da miña familia e imaxinei o barullo que creara nela a miña fuga e a busca e captura da que agora era obxecto. Estarían a sufrir, mais no fondo dos seus corazóns estarían tan alegres coma min. Viñéronseme á mente os anos de illamento que deixara atrás e percibín, cun sorriso, a alegría e a esperanza que a miña evasión debía de producir nos amigos que aínda ficaban encerrados nas infectas toupeiras das podrecidas cadeas españolas, pousando a miña lembranza especialmente no Anxo e no Musta. Experimentei certo rancor ao enumerar os centos de veces que tivera que me espir ante caprichosos e desalmados carcereiros; lembreime dos cárceres da Coruña, de Zamora, de Daroca e de Tenerife, daqueles instrumentos de tortura da sociedade onde se reprimía todas e todos aqueles valentes que ousaran enfrontarse ao sistema; todas aquelas mulleres e homes que molestaban coa súa presenza aos honrados cidadáns que agora me circundaban por todas partes, tostando as súas peles ao sol, rindo, alleos ao sufrimento que outros padecían para que eles puidesen gozar dunhas vacacións tranquilas. Era certo: para que uns puidesen VIVIR de forma noxenta, alienados polas doutrinas do consumismo, poboadas as súas mentes de complexos insáns, outras persoas, exactamente corenta mil, tiñan que SOBREVIVIR encerradas en porqueiras glaciais, suspendidas da vida. Os AMOS apoderáranse do mundo

e reservábano en exclusiva para eles. As praias eran súas, as rúas pertencíanlles, os campos, o ceo... todo estaba sometido ao seu control e daquelas marabillas só gozaban aqueles que acataban as doutrinas. A sociedade estaba sumida nun profundo sopor, adormecida polos contos dos políticos, abúlica e descolorida polos vernices pálidos da comodidade e da prudencia. Aquelas persoas nunca me ían ofrecer unha oportunidade e, en verdade, aínda que o fixesen, tampouco o aceptaría: prefería continuar convivindo entre desherdados, ladróns, drogadictos, enfermos de SIDA, atracadores... antes de facelos con aqueles amorfos burguesiños con complexos de inferioridade.

Abandonei a praia e despois de pillar un taxi dirixinme a Correos. Alí puxen un telegrama cun texto pactado de antemán ao meu amigo Musta para avisalo de que podía contar comigo. Despois dirixinme cara a unha tenda de deportes e comprei un machete pequeno por se acaso me facía falta mentres non conseguía unha arma. Perdinme pola cidade e entrei dentro dun bar, no cal comían varios obreiros vestidos con monos azuis. Tomei asento nunha das mesas do comedor. Unha señora amable, bastante entrada en anos, veume atender:

—Boas. Desexa algo!

—Si, quero comer...

—Ben. Temos paella, albóndegas, filete con patacas, ovos...

—Tráíame vostede un bo filete de tenreira con moitas patacas e un par de ovos pouco feitos.

—Contra!, trae vostede fame —exclamou sorrindo—. Tráíolle algo para beber?

—Ten leite?

—Teño.

—Pois tráíame unha botella de leite, daquela.

—Iso está ben. Máis algo?

—Non, grazas.

De alí a un pouco regresou cun prato repleto canto daba de patacas que estralaban na miña boca, acompañado dun filete e dous ovos, cuxa pinta acentuaron a miña fame atrasada:

—Que aproveite —díxome cortés e simpática aquela amable muller.

—Con certeza que si —respondín á súa cortesía.

Xantei con bo apetito. Agradoume a sensación que me producía a amabilidade daquela señora: había anos que ninguén me trataba con tanta confianza. Tamén na sociedade existían persoas boas e realmente honradas, persoas ás que eu era incapaz de facer dano baixo ningún concepto. Cando rematei de xantar, recollín a mesa e encamiñeime á barra do bar cos pratos e os cubertos. Depositeinos enriba da barra, preto da cociña, e sentei nunha das banquetas altas. A dona do bar achegouse a min:

—Grazas. Vai tomar máis algo?

—Un café con gotas e pásame a conta, por favor.

Paguei a conta e bebín o café con gotas, que me estimulou considerablemente. Seguidamente abandonei o establecemento non sen antes me despedir da dona:

—Ata outra, señora. O filete estaba moi bo...

—Veña por acá cando queira.

Entrada a tarde acudín a unha librería a comprar varios xornais. A noticia da nosa fuga viña recollida en todos os diarios nacionais e rexionais, aínda que só *ABC*, *El País* e *El Diario de Cádiz* viñan provisto de fotos nosas. Non me preocupou aquilo dado que as fotos que tiñan de min eran de moito tempo atrás e case non se me recoñecía. Pero de todas formas asombroume comprobar a repercusión que se lle estaba a outorgar a aquela noticia, con certeza a instancia da Dirección Xeral para fomentar a inseguridade na poboación, instaba a colaborar na nosa detención, a nos delatar, e ir dando pé a novas medidas que tiñan

en proxecto adoptar para frear as avalanchas de secuestros e evasións en prisión. Tomei de todas formas as miñas precaucións e acudín a unha perruquería para cortar o pelo. Despois comprei nunha farmacia unha venda e esparadrapo para ocultar, simulando un accidente laboral, as tatuaxes da man esquerda. Tamén merquei uns lentes de sol escuros nunha óptica. Despois preguntei pola estación de autobuses e dirixinme cara a ela. Sentei en fronte dela, nun banco de madeira dun xardín situado xusto en fronte, observando atentamente os movementos que se producían ao seu redor. Varias horas despois entrei a comprar un billete para Sevilla e regresei ata o banco de madeira do xardín outra vez, por se se producía algunha reacción. Todo parecía normal e ás nove da noite subín ao autobús cos demais pasaxeiros rumbo a Sevilla. Chegamos á cidade hispalense sobre as dez. Baixei do autobús con dirección ao exterior, tras comprobar desde as ventás que a actividade era regular. Atravesaba a estación, cando dous policías de paisano me saíron ao paso, solicitándome a documentación. Desarmado, salvo un pequeno machete, pouco útil para aquela situación, o meu primeiro impulso foi botarme a correr, pero sabía que non ía chegar lonxe cos pés cheos de vexigas rebentadas. Tampouco podía tomar un refén, dado que fora un dos últimos en baixar e non había ninguén preto da miña posición, ademais de que pola hora que era a estación estaba practicamente baleira e deshabitada.

—Non teño documentación —expliqueilles tentando gañar tempo.

Aquilo cheiroulles mal e un terceiro home uniuse a eles.

—Acompáñenos.

Conducíronme ata un pequeno cuarto da estación e foron avisar outro dos seus compañeiros, posiblemente un policía fixo da estación de autobuses.

—Como te chamas? —preguntáronme.

—José Luis Rodríguez López —afirmei, dando o nome dun antigo amigo.

—De onde vés?

—De Melilla. Son lexionario...

Puxéronme contra a parede e rexistráronme. Quitáronme o machete:

—E isto?

—É o costume. No exército sempre levamos un enriba.

—E eses cortes? —preguntoume un deles observando vellas cicatrices de autolesións.

—Cousas da lexión, xa sabe, como as tatuaxes...

—Chama á comisaría para que te informen de todo o relacionado co nome que nos deu —ordenou un dos policíaos ao outro.

—Con certeza este escapou do cuartel —engadiu.

Agrilloáronme coas mans ás costas nunha cadeira. Cando sentín os grillóns pechase ao redor dos meus pulsos maldíxenme polo estúpido e infantil que fora tomando aquel maldito autobús. Despois sabería que me abordaran e detiveran casualmente, nun control rutineiro con motivo de varios avisos de bomba en nome de ETA, que aproveitaba a Expo 92 en Sevilla para sementar o caos na cidade. De todas formas, comportárame como un novato e aquela decisión íame custar cara. As cousas eran así; nunca estamos completamente seguros do que vai resultar dunha decisión. Cando o policía soltou o teléfono e me mirou con aquel rostro serio, souben que me cazaran.

—Este non é quen di ser —explicou aos seus compañeiros—. Agardade un momento e non lle quitedes o ollo de enriba.

De alí a un pouco volveu con dous xornais e abriunos enriba da mesa.

—Este é un destes dous —afirmou, sen me recoñecer na foto.

Todos dirixiron as súas miradas cara a min e despois cara ás fotos do xornal e outra vez cara a min. Non lles encaixaba.

—Que facemos con el? —preguntou o último que chegara.

—Agora veñen da comisaría buscalo.

Dito isto, sacou unha pistola da cintura e, tirando do carro, meteu unha bala na recámara. Despois gardouna na cintura de novo e comprobou que os grillóns estaban ben colocados, apertándoos un pouco máis. Todas as miñas esperanzas esvaeceiron por completo cando me trasladaron cara ao exterior da estación e me introduciron nun dos coches de Policía que acudiran ao lugar.

Leváronme directamente ao Gabinete de Identificación. Mentres me tomaban as pegadas dactilares, observei un cartel pegado á parede que me chamou a atención. Eran varias fotografías de activistas dos GRAPO, debaixo das cales estaban as nosas fotos ampliadas. Algunhas das fotos estaban riscadas cun “X”, cousa que viña significar que foran eliminados; outras estaban cruzadas por varias liñas paralelas, horizontal e verticalmente, que significaban que foran detidos, mentres que o resto estaban sen localizar. Alegreime: o Juan estaba entre estes últimos, cando menos salvárase.

Despois de identificadas as miñas pegadas por computador e comprobada a miña identidade, felicítáronse. Baixáronme ata os calabozos e desposuíronme dos pantalóns e dos zapatos, introducíndome dentro dun dos calabozos en calzóns. Deiteime sobre un colchón por calleiro ollando o teito que algún día fora de cor branca. Unha tenue luz iluminaba a duras penas o reducido espazo. Tiven gañas de chorar mais aguanteinas. Xa non podía facer nada, salvo esperar unha nova ocasión e escapar outra vez. Era o mellor que se me ocorría daquela.

Na mañá seguinte botáronme os zapatos e os pantalóns ao interior do calabozo e ordenáronme que me vestise. Xa vestido, agriulloáronme as mans á costas e trasladáronme ata o terceiro andar nun ascensor, provisto dun enorme espello no cal puiden comprobar o meu aspecto desaliñado. Cando chegamos ao terceiro andar fun conducido ata a Brigada de Atracos. Eran tres.

—Senta na cadeira —ordenoume un deles sinalando unha banqueta situada en medio do gabinete.

Despois de me sentar, pecharon a porta e rodeáronme.

—Aquí o de perigoso impórtanos un carallo, entendes? Así que máis che vale que respondas o que che vou preguntar —espetoume o que comandaba o grupo; era alto e con bigote, o clásico poli secreta—. Onde están as armas? —preguntoume.

—Que armas? —respondinlle con outra pregunta.

—As que levastes ti e mais o teu colega do barco.

—Non levamos ningunha arma.

Ollou para un dos seus homes.

—Saca o pau —ordenoulle.

De detrás dunha mesa sacou un bate de béisbol de madeira e pasoullo ao seu xefe. Este, xa coa pau na man, volveu preguntar.

—A ver se escoitei mal. Onde están as armas?

—Non levamos ningunha arma do barco —respondinlle outra vez. Pregúnteo, xa o verá.

Ficou un momento pensativo e acto seguido ordenou a un dos seus homes realizar unha chamada telefónica á Garda Civil, onde lle confirmaron as miñas palabras. Continuaron a interrogarme:

—Onde está o teu compañeiro?

—Non o sei.

—Onde vos separastes?

—No porto de Cádiz, ao baixar do barco.

—Mentes.

Non respondín a aquilo, pois eles sabían que non lles ía dicir a verdade nin os ía orientar sobre a posible localización do meu compañeiro, así que o meu silencio respondeu por min.

—Dime onde está Redondo ou pátoche a cabeza —ameazoume erguendo o bate.

—Non o sei.

Daquela fixo un amago de me golpear. Pechei os ollos esperando o impacto, pero este non chegou. Fora un bulo.

—Non semellas tan fero como te pintan os xornais e a tele, Tarrío —soltoume o policía que estaba detrás de min, dándome unhas palmadas na cabeza.

Mofábanse de min, mais non caín na súa provocación. Finalmente, convencidos de que non ían sacar nada en claro daquel interrogatorio, gardaron o bate e permitiron que pasase o meu avogado de oficio, para posteriormente tomarme declaración. Resultaba irrisorio que aqueles que estaban a cargo de facer valer a lei fosen crápulas experimentados nas máis diversas técnicas de represión, covardía e tortura. Noutras circunstancias moeríanme a paus; naquel momento impedíallo a presenza do avogado na comisaría e a posterior entrega ao xuíz da miña persoa. Quen ía dicir entón que aqueles tres mercenarios da sociedade, José Antonio García Candel, José Antonio Macuca e o seu xefe, José Antonio de la Rosa (“a banda dos José Antonios”), tres anos despois soamente, ían seguir os meus pasos cara á prisión pola tortura e asasinato de Juan José Sánchez Borrego, un delincuente sevillano de vinte anos coñecido como o *Niño Kilo*? Quen ía sospeitar que aqueles bravos policías sen mácula, entregados ao servizo da lei e da orde, ían conducir a aquel rapaciño ata un descampado, despois de o torturar nos calabozos da comisaría, e que alí o ían asasinar dun balazo, tirando o seu corpo sen vida nunha lameira? A xente da rúa, sempre tan ignorante, sempre tan covarde e tan cega a propósito, pasaba de longo ante sucesos como aquel que pronto ían ver a luz. Pensaban que feitos como aquel só acontecían nas ditaduras ou antano, en casos como o “Caso Almería”, ou en algúns países do terceiro mundo, pero trabucábanse. A tortura e o asasinato de Estado continuaban á orde do día e casos como o de Santiago Corella, o *Nani*, así o demostraban. Daquela a sociedade non dispuña, aparentemente, de suficiente información, pero outros casos íanse ir sumando aos citados, deixando ao descuberto

a guerra sucia practicada desde o poder. Os vascos Lasa e Zabala aparecerían no interior dunha cova, enterrados en cal viva, con evidentes mostras de seren torturados salvaxemente como proba que lles faltaran as unllas das mans. Anteriormente xa se coñecera o caso de Mikel Zabaltza, morto a causa da coñecida tortura da bañeira en dependencias da Garda Civil, que seguían coas súas actividades fascistas. Grupos de policía como aqueles eran os que controlaban o narcotráfico a comisión nas grandes cidades ou usaban a mozos delincuentes para se enriqueceren, obrigándoos a “traballar” para eles a cambio de non os meter na prisión. Os asasinatos de Estado e dos seus sicarios, as Forzas de Seguridade, ían moito máis alá do que se sabía. Posuían miles de recursos para que non se soubesen, para os ocultar e se, aínda así, os cidadáns coñeciamos das actividades de grupos como os GAL en mans de Amedo e Domínguez (aos que seguirían Sancristobal, Rafael Vera, Planchuelo, Damborenea, Barrionuevo, e os que faltaban por saír da cúpula socialista), entre as que estaban os asasinatos de Lucía Irigoitia, Ángel Gurmindio, Domingo Perurena e Eugenio Rodríguez Salazar, que outros crimes eran os que descoñeciamos? Era un erro, desde o punto de vista social, outorgar a un grupo de homes semellante poder sobre o resto de homes e mulleres; aquilo só podía xerar inxustizas, abusos de poder, desigualdade. Convertidos en “xefes” dos cidadáns, que lles debían obrigatoriamente respecto e obediencia, moitos policía facían un uso desmedido da placa para os seus propios fins ou para pór en práctica as súas concepcións fascistas, ideoloxía que abrazaban a maioría. Enriquecíanse coa escusa de combater o crime e a través da chantaxe e da represión uns; dos fondos reservados, outros. Sostiñan o control sobre a cidadanía, xerando miseria e anegando o país de drogas, coas que manter as capas sociais máis contestatarias, os mozos, sumidos nun constante sopor e continuar alimentando o

seu sistema. Cantos excesos e crimes non se cometeran co pretexto fútil da lei e da orde!

Aquela tarde fun trasladado ao Xulgado. Sentíame abatido polo desenvolvemento dos acontecementos, pero o peor representábao a soa idea de volver a presidio. Era como se experimentase un soño que non rematara de ser real e que, con todo, a dor e a amargura que me oprimía dicían que era certo. Baixáronme do furgón celular agrilloado coas mans ás costas, entre varios policías. Os carroñeiros da prensa e a televisión recollían as imaxes para transmitilas á sociedade morbosa, mentres que un cordón de axentes da lei lles impedía avanzar na súa loucura insensata. De min sempre se escribira unicamente o malo, e esta vez ocorría o mesmo. Tratábanme como un criminal perigoso, como unha fera escapada da súa gaiola, como un espectáculo que lles proporcionase máis público co que experimentar a demagogia, cando non era máis que un home enfermo e encadeado que só procuraba morrer en liberdade, talvez nalgún país afastado onde a sociedade fose máis humana.

Conducíronme ante a xuíza e o fiscal. Tomei asento nunha das cadeiras do gabinete.

—Ben, Tarrío —faloume o fiscal—, vaia barullo organizaron.

—Desde cando querer ser libre é noticia neste país? Mal deben andar as cousas... —respondín.

—Vai vostede declarar? —interveu a xuíza na conversación.

—Non.

—Cantos anos ten?

—Vinte e tres.

—É vostede moi novo. Como é que se mete nestes barullos?

—Cousas da vida...

—Agora vai ser peor para vostede, é que non se dá de conta? Asíne aquí —pedíume, achegándose un papel.

Soltáronme os grillóns e asinei aquel auto polo cal me decretaban prisión. Despois dirixiuse á escolta:

—Pódeno levar.

—E a ver se non escapa outra vez, Tarrío —brincou o fiscal.

—Non. A partir de agora penso ficar na cela a facer punto —con-
testei con ironía, antes de abandonar o gabinete camiño da prisión.

- PRISIÓN DE SEVILLA 2, 30 DE AGOSTO DE 1991 -

Unha vintena de carcereiros agardaban por min dentro do recinto carcerario do moderno macrocárcere, inaugurada recentemente polo Antoni Asunción. Case non me deixaron pisar o chan cando me agarraron e me trasladaron polo aire ao psiquiátrico emprazado dentro da prisión. Alí, deitáronme sobre unha mesa e baixáronme os pantalóns para, seguidamente, practicarme varias radiografías coa esperanza de detectar algún obxecto prohibido no meu interior. Non levaba nada. Despois retiráronme os grillóns da policía e colocáronme outros da prisión, cos que me trasladaron ao módulo de illamento. Alí retiráronme outra vez os grillóns e fixeron que me espise. Proporcionáronme un buzo azul e unhas zapatillas de plástico para me vestir.

—Que pasa coa miña roupa? —preguntei.

—Esquécete da túa roupa, pois todo o que vas vestir de agora en diante é un buzo —respondeume o xefe de Servizos.

Metinme no buzo e calcei as zapatillas. Xa engalanado co meu novo e flamante traxe de presidiario, introducíronme nunha das celas do módulo. Estaba totalmente baleira, salvo un colchón que cubría a prancha metálica da cama. Asoeme pola xanela.

—Hai alguén aí? —berrei.

De alí a un pouco unha voz respondeume:

—Quen es?

—Son Xosé, da Coruña —presenteime.

—O Che?

—Si.

—Que pasa, non me coñeces ou que? Son o Trancho, carallo...

A presenza do meu amigo recomfortoume dun xeito especial. Era todo canto precisaba naquel momento en que o meu ánimo estaba baixo mínimos:

—Colléronme onte e aquí estou. E ti que fas aquí?

—Aquí cun buzo, sen patio, sen economato, sen duchas, sen nada... O que teñen organizado para nós estes cans.

—E iso?

—Aplicáronnos un réxime especial, o FIES. Así levamos un mes e isto parece que pode continuar así moito tempo.

—Estás ti só?

—Non. Andan por aquí Víctor, o teu paisano Ayude, aínda que este e Barrot están no outro módulo agriloados á cama. Tamén está o Beni e algunha xente que con certeza non coñeces. Todos estamos igual.

—E por que te trouxeron a ti aquí?

—Despois do secuestro voso en Tenerife, o Anxo e mais eu tentamos liscar do Puerto 1 a través dos recintos. Pilláronnos...

—E onde está o Anxo? —pregunteille.

—En Villanubla, e non vexas como os teñen alí. Tamén abriron módulos FIES en Badajoz, en Jaén 2 e outro en El Dueso, que polo escoitado é o que máis aquel ten.

—Pois era o que nos faltaba xa —respondín a aquela avalancha de noticias negativas—. Non tedes nada nas celas?

—Nada. Ti tamén estás con buzo e chancletas, non?

—Estou.

—Pois estamos todos igual que ti. Non nos podemos nin afeitar nin ir ás duchas, así que imaxina como nos teñen.

—Hostia!

Á miña exclamación o Trancho respondeu con aquela gargallada estrondosa que o caracterizaba.

—Témolo moi mal, Xoseíño —díxome.

O tema estaba claro. Coa escusa dos últimos acontecementos acaecidos nos cárceres españois, Antoni Asunción, daquela recentemente ascendido ao posto de secretario xeral de Xestións Penitenciarias, e o seu brazo dereito, Gerardo Mínguez Prieto, daquela subdirector xeral de Inspección Penitenciaria, determinaron de común acordo co ministro de Xustiza, De la Cuadra Salcedo, a aplicación dun réxime especial a todos aqueles reclusos conceptuados como moi perigosos que participaran en motíns, secuestros ou evasións, ou que simplemente lles resultasen molestos. Así crearon un círculo de cadeas de máxima seguridade dentro doutras cadeas de alta seguridade, auténticos búnkeres onde nos soterrar, mais que nos encerrar. Para iso quebrantaron todas as leis habidas impondo as súas propias, aquelas que proporcionaban ao Estado o dereito a TODO sobre todas as demais persoas. A través do Ministerio de Xustiza silenciaron todas as voces xudiciais e prometéronse ascensos. Aos medios de comunicación substituídos polo poder foilles impartida unha directriz pola cal debían omitir todo canto sucedese a partir daquela nos cárceres españois con aqueles presos e crear un ambiente contrario a eles, manipulando a nosa imaxe e amosándonos como psicópatas, coa finalidade clara de que a xente aceptase aqueles métodos se estes chegaban a se infiltraren na sociedade a través dalgún medio honrado coa súa profesión. Íase facer todo o que for necesario, absolutamente TODO, para frear as queixas dos presos, destruír a asociación APRE(r) e volver restaurar a orde e a disciplina nos cárceres, a través do terrorismo carcerario. Coñecía os métodos, pois xa foran empregados no pasado coa COPEL. Tratábase de exercitar a represión para bloquear a mente do recluso a través do medo e de demoler o seu espírito

reivindicativo, a súa consciencia, bombardeando diariamente, de xeito constante, o seu sistema nervioso ata lograr a súa anulación efectiva. Para nós aveciñábanse tempos moi difíciles, pero nin sequera así imaxinabamos canto...

- PENAL DE EL DUESO, SANTOÑA, SETEMBRO DE 1991 -

Ás seis horas da mañá un grupo nutrido de carcereiros irrompeu na cela de xeito violento e, despois de me atar os grillóns ás costas, trasladáronme a empurróns ata Ingresos. Alí agardaban por min varios gardas civís, que me observaban coa curiosidade dos que queren coñecer un dos tipos capaces de deixar fóra de combate dous dos seus compañeiros. Nos seus ollos brillaba o receo, mais non observei ningún rancor, cousa que me tranquilizou. Despois de que se fixeron cargo de min, cambiáronme os grillóns e colocáronmos diante. Despois introducíronme nun pequeno furgón e partimos con rumbo ao descoñecido para min. Ao saír dos recintos da prisión procurei informarme.

—Escoite, axente —preguntei—, onde imos?

—A El Dueso —respondeu o sarxento, e logo engadiu tras un intervalo de tempo—. Fixésteslles unha boa aos compañeiros, eh?

—Así son as cousas...

—Polo menos non lles fixestes dano, que é o importante —interveu o condutor.

Ignorei aquel comentario. A noticia de que El Dueso esperaba por min ao final do traxecto inquietoume. Non me podían dar peor noticia naquel momento. Parecía que todas as desgrazas se conxuraran contra min á vez. Lembrei as palabras dos inspectores da Dirección Xeral de Tenerife tras o secuestro e souben que ían cumprir a súa palabra. El Dueso era un niño de torturadores experimentados, onde se daban cita os peores carcereiros do franquismo. Temín, e

con razón, pola miña integridade física. Xunto a Ocaña 1, Puerto de Santa María e Herrera de la Mancha, o penal de El Dueso fora, con moito, o peor cárcere do país. Agora resultaba evidente que non me levaban alí de vacacións.

Tiña máis de mil quilómetros por diante polo que me entretiven recreándome coas diferentes paisaxes rexionais, cuxa beleza entorpecían as reixas soldadas ás pequenas xanelas. Sería o meu destino contemplar a vida desde a outra parte das reixas? Por que malgrado o encanto nos proporcionaba ollos a natureza e, con todo, por que nos custaba tanto ver, divisar, contemplar o evidente? As mulleres e os homes deberíamos ter dereito a unha segunda vida. A vida así era inxusta, tirana e inapelable cos seres humanos; e sendo as cousas deste xeito, por que a apreciábamos tanto cando a morte parecía a solución?

Era tan complicado coñecer o porqué das cousas, como sinxelo era ignoralo. Perdidos no absurdo, sumidos na senrazón máis absoluta, asistíamos primitivamente á destrución do ser humano polo ser humano. Cando a xustiza se encargaba de facerlle a vida desgraciada a alguén, facíao para sempre. Unha absurda perrencha dun poderoso podía mudar o curso dunha familia, conducíndoa á desgraza e á miseria; unha estúpida sentenza podía facer sufrir a un home padecementos indicibles, sen arrubío da sociedade que, por medio do mito do sufraxio universal, aprobaba e consentía. Facerme desaparecer a min e a moitos homes e mulleres a través das cloacas carcerarias non ía cambiar nada, non ía solucionar ningún problema, senón que o había potenciar.

Fixemos varias paradas no camiño. Os gardas tiveron un xesto humano comigo e compráronme un bocadillo e unha botella de auga. Comemos e bebemos. Despois continuamos o traxecto. Pasei toda a viaxe calado, ollando a través da xanela enreixada o campo e as

montañas: observando a liberdade. Facíase de noite cando comezabamos a entrar na provincia de Santander. Daquela ocorreu unha anécdota que nunca esquecería. Detidos diante dun semáforo, un camión de gando parou ao noso lado, e xusto en fronte da xanela pola que eu miraba, xusto diante de min, un xato observábame cos seus grandes e escuros ollos, mentres chupaba o barrote da súa gaiola, confundíndoo talvez coa ubre da súa nai, agora lonxe. Ollámonos fixamente, curiosos, e sentín que tiñamos algo en común, bastante en común. Ambos eramos gando transportado ao matadoiro, só que no seu caso ía ser máis rápido. Ambos eramos vítimas dos designios de homes erixidos en AMOS, el dos seus, e eu dos que pretendían ser os meus.

Chegamos a El Dueso metidos na noite. Era unha prisión enorme, a máis extensa en canto a metros cadrados de todo o país. Despois de pasar as primeiras cancelas de seguridade situadas no recinto, subimos por unha pequena estrada ata o departamento FIES, acabado de inaugurar. Estaba á parte do resto da prisión, como amosando necesariamente que alí se puña en práctica un cárcere diferente, distinto. O aspecto tétrico que ofrecía o presidio de noite impresionoume. Sacáronme do furgón e metéronme dentro do departamento, entre un grupo numeroso de carcereiros visiblemente nerviosos. Baixáronme inmediatamente, aínda cos grillóns nas mans, cara á planta inferior do edificio, onde estaban as duchas. Alí me encerraron, liberándome dos grillóns a través dos barrotes da porta da ducha, que pecharan con chave. Desde o outro lado un carcereiro ordenoume:

—Íspase.

Quíte o buzo e deillo, xunto coas chancletas de plástico. Era todo o que traía.

—Se quere vostede ducharse, pode...

—Non teño toalla.

—Agora lle traemos unha do centro, coa cal pode vostede quedar.

Abrín a billa dunha das duchas e agardei que a auga saíse quente. Despois púxenme debaixo do chorro de auga e, facendo uso dunha pequena pastilla de xabón que estaba alí, fregueime e limpeime, sen présas, mentres os carcereiros me vían facer. Ao rematar, saín da ducha e sequeime cunha pequena toalla branca que os carcereiros me proporcionaron, xunto a un buzo azul novo e outras chancletas de plástico, tamén novas. Aquela vestimenta moderna era unha maneira de nos impedir correr ou desprazarnos un metro sen chamar a atención. Modelo norteamericano, desde logo. Metinme no meu novo traxe de presidiario e calcei as zapatillas.

—Dea a volta.

Vireime, situándome de costas á porta de barrotes das duchas, e colocáronme os grillóns coas mans atrás. Feito isto, abriron a porta e conducíronme entre un nutrido grupo ao que se ía converter nun novo lugar de reclusión para min, un minimódulo situado no piso superior, onde estaban as celas. Era un corredor frío, de baldosas, pechado por unha vella cancela de longos e grosos barrotes, en cuxo interior, aliñadas como nichos, estaban emprazadas aquelas celas-tumba numeradas. Tocoume a número once. Xa dentro, pecharon a cancela detrás de min e a través dela procederon a retirarme os grillóns; despois pecharon a porta, deixándome só. Era unha cela pequena, provista dunha cama metálica sobre a que descansaba un colchón, dúas mantas e un xogo de sábanas. Posuía un lavabo, unha mesa de madeira sen cadeira e un servizo a ras do chan. Estaba iluminada por unha lámpada que brillaba ao outro lado da cancela, sobre a porta de ferro. Na parte superior desta existía un asexadoiro constantemente aberto e protexido por un groso cristal blindado. Achegueime á xanela de madeira e abrina. Aquilo era todo soidade e silencio. Un gran patio estaba situado debaixo do departamento, que aparecía cercado por un gran muro

de pedra. Polo menos os barrotes eran normais, aínda que estaban cruzados por outras barras de ferro, mais poderían cortarse e poderíase tentar algo por alí. Era unha esperanza. Polo menos iso foi o que pensei ao velos, cando unha voz me chamou a través das xanelas:

—Quen chegou?

—Ti quen es? —preguntei eu pola miña parte.

—Juanjo, o Garfia.

Saberme acompañado dun amigo infundíume ánimo:

—Son o Xosé.

—Cando chegaches?

—Agora mesmo, de Sevilla 2.

Ambos tiñamos unhas gañas inmensas de falar polo que as preguntas e as respostas sucedéronse:

—E que facías alá?

—*Colocáronme* na estación de autobuses...

—Así que liscaches? Por aquí nunca sabemos de nada.

—Quen está contigo? —pregunteille.

—Pedro Vázquez, un vasco. Boa xente...

—Pois si —continuei—, liscamos o Juan e mais eu do barco que vai de Cádiz a Tenerife. Xa o coñeces...

—E o Juan?

—Libre aínda, polo menos non teño noticia de que o collesen, e cando estiven eu na comisaría aínda o andaban a buscar.

—Hostia! Como mola! E ti que tal estás?

—Ben, aínda que un pouco *flipado* con todo isto.

—Pois non viches nada aínda, Xosé. Nós levamos aquí medio mes e seguimos como o primeiro día. Non nos sacan ao patio e impídenos comunicar, xa sexa cos avogados xa coa familia. Estamos totalmente incomunicados, e nin sequera sabemos o que ocorre fóra de aquí, pois non nos deixan nin prensa nin radio. Nada —despois

dunha breve pausa proseguíu—. Só nos deixan ter unha toalla, un cepillo de dentes recortado pola metade, xabón, un rolo de papel do cu e o posto. As mantas e o colchón retíranlos pola mañá, despois do conto, é dicir ás oito, e entrégannos ás dez da noite.

—Non me amoles, tío —díxenlle alucinado.

—Xa o verás —asegureime escachando a risa—. Fixéronnos unha boa.

—E ti que? —intereseime.

—A min asaltáronme os GEOS no piso onde durmía. Só me deron tempo a botar uns cantos ferretes e roubar uns bancos...

—Polo menos mollaches o churro; eu nin iso...

Botámonos a risa. Brinquei:

—Así que inimigo público número un, eh?

—Parvadas da prensa, Xosé.

Viña canso da viaxe polo que, despois de charlar co meu amigo, deiteime. Por medio de vellos códigos carcerarios o Juanjo fixérame saber que existía a posibilidade de tentar algo, polo que supuxen que había unha serra no módulo. Alegreime. Aquela esperanza vagou pola miña mente ata que o sono me invadiu.

Á mañá seguinte, morto de sono, un grupo de carcereiros presentouse na cela. Erguinme e vestín un buzo:

—Que pasa?

—Temos que agrilloalo. Póñase de costas.

Achegueime á cancela e deixei que me agrilloasen. Despois abriaron a cancela e cambiáronme de cela. Retiraron o colchón, as mantas e as sábanas e volvéronme a ela outra vez. Despois disto, fixeron o mesmo co Juanjo e mais co Pedro. Despois marcharon. Aínda tiña sono polo que botei a toalla sobre a chapa metálica da cama e deiteime sobre ela, aconchegado e con frío. Un cachiño despois trouxeron o almorzo.

—Póñase ao fondo da cela —ordenoume o carcereiro.

Colocaron sobre unha pequena bandexa de ferro soldada á cancela, provista dun furado polo que nos pasar a comida, un pan e un vaso de leite augada:

—A partir de hoxe sempre que se abra esta porta colócase ao fondo da cela, coas mans á vista. E despois recolle o almorzo ou o que sexa, de acordo?

Non lle respondín, pero parecía que aquilo ía en serio, almorcei con fame e despois asomeime á xanela a falar cos compañeiros.

—Bo día, Juanjo —berrei.

—Bo día.

—Non vexas como van aquí os tipos estes, non?

—Xa che contei onte. De momento o mellor é agardar a ver que pasa, pois andan coa mosca detrás da orella. Non creo que isto dure moito.

Aquela mañá tiven o meu primeiro contacto coas gaivotas. Habíaas por ducias. Eran pequenas e brancas, de olliños negros e pico alaranxado. Proviñan da praia e das marismas próximas ao cárcere e pousábanse no muro ou no patio á procura de alimento que comer. Xogabámoslles boliñas de miga de pan que se disputaban cos avezados gorrións. Estaba ollando para as aves cando a porta da cela se abriu. Varios carcereiros, acompañados de xente vestida de paisano, presentáronse nela.

—Temos que lle facer unhas probas, Tarrío —díxome un deles.

—Que probas?

—Unhas radiografías.

—Xa me fixeron en Sevilla 2 hai dous días.

—Tanto ten, ten que se facer outras.

—Non.

Daquel interveu un dos paisanos, que se presentou como subdirector médico. Lin na súa placa o nome de Enrique Acín:

—Se te negas vasnos obrigar a chas facer pola forza.

—Pois nada, non se corten...

Pecharon a porta e tentárono cos meus compañeiros. Recibiron unha negativa igual. Marcharon á procura de reforzos co fin de nos forzaren a que fixésemos as radiografías. Estabamos indefensos e á súa vontade. Asomamos á xanela e falamos:

—Que vos dixeron, Juanjo?

—O mesmo que a ti.

—Que facemos? —interveu o Pedro.

Debateramos aquela cuestión antes de que chegasen á galería. Non podíamos facer outra cousa que acceder ás placas pois non podiamos evitalo de ningún xeito. En caso contrario íannos dar unha malleira e habíanas facer igual. Puxémonos os tres de acordo en facelas. Aqueles minutos, de todas formas, viñéronnos moi ben para que o Juanjo e o Pedro ocultasen en lugar seguro as serras. Cando apareceron os carcereiros coas porras e os grillóns, non opuxemos resistencia e, de un en un, fóronnos sacando das celas. Deitáronnos nunha máquina de raios X que trouxeran ata o módulo e baixáronnos o buzo e realizáronnos varias placas, mentres varios carcereiros termaban de nós. Despois daquela humillación volvéronnos ás celas. No expediente médico constaría que accederamos por propia vontade ou simplemente xamais ían constar.

Moito do que sucedía en prisión non era máis que un escravismo descarado camuflado baixo regulamentos teoricamente *progres* e tecnicismos encamiñados a crear aparencia e confusión; así, cando nos trataban de “vostede”, revestíase a realidade coa aparencia, pois o trato continuaba a ser o mesmo. Dá o mesmo maltratar un preso por “vostede” que por “ti”. Era hipócrita chamar a alguén de vostede e acto seguido obrigalo a realizar flexións co cu ao aire, ou facelo cagar nun cubo á saída dun *vis a vis*, o cal viña sucedendo habitualmente nos presidios de segundo grao. Era repugnante ata o noxo chamarse médico e á vez permitir e ocultar aquelas prácticas

de raios X, que poderían facilmente causar un cancro nun de nós polo repetitivo das sesións. O mesmo sucedía co nome da institución. Mudárase prisión por centro penitenciario, carcereiro por funcionario, tortura por rigor innecesario (he, he, he!)... represión por tratamento. Con todo iso e uns cantos xardíns circundando as PRISIÓNS a Administración trataba de transmitir á sociedade unha imaxe máis “humana”, unha imaxe falsa, hipócrita e clínica, que maquillaba a crúa realidade do verdadeiro cárcere. E aquilo que viña de nos suceder non era máis que o comezo daquela realidade, levada á máxima expresión.

Aquela tarde chamei o carcereiro para que me facilitase papel e bolígrafo para escribir unha carta a unha amiga de Bilbao e que viñese a verme. Proporcionoume un único folio e a carga dun bolígrafo:

—Pon vostede o nome da persoa que desexa reciba a carta e o seu ao final, e nós remitímoslla se Madrid dá o visto e praxe. Cando remate devólveme a carga e o folio. De acordo?

Escribín a carta á miña amiga. Chamábase Ana e coñecéraa na Coruña, anos atrás. Foramos mozos daquela e esperaba que viñese comunicar comigo cunha autorización xudicial. Envíelle o número de teléfono dos meus familiares na Galiza para que os chamase e os puxese ao corrente de onde estaba. Non lle comentei nada sobre como nos tiñan para que saíse a carta. Se dispuxeran todo aquel sistema de intervención e quebranto total da nosa intimidade, era precisamente para evitar que se filtrase a nosa situación. Agardaba que viñese. Á cea entreguei a folla e a carga do bolígrafo. Recollín a cea e ceei de pé, fronte á xanela, mentres conversaba cos meus compañeiros.

—Vaia pasada! Imos ter que facer algo ao respecto —dixen.

—Téñennos pillados polos collóns, Xosé —díxome o Juanjo—. O mellor é agardar uns días a ver que fan e, mentres, dedicarnos a facer deporte. Xa sabedes...

Aínda ficaba algunha gaivota voando libre por alí e entretivémolos dándolles de comer as sobras do polo que nos deran de comida. Fíxome graza que lle quitasen aos zancos de polo os ósos para evitar que fabricásemos coitelos. Aqueles energúmenos viran demasiados filmes de James Bond. Asombroume igualmente a voracidade das gaivotas e as liortas que se armaban entre elas en disputa por un cacho de polo. Picábanse entre elas sen ningún pudor; outras, máis astutas, esperaban sobre o muro a que as demais se batesen para logo abordar a algunhas que levasen o seu trofeo no pico e arrebatárllelo por detrás. Entón a outra, sorprendida e anoxada, tirábase detrás desta inutilmente. Co tempo comprobaría que aquelas que se dedicaban ao furto, a roubarlles ás demais, facían polo súa incapacidade para pelexar coas outras, así que para sobrevivir explotaban unha capacidade que as avantaxaba do resto: a velocidade e a astucia. As gaivotas eran unha das especies que mellor se adaptaran ao home e as súas cidades, á contaminación, circunstancia que lles garantía a supervivencia. Eran tan intelixentes que, o mesmo que as ratas, converteran os desperdicios no seu primeiro alimento, motivo polo cal nunca habían perecer de fame.

Ás oito horas os carcereiros viñeron ao rexistro. Polo que me adiantara o meu amigo Juanjo, aquilo era todos os días despois da cea. Obrigáronme a me espir e rexistraron o buzo. Logo agrilloáronme e pasáronme a outra cela adxunta, para rexistrar a que ocupaba, golpeando os barrotes cunha barra de ferro para comprobar que non foran serrados. Despois da requisa pasáronme outra vez á cela anterior. Despois daquilo, sobre as dez, agrilloáronnos outra vez e introduciron o colchón nas celas coas sábanas e as mantas. Todo aquilo era unha senrazón capaz de trastornar o cerebro máis frío, de se prolongar. Esperabamos que non fose así.

Conseguimos a través dun xefe de Servizos que nos proporcionasen libros da biblioteca, polo menos, cousa á que accederon non

sen a condición de que non podíamos intercambiar os libros nin lelos ou pedilos. Non querían que puidésemos mandarnos mensaxes a través deles. Grandes lectores, aquilo supúxonos, xunto ao deporte e a longas conversas, un importante medio para combatermos a soidade e a alienación. Permitíannos que nos duchásemos, mais viámonos obrigados a baixar ás duchas agrilloados ás costas cunha considerable escolta de catro carcereiros e soamente cubertos por unha toalla ao redor da cintura. Tiñamos que pasar por aquilo se nos queríamos duchar e despois, abaixo, facelo espidos fronte aos carcereiros sen posibilidade dun segundo de intimidade. Era repugnante sentir a ollada daqueles porcos chantada no teu corpo, unha ollada sucia e indecente. Era humillante, si.

O Pedro, o Juanjo e mais eu de camiño nos organizamos o mellor que puidemos fronte a todo aquilo. Líamos moito e realizabamos constantes sesións de flexións, animándonos mutuamente. O Garfia e mais eu fabricamos con follas de libros uns diminutos taboleiros de xadrez, con pequenas fichas, pintadas con bonecos despois de finxir escribir unha carta e solicitar ao carcereiro a carga do bolígrafo. Logo xogabamos longas partidas en voz baixa para evitar que nos escoitasen e nos retirasen os taboleiros. Tiñamos que andar con moito coidado para que non os descubrisen nos rexistros, pois era todo o que tiñamos e había que o salvagardar. Así, naquelas condicións, transcorreu a primeira semana en El Dueso. Aquilo era un cárcere dentro doutro cárcere. Non nos permitían baixar ao patio nin chamar por teléfono. Tampouco comunicar cos avogados aos cales lles dicían que non estabamos alí ou que fomos trasladados a outras prisións. Continuaron a quitarnos o colchón polas mañás e a nolo dar polas noites, e realizando os cacheos cotiáns tras a cea, nos cales sempre tiñamos que nos espir. As nosas vestimentas seguían sendo as mesmas: un buzo azul e chancletas de plástico. Con todo, colliámolo con bastante humor. Parecíamos albaneis. A

min o buzo que me proporcionaran quedábame pequeno polo que as perneiras cubríanme só ata por riba do nocellos e as mangas preto dos cóbados. Ao Juanjo ocorríalle todo o contrario, contounos, asignáranlle un buzo excesivamente grande polo que andaba coas perneiras e as mangas remangadas. O Pedro parecía que conseguira un á súa medida. Era cómico. Os médicos facían unha consulta diaria sen se inmutaren e non tiveron ningún reparo en nos ofrecerem toda clase de drogas. Dicían que eles non podían facer nada salvo embutirnos de tranquilizantes se os precisabamos. Negabámonos a recibir asistencia médica daquelas/es mercenarios da Administración penitenciaria.

As cousas non tardaron en se complicar como era de esperar. Na segunda semana de estadía alí, Pedro Vázquez perdeu os nervios e negouse a entregar a bandexa despois da comida ao carcereiro, cousa á que nos obrigaban despois dos xantares e as ceas, dado que non nos permitían ter obxecto algún na cela que fose máis sólido que a tela, o papel ou o xabón, o cal rematarían retirando por xel líquido. Desde a cela que ocupabamos escoitamos a discusión.

—Saque a bandexa —berraba o carcereiro desde o corredor.

—Que non. Entra ti por ela se queres...

—Se entramos vai ser peor para ti.

—Peor que o que estades a facer xa con nós? Diso nada. Levamos aquí case un mes como cans, sen patio, sen comunicar... e estou ata os collóns xa de todo e de todos vós.

Pecharon a porta e marcharon. De alí a un cacho regresaron en manada, coas porras e os cascos. Abriron a porta da cela que ocupaba o noso compañeiro e despois a cancela, e entraron no seu interior batendo no Pedro. Cando o reduciron, atárono cos grillóns á cancela, coas mans ás costas. Eu estaba estremecido e iracundo polo que non puideron conter a ira e comecei a golpear a porta cando os carcereiros pasaron en fronte dela.

—Que queres? —respondeume un, asomando o seu rostro porcino polo asexadoiro.

—Abra a porta —pedinlle.

Abriu a porta e achegouse a min:

—Que ocorre?

Daquela boteille man ao pescozo a través dos barrotes da cancela. Sorprendido pola miña reacción botouse cara a atrás, mentres tentaba golpear a miña man cunha patada.

—Sodes unha panda de covardes —berreilles—. Non tiñades ningunha razón para bater no meu compañeiro.

—Traede as chaves —pediu aos seus colegas.

Entón precipiteime cara á xanela da madeira e arranqueina das súas bisagras, achegándome con ela á cancela:

—A ver se entras ti o primeiro, covarde? —díxenlle ao carcereiro co que discutira inicialmente.

Delgado e de aspecto traídor, bautizarámolo co mal nome de “o Caveira”. Era un represor. Gustáballe recrearse na sensación de poder que aquel sucio oficio lle permitía. Notábaselle nos ollos, nos xestos. Acovardados pola miña actitude marcharon na procura de reforzos e de escudos. Chegaron preto dunha ducia e abriron as portas. Entraron en tromba, protexéndose cos escudos de plástico dos meus golpes. O Caveira ía o último. Empurrándome cos escudos cara a atrás, acurraláronme contra a parede e alí quitáronme a xanela das mans, descargando sobre min unha chuvía de golpes de porra. Caín ao chan encollido sobre min mesmo, tentando protexer instintivamente a cabeza coas mans, mais non o conseguín. Varias patadas fixeron resentir as miñas costelas, conseguindo arrincarme algún laio de dor. Despois diso atáronme con grillóns na cancela á cal me levaron arrastrado. Xa agrilloado coas mans ás costas e inmovilizado, o Caveira dirixiuse a min.

—E se entrase eu só, o mesmo —fachendeou.

Cando se foron a cabeza aínda me producía un forte asubío. A pesar da conmoción puiden escoitar como discutían co Juanjo e como se preparaban para entraren a bater nel. Parapetárase na cela, en solidariedade con nós. Chameino a berros:

—Juanjo, Juanjo...

—Que? —respondeume a través da ventá da cela.

—Pasa de todo que non vas conseguir nada, só que che peguen. Tranquilo que eu estou ben. Pasa de todo, de verdade...

—Seguro que estás ben?

—Si.

Malia non opor resistencia ningunha, só por se solidarizar, agri-lloárono de igual maneira que a nós, aínda que non bateron nel. Pola súa parte, Pedro, incorporándose levemente, rompera o lavabo dunha patada mentres profería insultos aos carcereiros. Pero estes marcharon e deixáronnos alí, agriloados. Axiña se fixo un silencio tremendo na galería. A inxustiza e o abuso consumáranse unha vez máis impunemente. Aquilo fora simplemente unha demostración de forza da Administración, unha pura exhibición do método. O Juanjo chamoume. Falamos a berros:

—Ese Xosé.

—Dime.

—Que tal te sentes?

—Algo mazado; creo que con algunha brecha na cabeza.

—A cadela que os pariu...

—E ti que tal? —pregunteille.

—Agriloados atrás ao cangrexo.

—E o Pedro?

—Eu estou ben —berrounos desde o outro lado da galería; o eco do corredor traíanos a súa voz con claridade—. Déronme un par de paus e agora estou aquí agriloadado.

—Que rompiches? —pregunteille.

—O lavabo. Non podía facer outra cousa estando agrilloado...

Incomprensiblemente botámonos a rir. Continuamos charlando e insultando os carcereiros durante un bo rato. Despois fíxose outra vez o silencio, un silencio sepulcral. A posición facíase incómoda. Agrilloáranos de tal xeito que non podíamos alcanzar a nos sentar completamente nin a nos pór de pé, cousa que, co paso das horas, comezou a constituír unha tortura física considerablemente dolorosa. Conservabamos a esperanza de que nos quitasen os grillóns de noite, pero trabucabámonos. Sobre as dez viñeron á galería cunhas mantas e, porta por porta, fóronnos botando unha por riba. Unha vez na miña cela rexeiteina, tirándoa de riba de min coas pernas. Un deles provocoume:

—Se chego a estar eu esta tarde, habías saber o que vale un peso... Cometín o erro de entrar no seu xogo.

—Qúitame os grillóns e demóstramo —díxenlle.

—Aínda por riba poste chulo? —berroume, dándome unha patada na cabeza.

A miña fronte estampouse contra os azulexos adheridos á parede do servizo, un dos cales escachou, cortándome a cella dereita. Notei o sangue esvarar pola miña cabeza e dúas novas patadas bater contra a miña cara outra vez. Alcancei a escoitar o meu amigo Juanjo insultalos mentres un deles me apertaba os grillóns, chantando o aceiro nos pulsos. Levoume un cacho recuperar-me do atordamento. Mentres, os carcereiros pecharon a cancela e a porta e marcharon.

—Que pasou, Xosé? —preguntoume o Juanjo.

—Nada. Unha cadela que me deu unhas patadas...

—Que covardes!...

Sentín un inmenso rancor. Virei a cabeza cara á xanela e observei o ceo negro iluminado polas estrelas para evitar as paredes brancas daquel odioso lugar. O sangue continuaba a esvarar polo meu rostro e medio cegaba un dos meus ollos. Naqueles instantes calquera

de nós de ter unha arma tería cometido unha matanza sen pensalo. Omitíndose daquel xeito a “lei”, xustificaban o crime e potenciábano en nós considerablemente. Eramos inducidos a el, a traspasar a barreira do molesto medo a morrer e a nos encamiñarmos cara á destrución masiva, a algúns; a outros, cara á autodestrución. Profundamente penetrados polo desprezo e o rancor, sufríamos a impotencia, a inxustiza e o abuso máis covarde que ningún home puidese concibir. Encadeados todos os días, espidos todas as noites, conducidos caprichosamente como gando a máquinas de raios X, os nosos corazóns atribulados por tanto mal só podían albergar lugar para o rancor e a vinganza. Como ignorar aquel vestir o buzo azul e aquel frío glacial ou a idea da SIDA a voar constante, inqueda? Como non pensar con odio naquel ouvir ao compañeiro mallado, aquel chorar da alma ferida de morte no seu orgullo, aquel enterro da palabra piedade entre os homes, aqueles barrotes, os grillóns, aquelas olladas porcinas, aqueles calabozos, aquel submundo infernal que parecía non culminar nunca? Ou aquel odiar en silencio e aquel matar sádico e onírico nas noites desveladas en que a mente vagaba rancorosa e o tirano do corazón xerminaba no máis profundo da dor, da alma? Como ignorar aquel escrutar violador de intimidades desvirgadas de xeito tan sucio a través do asexadoiro de cristal ou aquela noxenta denigración continuada do espectro carcerario, na procura da debilidade das persoas cativas, co fin de as inducir ao suicidio, á loucura, á desesperación? Como podía un home sobrevivir a todo aquilo e ser normal?

Alí non había homes perigosos: alí fabricábanse homes perigosos, que era moi diferente. A estolidez daqueles métodos bárbaros deixaba en evidencia o Estado de dereito, a súa validez e funcionamento. Mais a quen lle interesaba o que ocorría en prisión? A ningún, era certo. A sociedade non tiña por que se preocupar do que suceda cunha presada de vándalos afiliados a APRE(r). Abondaba

con que os carcereiros fixesen o seu traballo: o traballo sucio. Despois de todo nós eramos aqueles que, en liberdade, nos agrupabamos para vivir ás súas expensas. Sen dúbida, recoñecíalles o dereito ao desprezo sobre nós, os “malos”. Recoñecíalles incluso o dereito á vinganza. Si, sen dúbida. Pero non lles recoñecía o dereito entón a exhibir o título social de honrado cidadán. Non lles recoñecía o dereito a ser libres segundo as súas leis cando eles cometían *grosso modo* a innata inxustiza de colaborar cunha serie de delitos tipificados no SEU código penal, participando co SEU diñeiro, aprobando co SEU silencio, confirmando cos SEUS votos. Aqueles que dirixían cara a nós o seu desprezo non facían máis que se desprezaren a si propios pola súa pusilanimidade abxecta.

Onde estaba a moral do pobo libre?, onde a igualdade na xustiza? Estaba alí, agochada na súa covardía e chamábase cinismo, interese, egoísmo. Gozaban do pracer de ser rabaño e chamaban ao seu pastor “Estado” e á súa conciencia “maioría”. Nada podía chegar a ser máis baixo que o comportamento dun carcereiro covarde e malo; nada salvo un pobo covarde capaz de lle pagar por iso.

A noite transcorreu lenta e a dor dos brazos inmovilizados fíxose insoportable. Tentei varias posicións diferentes, pero non conseguía máis que acentuar a dor. Axiña sentín o frío e a humidade a se estenderen polo meu corpo, especialmente nos meus pés espidos. Estireime como puiden e, coas pernas estiradas, puiden alcanzar a manta que horas antes rexeitara. Arrastreina cara a min e envolvín os pés nela. Tentei durmir mais resultaba imposible, polo que me propuxen manterme entretido pensando en algo que me afastara da idea da dor, do sufrimento. Regresei ao pasado e, deixando voar a imaxinación, reencontreime con vellos amigos. Lonxe ficaran xa os tempos do reformatorio, os máis entrañables, aquel en que a amizade e a aventura unían máis que nunca. Sorrín cando rememorei o meu amigo Chico naquela ocasión en que entráramos roubar

nunha fábrica téxtil. Que sorpresa cando descubrimos que as prendas en cuestión eran prendas íntimas para damiselas, desde as finas braguiñas transparentes con laciño a suxeitadores de dimensións alarmantes. Moito me rin cando, desvalixando un dos gabinetes do inmobile, apareceu Chico cun sostén colocado sobre o peito e unhas bragas brancas que suxeitaba cos polgares sobre as súas cadeiras. Lanzoume un par de beixiños desde a porta do gabinete e díxome: “Que tal isto?”, para despois botármonos a rir ambos canto dábanos. Ou aquela outra vez en que escapamos do reformatorio de Palavea, despois de reter os educadores, e volvemos a mesma noite cun coche roubado, unha escopeta do calibre doce e outros amigos. Mentres o que conducía daba voltas ao redor do reformatorio, nós desde a parte posterior facíamos quendas para voar a tiros os cristais do establecemento estatal encargado daquela da nosa represión. Con certeza, aqueles eran dúas das mellores lembranzas que gardaba da miña mocidade. Tempos marabillosos.

Pensando neles sorprendeume a luz do día. Volvín á realidade, soportando como podía o frío, mais sobre todo a dor dos brazos atados con grillóns. Aínda tiven que aguantar unhas horas máis ata que un grupo de carcereiros abriu a porta da cela:

—Tarrío, ímoslle quitar os grillóns. Se tenta algo ou rompe calquera cousa volvémoslo agrilloar, de acordo?

Estaba totalmente roto, polo que respondín de maneira tranquilizadora:

—Pola miña parte non hai problema...

Liberáronme. Tardei varios minutos en recobrar a mobilidade dos brazos. Mentres liberaban tamén os meus compañeiros púxenme a pasear pola cela. Tentara que me deixasen ter a manta pero negáranse a iso. Necesitaba moverme, andar, para me librar do frío que atenazaba os meus ósos. Falei co Juanjo e co Pedro durante o paseo a gritos pola xanela:

—Que tal estades?

—Morto de frío —respondeu o Pedro.

Imaxineino paseando pola cela igual ca min.

—Merda de cárcere —berrou o Juanjo—. A ver se polo menos nos dan algo quente de almorzar ou de almorzar tan sequera.

—A ver... —respondinlle.

Efectivamente. Nun xesto humanitario tiveron a ben darnos de almorzar e ofrecernos a posibilidade de nos dar unha ducha de auga quente, iso si, se baixabamos agriloados e espidos, salvo a toalla. Almorzamos con fame e despois do almorzo fóronnos baixando ás duchas de un en un a nos remollar. Tiña a cara chea de sangue reseco e o buzo manchado, polo que me ía vir de perlas. Xa nas duchas, laveime e, sorpresa!, facilitáronme un buzo novo e flamante da miña talla, xunto con uns calzóns brancos de poliéster, que combinaba cunha camisola de manga curta. Despois de vestido trasladáronme ata outra das celas, ao fondo da galería. Recibimos a visita dos señores médicos. Tiña unha brecha na cela dereita, así que deixei que ma pechasen con pequenas tiras de esparadrapo. Falei co médico mentres me curaba:

—Teño frío. Non podería falar para que nos desen unhas mantas?

—Iso non é da miña competencia.

—Son seropositivo e ignoro como estou de defensas agora mesmo, pero non se me escapa que unha pneumonía pode matarme se estas están baixas —insistinlle.

—Farémoslle unha análise. Outra cousa non podo facer.

Pecharon a porta. Se non fose pola cancela de barrotes teríao estrangulado alí mesmo. Apalpei a ferida a través do esparadrapo para acto seguido deitarme sobre a prancha metálica da cama. Rememorei aquela frase que fixera súa Hobbes: “Homo homini lupus” (O home é un lobo para o home). Tiña razón, moita razón.

Chamáronme. Era o Juanjo:

—Xosé, asómate!

—Que foi? —respondinlle xa asomado.

—Tés frío nos pés?

—Hostia!, e como non vou ter?

—Pois non tires as bolsas de plástico do pan e úsaas como calcetíns, pero antes venda os pés con papel hixiénico.

Era unha boa idea e fixémoslla chegar ao Pedro. Os tres puxémola en práctica. Cando me vin con aqueles calcetíns revolucionarios non puiden reprimir unha gargallada. Acomei á xanela:

—Vaia pinta que teño!

—He, he, he... —escoitei rir o Juanjo.

—Oes!, pois non están mal —mofouse o Pedro co seu peculiar sentido do humor.

—Quitáronche o xadrez, verdade? —preguntei ao Juanjo.

—Quítaron.

—Temos que facer outro esta tarde, cando veña outra garda.

—É que nunca cansas de perder?

—A ver, ho, que che deixo gañar para que che suba a moral.

Axiña comprendemos a necesidade de manter o sentido do humor entre nós. Íanos axudar. Alí, máis que nunca, só nos tiñamos os uns aos outros e ese era un lazo que ataba moi forte. Fixemos novos xogos de xadrez, quitáronnoslos e sancionáronnos, e fixémoslos outra vez. Líamos moito e, como tiñamos vetado ler os mesmos libros da biblioteca, contabámonos uns aos outros a historia do libro que líamos. Entre eles comentamos *Moral a Nicómano*, de Aristóteles, e a súa teoría sobre a amizade. O Juanjo explicouma. Cualificábaa en tres formas diferentes. Unha forma de amizade era a da mocidade (a máis verdadeira segundo a entrega); a amizade por interese pasaba a ser a segunda forma de amizade (a máis asimiladas polos seres humanos); a terceira forma de amizade era a da virtude (a máis duradeira). Pasabamos horas debatendo sobre aqueles temas. O Pedro

non lía moito, polo que interviña pouco naquelas conversas. Dar a nosa opinión sobre *A Metamorfose*, *A Odisea*, *Hamlet* ou as incursións militares dos gregos na versión autobiográfica de Xenofonte ocupábanos moito daquel tempo dedicado a nos destruír moralmente. Para evitar caer na apatía física retabámonos a certa cantidade de flexións ou outros exercicios. O Juanjo insistía moito no aspecto físico e animábame constantemente, provocándome de xeito san a cultivar os músculos. Había tardes en que realizabamos sesións de ata quíntenas flexións en quendas de vinte ou cincuenta. A Administración, polo seu lado, comezou a reforzar a seguridade. Soldaron novos barrotes á cancela que protexía a porta de tal forma que, para conseguir abril nela un furado polo cal collese un home, sería necesario polo menos cortar seis barrotes, cousa que era imposible sen que se desen de conta. Tamén colocaron unha segunda pechadura blindada na cancela, cada unha cunha chave diferente. Daquela maneira, en caso de que se collese algún carcereiro na galería, unicamente se podería abrir unha das celas, pois estes só entraban a nos abrir cunha chave, de un en un, sempre. Aquilo reducía considerablemente calquera posibilidade de levar a cabo un secuestro. Para garantir a súa seguridade soterrábannos en vida. Volveron facernos placas de raios X á forza. Esta vez conducíronnos agrilloados ata a enfermaría do penal, a uns douscentos metros do departamento FIES, lugar onde nos colocaban sobre unha mesa provista dunhas cadeas ás cales nos suxeitaban con varios grillóns, mentres eles se ocultaban xunta os médicos/as dentro dunha cabina especial na cal se protexeren dos raios. Despois vestíronnos e regresaron outra vez ao departamento, mudándonos de cela. Todo aquilo sempre se facía sacándonos de un en un e escoltados por unha ducia de carcereiros, salvo cando nos trasladaban polo interior do módulo, onde só nos acompañaban catro carcereiros. Estabamos pois mellor vixiados que a sede central de Banesto. Incluso nos proporcionaron

a vixilancia dun garda civil durante o día, armado dun fusil Cetme, situado sempre nunha das garitas exteriores do departamento.

Chegou o mes de outubro. Continuabamos sen saír ao patio. Pedro conseguira comunicar cun avogado, pero sacárano da comunicación no momento en que lle comezara a contar como nos tiñan. Calquera conversa cos avogados do exterior ou por carta que falase do réxime FIES era inmediatamente censurada. Como aquilo se levaba a cabo coa conivencia dos Xulgados de Vixilancia Penitenciaria e Instrución de Santoña, as denuncias non causaban ningún efecto nin preocupaban á Administración. A comezos de mes trouxeron a Ernesto Pérez Barrot de Sevilla ². Conversamos e comentounos que as cousas estaban a dispararse en Sevilla e que o Xulgado tomara parte no asunto FIES. Soubemos, con pesar, da detención de Juan Redondo en Sevilla por parte da Policía cando, sorprendido na noite por un motorizado municipal, tentaba achegarse a el para lle roubar a arma. Tamén coñecemos que abridan dilixencias polo que estaba a ocorrer e sentímonos esperanzados. A titular do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria de Sevilla, escandalizada pola condición na que atopou os presos FIES, con buzos, sen se duchar, agrilloados e con barbas dun mes, todos visiblemente maltratados, deu parte ao Xulgado de Instrución nº 9 de Sevilla, e este abriu as dilixencias previas nº 4.024/91 contra Antoni Asunción Hernández, Gerardo Mínguez Prieto, Antonio de Diego Martín e Isidro Colón Durán por varios delitos de torturas, rigor innecesario e prevaricación con falsificación de documentos oficiais. A xuíza Elena Sánchez Sevilla dera unha lección, sendo a única en todo o territorio español capaz de denunciar o que o Goberno estaba a facer cos presos catalogados no réxime especial FIES, mentres outros xuíces de Vixilancia penitenciaria, José Luis Castro en Valladolid, Martínez de la Concha en Badajoz, xunto ao de Santander, calaban a situación das súas res-

pectivas provincias e prisións. Que un réxime como aquel puidese manterse só era posible cunha participación clara dos xuíces. Con algo máis de dignidade, os fiscais de Sevilla puxeron o grito no ceo e montaron en cólera cando os acusados Antoni Asunción e compañía ficaron en liberdade baixo fianza a cargo dos fondos reservados do Estado (fondos reservados que no futuro se habían de facer famosos) de vinte millóns de pesetas, e o daquela Fiscal Xeral, Eligio Hernández, lles ordenou retirarse da acusación e que retirasen os cargos contra os acusados afiliados ao PSOE. Ao non seren estes independentes, víronse obrigados a obedecer; con todo, o fiscal a cargo do tema, Luis Fernández Arévalo, foi durísimo nas súas conclusións xurídicas contras os dirixentes da Administración penitenciaria, tal e como ficou reflectido no escrito que dirixiu ao Xulgado de Instrución nº 9 de Sevilla con data do 8 de xaneiro de 1992.

Varios días despois da chegada a El Dueso de Barrot, trouxeron a Juan Redondo. Contounos que prohibiran o FIES en Sevilla 2 e que, para burlar o mandato xudicial e eludir o seu cumprimento, dispersaran a todos os que estaban por alí. A Juan tocoulle facernos compañía en El Dueso, o resto foi parar a Villanubla ou Badajoz.

—Que foi, Juan? —saudeino.

—Aquí, outra vez prisioneiro. E ti que tal estás?

—Ben. Fixéronche placas?

—Fixeron, leváronme á enfermaría nada máis chegar e atáronme a unhas cadeas da mesa de raios X con dous pares de grillóns.

—A nós tamén nos fixeron. Adoitan repetilas cada quince días, máis ou menos. Iso polo visto ata agora.

A través de claves puxemos ao Juan ao tanto de que no módulo había dúas serras e que, segundo o Pedro que coñecía ben a prisión, se podía tentar algo. Sumouse inmediatamente á idea.

Fixéronnos obxecto dun novo troco de celas e a min tocoume a primeira, é dicir, a que testaba coa garita; ao Juan e ao Pedro tras-

ladáronos ás dúas últimas, polo que lles tocaba a eles dous cortar os barrotes das xanelas. Puxéronse mans á obra, mentres o Juanjo e mais eu cantabamos cancións de amor, facendo ruído e barullo co claro obxectivo de evitar que o rechiar das serras ao morder os barrotes non os escoitara quen non debía. A min tocábame vixiar para que cando a cancela de acceso á galería se abrise, para dar paso aos gardas, os meus compañeiros o soubesen e deixasen de cortar. Cando isto pasaba, eu chamaba ao Juan pola fiestra e dicíalle:

—Oes, Juan!, mira esa gaivotiña que chula é...

E entón el sabía que o estaba a advertir da presenza do carcereiro na galería e, por súa vez, avisaba ao Pedro:

—Pedro!, mira a gaivotiña que riquiña.

Canda a min, o Juanjo tamén tomaba moitas veces este labor, dado que eu sempre fora algo duro de oído. Tiñamos o noso sistema de seguridade e, se fallaba, sempre había un compañeiro para o suplir. Algunhas tardes, os carcereiros e algún ordenanza baixaban varrer o patio que había debaixo das nosas xanelas, e algún dos carcereiros gozaban provocándonos con cargas psicolóxicas como “de aquí non ides saír como non sexa nunha caixa de piñeiro”. E nós, desde as enreixadas xanelas, limitabámonos a ollar para eles con desprezo e a meternos con eles, mais entre nós, sen nin sequera ollalos, con grandes gargalladas e comentarios varios, todo en honor á súa imbecilidade e crueldade gratuíta da que tanta gala lles prestaba facer.

—Ride —dicíannos visiblemente molestos—, pero máis de un dentro de pouco ides pedir por favor que vos saquen de aquí. Xa veremos se dentro duns meses conservades o riso...

O sistema de vida era o mesmo, mantíñase igual. Continuabamos sen noticias do exterior e aínda luciamos o absurdo modelo de buzo azul e as chancletas de plástico. Unha tarde, Barrot perdeu o control e comezou a romper os cristais da cela. Non podía estar máis tempo sen fumar nin aguantaba aquela presión constante de vacío e soida-

de que exercían en nós as tétricas celas totalmente baleiras, desprovistas de todo rastro de humanidade; a isto engadíase o intenso frío, os grillóns, o cacheo diario e a total incomunicación co exterior. Un nutrido grupo de carcereiros entraron na cela de Barrot e, despois de lle dar uns golpes coas porras, deixárono agrilloado na cancela. O asunto non transcendeu e, unhas horas despois, quitáronlle os grillóns. Nós tentamos calmalo e explicarlle que había uns compañeiros cortando os barrotes e que aquela non era o mellor xeito de os axudar, pois puña os carcereiros en tensión. Efectivamente, algúns días despois daquel incidente, un grupo de ordenanzas e carpinteiros da prisión comezaron a colocar nas xanelas uns marcos de madeira fixados ao cemento con parafusos. Fórono facendo cela por cela mentres nos trasladaban dunha a outra. Despois de colocados os marcos, introduciron neles uns biombos grosos de plástico endurecido con varios furados de trade atravesándoas para que, segundo a súa versión, circulase o aire. E digo segundo a súa versión porque na realidade estaban a lapidarnos vivos de forma descarada. Daquel xeito, a xanela quedaba fixa e non se podía abrir, e iso impedíanos o acceso aos barrotes. Mais, sobre todo, comunicábanos entre nós. Precisaban comunicarnos e dividírnos, impedir que o calor humano que nos dabamos os uns aos outros, as largas conversas, sempre animosas que sostínhamos a través das xanelas, nos proporcionasen unha sensación de forza ante a represión a que se nos sometía. A metódica estratexia precisaba que cada minuto dos que estivesemos en El Dueso fósemos plenamente conscientes do noso illamento, da nosa dor, co fin de conseguir dobregarnos, rompernos psicoloxicamente para entrar en nós e destruír o noso espírito.

Despois de colocados todos os biombos de plástico nas fiestras das celas que antes ocupabamos, regresaron a todos os meus compañeiros ás choupanas, excepto a min, que me deixaron na que estaba, dado que non concluíran o traballo da choupana que se me destinaba. Case

non nos escoitabamos ao falar, polo que tiñamos que nos comunicar a berros. Acordamos que romperíamos as xanelas. Ao momento, nada máis tomar o acordo, comezaron a soar na galería fortes golpes. Estaba moi excitado, imaxino que o mesmo que o resto dos meus compañeiros. Non tardaron moito en ceder os biombos e grandes cachos de plástico caeron ao patio. Cando os carcereiros acudiron á galería xa non ficaba nin unha soa das xanelas por romper. Apareceiron ataviados cos escudos e os cascos e armados coas porras e un nó nas gorxas produto do medo, pois estaban verdadeiramente enconicados por aquela reacción inesperada, tan repentina e abertamente subversiva; para eles non cabía outra reacción que a da submisión ao alude de presións e represións das que eramos obxecto. Cela por cela foron agrilloando os meus compañeiros aos barrotes da cancela, pero non bateron neles. Cando se foron, falei cos meus compañeiros.

—Que pasou, Juan? —preguntei.

—Agrilloáronme á cancela; pero tranqui, que o plástico rompeuse ben...

—O de aquí tamén —interveu o Pedro—. Xa ves, metinlle co lavabo.

—Agrilloáronte tamén? —preguntou o Juan ao Pedro.

—Si.

—E a ti, Juanjo?

—A min tamén, pero o plástico rompeu, así que xa poden ir comprando un novo —burlouse.

O Barrot fora trasladado había uns días a un xuízo ao penal de Ocaña polo que perdeu a festa. Horas despois do incidente e molesto polas condicións con que agrilloaran os meus compañeiros, decidín romper a cela. Arrinquei a xanela do seu marco e esnaquiquei o lavabo; despois púxenme a golpear a cancela con ela, armando escándalo para atraer a presenza dos carcereiros. Chegaron en manada e acompañados do xefe de Servizos. Abriron a porta:

—Que pasa agora, Tarrío? —dirixiuse a min o xefe dos carcereiros.

—Que lles quiten os grillóns aos meus compañeiros —pedinlle.

—Xa, e volvemos todos na mesma, non?

—Non. Romperon as xanelas porque iso xa é pasarse e vostedes sábeno. Polo demais, non queremos problemas...

—Primeiro solta a xanela e deixa que te agrilloemos mentres vou falar diso. Douche a miña palabra de que antes da cea vos quito os grillóns aos catro. De acordo?

Sen abrir a cancela, agrilloáronme aos barrotes e pecharon a porta. O Juan chamoume:

—Que che dixo?

—Que nos van quitar os grillóns antes de cear.

—A todos? —preguntou o Juanjo.

—Iso di, non sei.

Cumpriu a súa palabra. Antes da cea foron quitándolles os grillóns aos meus compañeiros e cambiándoos de cela. Despois a min. Déronnos de cear e conversamos animadamente polas xanelas mentres xogabamos cachos de carne ás gaivotas que, entre ruidosos grallidos, disputábanos con voracidade.

—Hostia!, semellan voitres disfrazados —díxenlle ao Juan, admirado pola gula das aves.

—Que va! —riu este—, se son uns seres entrañables...

A mañá seguinte volveron os carpinteiros retirar os marcos das xanelas. Aquilo animounos. De todos xeitos, os cambios de cela fixeron que o Juan e o Pedro tivesen que comezar outra vez a cortar os barrotes. Decidimos agardar uns días a que se calmasen os nervios dos carcereiros e todo estivese máis relaxado antes de retomar o traballo.

Por esas datas recibín unha carta con dous meses de demora. Era unha carta da Ana e tamén traía unhas fotos. Ao ma entregar, o carcereiro díxome:

—Léa vostede e, cando remate, veño por ela, pois non se poden ter cartas na cela.

Non respondín nada a aquela animalada e púxenme a ler a carta da miña amiga. Queríame vir ver, polo que precisaríamos un permiso do xuíz de Vixilancia Penitenciaria. Mirei as súas fotos: estaba sentada sobre o verde céspede dun xardín e pareceume tan fermosa coma sempre. Queríaa, sen dúbida, e esperaba podela ver axiña. Despois que rematei de ler a carta, púxenme a contestarlle de inmediato e posteriormente elaborei un escrito dirixido ao Xulgado solicitando me autorizase comunicar con ela. Logo deiteime sobre a prancha metálica que facía de somier no catre e, coa toalla enrolada facendo de almofada, recreeime ollando as súas fotos mentres me deixaba arrolar polo sentimentalismo.

Na hora de xantar, o carcereiro que entregara a carta reclamouma e eu, desde logo, negueime a entregarlle. O carcereiro encolerizouse comigo e ameazoume:

—Se non me dá a carta, entraremos por ela.

Entón, despois de recoller a bandexa da comida e póla sobre a cama, rompín as fotos e a carta diante del e tirei os cachos ao servizo. Despois disto calquei o botón da cisterna e, a pesar da dor que sentía ao ver como o sumidoiro tragaba eses cachos da miña vida, respondínlle ao carcereiro debuxando un sorriso na miña boca:

—Toda para ti.

—Ten vostede un parte —díxome antes de pechar a porta dun forte golpe.

Collín a bandexa e dispúxenme a comer, de pé, na xanela, contemplando o patio e as gaivotas que se reunían baixo a xanela do Juan, que era quen máis as alimentaba. As gaivotas amábano. Semellaba como se puidesen diferenciarlo do resto e, con frecuencia, facíámoslle bromas sobre iso: “Ei, Juan, que chaman por ti as gaivotiñas”. A el gustáballe chamalas “seres”, talvez para lle dar un matiz

máis humano que aos propios humanos. E é que nin o Juan nin ningún dos que estábamos alí podíamos imaxinar un grupo de gaitotas encarcerando a outra e torturándoa día tras día, negándolle un colchón, unha manta ou tan sequera a carta dun ser querido.

Barrot regresou do xuízo e confirmounos que en Badajoz, Valladolid e Jaén estaban a ser aplicados réximes semellantes ao que sufríamos nós en El Dueso, e nos que estaban a maioría de fuguistas e motineiros dos cárceres españois, todos coñecidos nosos. Con todo, o réxime ao que nos sometían a nós era algo diferente, non só en canto ás medidas de seguridade, senón tamén ás presións psicolóxicas. Nós eramos responsables das últimas accións libertarias de máis eco nos medios de comunicación e, por tanto, na sociedade. Por esa razón, a Administración penitenciaria escolléranos para nos aplicar un castigo exemplar aos ollos de todos os presos: tiñamos que fincar o xeonllo e pasar polo aro... ou rebentar. Continuabamos sen saír ao patio, sen comunicacións, vestidos co buzo azul e calzados coas chancletas de plástico. Só nos daban uns folios e a barra dun Bic onde vai a carga da tinta. Tiñamos vetados os sobres e os selos e para cursar unha carta tiñamos que escribila nun folio e entregalo tal cal; logo eles puñan o selo e o sobre co destinatario, a quen lle chegaba a carta, cun pouco de sorte, un par de meses máis tarde.

Tiñamos que pasar todo o día nesas choupanas baleiras e era moi duro de levar. Non tiñamos máis entretemento que xogar ao xadrez fabricado con papel ou ler algún libro, que era o que máis nos axudaba a soportalo, pois nunca tivo máis sentido que entón aquilo de “un libro é unha xanela aberta ao mundo”. Nós “fuxiamos” por esa xanela e así íamos levando o illamento. Había horas en que o silencio, un silencio brutal, desesperante, apoderábase da galería, outorgándolle un ambiente sinistro que viña lembrarnos o que en realidade era difícil que esquecésemos: estábamos encerrados vivos en tumbas de cemento. Daban gañas daquela de rompelo todo e be-

rrar. Berrar para que todo o mundo soubeses que, a pesar de todo, continuabamos vivos e co ánimo intacto para seguir loitando.

Eles, no seu empeño de nolo roubar todo, foron cela por cela retirando os lavabos, billa incluída, e substituíndo este último por un tubo de plástico transparente, incrustado na parede, directamente sobre o retrete “árabe”, ese dos de “faino a pulso e por máis información ponte sobre as pegadas”. Iso significaba que cada vez que queríamos beber auga, lavar a bandexa ou simplemente lavar a cara, debíamos facelo sobre o mesmo furado que levaba os nosos excrementos. En ocasións a choupana convertíase en puro charco, xa que, ao calcar no botón do tubo-billa, o chorro de auga caía desde unha altura de metro trinta, aproximadamente, e ao golpear o inodoro salpicaba o chan. Como non tiñamos nin cubo nin fregona, a auga ficaba no chan ata o día seguinte en que, a primeira hora, nos daban unha vasoira cun pau de palmo e medio, e detrás da cancela ficaba o cubo para escorrer a fregona. Nin sequera tiñamos unha cadeira ou unha mesa para sentar a xantar, ler ou escribir. Cada aceno ou acción que quixésemos facer, e que en calquera outra situación sería de absoluta normalidade, a nós víñanos lembrar todo o contrario, a anormalidade da nosa situación incluso en prisión. Ao almorzar, comer ou cear, lembrábante sutilmente a súa monótona mensaxe, que non valías o suficiente como para facelo sentado nunha cadeira e coa bandexa sobre unha mesa. Cando queríamos beber ou lavarmos a cara ao acordarmos pola mañá, lembrábasenos que o retrete era o único sitio que merecíamos para practicar as nosas ablucións cotiás.

Se nos comportabamos como animais, trataríannos como a animais —pensaban eles—; cando a única realidade era que a un ser humano que é tratado con brutalidade non se lle pode pedir un comportamento normal, e que o trato que nos daban non facía máis que negar a propia humanidade dos verdugos. Logo, ademais,

retirábanche o pouco correo que che daban baixo a ameaza de que, se non te aviñas a iso, non che entregaban a carta. Esta foi a consecuencia do meu desplante ao carcereiro que me quixo quitar a carta da Ana. Para eles nós representabamos a dignidade (e iso era o que máis lles doía) do que nunca se somete e mira de fronte o verdugo, con orgullo e unha mirada chea de liberdade: podíannos encerrar, pero nada máis; podían botar as chaves, pór dez pechaduras, multiplicar os barrotes, torturarnos e insultarnos... pero nada máis. Iso frustrábaos: querían a nosa dignidade, vernos suplicar e arrastrarnos como seres amorfos, carentes de personalidade, rotos psíquica e emocionalmente.

Co mes de novembro chegaron novas aplicacións de raios X, durante as que mallaron no Juan e mais no Pedro. Retomamos a cuestión dos barrotes e comezouse a cortar de novo. Empezamos a utilizar un antigo sistema de comunicacións por claves criptográficas, baseadas en letras e números, que databan da Segunda Guerra Mundial; se non tiñas o número de acceso, que constaba de dez díxitos, non podías descifrar a mensaxe aínda que soubeses o mecanismo lóxico do método. Era moi seguro e confundíase coas nosas partidas de xadrez nas que tamén utilizabamos letras e número para dar as coordenadas da peza a mover. Con este panorama, os carcereiros non tiñan nin idea do que traíamos entre mans, pero non baixaban a garda.

Unha mañá comezaron a instalar os tendidos eléctricos dunha cámara de circuíto pechado de televisión fronte ás fiestras das celas e sobre o muro do patio, e tamén pintaron un número de gran tamaño sobre cada unha das fiestras para poder identificalas, de forma rápida e sen dificultade, desde o receptor da cámara. Os meus compañeiros terían que se dar présa en cortar os barrotes se querían continuar o seu intento.

Naquelas datas tamén acordaron sacarnos ao patio a pasear e proporcionarnos roupa da prisión, pois facía moito frío. Déronnos a cada un uns pantalóns, unha camisola, un xersei e unha cazadora de pana, e retiráronnos o buzo. Estabamos horribles con aqueles trapos. Un xefe de Servizos e varios carcereiros viñeron falar comigo.

—Tarrío, a partir de hoxe vai saír pasear ao patio —díxome, sorrindo, o xefe do carcereiros.

—E os demais? —pregunteille.

—De momento vai saír vostede e, segundo se comporte, iremos sacando os demais. Vai saír só quince minutos cun chándal de cor amarelo e non vai poder cruzar a faixa branca que delimita o patio, de acordo?

—Paso do patio.

—Como di?

—Que non saio ao patio nesas condicións nin ata que sexa para todos igual.

—Ben. Peor para ti...

Pecharon a porta e fórono falar cos meus compañeiros, que responderon o mesmo: ou saíamos todos ou ningún. Cederon. Non aceptamos o da faixa branca, así que a borraron. Saíamos de un en un durante unha hora a un patio pequeno, ao cal non daba acceso ningunha das xanelas das celas. Os que faciamos deporte comezamos a correr para coller fondo; os demais limitábanse a pasear para descargar a presión de tres meses encerrados nunha cela. Vestíannos cun chándal amarelo por, se tentabamos saltar ao exterior do módulo, ser identificables e un branco fácil para a Garda Civil. Mais isto era só no horario do patio; o resto do día, encerrados nas celas, vestíamos o traxe de pana. Tamén nos deixaban agora o colchón e as mantas.

Cando o Juan e o Pedro remataron de cortar os barrotes, aínda non remataran de conectar a cámara de televisión —á cal chama-

bamos “o inquisidor” —, así que se acordou actuar aquela mesma tarde. O Juan fixera os cortes mal e os barrotes negábanse a ceder. Aprazouse unha hora a fuga, mentres Pedro remataba de corrixir o erro facendo novos cortes. Pasada unha hora, tirou dos barrotes e estes cederon cun ruído estrepitoso. Os carcereiros decatáronse e entraron na galería, podendo observar a través dos asexadoiros o sucedido. Correron avisar aos demais, mentres varios deles tentaban agrilloar ao Pedro. O Juan non perdeu o tempo e saíu da cela a través dos barrotes; estaba todo perdido, polo que só restaba subirmos ao tellado e amotinármonos. Baixou ao patio e achegouse á xanela da miña cela, tirou dentro unha corda feita de cachos de manta. Collín o extremo e ateino ao barrote, permitíndolle a el subir á xanela e desde esta colgarse do muro e pasar, logo, ao tellado do módulo.

—Ánimo —díxenlle ao pasar pola xanela.

Deume dúas palmadas na man coa que axudaba a suxeitar a corda e desapareceu, armado cun barrote, cara ao tellado. Os carcereiros comezaron daquela a nos agrilloaren a todos á cancela. En solidariedade co meu compañeiro, rompín a cela, antes de que me agrilloasen. Estaban como tolos, así que non opuxen resistencia. O Juan, pola súa parte, comezou a romper as tellas do tellados co barrote, mentres berraba aos presos de segundo grao que andaban soltos polo patio exterior:

—Botádenos unha man, que nos están a torturar aquí!

Os golpes do barrote estampándose contra as tellas retumbaban nos nosos ouvidos. Os demais presos fixeron caso omiso dos gritos de Juan e limitáronse a observar o desenvolvemento da pequena revolta. Un grupo de gardas civís entrou na prisión e instaron ao Juan a baixar do tellado. Tamén acudiu o director, ao que coñeciamos polo seu apelido, Moreta, un auténtico canalla, e dialogou co noso compañeiro. Prometeu non bater nel e algunhas mudanzas co

tempo. Ao Juan non lle quedaba outra alternativa e entregouse. Foi trasladado á cela e atado cos grillóns como o resto de nós. Despois baixaron ao Juanjo e mais ao Barrot ás celas da planta baixa, onde lles deixaron sen agrilloar, mentres nós os tres, o Juan, o Pedro e mais eu, permaneciamos agrilloados cos brazos ás costas. Tentaban dividirnos así. O Juan chamoume:

—Xosé, ti tamén estás atado cos grillóns?

—O mesmo ca ti —respondílle.

Falamos co Pedro e animámolo. Non tiña por que se sentir culpable. As cousas saíran así e así as había que coller; logo xa veríamos.

A noite presentouse fría e a dor acudiu aos brazos. Comezaba a tortura. Ensaíabamos cen posicións sen éxito, pois cada movemento era peor. Non nos podíamos pór de pé nin nos sentar ben completamente, e a postura forzada unida ao frío resultaba insupportable, e púnanos no bordo da loucura. A lei era terror escrito en palabras e aplicado en artigos; o cárcere, ese terror escrito con sangue de homes e mulleres escravizados e maltratados.

Entrada a madrugada, varios carcereiros e o director entraron na cela onde estaba o Juan e mallaron nel. Sentía auténtico medo e dor, na escuridade da cela, escoitando os berros do meu amigo e os golpes secos das porras ao bater co seu corpo. O Juanjo, desde a cela de abaixo, tamén os escoitaba e achegouse á xanela para os insultar e chamarlles cantas hai. Deixaron o noso compañeiro e abriron a porta da cela que eu ocupaba:

—Que, apértanche os grillóns?

—Algo... —dixen asustado.

Daquela, o carcereiro que falara agachouse e apertoumas aínda máis, cravando o aceiro nos meus pulsos.

—Agora estás mellor, máis cómodo, non é? —burlouse.

Pasamos o resto da noite como puidemos. Ao Juan atáranos de pés e mans á cama con correas de coiro. Pola mañá a dor era insopor-

table, mais non nos quitaron os grillóns nin nos deron de almorzar nin de xantar. Á tarde soltáronme e ao Juan colocáronlle outra vez na cancela cos grillóns, igual que a Pedro. Despois de golpear repetidamente a porta da cela, conseguín falar co xefe de Servizos para que polo menos lles mudaran os grillóns adiante aos meus compañeiros. Para conseguilo, ameacei con romper a cela outra vez. Accedeu. O Juan e o Pedro foron agrilloados coas mans adiante, cousa que lles evitaba, cando menos, o suplicio da postura forzada. Tamén lles deron uns bocadillos para comer. Dous días despois soltáronos e subiron ao Juanjo e ao Barrot outra vez á galería.

Retomamos a actividade cotiá alí. Déronnos acceso a xornais a través dun mestre de escola que nos proporcionaba libros. Apunteime para rematar EXB, que deixara en sétimo curso. Facilitáronme libros de estudo sen problemas. A dor quedara atrás, pero á miña mente acudía a actitude dos presos de El Dueso diante dos gritos do Juan. Axiña souben o porqué daquela pasividade. O sesenta por cento da poboación de El Dueso eran violadores e traficantes, puro refugallo. Ninguén quería saber nada do que ocorría alí, aínda que todos o sabían. A nosa situación era coñecida en todas as prisións do Estado español, sobradamente coñecida, mais ninguén facía nada. Todos aqueles que nos falaran de amizade, compañeirismo e loita desapareceron e ocultáronse entre os demais para pasar de incógnito, cando o que a situación requiría era un levantamento popular nas cadeas para lograr as melloras que foran reivindicadas. Ninguén quería saber nada xa de APRE(r) nin de solidariedade nin de loita. A Administración penitenciaria lograra o seu obxectivo: separarnos do resto de reclusos e meterlles, con nós de exemplo, o medo no corpo. E a verdade era que tiñan razóns para temer aquilo. Quen non había temer a hora da malleira e pasar días atado cos grillóns aos barrotes dunha cancela soportando a dor e o frío? Nós tamén estabamos asustados, máis asustados que ninguén.

O día 30 produciuse unha nova que nos animou, pois en certa medida sentiámonos vingados. Lémolo no xornal. Sucedera na prisión de Huesca: Manuel Jesús Castillo Jurado e Carlos Manuel Esteve García retiveran cinco carcereiros, un mestre e un xefe de Servizos. Despois de negociar que puxesen un coche na porta da prisión e lles facilitasen a saída, isto foilles denegado, polo que Carlos M. Esteve asestou unha trintena de coiteladas ao xefe de Servizos. A cambio de que non o rematasen, a Dirección prometeu pórllas o coche na entrada. Os dous presos, daquela, permitiron que levasen o xefe de Servizos ao hospital e retomaron a negociación. O director do presidio, Otal Tolosama, proporcionoulles o seu propio coche co depósito cheo de combustible e abríronlles todas as portas ata a rúa, facilitándolles a fuxida. Con dous reféns e saíndo de un en un, os dous presos abandonaron o cárcere e introducíronse no coche, dándose á fuga. Liberados dos seus perseguidores, soltaron os reféns sen lles facer mal. Lográranos!, burláranse da Administración nos seus propios focíños. Aplaudimos a decisión daqueles dous valentes, cuxa evasión celebramos e comentamos polas xanelas. O Juan e mais eu coñeciamos a Carlos Esteve doutras ocasións nas que coincidiramos na prisión. Cando a morte en prisión de Manuel Sevillano, preso dos GRAPO morto durante unha folga de fame, o Esteve e o Juan foron os únicos en se amotinar nun tellado cunha faixa denunciando as torturas que estaban a padecer daquela estes presos políticos.

Os medios de comunicación tachaban a acción de Huesca como acto propio dunha parella de psicópatas desalmados, mais na realidade aquela acción dura e contundente, cruel como o era o sistema que a parira, era bastante máis que unha mera manifestación de psicopatía. Ambos presos fuxidos estaban enfermos de SIDA e fuxían dunha morte segura en prisión. Querían morrer libres e iso era algo que a Administración non lles había conceder nunca.

Nos cárceres hai preto de 35.000 persoas portadoras do virus da SIDA, das cales unha boa parte morre en prisión, moitas máis das que admite a Administración penitenciaria. Esta manipula as estatísticas, liberando os enfermos un par de días antes de morrer ou ben —coñécese máis dun caso—concedéndolles a liberdade despois de mortos, mediante a práctica de tomar as pegadas dactilares ao cadáver para que non conste como encarcerado na hora do falecemento. As enfermarias e os hospitais penitenciarios están repletos de cadáveres ambulantes, sacos de pelexo que vagan cos ollos afundidos e a ollada perdida polos corredores carcerarios, condenados irremediabilmente a morrer encarcerados e lonxe do amor dos seus. Os patios carcerarios están inundados pola droga e os enfermos seropositivos día a día vanse consumindo ata que unha noite saen para o hospital e non volven nunca máis; iso cando non os atopan mortos no reconto da mañá ou sentados na cadeira da sala do módulo. É terrible. O que acontece no cárcere cos enfermos de SIDA dá náuseas.

En decembro trasladaron o Pedro á prisión de Logroño, mais en El Dueso todo seguía igual. O director, Moreta, ao que lle puxéramos, de mal nome, “o Mofeta”, continuou co seu colega Enrique Acín, subdirector médico, permitindo a aplicación de raios X pola forza. Os días ían pasando monotonamente. Remataron de instalar as cámaras de circuíto pechado de televisión e enriba de cada xanela pintaron o número da cela para nos identificar mellor. A partir daquela, un ollo mecánico, “o inquisidor”, mandaba constantemente imaxes de todo aquel que asomase á xanela. Puxeron tamén placas metálicas entre xanela e xanela para impedir que puidésemos pasarnos carros de tiras de sábanas; instalaron así mesmo unha reixa dupla de barrotes cruzados no exterior das xanelas. Era imposible cortar aquilo, case non nos cabía a man entre

aquelas reixas poboadas de barrotes. Os cacheos continuaban a ser a diario e facíannos espir dúas veces ao día. Cando saíamos ao patio, traíannos o chándal amarelo e baixábannos agriloados coas man nas costas e en chancletas (pois estaba prohibido calquera calzado que nos permitise movernos con rapidez); unha vez alí, retirábannos os grillóns a través dos barrotes da porta e proporcionábannos unhas zapatillas deportivas para correr, que tiñamos que devolver ao volver ás celas. Tamén nos autorizaron unha radio AM tamaño petaca a cada un. Dediqueime a repasar a EXB e a ler a Miguel Delibes, Sthendal, Dumas, Homero e outros autores que me fascinaban pola súa cativadora forma de escribir. Era increíble o que podía un ser humano atopar e descubrir nos libros cando o illamento é absoluto; un descubría novos mundos en que se vía atrapado segundo a maxia do escritor. Eran, sen dúbida, un estupendo método de evasión.

Fixen unhas análises de sangue que deron outra vez positivo de VIH. As miñas defensas oscilaban en torno ás 500 T₄, polo que, segundo os matasáns, podía estar tranquilo: aínda non había morrer, polo menos non de SIDA. Os médicos viñan visitarnos con asiduidade, pero a relación era fría e chea dun odio evidente que impedía calquera diálogo ou achegamento humano. Como podíamos crer na profesionalidade de quen calaba as torturas e nos realizaban as placas de raios X contra a nosa vontade? Negábannos todo o que lles pedíamos e mofábanse de nós cruelmente, dándonos a entender que estaban abertamente de parte da Administración e que entendían e aprobaban que se nos sometese a aquel réxime. Cumprían ordes, simplemente, e pensar iso limpaba as súas podrecidas consciencias de toda dúbida, iso e a posibilidade dun ascenso rápido.

Afixémonos a convivir coas gaivotas. Había dúas ás que bautizamos cos nomes de “a patas negras” e “a encapuchada”. O Juan pasábao estupendamente con elas:

—Juanjo!, mira a encapuchada, parece que vén dun atraco...

Con todo, a peor de todas era a de patas negras, a favorita do Juanjo. Pasaba o día a se botar enriba dos seus conxéneros e picándooos para posteriormente roubarlles a comida. Doutras máis grandes, ás que chamabamos “as perrancas” de forma xenérica e que eran arxentadas, burlabámonos botándolles grandes cachos de carne que non podían tragar e que lles impedían retomar o voo, co que daban grandes pancadas contra o chan de cemento. Despois vomitaban a carne e remontaban o voo, atordadas e anoxadas por non poderen levar o botín. Elas eran para nós un entretemento importante.

Recibín unha carta curiosa. Pertencía a Ana, unha asistente social á que utilizáramos de refén en Tenerife 2. Na carta agradeciame a miña humanidade durante o secuestro e que non tivésemos feito dano a ninguén, despois do que me fixeran a min. Pedíame perdón por todo o que tivera que sufrir no cárcere e despedíase dicindo que seguramente deixaría aquel traballo. Gustoume a súa carta porque nela existía unha crítica clara ao sistema carcerario e un recoñecemento da nosa loita, aínda que non estivese de acordo cos métodos. Tentei escribirlle unha carta, mais finalmente rompina. Para que? Comportarémonos humanamente con eles, sen abusar de ninguén, sen vinganza, e con que nos atopabamos en troques?

A finais de mes foron detidos Carlos Esteve e o seu compañeiro de fuga Manuel Castillo nun piso dun barrio barcelonés, onde foron asaltados polos GEOs. A Carlos trasladárono a El Dueso connosco e o seu compañeiro a Badajoz. Asistimos xuntos aos últimos esteriores de 1991.

O mes de xaneiro comezou con represión. Sacaban ao Carlos ao patio cos grillóns nas mans, polo que realizamos algunhas denuncias e eu iniciéi un *chape* negándome a saír ao patio. O Carlos fixo o mesmo. Unha tarde, varios carcereiros instárono a facer flexións

espido e este negouse, e entón penetraron na súa cela e aporreárono. Todos sentimos unha enorme impotencia. Insulteinos:

—Fillos de puta!, pero que abusóns sodes, covardes...

Varios carcereiros achegáronse á porta da miña cela.

—Pásache algo a ti, maricón? —berroume un deles.

—Non me pasa nada.

—Pois mellor así.

Calei para evitar que batesen en min tamén. O Juan chamoume:

—Que pasou, Xosé?

—Mallaron no Carlos.

—Que tal estás, Carlos?

—Ben. Tranquilos, que só foron unhas porradas, non pasa nada —dixonos tentado tranquilizarnos.

Estabamos asustados, era innegable. Se golpeabas a porta, sabías que habían entrar en tromba e que habían mallar en ti impunemente; despois, case con toda seguridade, pasarías esa noite, como mínimo, agrilado á cancela, o que era aínda peor. Os seus métodos estaban pensados para nos dividir, para nos facer —a través da dor—egoístas e temerosos das represalias. Viñan tempos duros, momentos moi difíciles, nos que teriamos que nos unir para evitar que lograsen o seu obxectivo ou conseguirían acabar con nós.

A comida era como en todas as prisións: pésima. Constaba de arroces, garavanzos, touciños e sopas de sobre, na súa maioría, e moitas patacas. Os suplementos alimenticios e o acceso ao economato estábannos vedados, polo que pasabamos bastante fame.

Recibín autorización do Xulgado para comunicar coa miña amiga Ana, pero a Administración interveu e efectuaron unha chamada desde a Dirección á súa casa. Falaron cos seus pais e contáronlles que eu era un perigoso criminal, que quería utilizar a súa filla para planear unha fuga e unha sarta de mentiras máis. Os pais da Ana prohibíronlle virme ver. Escribume unha carta urxente na que mo

contaba. Non me ía vir ver nin me volvería escribir e desexábame sorte. Lograran romper a nosa relación e impedir a comunicación. Aquilo doeume profundamente pois esperaba máis personalidade por parte daquela muller. O Juan sabíao, pois compartiramos conversacións sobre ela meses atrás, en Tenerife 2. Comenteillo:

—Tranqui, Xosé. Sei que é duro, pois sei o que a querías, pero xa o pagarán algún día.

—Si, algún día han ter que pagar por todo. Pero dóeme a actitude dela, Juan.

—As persoas, con frecuencia, non son o que parecen...

—Será iso.

Na radio escoitamos a noticia: Antoni Asunción continuaría en liberdade baixo fianza polas torturas a once presos FIES na prisión de Sevilla 2. Así mesmo, negábase a existencia de malos tratos nas prisións españolas e cualificábasenos de incorrixibles e insensibles ao castigo. Eramos presos extraordinariamente perigosos e iso facía necesaria a medida de illamento adoptada, que se axustaba a dereito. Era curioso, todos usaban repetidamente aquela palabra: “dereito”. Estabamos realmente nun Estado de dereito? Eu non o cría. Falábase da liberdade de expresión das persoas e, con todo, eu non me podía entrevistar nin cun avogado nin con familiares, a menos que me sometese a unha censura que me impedía falar sobre o réxime FIES. Recoñecía, igualmente, o dereito á presunción de inocencia, mentres 13.000 presos e presas —o 25% da poboación encarcerada—podrecían en tobos amoreados á espera de xuízo. Recoñecía o dereito a cumprir a condena imposta nas súas respectivas comunidades, preto do seus fogares, para evitar o desarraigo familiar; e, en realidade, eses familiares tiñan que facer gastos millonarios que sangraban a economía familiar e arriscar as súas vidas nas estradas en longos desprazamentos para veren os seus seres

amados encarcerados. Recoñecíase o dereito a acollerse ao artigo 6o aos enfermos incurables en fase terminal (non mortos!), mais estes morrían nunha fría cela ou eran excarcerados un día antes de morrer. Proclamárase que as prisións eran institucións encamiñadas á reinserción dos condenados e, en realidade, convertéranse nas leproserías do século XX, en sidatorios arrepiantes e en almacéns de odio onde se potencia a criminalidade.

Continuei cos estudos, que non me supuñan ningún problema. O servizo médico proporcionounos lentes ao Juanjo, ao Juan e a min despois de insistir varios meses. A lectura e o espazo pechado devoran lentamente a vista do preso e nós non eramos a excepción. Tamén me instaron a tomar medicación para fortalecer as defensas inmunitarias, pero rexeiteina. Continuabamos coas nosas partidas de xadrez a través das xanelas —os taboleiros de papel xa desistiran de nolos quitaren— e con longas conversas que, por veces, culminaban en discusións debido á tensión que se acumulaban en nós. Era lóxico, todos os que estabamos alí arrastrabamos anos de illamento e este comezaba a facer efecto; a neurose e a esquizofrenia (non agudas) fixeran a súa aparición e necesitaban destas discusións ocasionais como válvulas de escape para soltar adrenalina e non nos volver tolos.

Trouxeron outra vez ao Pedro desde a cadea de Logroño. Chamabamos por el desde as xanelas.

—Que che pasou? —preguntoulle o Juan.

—Fixen unhas denuncias sobre a vosa situación e trouxéronme aquí outra vez, pola cara.

—Pois si que che estamos ben —intervín. E que tal por alí?

—Imaxíno, Xosé, como en todos lados. A xente pasa de todo e non pensa noutra cousa que non sexa a droga e nun permiso, sexa como for. Quen continuades por aquí?

—Os mesmos, mais o Carlos, o da movida de Huesca, que chegou a finais de decembro.

—E isto de aquí?

—Como sempre, aínda que nos deron o colchón, unha radio e algunhas cousas máis. Pero seguen os cacheos diarios en pelotas e con raios X e demais fodas —aclaroulle o Juanjo.

—Xa funciona a cámara, non?

—Funciona.

—Fíxéronche placas ao chegares? —preguntou outra vez o Juan.

—Fíxeron, e bateron en min por me negar. Finalmente leváronme arrastrado desde o furgón á enfermaría, agrilloáronme ás cadeas da mesa, espíronme e fíxéronmas.

—Canallas. Estaban os médicos? —intereseime.

—Estaban un médico e o subdirector médico, o Acín ese.

—Habería que lles cortar a cabeza a todos —dixo o Juan.

Despois dirixíndose ao Carlos preguntoulle:

—Carlos, ti cres que as gaivotiñas comerían o cadáver do porquiño?

—Refíreste ao subdirector médico? —respondeulle Carlos.

—Claro...

—Comen, ho, en cinco minutos déixano nos ósos.

—He, he, he... —riron varios a coro.

A represión era dura, desde o comezo moitas das nosas conversas xiraban en torno ao noxo que sentiamos polos médicos daquela prisión e polos carcereiros. E eles sabían, xa que nos escoitaban, por iso facían da represión unha cuestión persoal. Aquela situación embrutecíanos a todos día a día. Non só nós estabamos sometidos a unha grande presión. Os carcereiros tamén comezaban a experimentalas. Nas nosas miradas cheas de odio e rancor e nas nosas conversas dalgunha maneira vían, intuían ou sabían que, se algunha vez cometían algún fallo, habíamos devolverlles golpe por golpe, e tiñannos golpeado moito. Tiñan medo malia as medidas

extraordinarias de seguranza. E se algunha vez un daqueles tolos lograba burlar a seguranza e tomalos de reféns despois de todo o que estaban a facer? O seu temor chegaba ata tales extremos que só nos permitían afeitarnos con máquinas eléctricas e nos prohibían ata os recipientes de iogur, vasos ou bandexas de metal. Que nos recortasen os cepillos de dentes pola metade e nos fornecesen o xel dentífrico á recollida das bandexas, despois das comidas, así o evidenciaba. Incluso cando viñan xuíces ou axentes xudiciais traernos autos ou tomarnos declaración por algún asunto, non nos sacaban do tobo, facían subir o xuíz ou o axente á galería e interrogában-nos a través dos barrotes multiplicados da cancela, escoltados por varios carcereiros que nos impedían, desde o outro lado da reixa, aproximarnos a ela. Aproveitabamos esas ocasións para denunciar a nosa situación, pero facían caso omiso de nós:

—Iso é competencia do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria.

Aquilo facíame lembrar o artigo 24 da Constitución Española que garantía a tutela eficaz dos tribunais, sen que en ningún caso se puidese producir indefensión. Claro que nós eramos un caso excepcional, unha cuestión de Estado, e daquela todo valía para nos combater. Mais non era a lei igual para todos?

Ao Carlos, finalmente, comezaron a baixalo ao patio sen grillóns, e ambos deixamos o chapeo. Comezamos a cursar denuncias ao exterior, a estamentos xudiciais, sen éxito. Arquivaban todas as queixas ou pasábanas ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria, o que viña ser o mesmo. Os Xulgados de Instrución, as Audiencias Provinciais, o Colexio de Avogados, o Decanato, o Consello Superior de Xustiza, todos, absolutamente todos, corrían a archivar os escritos con calquera escusa. Ninguén quería saber nada do réxime FIES porque tiñan ordes de non intervir na guerra sucia do sistema penitenciario contra un grupo de vándalos que quebrantaran a orde vixente.

No mes de febreiro permitíronnos o acceso ao economato, e retomei o vicio de fumar. Algúns tiñamos o peculio retido por obxectos que rompéramos das instalacións, mais os que non o tiñan repartían o seu cos demais, todo a medias. O diñeiro entre nós, houbese o que houber ou tocase o que tocar, repartíase a partes iguais. Existía unha grande solidariedade neste e noutros sentidos fundamentais para sobrevivir en prisión. Á dirección e aos carcereiros non lles agradaba esa solidariedade que nos facía fortes e decidiron prohibir que aqueles que cobraban nos puidesen pasar cartos ou economato aos que non o faciamos. O intento foi demasiado buzaco; o Carlos elevou unha queixa ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria e gañouna. O xuíz ditou un auto no sentido de que non se podía prohibir a un interno comprar economato para outro compañeiro. Aínda así, mentres o xuíz respondía a queixa, tivemos que nos apañar pasándonos o economato con carros a través das xanelas. Unha vez máis, nas peores circunstancias, a forza da nosa solidariedade impúñase á crueldade gratuíta do sistema penitenciario.

O Barrot comezou a se pechar en si propio e a se amosar intratable, e incluso chegou a comentarnos nalgunha ocasión a súa intención de se suicidar, comentario que tamén lle fixo á psicóloga da prisión. Día a día o réxime facíase duro por si mesmo, os silencios medraban e as celas comezaban a pesar. O proceso de embruteceamento era lento, pero facía o seu labor de xeito implacable.

A miña saúde empeorou visiblemente. Malia iso, esforzábame por correr uns minutos diariamente e manter unha dinámica de deporte que evitase a alienación. Practicáronme unhas novas análises e, como as defensas baixaran, aconselláronme que tomase Retrovir, cousa que rexeitei. Os medicamentos que existían para frear o virus eran unha farsa que só lograran aumentar os beneficios das grandes empresas farmacéuticas. Experimentábase cos presos de forma salvaxe e brutal. Dábanche unha medicación da que eles descoñecían

exactamente a repercusión que podía ter sobre o organismo humano dun seropositivo; simplemente administrábanha como se administra unha aspirina. Eu había tempo que decidira non me medicar contra a SIDA; sabía e asumía que esta era unha enfermidade irreversible e que, polo tanto, chegado o caso, a morte facíase inevitable, cousa que non era máis que un proceso natural da vida, o prezo que todos nós tiñamos que pagar algún día para perpetuar a especie. Non me ía prestar aos experimentos de equipos médicos que colaboraban coa Administración na negación do artigo 6o do Regulamento Penitenciario aos presos e presas gravemente enfermos.

Naquelas datas recibín unha misiva con varios meses de atraso da compañeira do meu amigo Chico. Chegoume co xantar:

Ola Xosé:

Como estás? Espero que canto esta carta chegue ás túas mans esteas en perfecto estado de saúde, así como de ánimo, ficando eu por aquí, se che son sincera, coa moral polo chan, pero ben, vou tirando...

Mira, Che, antes de nada quero dicirche que me desculpes polo atraso desta carta; hai algún tempo que debería ter chegado ás túas mans pero... creme, non foi porque non o teña tentado. Xa estando en Carabanchel, cando viña de volta para aquí, tentei escribirche para pórtelo ao tanto do sucedido, en primeiro lugar porque eu me sentía moi mal e necesitaba desafogarme con alguén, e, como non atopaba a persoa axeitada, collín o bolígrafo en máis dunha ocasión e escribinche, pero finalmente non mandaba as cartas... pero non podía nin quería asumir o que pasara. O segundo motivo é porque eu sempre fun consciente do moito que el te quería e porque sei que el tería querido que o soubeses por min antes que por outros: O Chico morreu...

Verás, en setembro, cando eu entrei presa, el estivo uns días no hospital con principio de pneumonía, da cal pediu a alta voluntaria.

Logo detivérono por unhas armas en relación cun atraco a un furgón blindado e encerrárono. Todo ía máis ou menos ben, pero recaeu da pneumonía e xa sabes como funcionan aquí as cousas, e claro, antigripais para todo. Tivérono dúas semanas achicado con corenta de febre e sen lle facer puto caso, ata que comezou a saírlle psoriase e decidiron baixalo ao hospital clínico. Pero xa era tarde de máis, en primeiro lugar porque el, ao se ver tan mal, deixábase “ir”, e en segundo lugar porque todo se complicou cun ril que tiña rebentado. Un mes despois de telo ingresado, déronlle o artigo 6o, pero xa estaba medio morto; súa nai levouno para casa e unha mañá amenceu completamente inchado, levárono ao hospital en ambulancia, onde morreu cos dous pulmóns encharcados en sangue...

Respecto a quen estivo ao seu lado, é triste, pero alí non estivo ninguén, a súa familia e a miña, pero, polo demais, nada, e dóeme, dóeme de verdade pensalo porque el non merecía iso, el non. Nin sequera se dignaron a aparecer polo velorio, aínda que só fose por facer vulto, nin o Pelirrojo, nin o Pris, nin Barato, nin Nacho, ninguén, non se dignaron...

Quixera contarche máis, pero xa levo un cacho aguantando este nó que me afoga a gorxa e non podo máis, espero que saibas entenderme e desculparme.

Con cariño a túa paisana:

SANDRA

Cando aínda era un cativo tropecei coa miña primeira idea do que era a bandidaxe e fiquei marabillado. Despois do internado, onde aflorara a miña rebeldía, para min só había un camiño: aquel. Fascinábame a idea do delincuente duro. Imaxinábao como algo admirable que todo o mundo respectaba. Emprendín xunta outros mozos delinquentes a miña traxectoria á marxe da lei e rodeeime

de amigos e mociñas. Gustábame aquilo, lonxe de comprender que era un mundo de fantasía, real canto ao instante, mais que axiña ía esvaecer para dar paso á dura realidade: unha forma de vida prohibida e perseguida. De todo aquilo, Eduardo Jean Baptiste Álvarez ofrecérame sen dúbida o mellor, xunto coa Isabel: o demais, todo, fora mentira e interese por parte dos demais. Pouco a pouco, a idea romántica que tiña sobre aquel mundo foise diluíndo polo desaugue da droga e coñecín a miseria humana. Por iso non me sorprendeu aquela carta en que me notificaban que o meu amigo agonizara durante días deitado inmóbil nunha cama dun hospital, sen que aqueles “amigos” de antano se dignasen a lle faceren unha visita, a acompañalo, a despedilo. Comprendín e compartín a dor da súa compañeira, só que en min esa dor convertíase en odio. Moitos daqueles personaxes, que crera xente honesta e valente, resultaron non ser máis que simples homes repletos de vaidades e egoísmos rastreiros. A súa actitude rebelábame e negábame a aceptar que todos fosen e pensasen así. Para min aínda existía, a pesar de todo, unha diferenza que me facía elixir vivir á marxe da lei e dun sistema podrecido: a DIGNIDADE. A dignidade de vivir coa cabeza alta o que un escolleu vivir con todas as súas consecuencias; a dignidade de se trabucar un mesmo e asumir os seus propios erros; a dignidade de ser un home libre que aínda alberga no seu corazón un lugar amplo para a esperanza e a amizade.

Respondín aquela carta con ánimos e, como saúdo ao que fora o meu mellor amigo, cursei varios xiros ao exterior para que levasen flores á tumba daquel home que o soubo ser. A súa morte, sinxelamente, levaba un cacho de min que enchería para sempre a súa presenza na miña alma.

Marzo presentouse cunha mala noticia: o pai do Juan morrera e negábanse a levalo á súa terra para o despedir por derradeira vez.

Mentres tanto, en Valladolid, o xuíz de Vixilancia Penitenciaria fora ascendido ao Consello Superior do Poder Xudicial para acalar as súas críticas contra o réxime FIES, cousa que aceptou; o mesmo se tentou facer coa Manuela Carmena, a xuíza máis crítica desde o sistema xudicial coa Administración penitenciaria, á cal nomearon decana dos Xulgados de Madrid. A esta muller os presos debíámoslle moito; comportárase con bastantes humanidade con moitos de nós, por iso lle deran o pasaporte. A Administración limpaba o camiño e outros xuíces pasaron a ocupar os seus postos. Así mesmo, confirmaron no seu posto ao director do cárcere de Sevilla 2, Rafael Fernández Cubero, e levaron a cabo o ascenso do subdirector, Antonio de Dragó, responsable directo das torturas en Sevilla 2, a director da prisión de Melilla. Realizáronnos novas sesións de raios X, atándonos outra vez ás cadeas que deixaran fixas na mesa de prácticas de raios, espidos. Fornecéronnos as nosas propias roupas e tiráronnos o traxe de penados, aínda que continuaban obrigándonos a nos espir ao saír da cela e a facelo calzados coas chancletas de plástico. Mantívose a decisión de nos agrilloar polas costas, o mesmo que o resto de medidas de seguridade, para todos excepto para o Juanjo, ao que comezaron a baixar ao patio sen grillóns. Igualmente, comezaron a nos autorizar as chamadas telefónicas, unha ao mes, para o que instalaron un teléfono ao pé dunha das cancelas de barrotes que había no corredor, á que nos agrilloaban unha man, deixando libre a outra para sostermos o teléfono que nos entregaban a través dos barrotes tras efectuaren eles a chamada e comprobar o número marcado.

Por veces, durante algún cacheo humillante, producíanse discusións violentas cos carcereiros. Continuaban a nos espir dúas veces no día, nas saídas ao patio e nos cacheos nocturnos de barrotes, o que unido á ducha diaria, despois da hora de patio, obrigábanos a estar espidos diante deles constantemente sen ningún tipo de inti-

midade. O correo continuaba a atrasar unha eternidade, e a grande maioría das cartas perdíanse rotas nas papeleiras dos gabinetes dos que dirixían a institución. Cambiaran algúns aspectos canto á vestimenta, as saídas ao patio e as comunicacións (malia continuaren censuradas), pero a base do réxime seguía sendo a mesma en mans de experimentados verdugos (fillos de verdugos ao mesmo tempo), comandados polo José Antonio Moreta, un ser repelente e covarde. O típico director de prisións que se inflamaba de poder ante os presos sen lles recoñecer ningún dereito a ser ou pensar máis alá das súas normas. A asociación de apoio a presos e presas Salhaketa presentárase varias veces na prisión por medio dos seus avogados, pero non se lles permitira entrevistarse cos presos. Todo aquilo, día a día, semana tras semana, mes tras mes, ía facendo o seu “labor” entre nós.

O Barrot comezaba a ter serios problemas psicolóxicos e físicos. Pagaba as consecuencias de toda unha vida dedicada á drogadicción, e o fígado xogáballe a diario malas pasadas, cousa que relacionaba co virus da SIDA do cal era portador. Aquela situación levábao a pensar nisto constantemente, abocándoo ao abismo da desesperación. Discutira co Juan e, pechado en si propio, alimentaba o seu cerebro e o seu organismo cun montón de tranquilizantes que os médicos da prisión lle subministraban tres veces ao día coa comida. Necesitaba fuxir daquela realidade que o consumía: o illamento total e a idea da SIDA. Eu coñecía por experiencia propia o que sentía; algunhas temporadas tamén tivera que recorrer a sedantes para durmir, ao sufrir taquicardias ou estados de ansiedade excepcionais que me facían sentir verdadeira claustrofobia, mais só temporalmente. Era un erro perpetuarse naquelas medicacións porque cos anos facíanse o dono dun; un erro que ao Barrot lle ía custar a vida. Non lle daban suplemento alimenticio nin lle ofrecían vitaminas nin lle evitaban sesións asasinas de raios X, pero droga,

droga dábanlle toda a que quixer con tal de que estivese sedado e tranquilo. Os patios dos cárceres funcionaban igual: deixábase entrar e circular libremente a heroína e todo tipo de drogas, de xeito que a poboación reclusa se mantivese tranquila e non se xerasen conflitos, non se decatasen da realidade en que vivían. Cando non había droga, o ambiente estaba cargado e os presos amosábanse irritables, por iso existía e ía existir sempre a droga en prisión. Non se aplicaba o FIES aos que traficaban con drogas dentro do cárcere; este reservábase aos que protestaban.

Coa chegada do mes de abril foise o frío do inverno e chegaron os estorniños. Unha tarde, lendo o xornal, o Juanjo leu un artigo en que ofrecían un premio de narrativa ao mellor relato curto. Comentámolo pola xanela e propuxémonos presentar uns cantos contos ao concurso. Mais non os finalizamos. Con todo, ocorréusenos a idea de escribir un pequeno libro sobre evasións, a instancias do Juanjo que insistía en escribir algo. Chamounos.

—Que vos parece se escribimos un libro de fugas para pasarmos o rato? —díxonos pola xanela.

—Por min vale —respondeu Carlos.

Eu falei diso co Juan.

—Ti que dis, Juan? —pregunteille.

—Dáme igual. Se queres, escribe a nosa pira, pero fai unha mención ao chivateo dos presos para que fique constancia e a xente que o lea sexa cauta.

Notifiquei ao Juanjo que nós tamén estábamos de acordo, e el encargouse de escribir a última fuga do Barrot e o Pedro escribiríaa a súa. Fixémolo daquela a modo de entretemento, aínda que pensabamos que podería publicarse nun futuro e proporcionarnos algúns cartos. O Carlos suxeriu a idea de que un dos estorniños que fixeran un niño nunha cavidade dun dos muros do patio, fronte ás xanelas,

fose o que relatase as historias. Dedicamos aqueles días a preparar os rascuños dun libro que se titularía nun futuro *Adiós prisión* e que, efectivamente, sería publicado⁶. Teríanos gustado daquela, polo menos a min, facelos máis extenso, de xeito que recollese todo aquilo que nos estaban a facer e viña sucedendo nas penitenciarías, pero non era factible, pois xamais pasaría a censura do cacheo diario ao que sometían as nosas celas e pertenzas. Algún día, algún de nós tería que facer un máis complexo, en que se explicase o porqué de fugas e situacións como aquelas.

Á marxe de todo isto, o Carlos escribía poesías, que me lía ás veces. Era curioso que un home tachado de desalmado pola Administración albergase tan lindos sentimentos dentro de si. Eran poemas belos de amor ou en que denunciaba a inxustiza humana de homes poderosos oprimindo outros homes. Eu continuaba cos estudos e a elaboración constante de pensamentos e lendo libros de todo tipo de autores. O Juanjo estudaba historia, que o apaixonaba. Botabamos horas falando de historia, especialmente da guerra civil, os gregos ou do meu tema favorito: os celtas e os irmandinhos. Daquela o Juanjo burlábase de min cariñosamente, lembrándome as miñas ideas sobre a Galiza, cando nos coñecemos en Daroca e soñaba con liberar a miña terra.

—Ti si que estás feito un *irmandinho*, con esa cara de aldeán — dicíame.

—E ti un imperialista castelán de Valladolid, terra de fachas.

Logo escachabamos a rir. O Juan, sumido nun seguimento político de todo canto vomitaba a radio, pasaba todas as horas en punto e as medias horas escoitando o receptor de radio. Despois diso, aso-

⁶ Juan José Garfía, *Adiós prisión. El relato de las fugas más espectaculares*, Txalaparta, Tafalla, 1995.

maba, ás veces, á ventá para nos informar das noticias con ánimo de comentar algunha ou chamaba a algún para que puxese tal ou cal frecuencia. O Pedro estaba inmerso en escritos aos Xulgados, mais participaba en case todas as paroladas; era un grande conversador e posuía un elevado sentido do humor. Non adoitaba ler moito, pero estudaba algúns libros de historia, a cal lle gustaba coñecer. Algúns días ensinábame a gritos a facer ecuacións ou axudábame con algúns problemas de matemáticas que se me presentaban, ás veces, nesta materia. Canto ao Barrot, continuaba sumido nun ostracismo interno cheo de paranoias, drogado día e noite. Nin sequera facía deporte. O Carlos, que percibía claramente os problemas que atravesaba, tentaba facerlle comprender a situación mediante charlas que non servían para nada. Estaba totalmente absorto e alienado. Aquela actitude do Carlos de estar sempre pendente dos demais e percibir perfectamente cando unha persoa necesitaba axuda admirábame.

A presión do réxime de illamento facíanos discutir algunhas veces, incluso acaloradamente, pero por enriba de todo había en todos nós uns valores humanos intactos, uns principios básicos e unha ética que todo aquilo non ía lograr botar a perder. APRE(r) viñérase abaixo, as ideas que antano nos uniran a moitos presos que agora estabamos sufrindo unha represión descarnada desapareceran, e a maioría non quería saber nada de todo aquilo e unicamente buscaba saír desa situación canto antes. Entre nós existían distintos puntos de vista sobre isto, pero seguíamos sendo solidarios e axudándonos os uns aos outros. Todos os que estabamos alí tiñamos algo en común que nos identificaban irremediabilmente: rebeldía verdadeira. Os seis eramos fuguistas e os seis, estivésemos de acordo nas formas ou non, desprezabamos o sistema carcerario por natureza. Iso era innegable e era o que nos mantiña unidos. Non ían poder con todos.

A Administración interpuxo entre as xanelas de cada unha das celas unha enorme prancha metálica, que só nos permitían ver o

que tiñamos situado en fronte, sen que iso estorbase para nada a visibilidade da cámara de circuíto pechado de televisión, “o inquisidor”. No patio suprimiran o servizo, polo que nos viamos obrigados a mexar nun sumidoiro situado no medio do recinto. Había veces en que o Juan me ensinaba os dedos da man por debaixo dunha das portas do patio que alcanzaba a ver desde a xanela da cela. Facíao a modo de saúdo; non era moito, pero polo menos sentía o contacto visual dunha parte dun ser humano que non fose un carcereiro. Xestos como aquel ou as caras dos meus compañeiros vistas ao pasar por diante dos miradoiros de cristal existentes nas portas, escoltados sempre por catro matóns, eran todo o contacto humano ao que podíamos aspirar alí. Aquilo e conversas a gritos. E por se acaso esquecíamos por un instante o lugar que habitabamos, fóronnos realizadas novas series de raios X. Opuxémonos, mais fomos conducidos agrilloados cos brazos ás costas por unha decena de carcereiros ata a enfermaría e, unha vez máis, atados ás cadeas da mesa, sobre a cal nos baixaban os pantalóns e calzóns e nos subían a camisa e a chaqueta para nos tirar as letais fotografías do interior dos nosos estómagos. Era a democracia.

No mes de maio fun trasladado a un xuízo á prisión de Bonxe. Saín de El Dueso sobre as seis da tarde e cheguei a Lugo a media noite nunha condución especial, sen que me fornecesen nin auga nin alimentos. Nada máis chegar á prisión de Bonxe pecháronme, despois dun cacheo integral, nunha das celas de ingresos cos grillóns postos diante. Na cela había un par de mantas.

—Oia, que pasa, non hai sábanas? —preguntei ao xefe de Servizos.

—Para vostede non, abóndalle con iso.

—E os grillóns? —volvín preguntar.

—Fique con eles postos, pois ás seis virán por vostede para levalo a xuízo a Pontevedra.

Cando pecharon a porta e se foron, saquei a chave do seu agocho e libereime dos grillóns. Deiteime vestido sobre o colchón e tapeime cunha manta a esperar a condución. Non puiden durmir malia o cansazo que tiña. Cada hora un carcereiro prendía a luz da cela e comprobaba que estivese dentro. Eu pensaba para min que, definitivamente, aqueles tipos eran imbéciles, auténticos acéfalos, véndoos facer cousas así, recreándose tan baixamente en facer mal innecesariamente ás persoas que tiñan baixo o seu poder. Era posible crer que ás dúas horas de termos chegado a unha prisión alguén puidese escapar sen a coñecer de nada? Absurdo.

Esperei ás catro da madrugada en que o carcereiro pasou un novo conto para me erguer a mexar. Mentres mexaba a gusto sobre o inodoro, coa man esquerda apoiada sobre a parede, fixeime nun tubo metálico que servía de conduto da auga para a cisterna. Despois de mexar, subínme a ela e toquei o tubo: era resistente. Quedábanme dúas horas por diante, así que pechei o conduto da auga xirando unha pequena manivela soldada a el e cun pequeno cacho de serra, que me regalara o Juan en El Dueso e que conseguira salvar de todos os cacheos, cortei o tubo metálico. Sen máis demora, machuqueino de xeito que ficase completamente plano e practiqueille un corte vertical para tirarlle punta. Despois afieino. Metínme outra vez na cama e agardei o próximo conto para darlle os últimos retoques a aquel improvisado coitelo. Así que pasou o carcereiro recorteino de xeito que puidese introducirlo no ano sen que me fixese excesivo dano. Despois de envolvelo nunha bolsa do lixo que había por alí e darlle unha forma cilíndrica, quentei o plástico cun chisqueiro para que non se soltase e ficase sen engurras. Despois unteino con xabón e metino dentro de min, non sen dor. Agora tiña unha arma, aínda que esta fose rudimentaria, e polo tanto tiña unha oportunidade, o cal era mellor que nada. Entre todos nós, os fuguistas, *empetarse* era algo natural e obrigado, unha cuestión de supervivencia que estaba por riba da carallada de “ser virxe”.

Ás seis da mañá escoitei os pasos dos carcereiros, inconfundibles nos corredores carcerarios, encamiñarse cara á cela. Coloqueime os grillóns e escondín a serra e a chave. Cando a porta se abriu, un numeroso grupo de carcereiros e varios gardas civís sacáronme ao corredor e rexistráronme. Despois cambiáronme os grillóns por outros e conducíronme ata un furgón policial en que me introduciron. Antes de saír de Bonxe expulsei os coitelo e, despois de lle tirar o plástico, gardeino. Limpei as mans da merda cuns cachos de papel hixiénico húmido que trouxera nun dos petos para a ocasión. Partimos cara á prisión de Monterroso na que teríamos que recoller o meu amigo Izquierdo Trancho. O Trancho era un tío valente, polo tanto podía contar con el para o que tiña en mente levar a cabo. Cando chegamos a Monterroso tiven que esperar uns minutos a que trouxesen ao Trancho, que chegou sorrindo e sentou ao meu carón. Retomamos o camiño outra vez con destino ao Xulgado nº 2 de Pontevedra.

—Que pasa, Xosé?

—Eu estou ben, e ti que?

—Ben tamén. A ver se podemos facer algo por alá, non?

—Si —e sorrindo engadín, despois de sacar o coitelo—, mira o que teño.

—Mola. Como o pasaches? —preguntou mentres o sopesaba na man.

—Pois no cu, onde se non? Fíxeno machucando un tubo de ferro dunha cisterna. Non é gran cousa, pero vai servir se collemos ao xuíz durante o xuízo. Que dis?

—Por min xa sabes que non hai problema. Iso si, teremos que deixármonos os grillóns abertos, se non, non facemos nada.

—Ben —respondínlle—. E que tal por Jaén?

—Unha merda, aínda que non tanto como en El Dueso, pois souben que vos teñen fatal por alí, non é?

—Bastante mal, si.

—Pois alá en Jaén, bronca todos os días cos carcereiros.

Continuamos a falar sobre todo aquilo ata chegar a Pontevedra. Alí abrímonos os grillóns e metendo cachos de cartón entre os dentes, pechámolos de novo, só que o cartón impedía que se enganchasen á pechadura. Non nos facía falta máis que dar un forte tirón para que estes se abrisen.

Sacáronnos escoltados ata o interior do Xulgado entre xornalistas e fotógrafos. Metéronnos nunha pequena sala de espera vixiados por un considerable número de axentes da Garda Civil e da Policía Nacional. As horas previas á acción son as peores e pasámolas fumando e parolando. Facíase-me agradable a presenza do meu amigo e tranquilizábame contar con el. Chegou a hora do xuízo e ocorreu algo co que non contabamos: varios gardas civís agrilloaron as súas mans ás nosas con outros grillóns. Fodéranos.

Pasamos á sala e celebráronnos o xuízo por un delito de desacato derivado dunha carta que enviáramos a un xuíz, insultándoo. Tentamos denunciar a situación pola que atravesabamos en prisión, pero non fixeron ningún caso ás nosas declaracións. O xuíz preguntoume en ton paternalista:

—Como é que vostede, sendo tan novo, se mete en complicacións como esta?

—Porque a xustiza a dirixen fillos de puta coma ti —espeteille.

Púxose de todas as cores, pois non esperaba unha resposta así. O Tranco interveu.

—A vós —dixo dirixíndose ao xuíz e ao fiscal —si que vos fai falta unha sesión de rehabilitación, pois estades podrecidos. Como queres pasar por xuíces se nin sequera chegades a vermes? Sodes vós e o voso fodido sistema os que precisades rehabilitarvos, cabróns!...

Entre insultos e burlas á lei e á xustiza, botáronnos da sala e introducíronnos outra vez no furgón.

—Que fillos de puta! —exclamou o meu amigo xa dentro do furgón.

—Xa ves, deixáronnos co caramelo na boca —díxenlle. Despois rin e engadín: —Se soubese o mamalón do xuíz o preto que estivo de ser o noso refén.

—O noso é mala sorte, macho.

Desfixémonos do coitelo, pois xa non o iamos precisar para nada, e regresamos a prisión conversando e aproveitando aquel tempo que podíamos estar xuntos antes de entrar outra vez no illamento da cela de castigo. En Monterroso despedímonos cun forte abrazo. Xa en Bonxe leváronme á cela que ocupara a noite anterior, retiráronme os grillóns e proporcionáronme sábanas limpas e comida, nun trato máis amable que á miña chegada.

Á mañá seguinte regresei a El Dueso. Recreeime nas paisaxes da miña terra e sentín certa nostalxia, pois anegábanme as lembranzas. Sen dúbida estaba namorado daquel cacho fermoso do mundo, e vía con simpatía a loita armada que nas súas entrañas se levaba a cabo por parte de militantes do Exército Guerrilheiro, aínda que a grande maioría destas mulleres e homes estivesen detidos e encarcerados nas prisións estatais do poder que combatían. Eles e elas lembraban vellas historias de resistencia antifascista, nomes de *guerrilheiros* como o Foucelhas, o Piloto ou Reboiras, asasinados polo franquismo. Naqueles montes levárase a cabo unha das máis cruentas resistencias ao fascismo, despois da vitoria dos militares golpistas na guerra civil; resistencia heroica traizoada polo Partido Comunista do Carrillo e a Pasionaria. Naquel pobo tivera lugar a xestación dunha das maiores revolucións campesiñas da historia da Europa feudal: a revolución *irmandinha*, na cal miles de campesiños se alzaron en armas contra a opresión e a miseria dos tiranos da época. Admiraba o Exército Guerrilheiro, e ata os meus ouvidos chegaran as torturas das que estaban a ser obxecto

en prisións como as de Alcalá-Meco, onde se negaban a acatar as normas ou a pasar polos recontos de pé, polo que recibían terribles malleiras. Sabía pouco de política, mais o suficiente como para entender que España era un Estado centralista edificado sobre a liberdade doutros pobos históricos e creado a partir da conquista, abuso e explotación. Admiraba aquela xente porque eles se enfrontaran abertamente ao narcotráfico, aos crápulas babecos que exterminaban a mocidade con drogas adulteradas; os mesmos que conduciran á morte a inmensa maioría de amigos e amigas cos que xogara de cativo nos campos daquela terra antes de que a anegasen de drogas e miserias. E sempre lembraría con cariño a José Vilar Regueiro e Lola Castro Lama, mortos no intento de nos liberar daquela lacra amparada na xustiza insá dunha democracia que se abría de pernas ao mellor pagador.

*No ceo gris do noso sinxelo pobo,
vense estrelas vermellas, cruzadas de azul,
almas aladas de guerrilheiros mortos,
liberdades cheas de luz.*

Chegamos de tarde. Como agardaba, fun conducido segundo saín do furgón no aire ata a enfermaría, onde me realizaron novas placas. Despois de se aseguraren de que non traía nada que puidese constituír un perigo para o bo e ordenado funcionamento do presidio, leváronme ata a cela do departamento. Alí espíronme e rexistraron a roupa. Cando marcharon, asomei á xanela e saudei os compañeiros, cos que comentei algúns detalles da viaxe, pero pouco máis, dada a situación de escoita continua á que nos sometían.

O día 23 fixen vinte e catro anos. Ás veces a miña idade traizoábame: aínda era un rapaz, a pesar de que xogase a ser un home, e había cousas que só a experiencia e o tempo me ían aprender. O meu ca-

rácter era bastante violento e testán, sobre todo cando cría ter razón nalgúns aspectos nos que sinceramente me custaba recoñecer a miña ignorancia. Mais aprendería. Aprendería o que debiera ser unha materia obrigatoria na aprendizaxe de todos os seres humanos: humildade e humanidade. Quería lograr que a miña evolución e emancipación social se vise acompañada por unha revolución humana no meu interior que me fixese mellor, máis tolerante e humano. Agradecía aos meus compañeiros a súa paciencia comigo e os seus esforzos por me aceptaren coa miña forma de ser: introvertido e desagradable, pero capaz dunha entrega nobre por calquera deles. Puxémonos alcumes cariñosos: a Carlos pasamos a chamalo “Simpson”, ao Juanjo “Doctor”, o Pedro ficou con “Cansado”, o Juan con “Burbullas” e a min tocoume o de “Norman”. O Barrot seguía metido no seu mundo particular e case non asomaba á xanela, a non ser para un tema puntual como, por exemplo, proporcionarlle datos ao Juanjo para que novelase a súa última evasión e incluía en *Adiós prisión*.

Polo demais, o réxime alí seguía sendo o mesmo e facíase tan monótono como insoportable. Levabamos meses xuntos e algúns coñeciamos desde había anos, circunstancia que unida aos poucos temas serios que podíamos tratar, ao estar intervidos, facía que a maior parte das conversas fosen insulas e sen contido, sen profundidade. Realmente facíase difícil de levar. O único que rompía a rutina era observar desde a xanela unha parella de estorniños construír un niño enriba dun dos muros; velos ir e vir cun pequenas poliñas no pico ou cachos de algodón, ou camiñar polo patio picando algunha froita. Tamén existía unha pomba que debía pertencer a algún preso e á que botábamos migas de pan que picaba coa tranquilidade habitual nestas aves. Ata as gaivotas semellaban aborrecidas con aquel tedio.

En xuño produciuse un motín na prisión de Alcalá Meco durante o cal morreu un dos presos a causa das coiteladas que, nun axuste de

contas, lle asestara Moisés Caamánhez Álvarez, un mozo de vinte e dous anos. Trouxérono varios días despois do motín e metérono na primeira das celas, co Juan. Con el xa eramos sete. O mesmo día da súa chegada, o Carlos preguntoulle a razón de que, unha vez máis, un preso morrese no transcurso dun motín, e a resposta foi, máis ou menos, a historia que sigue:

O morto fora o causante da caída na droga e na prostitución dunha irmá menor do Moisés. Había uns meses que a rapaza morrera a causa dunha sobredose. Cando o Moisés soubo que aquel preso era o causante da caída da súa irmá e que estaba no mesmo módulo de Alcalá-Meco que el, secuestrou o carcereiro do módulo e foi polo outro. Matouno e, antes de se render e entregar ao garda secuestrado, exixiu a presenza do xuíz de Vixilancia Penitenciaria e denunciou malleiras e malos tratos aos mozos de Alcalá-Meco. Para ilustrar isto, obrigou o xuíz a que se entrevistase cun compañeiro seu que estaba en illamento cun brazo roto e escaiolado e marcas que delataban a agresión de que fora vítima a mans dos carcereiros. Despois disto rendeuse, e días despois foi trasladado a El Dueso. Esta é a historia que contou, o que non significaba que non soasen outras versións do incidente.

Por eses días ao Juan deulle un siroco e, farto de soportar a presión que xeraban as celas, arrincou a xanela e empredeuna a golpes coa cela, rebentándoa por completo. Acudiron os carcereiros en tropel, reducírono e agrilloárono á cancela cos brazos nas costas. Acudiu o subdirector médico.

—Ímosche pór agora mesmo unha inxección para que se che calmen os nervios, cacho cabrón! —ameazouno.

O Juan chamounos ao Carlos e mais a min a gritos:

—Xosé, Carlos...!

Asomei á xanela.

—Que pasa, Juan? —pregunteille alterado.

No módulo palpábase a tensión acrecentada por un silencio que doía.

—Quérenme inxectar... —respondeume asustado.

E non era ningunha broma que che puxesen unha daquelas inxeccións de Modecate que eran capaces de deixar un home quince días estomballado, sen forzas nin capacidade para pensar. Era perigoso, pois unha inxección daquelas nunha persoa sa podería ocasionarlle graves secuelas psicolóxicas. Eu estaba tan asustado coma el, pero era o meu amigo e dirixinme á porta para golpeala con forza. O Carlos chamoume:

—Que vas facer?

—Falar con estes para que non lla poñan, abofé.

Daquela continúei golpeando, e o Carlos comigo, ata que veu o xefe de Servizos á cela. Abriron a porta.

—Que pasa? —preguntoume.

—O subdirector médico ameazou o meu compañeiro con pórllle unha inxección pola forza, e que va, iso non é así —explíqueille con calma—. Se o Juan rompeu a cela é porque o réxime é duro, vostedes sábeno, e é lóxico que a un se lle crucen os cables un día. Non hai moito morreulle seu pai, creo que é lóxico e normal que se sinta así.

—Iso é cousa do subdirector médico e non nosa, Tarrío.

—Ben, pero saiban que se poñen unha inxección ao meu compañeiro, o que vai romper a cela vou ser eu, e despois o resto dos meus compañeiros, e ides ter que entrar a agrilloarme, pois non me hei deixar.

—Ben, ben, non ameaces, eh? Tranquilo. Imos falalo con Don Enrique, a ver se podemos deixalo por esta vez, vale?

—Vale. E outra cousa —engadín—, que lle retiren os grillóns.

—Xa veremos.

O Carlos comentou algo parecido. Comuníqueille ao Juan o que faláramos, para tranquilizalo.

—Tranquilo, Juanito, a ver se che retiran os grillóns e non transcende a historia. Que tal estás?

—Ben. Cruzáronseme os cables...

Non lle viñeron pór a inxección e unhas horas despois retiráronlle os grillóns e cambiárono de cela. Todo ficara nun susto.

O Pedro gañou algúns autos no Xulgado de Vixilancia e autorizóusenos a saír unha hora máis ao patio. No exterior, a asociación Salhaketa e a Asociación Pro Dereitos Humanos de España preparaban informes sobre a nosa situación, a raíz dun montón de copias de denuncias e instancias que conseguíramos facerlles chegar a través de avogados.

Recibín unha carta do Musta desde o Puerto de Santa María:

Querido Xosé:

Cando me presto a esgrimir o bolígrafo divago co tempo e as ideas e case nunca conclúo o que comezo... todo me parece pouco ou imperfecto. Non rematan de se asentaren as bases certas do que me gustaría dicir, transmitir. Creo que o verso se me fai pequeno, que estou confuso, e que máis que dicir algo quero transmitir moito que non o conseguire este abstracto medio.

'Amado irmán da alma'... ⁷ enténdesme? Ben sabe este sentimento comprimido e profundo chamado amizade o moito que te estraño e o pouco que por ti podo facer... Ben sabe esa furia apaixonada o que para min representas e a pesar de todo como as ondas bravías se estampan contra os penedos da beira dos meus límites... que triste!... que rabia!

Algunhas veces, cando camiño pola idea do narrador que lle toque subtraíome tanto deste mísero mundo, introdúzome tanto no que me conta, que cando “esperto” da viaxe síntome descoñecido, estraño.

⁷ En galego no orixinal.

Síntome desprendido de todo o material, de todo o frívolo, e a miña antiga vaidade sucumbiu aos encantos da dignidade digna.

Nunca poderán, 'irmán meu'⁸, pechar o amor que sinto pola xustiza e a vida digna, como tampouco poderán silenciar o que falo desde o meu púlpito interior. O meu corpo é un leal soldado ao servizo da humanidade e as ideas libertarias do meu amado Piotr Kropotkin. Non concibo a vida sen unha aspiración de legar á humanidade un recordo de dignidade e loita nas nosas persoas e accións.

Na vida existen millóns de persoas que pola súa falta de carácter non deixan de ser máis que millóns de persoas, e tan só coñecemos polo seu legado a centenaes de mulleres e homes moi singulares polas súas revolucionarias ideas ou accións. E facendo un profundo repaso polas revolucións dos mortais singulares, comprobei (con sumo pesar) que nunca reparan nos eternos escravos das sociedades: os presos. Nin comunistas, nin socialistas, nin republicanos... nada! Organizacións a priori vangardistas na progresión do esmagamento secular das clases sociais, non repararon na clase social máis reprimida, ás que dicían e din representar. É triste ouvir o grito desgarrado e silencioso dun colectivo que polas súas características homoxéneas nalgúns aspectos non sabe encarrilar a súa xusta rebeldía, entre outras pola súa ignorancia, temor e covardía.

En fin... gustaríame falar contigo e abrazarte para sentir que o que penso e digo é froito dunha idea común, para así delegar un pouco das miñas ansias e tristezas nos teus fraternos ombros de camarada e enfrontalo todo coa idea de quen non está só na guerra contra o inxusto.

*Con amor libertario, teu:
Gabriel Pombo*

⁸ En galego no orixinal.

A carta do meu amigo fíxome pensar. Alegrábase que tivese abrazado a anarquía como filosofía humana desde a cal encarar o sistema. A anarquía, a cultura libertaria, era a longo prazo a esperanza da sociedade, especialmente a esperanza dos máis oprimidos.

Continuei correndo ao redor do pequeno patio, mellorando de maneira ostensible a miña forma física. Adoitaba correr unha hora ao día, agora que nos aumentaran o horario, e practicar exercicios de elasticidade. Aquilo animábame e propúxenme deixar de fumar. Había tempo que as drogas ficaran atrás para min, e o único vicio que albergaba era o do tabaco; estaba obsesionado con deixalo, pois significaba moito para min, ademais de que me ía axudar a manter a saúde en mellores condicións, deixándome máis cartas para comer, xa que o tabaco levaba practicamente a maior parte do peculio. Despois daquelas sesións de deporte, espiado sempre por un carcereiro que se ocultaba detrás dos barrotes dunha garita que lindaba co patio, pasábanme agrilloado detrás das duchas, onde me aseaba e mudaba a roupa. Non nos permitían ter roupa na cela, máis que o posto e unha toalla, así que gardaban as nosas pertenzas ao lado das duchas, de xeito que nos puidésemos mudar nelas. Despois encargábanse de mandar a roupa sucia á lavandaría e de colocala outra vez nas bolsas co noso número.

Chegou xullo e con el a calor e a visita da miña nai e do seu marido. Estaba fermosa, pero triste por como me tiñan alí, que unha nai sempre o nota.

—Ola, fillo —saudoume.

—Ola, nai...

—Como te tratan, cariño?

—Como en todas partes, xa sabes.

—Si. Estiven a chamar polo teléfono estes meses aquí e colgábanmo —comentoume—. Pedín falar co director, que me dixo, de malas maneiras, que estabas incomunicado e que non se podía falar contigo.

—Non chames máis aquí, vale? —díxenlle—. Ti tranquila, que eu sei coidar ben de min.

—Trouxémosche algo de roupa e comida, pero a comida non nola deixaron pasar...

Conversamos durante vinte minutos. Alegroume moito velos aos dous. Quería moito a miña nai e alegrábame que tivese atopado un compañeiro que era bo con ela. Merecía. Despois duns beixos estampados contra o cristal e dunhas olladas, nas que o destello dos seus ollos castaños, entristecidos e húmidos, cruzaron poesía de amor cos meus, agrilloáronme ás costas para regresarme outra vez ao módulo e á cela. Como explicarlle a ela todo aquilo? Como dicirlle que era seropositivo e que a soa idea de lle causar a dor da miña perda se me facía insoportable? Como definir a dor que en momentos como aquel me facía capaz de cometer calquera loucura? O sistema non se conformaba con nos manter afogados e suspendidos da vida; tamén se recreaba causándolle dor ás nosas familias e castigándoas a elas o mesmo que facían con nós: de xeito vingativo e cruel.

Días despois daquela comunicación, o Moisés cravou un cacho de ferro no peito, á altura dos pulmóns. Avisamos os carcereiros e estes demoraron un cuarto de hora en vir co subdirector médico á galería. Abriron a porta do compañeiro e agrilloárono. Desde as celas, polo corredor, podíamos escoitalo todo.

—A min non me veñas con estas caralladas, eh? Se chantaches o ferro, toma polo cu... —berraba o subdirector.

Despois dunha serie de ameazas, finalmente extraéronlle o ferro e curárono. Así e todo, o Moisés volveu a se autolesionar en canto o deixaron só na cela, desta vez cun cacho de coitela que tiña agochada. Entraron en tropel e agrilloárono á cama, despois de darlle algúns sopapos. Despois o subdirector médico ordenou que lle puxesen unha inxección, e antes de marchar, ante os insultos do Moisés, fumigaron a cela con spray. Novo e portador do virus da SIDA,

Moisés Caamániz non soportaba o illamento naquelas condicións e desesperábase. Era o seu carácter. Feble e nervioso, aquel silencio, aquelas paredes brancas que semellaban estreitarse cada día máis sobre todos nós volvíano tolo e trastornábano ata o límite de evadir a dor a través da autolesión. Semellaba contraditorio, mais era así: autolesionarse naquelas circunstancias para el representaba unha solución, unha forma de gritar abonda! ao illamento e á sociedade, de romper a monotonía e atraer a atención sobre a súa persoa, sobre os seus problemas, sobre o seu sufrimento. Levárono de alí varios despois a un réxime algo menos severo na prisión de Alicante.

Non pasara moito tempo cando soubemos do seu aforcamento despois do seu traslado a Villanubla, en Valladolid. Era normal. Unha cousa era o cárcere e outra moi diferente o cárcere dentro do cárcere. Con aquel mozo, como con moitos outros, trabucáranse. Moisés non era máis que un mozo drogadicto que cometera unha serie de delitos baixo os efectos das drogas que anegaban todos e cada un dos presidios do Estado español, todas e cada unha das cidades, todos e cada un dos barrios marxinais que, por certo, eran moitos.

A Administración permitiunos aquel mes ter un aparato de televisión, que nos axudou a manternos entretidos. Compramos unha pequena, de cinco polgadas, para cada un, para romper a monotonía que nos afogaba. Como a inmensa maioría da poboación reclusa, pasamos a tragar as programacións televisivas dos diferentes canais. Asistín ao segundo Tour de Francia, gañado impecablemente por Miguel Indurain, afeccionándome a aquel deporte que me encantaba. Tamén fixen amizade cunha araña para a cal cazaba algunhas moscas e mosquitos na cela e que despois baixaba ao patio nunha bolsa de plástico. Estableceuse nunha das esquinas e alcumeina “Doña Tecla”, en honor á araña malvada que saía nos debuxos animados de “A abella Maia”, nos adorables tempos da miña infancia. Sentaba preto dela e da súa magnífica tea de araña borda-

da de maneira maxistral e pousaba os insectos sobre a mesma tea. Daquela saía do seu agocho e abalanzábase sobre eles envolvéndoo co seu tecer de tea, para despois arrastralos cara á súa cova onde, a modo de despensa, gardábaos e, despois de inocularlles o seu veneno, esperaba que os seus corpos se corrompesen para os sorber. Despois disto desfácíase dos cadáveres, baleiros, tirándoo ao chan desde a tea, e agochábase a esperar a caída de novas presas. Non é que fose o meu animal preferido, pero polo menos facíame compañía e distraíame observándoa. Ás veces racháballe cachos de tea só para ver como a elaboraba outra vez con aquela mestría. Tamén adoitaba xogar con algúns escaravellos peloteiros que se coaban no patio: eramos amigos. Nin eles me atacaban a min nin eu a eles; conviviamos en harmonía dentro daquel mundo de cemento. Era increíble a fauna animal que había por alí. Unha tarde, mentres conversabamos polas xanelas, observamos un aguiacho sobrevoar o patio grande, ao que non saía nunca ninguén e no cal varias aves se alimentaban da comida que lles botabamos. A parella de estornións, que daquela xa construíran o niño e estaba incubando os ovos, decatáronse da presenza deste e voaron a se refuxiaren dentro dun pequeno burato; mais non o fixo así un pequeno e gracioso gorrión sobre o que se abalanzou a rapaz, sorprendéndoo e capturándoo para levalo sen vida entre as súas fortes e poderosas gadoupas. Seguramente lle ía servir de xantar ás súas crías famentas. Asistimos igualmente á cópula dunha parella de gaivotas, sobre o muro, sen ningún pudor, lanzando gritos de pracer ata alcanzaren o orgasmo, ante as risas cómplices de todos nós.

Agosto non fixo máis que confirmar que o réxime se mantiña indefinidamente. Coa concesión de dúas horas de patio diarias en soidade e a entrega das roupas persoais, así como as comunicacións limitadas e censuradas, ou o acceso ao economato (aínda que con

produtos limitados) parecía que se alcanzaran todos os dereitos posibles para nós, incluída a televisión.

José Antonio Moreta foi ascendido polo seu meritorio labor en El Dueso, especialmente con nós, e trasladado a Carabanchel, onde tan só dous anos despois sería descuberto un desfalco e cesado do seu posto de director. Era con homes como aquel cos que pretendían facer de nosoutros e nosoutras cidadáns honrados? Para suplilo trouxeron un vello coñecido, José Ignacio Bermúdez, desde o cárcere de Ourense. Con aquel director todo continuou igual: beneficios para os preto de quíntos violadores que había na prisión e para os narcotraficantes. Para os que nos atreveramos a alzarnos contra o poder, illamento, seguridades e paus.

O día 11 de setembro, ás doce do mediodía, produciuse un motín con reféns na prisión de Daroca. Escoitamos as noticias pola radio. Varios compañeiros: Joaquín Ángel Zamoro Durán, Luque Tamajón, José Romero González, Eduardo Camacho Chacón, Juan Manuel González Fernández e Enrique Velasco, fartos de podreceren en prisión, tomaron varios reféns nos módulos un e dous. Negociaron a súa saída exixindo un vehículo na porta e o camiño despexado da policía, baixo a ameaza de executar varios carcereiros. Desde a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias acudiron Ángel Yuste Castillejo, subdirector de Asuntos Penitenciarios, e tamén o xuíz de Vixilancia Penitenciaria, Luis Pérez Román, un franquista de sesenta e cinco anos. Entraron dentro da prisión para negociar cos presos, que serraran algúns barrotes que daban acceso ao corredor desde o que se negociaba por parte da Administración, coa finalidade de secuestralos. E efectivamente, caeron na trampa e ambos pasaron a facer parte dos reféns. Fóra formouse un enorme barullo e as UEI (Unidades Especiais de Intervención) fixeron acto de presenza no recinto carcerario. A televisión ofreceu imaxes de Zamoro Durán e Luque Tamajón berrando,

desde unha das xanelas dun dos módulos, reivindicacións de melloras carcerarias aos medios de comunicación que estaban no exterior.

Varias horas despois notificábase que un dos carcereiros estaba ferido gravemente, ao ter recibido un corte profundo á altura da gorxa por parte de José Romero González. Desde fóra prometeuse pór un coche a cambio de que non fixesen dano a ninguén máis e soltasen o ferido. Soltouse. Foi un erro. Coa información recibida do carcereiro ferido as UEI puxéronse mans á obra, apostaron os seus homes nos tellados e prepararon varias cargas explosivas. O asalto produciuse en cuestión de minutos; os explosivos abriron os butróns necesarios e as Unidades Especiais penetraron no interior da prisión armados con pistolas, subfusís, chalecos antibalas, cascos e todo tipo de material de guerra para se enfrontaren a un grupo de presos armados de varios coitelos. Joaquín Zamoro Durán recibiu durante o asalto dous balazos, un nunha perna, o outro no seu pulso; un preso de color que andaba por alí solto, sen participar no motín, recibiu así mesmo un balazo no estómago.

Todos foron reducidos en minutos e os reféns rescatados con vida. Ao resto de presos participantes no motín fóronlles quebrados os ósos dos brazos e das pernas con bates de béisbol e, espidos, trasladados posteriormente ao hospital. Despois serían dispersados por varias prisións. A El Dueso trouxeron a José Romero González, alias *el Loco*, ao que puxeron de veciño meu. Viña feito unha pena, rebentado polos paus que lle deran e co corpo a oitenta de defensas, así como afectado pola psoríase, enfermidade que lle ía comendo a pel, enchéndolla de chagas purulentas. Fixera a aposta a unha soa carta e perdera: curiosamente, de todos os que participaran no secuestro, a maioría eran enfermos de SIDA.

Todos fomos levados a novas prácticas de raios X. O servizo médico continuaba a ser unha verdadeira merda. Unicamente se libra-

ba unha ATS nova que chegara recentemente, chamada María del Mar, que nos trataba con gran simpatía e amabilidade. Eu, a pesar de todo, amosábame con frecuencia serio e distante con ela, pero esforzábase por me facer entender que non me vía como un inimigo. Con frecuencia pillábame estudando.

—Seguro que copias —dicíame sorrindo.

—Se copiase, para que estudar daquela, non é? —indicáballe.

—Traio a pesa, queres pesarte?

—A ver, voume pesar.

Era unha boa muller, só que receaba dela ao vela ao outro lado da reixa. Finalmente, aquela muller deixaría de traballar alí e iría denunciar os malos tratos aos que nos sometían ao Defensor do Pobo, o cal, como todos os demais cargos dirixentes de institucións, faría caso omiso. Cos anos converteríase na compañeira do Juanjo. Ás veces o destino era así de sorprendente e revoltoso.

Unha daquelas mañás, farto das provocacións dun grupo de carcereiros, crucei unhas palabras cun deles á hora do reconto.

—Ti es moi valente ao outro lado da reixa —díxennlle—. A ver se baixas ao patio despois, ti só, e te das unhas hostias comigo, marica, e deixas de *piala*.

—Ti non es máis que un fillo de mala nai —contestoume.

Despois do almorzo viñeron sacarme ao patio. O carcereiro co que discutira minutos antes viña acompañados doutros dous carcereiros e un xefe de Servizos, que traía unha porra. Cando me acheguei á cancela e me pediron a roupa para cacheala, gardei un esgarro dos verdes na boca e cuspinllo en pleno rostro.

—Isto é de parte da miña nai —díxennlle, sentíndome realmente a gusto.

Había tempo que tiña gañas de facer aquilo.

Foron polas chaves mentres me ameazaban. Prepareime para o que puidese pasar, convidándoos a entrar situado ao lado da cama. Can-

do abriron a porta entrou primeiro, vacilante, o carcereiro ao que cuspira, co cal me enleei a golpes nunha pelexa igualada; pero non intercambiamos aínda nin tres puñadas cando o xefe de Servizos, comprobando que me defendía, entrou na cela cunha porra na man e subido na cama comezou a baterme na cabeza. Tentei agarrarlle a porra para lla quitar, mais unha puñada na cara lanzoume contra a parede, onde se fixeron comigo deitándome no chan. Unha patada bateu contra a miña cara, rompéndome o nariz, e a porra non cesaba de golpear a miña cabeza impedíndome reaccionar. Despois de partearme e de partirme a porra na cabeza, arrastráronme ata a cancela, todo iso supervisado polos outros dous carcereiros prestos a intervir. Agrilloáronme á cama cos brazos ás costas, medio inconsciente, chorreando sangue polo nariz e pola boca. Despois entretivéronse insultándome e rompendo a televisión e a xanela coa finalidade de denunciar posteriormente ao Xulgado que os tentara agredir con elas. Antes de saír da cela, un dos carcereiros, ao que coñeciamos como “Caniche”, apertoume os grillóns chantándonos nos pulsos.

Horas despois trouxeron un médico que ordenou pórme unha inxección. Negueime, así que ma tiveron que pór á forza deitándome sobre a cama. Agarrándome dos brazos e as pernas, tirándome do pelo, inmovilizáronme e puxeron a inxección. Despois daquel acto de valentía, trasladáronme, sempre agrilloado ás costas, ata un furgón da Garda Civil encargado de me trasladar ao Hospital Marqués de Valdecilla, segundo puiden escoitar. Antes de montar puiden ver por alí, oculto, o director. Cruzamos unha ollada. Eu non o coñecía de vista, mais sabía que era el: odieino. Trasladáronme a urxencias e no hospital esperaban por nós varios inspectores de Policía á paisana. Cunha máis que considerable escolta policial, para o perigo que eu podía representar, fóronme recompostos os ósos do nariz entre dores terribles e posteriormente escaioláronme a metade do meu rostro. Cando me volveron a El Dueso, os carce-

reiros agrilloáronme outra vez á cancela. Un xefe de Servizos veu falar comigo. O meu aspecto ensanguentado e a cara escaiolada, aparentemente, conmovérono.

—Hostia, Tarrío, non aprendes, eh?

—Aprendero que? —pregunteille ollándoo con rabia.

—Non ves que levas todas as de perder, home? Escribe, le, pinta, pero non entres ás provocacións que xa ves o que pasa. Se non cho digo por outra cousa, Tarrío —insistiu—. E non creas que é agradable verte así e ir logo á casa con esta imaxe na cabeza.

—Xa... —ironicei.

—Ben, podo retirarche os grillóns?

—Vostede verá.

—Se non vas romper nada nin a montar ningunha, retírochos, vale?

—Vale.

Retiroume os grillóns e despois marchou. Os compañeiros chamaron por min.

—Ese Xosé —berroume o Carlos.

—Dime.

—Onde estabas? Estivemos a chamar por ti...

—No hospital.

—E iso? —preguntou o Juanjo.

—Estiveron escaiolándome o nariz, que ma romperon.

—Pois a min, ao subir do patio, batéronme e ao Juanjo tamén —explicoume o Juan—. Xa ves, díxenlles que eran uns covardes e, cando me subiron do patio, agrilloado detrás, pois déronme unhas hostias. Ao Carlos entráronlle no *chabolo*.

—Nada, tranquilos.

Ao Barrot leváranos de condución a Villanubla había varios días. Eu estivera metido na cama unha semana sen baixar ao patio, así que aquela mañá baixei correr un pouco. Estaba correndo polo patio can-

do, a través dunha xanela da oficina dos carcereiros, asomou o xefe de Servizos co que tivera a liorta anteriormente, o covarde da porra.

—Es duro de pelar, eh? —berroume.

Olleino con noxo e continuei a correr indiferente; pero continuou cun sorriso nos labios:

—Sabes que morreu o voso compañeiro esta mañá?

Detívenme un instante:

—Que compañeiro?

—Barrot. Colgouse esta noite pasada en Valladolid.

Continuei a correr, pensando naquilo e ignorando a presenza daquel porco. Non sentía nada por Barrot pois non era precisamente alguén con quen me levase ben; pero sentía rabia polo feito en si, pola indución ao suicidio que día a día ían construíndo eses que se chamaban a si mesmos funcionarios do Estado e que non eran máis que verdugos torturadores.


Xa na cela, comentei a noticia ao resto de compañeiros. Despois deiteime na cama. Sentía unha grande incomodidade pola escaiola, así que a quitei e tireina á esquina do tobo. Acendín un cigarro. Era o derradeiro que ía fumar: recreeime no seu sabor observando o fume.

Nunca te sentiches como un animal ferido mentres no ceo se recortan as siluetas dos voitres? Aínda que a arquitectura literaria non fose a miña disciplina máis forte, tería que narrar aquilo algún día; explicar aqueles sentimentos que nos convertían a todos en vítimas e verdugos do monstro carcerario.



EPÍLOGO





ando decidín escribir *Fuxe, home, fuxe*, desexaba simplemente dar a coñecer unha realidade do mundo carcerario desde o coñecemento profuso que me proporcionou a experiencia directa. Quixen que a miña narración fose apodíctica, achegarme á verdade (pois non me gabo de a posuír) para que cada un de vós tirase as súas propias conclusións, segundo a súa ideoloxía e humanidade. Cando escribín as páxinas que lestes e que conforman *Fuxe, home, fuxe*, pola miña mente desfilaron todos os amigos, compañeiros e homes que no cárcere e na fuxida constituíron a miña familia, na súa maioría mortos pola SIDA. Cada frase, cada palabra e cada pensamento constitúen unha homenaxe á súa memoria: lágrimas que os meus ollos non afeitos ao pranto nunca derramaron ata hoxe en forma de letras. Por iso só pido unha cousa aos lectores deste libro, afíns ou críticos, e é que entendan que para poder escribir este documento foron necesarios moitos sufrimentos, dor e mortes. Por iso, penso firmemente que merece cando menos respecto e atención, pero sobre todo, e como obxectivo primordial, unha profunda reflexión. Todas as persoas encarceradas en prisión foron xa xulgadas dun ou outro xeito, así que non abordeades un novo xuízo contra estas mulleres e homes, senón contra vós mesmos: é desexable este sistema ou hai que mudalo e tentar un mellor? Vós escolledes: pasar sen mirar ou deterse a pensar. Iso si, sodes responsables directos de todo aquilo que pagades e sostedes cos vosos impostos, e a vós tócavos decidir que cousas se fan con eles.

Fuxe, home, fuxe non constitúe unha historia excepcional, senón unha historia tristemente repetida nas cadeas españolas. É tamén o humilde intento dun neófito de transmitir unha realidade crúa, plasmada ao papel cos límites do graduado escolar. Considerei que neste sentido e no meu primeiro ensaio o máis que vos podía ofrecer era a miña sinceridade. Polo demais, nunca pretendín adornar un tema tan serio con galanuras literarias; pretendín ser sinxelo, cru, duro e crítico como o tema o exige, sen caer no vitimismo, pero sen renunciar tampouco a relatar uns feitos palpables, que os medios de comunicación oficiais se esforzaron en silenciar, e asumindo os riscos e consecuencias que se poidan derivar do relato, posto que escribo desde unha cela en que estou a mercé dos excesos das persoas ás que abertamente critico neste libro. É máis, creo que vou precisar escribir unha segunda parte para apuntar cuestións que ficaram no tinteiro: mortes como as de José Romero González por SIDA na prisión de Picassent (Valencia), aparentemente normal se non fose porque os últimos días da súa vida agonizou nunha cama do hospital penitenciario agrilloado á cama (os carcereiros cobraban así, coa colaboración do xuíz Alberola Carbonell, unha vinganza particular polo secuestro de Daroca); como a morte de Juan Luis Sánchez González, despois de varias tundas por parte dos carcereiros de Jaén 2, en cuxa prisión se colgou o 29 de novembro de 1995 (daquela era o meu veciño e tiven que escoitar día a día as malleiras e os berros de dor, ata que un día o levaron morto; tiña vinte e dous anos, atrevérase a agredir un carcereiro e pagábao coa vida); como a morte de José Luis Iglesias Amaro (alias *Mastinato*), aforcado, despois de varias malleiras, na prisión de Picassent o 27 de febreiro de 1994; como a de Juan Luis López Montero en setembro de 1993 na cadea de Almería; ou a de Moises Caamániz na cadea de Villanubla (Valladolid) por aforcamento en xullo de 1994 (os carcereiros chegaron a tempo, pero por medo a que fose un simulacro deixárono

morrer colgado dun cacho de saba); como a de Isabel Soria Camino, falecida por falta de asistencia médica en 1994 en Villanubla; como tantas outras mortes ocorridas en prisión por negligencia e indución de Institucións Penitenciarias. Non se debe esquecer que catro destes presos mortos estaban incluídos nun réxime especial ilegal —o réxime FIES, non contemplado en ningunha das leis en vigor—, nin que na actualidade medio centenar de presos sofren este réxime brutal nas prisións de Badajoz, Jaén, Villanubla, Valdemoro, Picassent, Soto del Real e Villabona, o que supón unha conculcación dos dereitos humanos máis elementais.

Escribir este libro levoume preto de dous anos (dadas as complicacións que me supuxo sacalo pouco a pouco, ás agochadas, a través de certos avogados) e en todo este tempo asistín a sucesos que dan para outro libro, sinceramente. Non quixen incluílo todo aquí por non o facer excesivamente extenso ou repetitivo. É certo que durante todo o libro falei só dos presos en réxime pechado, e fíxeno por dúas razóns: en primeiro lugar, porque o réxime pechado e o FIES son os únicos réximes que coñecín en prisión, polo tanto os que coñezo; en segundo lugar, porque estas persoas illadas son, xunto cos enfermos e enfermas terminais en prisión, as máis necesitadas de que se coñezan as súas circunstancias e os seus problemas. Con certeza non son persoas perfectas e sen dúbida a maioría son violentas, pero... por que o son? As claves atópanse neste libro. Eu non vou negar a brutalidade que existe no cárcere entre presos, desafortunadamente, e por iso relatei pasaxes estarrecedoras neste sentido, tentando ser fiel á realidade sen lle engadir nin lle subtraer nada.

Despois de moitos anos de illamento un aprende moitas cousas dos homes, e é verdade que moitas das cousas non son máis que froito da nosa propia brutalidade; a pesar de todo, é incuestionable a entrega, o valor e a increíble solidariedade que moitos destes personaxes albergan nos seus corazóns e que non debe embazar a

actitude duns poucos. Coñezo homes e mulleres en prisión cunha dignidade tal que un non pode menos que sentirse impresionado; presos e presas cunha consciencia tan linda que xa a quixesen para si moitos de vós, e eu propio. A maioría das mensaxes deste libro aprendinas deles e delas, das súas cartas e sorrisos, dos seus motíns e rebeldías, da súa tremenda humanidade que me achegou o mellor de min mesmo.

Non quixen facelo público por respectar a súa intimidade, pero a inmensa maioría dos personaxes deste libro son portadores do virus da SIDA e agardan a morte en breve prazo. De todas formas sóbralles dignidade e solidariedade cos demais. Igualmente teño que advertirvos que podo terme trabucado nalgunhas datas e que algúns diálogos que aparecen no relato non son unha fiel reprodución do diálogo orixinal, pois como lembrar intactos diálogos mantidos hai anos? Iso si, os temas son os mesmos, igual que o ton empregado, propio do meu carácter.

Canto a min, pouco hai que dicir. Utiliceime para narrar uns sucesos ocorridos en prisión e que marcan a traxectoria penitenciaria do PSOE no Estado español, feitos que vin, escoitei ou dos que ás veces fun protagonista. Aproveitei a oportunidade para dicir claramente parte do que penso sobre un sistema podre, inhumano, carente de intelixencia, que aborrezco con todo o meu corazón.

Agora só espero contribuír con este texto a edificar algo mellor. Sempre crin no ser humano libre e independente, non nas institucións. Espero que estas letras sexan dalgunha axuda e poidan salvar polo menos unha esperanza, alimentar unha utopía (a substitución das cadeas por escolas, por exemplo) ou evitar algunha inxustiza contra calquera home ou muller, en calquera lugar do mundo, nun futuro inmediato que voraz me sucede. Oxalá que sirvan para evitar que calquera neno de barrio veña ocupar a cela que deixe libre así que a prisión cuspa o meu cadáver, e para o cal xa está forxando no-

vos grillóns. Se for así habíame sentir satisfeito, feliz. Pero mentres se aveciña o futuro preñado de sucesos que aínda han de ver a luz, o meu bolígrafo murmura entre as frías paredes desta fría tumba de cemento, edificada sobre a vosa fría consciencia. Murmuros que poñen a pel de pita e ante os que tamén sinto frío, un frío moral e humano... Non deixarei que maten os meus sentimentos nin as miñas opinións, nin apagar os meus gritos nin o meu sentirme neno nin a liberdade que sinto palpitar dentro de min. Non vou permitir que encadeen os meus valores con mentiras: eles constitúen o sal da miña existencia, o meu alimento. Non son un laio: eu son un grito de guerra desde a interminable noite das tebras carcerarias.

XOSÉ TARRÍO GONZÁLEZ

Prisión de Tropas (Salamanca), 18 de marzo de 1996

AGRADECEMENTOS

Á Asociación de Nais contra a Droga, á señora Manoli Navas (que tan ben se portou con nós), a Salhaketa (que loita polos dereitos dos presos e presas), a CASCO, á Plataforma e todas aquelas asociacións que apoian os enfermos e enfermas de SIDA en prisión, a Javier Ávila Navas e Carlos Esteve García (que me axudaron a mecanografar moitas destas liñas), a Santiago Izquierdo Trancho, a Carlos García Lago e o seu irmán Óscar, a Juan José Garfía Rodríguez (que me corrixiu o primeiro rascuño e me axudou a melloralo), a Joaquín Zamoro Durán (que sexa libre e feliz), a Edmundo Balsa Franco, a Patric de San Pedro (que máis que editor foi un compañeiro que soubo ver a realidade carceraria e darnos voz) e demais compañeiros de Virus, a Gloria, a Marian, a Sefa, a Karmele e a Usune (que encheron celas de castigo cos seus sorrisos), a Juan Manuel González Fernández (que me ofreceu a súa man cando a precisei: que axiña sexas libre, amigo!), a María del Mar Villar (que se portou con humanidade con nós), á muller que me regalou o amor verdadeiro e o gozo de o experimentar, M^a Alexandra de Queirós Vaz Pinheiro, aos que dalgún xeito me axudaron en prisión, aos que xa non están, aos que se senten diante dunha máquina de escribir para dar a luz un novo libro que achegue todo aquilo que eu por ignorancia non souben... e, sobre todo, a aquelas persoas que loitan en prisión e cuxos nomes non son coñecidos, pero cuxa pelexa tantos beneficios nos ten deparado. A Toni, un mozo de vinte e un anos que mo lembrou no décimo sexto día de folga do mes de marzo...

A todos e a todas un abrazo libertario.

